Place names, etymology, lexicon, hydronymy, old european, historical linguistics, morphology.

1 A investigación que conduciu á publicación deste artigo foi realizada ao abeiro dunha bolsa-contrato do programa FPU do Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, acadada na convocatoria de 2012.

2 Gustariáme agradecerles a María Álvarez de la Granja as precisións terminolóxicas con que tivo a ben enriquecer este traballo, a Xosé Luís Regueira que me proporcionase información inédita do *Dicionario de pronuncia da lingua galega* a propósito de *Sarandós* e aos correctores anónimos do artigo as achegas e puntualizacións con que contribuíron a melloralo.

1. Introdución

Este traballo parte, na súa matriz primeira, da vontade de esclarecer a orixe do topónimo *Sarandón*. En vista de que as solucións etimolóxicas ofrecidas ata o momento resultaban pouco satisfactorias, a investigación orientouse a suxerir un escenario de traballo novo, volcado na súa vinculación con outros topónimos formalmente próximos. Desa hipótese inicial xurdiu a localización de dúas bases toponímicas, *Sarand-* e *Serant-*, a cuxa análise conxunta se encamiña o resultado final da investigación que se reflicte neste artigo.

A primeira tarefa que nos propuxemos foi, pois, acotar as formas lingüísticas que representaban esas bases e situálas no espazo. Neste campo resultounos de especial proveito o NG e mais o PTG. Con todo, o desenvolvemento da pescuda levounos fóra dos límites da Galicia administrativa, e mesmo da área galegófona, polo que tamén foron obxecto de consulta inventarios de topónimos de España, Portugal e dos territorios irredentos de fala galega, nomeadamente o de Varela Aenlle (2000).

Unha vez delimitadas as formas lingüísticas obxecto de análise e localizadas, procuramos bibliografía que as tratase do punto de vista etimolóxico. O grosor desas achegas diríxese a situar os étimos ben en material léxico latino, ben en material antropónímico. Dado que ningunha das propostas se presentaba como definitiva, nunha primeira parte do traballo, centrámonos en discutillas de acordo con dous criterios fundamentais: o lingüístico e o documental. No plano estrutural, sinalamos aquelas eivas ou puntos fracos das distintas hipóteses que asentasen na incongruencia coa evolución fonética e morfolóxica regular da lingua desde o latín; pola súa parte, no eido documental, achegamos, cando cumpría, a ausencia ou escaseza de rexistros antigos. Sempre que foi posible, tivemos en consideración, ainda, un terceiro criterio: a parca ou nula produtivididade en galego dos étimos propostos.

Desbotadas todas estas teorías, encamiñámonos a proponer unha etimoloxía común para ambas as series de topónimos que bebeu da hidrotoponimia indoeuropea galega, apoiándonos en contribucións de lingüistas como Hans Krahe, Juan J. Moralejo, Edelmiro Bascuas ou Francisco Villar. Para tal fin, botamos man da propia morfoloxía das formas, da abundancia de sobreviventes da mesma raíz indoeuropea na onomástica galega e de probas epigráficas. A análise, neste punto, realizouse en tres niveis morfolóxicos distintos, comenzando polo radical, continuando pola sufixación primaria e rematando polas desinencias secundarias.

Por último, incorporamos unha breve síntese das conclusións que se extraeron do proceso de investigación, remarcando aqueles aspectos centrais da abordaxe e sublinhando a liña argumental que conduciu a proponer unha etimoloxía determinada e non outra.

2. Topónimos de base *Sarand-* e *Serant-*

Tomando como referencia o NG, detectamos a existencia dunha serie de topónimos de base *Sarand-* e unha outra de base *Serant-*. A primeira está constituída polas formas *Sarandeses*, *Sarandín*, *Sarandón* e *Sarandós*, que dan nome a oito entidades de poboación espalladas ao longo do país. A segunda fórmama os resultados *Serantes* e *Serantellos*, cun total de dezaseis entidades diferentes. Partindo do NG, pero completándoo con información tirada do PTG³, podemos establecer a seguinte relación de localidades:

Topónimo	Tipoloxía	Parroquia	Concello	Comarca	Provincia
A Ponte de Sarandón	Lugar	San Mamede de Ribadulla	Vedra	Santiago	A Coruña
San Miguel de Sarandón	Parroquia	—	Vedra	Santiago	A Coruña
San Pedro de Sarandón	Parroquia	—	Vedra	Santiago	A Coruña
Sarandeses	Lugar	Santaia de Raíriz (Santaia)	Santiso	Terra de Melide	A Coruña
Sarandín	Lugar	O Barón (San Fiz)	O Carballiño	O Carballiño	Ourense
Sarandón	Lugar	San Miguel de Sarandón	Vedra	Santiago	A Coruña
Sarandós	Lugar	San Román de Montoxo	Cedeira	Ferrol	A Coruña
Sarandós (Santa María)	Parroquia	—	Abegondo	A Coruña	A Coruña

Táboa 1. Toponimia maior de base *Sarand-*

3 A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia atópase nestes momentos revisando o NG á luz dos datos que se foron engadindo ao PTG. No que atinxo os topónimos que neste traballo interesan, o PTG recolle dúas entidades de poboación más ca o *Nomenclátor*, nomeadamente os lugares de *Serantes*, en Santa Uxía de Fao (Touro) e *A Ponte de Sarandón*, en San Mamede de Ribadulla (Vedra), que incorporamos á nosa análise. Ambas as localidades figuraban xa como núcleos de poboación no século XIX (DMadoz v. XIII: 839, v. XIV: 193).

Topónimo	Tipoloxía	Parroquia	Concello	Comarca	Provincia
Serantellos	Lugar	Castrelo (Santa Cruz)	Cambados	Salnés	Pontevedra
Serantellos	Lugar	Serantes (San Salvador)	Ferrol	Ferrol	A Coruña
Serantes	Lugar	Baión (San Xoán)	Vilanova de Arousa	Salnés	Pontevedra
Serantes	Lugar	Fao (Santa Uxía)	Touro	Arzúa	A Coruña
Serantes	Lugar	Moraime (San Xulián)	Muxía	Fisterra	A Coruña
Serantes	Lugar	O Vicedo (Santo Estevo)	O Vicedo	A Mariña Occidental	Lugo
Serantes	Lugar	San Cosme de Outeiro	Outes	Noia	A Coruña
Serantes	Lugar	Serantes (Santaia)	Santiso	Terra de Melide	A Coruña
Serantes	Lugar	Veiga (Santo Adrao)	Ortigueira	Ortegal	A Coruña
Serantes de Abaixo	Lugar	Oza (San Breixo)	Carballo	Bergantiños	A Coruña
Serantes do Medio	Lugar	Oza (San Breixo)	Carballo	Bergantiños	A Coruña
Serantes (San Salvador)	Parroquia	-	Ferrol	Ferrol	A Coruña
Serantes (Santaia)	Parroquia	-	Santiso	Terra de Melide	A Coruña
Serantes (Santa María)	Parroquia	-	Laxe	Bergantiños	A Coruña
Serantes (San Tomé)	Parroquia	-	Leiro	O Ribeiro	Ourense
Serantes (San Xián)	Parroquia	-	Oleiros	A Coruña	A Coruña

Táboa 2. Toponimia maior de base *Serant-*

A recollida parcial que ofrece o PTG, aínda en construción, permítenos confirmar que as bases *Sarand-* e *Serant-* contan tamén con representantes na toponimia menor, malia que os resultados que a aplicación presenta non engaden ningunha forma lingüística nova. Así pois, a meirande parte destes microtopónimos atopan a súa razón de ser nos topónimos maiores arriba enumerados: *Camino de Serantellos*, *Lavadoiro de Sarandón*, etc. Cómpre mencionar aquí aqueloutros cuxa motivación

orixinal non é tan clara, pois non se dá unha relación de dependencia con ningún deses lugares: un bosque de nome *Serantes*, en Vilouzás (Paderne, comarca de Betanzos, A Coruña) e dous terreos chamados *Sarandín* (Santiago de Anlló, San Amaro, comarca do Carballiño, Ourense) e *Serantes* (Santa María da Pedra, Cariño, Ortegal, A Coruña). Velaí un mapa cos puntos onde se atopa algún representante das devanditas bases, ora topónimo maior, ora microtopónimo:



Mapa 1. Toponimia maior e microtoponimia de base *Sarand-* e *Serant-* (PTG).

O Mapa1 debúxanos un reparto de *Sarand-* e *Serant-* ao longo da metade occidental do país. Con todo, fóra da Galicia administrativa, pero ainda en territorio galegófono, concretamente no Eo-Navia, atopamos o lugar e a parroquia de *Serantes*, no municipio de Tapia de Casarego⁴ e mais a freguesía e lugar de *Serandías*, en Boal. Este último topónimo resulta de especial interese, xa que supón unha base nova, *Serand-*, a medio camiño entre as dúas comentadas, pero sen dúbida relacionada con elas. Teremos ocasión de analizala ao longo do traballo.

4 As localidades eonaviegas citámoslas polas formas estandarizadas que propón Varela Aenlle (2000).

Aínda en Asturias, pero xa en territorio de fala asturiana, atopamos a aldea de *Serantes*, en Xixón, e mais o lugar de *Serandi*, en Proaza, da mesma base ca *Serandías*, por onde transcorre o río homónimo. Máis lonxe queda un caserío tamén chamado *Serantes*, no municipio de Aldea del Fresno, provincia de Madrid. En Portugal non existe exemplo ningún destas bases.

Serantes rexístrase, ademais, como orónimo e hidrónimo. Como orónimo, dá nome a un monte da comarca de Bilbaoaldea, situado ao pé da ría de Bilbo, en Bizkaia, Euskadi. Como hidrónimo aparece como denominación alternativa ao río Tol, que atravesa os lugares de Serantes (Serantes, Tapia de Casarego, Asturias) e Tol (Tol, Castropol, Asturias).

Na tradición onomástica galega, ambas as cadeas de nomes foron tratadas de xeito diferenciado. De feito, a bibliografía de que dispomos tende a analizar cada forma por separado, sen establecer pontes lingüísticas con outras solucións formalmente próximas. A nosa proposta oriéntase precisamente no sentido inverso, argumentando a prol dun étimo común. Nas páxinas seguintes iremos recollendo as hipóteses lanzadas nos estudos toponómicos, de Sarmiento á actualidade, e sinalaremos os problemas lingüísticos que presentan. Finalmente, artellaremos unha tese de noso que, non obstante, asenta na xenealoxía de estudio da hidrotoponimia prelatina en Galicia.

3. Hipóteses de orixe latina e xermánica

3.1. A opinión de Sarmiento

Na súa viaxe de 1754, frei Martín Sarmiento, pai da onomástica galega, ocúpase dalgúns topónimos que neste traballo tocan: “Estoy en que *Sarandon*, *Sarandones* y *Zarandones*, *Serantes*, *Senra*, *Seara*, *Samenaria*, *Sada*, *Saa*, etc., todo viene de *Sero*, *is*, *sevi*, *satum*, *semino*, *seminaria*, etc.” (OELG v. I: 177). Hoxe sabemos que eses nomes de lugar teñen orixes diversas que nada teñen que ver co latín *sero* ‘plantar, sementar’. *Senra* e *Seara*, formas vivas na fala actual co sentido de ‘campo sementado de trigo ou outros cereais’ ou co máis específico de ‘parcela de monte roturada para sementar trigo ou outros cereais’ (DRAG; Navaza 2007: 57), deben proceder dun lexema prerromano **senara* ‘labrado á parte’, talvez celta (DCECH v. V: 221). *Saa* provén do xermánico *sala* ‘quinta, casal’ (ELH: 538-539) e *Sada* é probablemente de orixe árabe (Frías Conde 2002: 74). Pola súa parte, *Samenaria* era a solución antiga do moderno *Samieira*, de etimoloxía discutida, aínda que é seguro que a relación non a establece coa secuencia de topónimos que Sarmiento propón, senón con *Samos* ou *Samoedo* (Moralejo Álvarez 2009: 69).

No que máis nos interesa, as solucións recollidas polo fraude como *Sarandones* e *Zarandones* son formas deturpadas de *Sarandós*. Mais nin *Sarandós*, nin *Sarandón* nin *Serantes* proveñen do latín *sero*. Aínda que a tese de Sarmiento foi rexeitada pola práctica totalidade da toponomástica moderna, hai quen, como Frutos Fernández, continúa a recoñecerlle validez. Segundo Fernández (2007: 278-280, 284-285), *Serantes*, *Sarandin* e talvez *Sarandón* poden estar relacionados co *sero* latino a través do participio de presente *serens*, *serentis* co sentido de ‘sementado’. Porén, esta idea presenta dous problemas fundamentais. O primeiro é de orde fonética, pois de SERENTES debera xurdir unha forma romance **Serentes* e, de producirse unha acción disimilatoria, como supoñemos que coida Fernández, o lóxico é que afectase á pretónica (**Sarentes*) e non á tónica, fenómeno que se refliete nas pronuncias populares *sacreto*, *nacesitar* ou *taléfono*. Máis complicado aínda é facer derivar *Sarandin* e *Sarandón* dese mesmo participio SERENTES.

O segundo é que non temos constancia de que o verbo *sero* deixara heranza en galego. Así, os lexemas con significado análogo na nosa lingua teñen efectivamente orixe latina, pero non proceden dese verbo: *sementar* é deverbal de *semente*, do latín SEMÉNTIS ‘sementeira’, ‘época da sementeira’, e *semear* provén de SEMINARE ‘sementar’, derivado de SĒMEN ‘semente’ (DCECH v.V: 328). Non demos atopado ningunha peza léxica galega que se explique a partir dese verbo. Se, como cre Fernández (2007: 285), *Serantes* ten carácter agrotoponímico, mellor sería facelo derivar do prerromano **senara*, que si foi produtivo en galego (**senara > seara, senra*), aínda que a evolución formal tampouco é satisfactoria.

Malia que esta tese é difficilmente defendible en termos lingüísticos, consideramos que Sarmiento, e canda el Fernández, tiveron o acerto de (a) buscaren unha orixe común para a tríade *Sarandón/Sarandós/Serantes* e (b) afirmaren que a súa procedencia asenta no léxico común, e non en material onomástico preexistente, como veremos que defenden outros autores a continuación.

3.2. As hipóteses antropónimicas

Moitos dos especialistas que se achegaron a algunha destas formas acreditan na súa procedencia deonomástica, isto é, pensan que derivan de nomes persoais de antigos propietarios ou posuidores rurais da Alta Idade Media. Con certeza, é este un proceso de creación toponímica altamente rendible, cun mecanismo de evolución case que constante: son nomes que proveñen dunha estrutura nominal con núcleo VILLA ou FUNDUS modificado polo antropónimo en caso xenitivo. *Vilaúxe*, poñamos por caso, procede dunha antiga forma **VILLA URSI* ‘vila de Ursus’, dun nome persoal latino

Ursus, á súa vez creado sobre o substantivo común *ursus* ‘oso’ (Piel 1984: 22). Non obstante, na meirande parte dos casos, co paso do tempo, o elemento nuclear VILLA (ou outro semanticamente afín) acaba esvaecendo, de tal maneira que o topónimo, no seu resultado moderno, só reflicte a forma antropónímica. Así acontece, como tivemos a ocasión de comentar noutro traballo (Hermo González 2013: 60-62), con *Chorente* <(VILLA) FLORENTI(I) ‘vila de Florentius’, *Ourille* <*(VILLA) AURELII ‘vila de Aurelius’ ou *Ourolo/Ourol* <*(VILLA) AURIOLI ‘vila de Auriolus’.

Unha das achegas que debemos ter en consideración é a que verten Piel e Kremer no *Hispano-gotisches Namenbuch* a propósito de *Sarandín* (HGNB 222). Os autores suxiren a posibilidade de que sexa unha formación do xermánico *sa(la)- ‘quintal, granxa’ e mais o antropónimo *Randinus*, atestado en Galicia desde o ano 816 (CODOLGA). Pola súa parte, *Randinus* é unha formación híbrida composta do xermánico *rand-* ‘beira do escudo’ e mais do sufijo latino -INUS, que indica pertenza, procedencia, materia ou relación (HGNB 222). Así pois, *Sarandín* proviría dun hipotético *(VILLA) SA(L)A-RAND-INI, non documentado.

Aínda que Piel e Kremer non citan esta posibilidade, Pensado (OELG v. I: 178) apunta que a mesma hipótese que achegan para *Sarandín* é aplicable a *Sarandón*, se partimos da forma antropónímica *Randon*, que se rexistra en Galicia desde o ano 910 (CODOLGA), xerada sobre a mesma base *rand-* pero co sufijo latino -ō, -ÖNIS. Con todo, *Sarandón* sería explicable desde o acusativo *SA(L)A-RAND-ONE(M), mais non desde o xenitivo *SA(L)A-RAND-ONIS, caso que esperamos atopar por detrás dun topónimo de antropónímico, como vímos, salvo que aventuremos un xenitivo analóxico *SA(L)A-RAND-ONI ou unha forma romanceada *(VILA DE) SA(L)A-RAND-ONE(M). Sexa como for, Pensado rexeita, cremos que acertadamente, ambas as hipóteses, argüindo a ausencia de documentación e mais o feito, nada desprezable, de que os rexistros documentais más antigos ofrecen xa a forma *Sarandon* (a. 914), nunca *Saarandon ou similares (OELG 178).

O propio Pensado postula outras opcións que, no entanto, non cuestionan a hipótese antropónímica. Así, explica *Serantes* a partir do nome persoal latino SARRANATES, que tira do *Eigennamen* de Schulze, con acentuación proparoxítona SARRÁNATES > *Sarrāates > *Sarrantes > Sarantes > Serantes, pola frecuencia da alternancia de -rr- / -r-. Porén, Pensado non ten en conta que a devandita alternancia é frecuente en material léxico e onomástico de orixe prerromana, pero non no latino (Moralejo Álvarez 2008: 144; Villar 1993). Ademais, non temos constancia documental de que o antropónimo *Sarranates* entrase en Galicia; moito menos das fases intermedias que el postula. O propio autor é plenamente consciente das dificultades que presenta a súa proposta cando afirma que “es hipótesis arriesgada” (OELG 178).

Tamén García Arias (2005: 480, 482, 508) se suma á tese deonomástica e defende cadanxeu étimo antropónímico para *Serantes*, *Serandías* e *Serandi*. *Serantes* faino derivar de SERUS, nome persoal latino recollido por Kajanto; *Serandías* de *SERAND-INUS, formado sobre *SERANDUS, variante reconstruída de SERANDIUS, que citan Solin/Salomies; directamente dese mesmo *SERANDUS procedería *Serandi*.

As evolucións lingüísticas que esixe a proposta deste investigador, mesmo sendo posibles, son altamente especulativas. Se *Serantes* procede de SERUS, *cognomen* que se declina pola segunda (Kajanto 1982: 295), ten que ser por vía dunha forma con xenitivo analóxico en -IS (*SERANTIS), contra o esperable, que sería -I. Pola súa parte, o resultado *Serandías* tampouco se pode explicar desde ningún caso da segunda declinación, a que pertencería ese hipotético étimo *SERANDINUS. Menos problemas presenta a evolución *(VILLA) SERANDI > *Serandi*, ainda que hai que reconstruír unha variante *SERANDUS a partir do SERANDIUS que Solin/Salomies recollen (*cfr.* epígrafe 4.4). Por maior abastanza, ningún dos étimos propostos aparece na documentación medieval galaica empregado como nome persoal (CODOLGA).

Do punto de vista da lingüística diacrónica, o feito de remitir estes topónimos a senllos étimos antropónímicos obríganos a botar man en demasiadas ocasións de irregularidades e evolucións anómalias. Por outra banda, a presenza documental deses antropónimos non é un elemento que xogue a favor da súa consideración como étimos. Consecuentemente, está xustificado abandonar a hipótese antropónímica e ir procurar no material léxico a orixe de todas estas formas, máxime cando a lóxica nos incita a pensar que se trata de solucións derivadas mediante sufixación dunhas bases *Sarand-* e *Serant-*: *Sarand-ón*, *Sarand-eses*, *Serant-ellos*...

Ben é certo que todos estes topónimos carecen de artigo (non hai un *O/A *Sarandín* ou *Os/As *Serantes*), o que podería interpretarse como un indicio a prol do seu carácter de antropónímico. Pénsese que un vestixio claro de que un topónimo procede dun termo usado na lingua con valor apelativo é a presenza do artigo. Mais isto non acontece coa toponimia delexical de orixe prelatina, onde a conciencia de que o topónimo procede dunha forma do léxico común se perdeu axiña⁵. É por iso

5 A ausencia / presenza do artigo en pares delexicais coma *Outeiro* / *O Outeiro*, *Castro* / *O Castro* ou *Souto* / *O Souto* debe explicarse polo grao de fixación dos elementos léxicos que dan orixe ao topónimo en tanto que identificadores do territorio sen valor apelativo. A existencia de formas con e sen artigo nun mesmo territorio, inscritos, polo tanto, nunha mesma fala local, descarta que a variación responda a un criterio de tipo xeoelectal: *Outeiro Redondo* pero *Costa do Outeiro* (nomes correspondentes a dúas entidades de poboación da parroquia de Almofrei, no concello de Cobadate), *O Castro de Caldelas*, nome dunha aldea, pero *Castro Caldelas*, nome da parroquia e do concello que abranguen esa aldea, etc. (NG).

que a hidroponimia prerromana, onde cremos que hai que ir buscar a orixe dos nosos topónimos, non presenta, polo xeral, artigo: *Xallas, Ulla, Parada de Sil, Riba de Miño, Tambre, Té*⁶... (Navaza 2011: 5).

4. Camiñando cara a un éntimo común: a raíz *ser- e a hidroponimia indoeuropea en Galicia

4.1. A documentación medieval

Se botamos unha ollada aos datos que nos proporcionan o TMILG, o CODOLGA e o ITGM, descubriremos que os topónimos de base *Serant-*, isto é, *Serantes* e *Serantellos*, aparecen maioritariamente recollidos na documentación medieval con <a> gráfico átono, o que nos fai supoñer que o actual resultado *Serant-* procede, por disimilación, dunha antiga base *Sarant-*. En termos absolutos, a distribución *Sarantes/Serantes* é a seguinte:

	XI	XII	XIII	XIV	XV	s.a.	Total
Sarantes	100% (3/3)	77,14 % (27/35)	98,46% (64/65)	100% (2/2)	71,43 (5/7)	100% (15/15)	91,34% (116/127)
Serantes	0% (0/0)	22,86% (8/35)	1,54% (1/65)	0% (0/2)	28,57 (2/7)	0% (0/15)	8,66% (11/127)

Táboa 3. *Sarantes* fronte a *Serantes* na documentación medieval.

Nos textos da Idade Media ás veces é difícil coñecer a localidade concreta que o amanuense está aludindo cando escribe un topónimo con referentes múltiples, máxime cando en boa parte da documentación atopamos os nomes de lugar empregados como identificadores persoais, por exemplo, en *Nuno Iohannis de Sarantes* (CODOLGA). Esa ambigüidade desaparece frecuentemente cando a entidade referida é unha parroquia, pois o habitual é que aparezca mencionada a advocación relixiosa, en fórmulas do tipo *Santa María de Serantes*. Para ilustrar os datos anteriores con localidades ben delimitadas, recollemos, a seguir, os rexistros que o TMILG e o CODOLGA nos devolven das freguesías de San Salvador de Serantes e San Tomé de Serantes onde figura a referencia ao santo titular e, polo tanto, a correspondencia é unívoca:

6 A devandita xeneralización é aplicable á hidroponimia, isto é, á toponimia derivada de nomes de ríos, non á hidronimia propiamente dita, onde o uso do artigo si é frecuente como resultado dunha elipse do núcleo río: *O (río) Tambre, O (río) Sar*, etc.

Ano	Topónimo
1114	<i>sancti Saluatoris de Sarantes</i>
1132	<i>sancti Saluatoris de Serantes</i>
1195	<i>sancti Saluatoris de Sarantes</i>
1226	<i>sancti Saluatoris de Sarantes</i>
1226	<i>sancti Saluatoris de Sarantes</i>
1284	<i>San Salvador de Serantes</i>
1291	<i>San Salvador de Sarantes</i>
1488	<i>San Salvador de Sarantes</i>

Táboa 4. San Salvador de Serantes (Ferrol, comarca de Ferrol, A Coruña) nos textos da Idade Media.

Ano	Topónimo
1290	<i>San Thome de Sarantes</i>
1413	<i>san Thome de Sarantes</i>
1417	<i>san Tome de Serantes</i>
1491	<i>santo Thome de Sarantes</i>

Táboa 5. San Tomé de Serantes (Leiro, O Ribeiro, Ourense) nos textos da Idade Media.

Engadimos, ademais, os datos que tiramos do ITGM, que localiza a toponimia a partir das referencias documentais da Idade Media, para o lugar de Serantes, freguesía de San Cosme de Outeiro:

Ano	Topónimo	Ano	Topónimo
1126	<i>Sarantes</i>	1217	<i>Alfonsus Pelagii de Sarantes</i>
1143	<i>Sarantes</i>	1218	<i>Anfonsus Pelagii de Sarantes</i>
1143	<i>Sarantes</i>	1228	<i>Sarantes</i>
1143	<i>Sarantes</i>	1247	<i>Dominicus Pelaiz de Sarantes</i>
1143	<i>Sarantes</i>	1247	<i>Martinus Iohannis de Sarantes</i>
1160	<i>Sarantes</i>	1247	<i>Martinus Pelaiz de Sarantes</i>
1212	<i>Alfonsus Pelaiz de Sarantes</i>	1247	<i>Petrus de Sarantes</i>
1212	<i>Martinus Ueliu de Sarantes</i>		

Táboa 6. Serantes (San Cosme de Outeiro, Outes, comarca de Noia, A Coruña) nos textos da Idade Media.

Do actual *Serantellos*, as devanditas aplicacións achegan 32 rexistros das solucións gráficas <Sarantelos>, <Sarantelios>, <Sarantelus>, <Sarantelius> e <Sarantellius>, datadas entre os anos 934 e 1201 (CODOLGA; TMILG), todas elas de base *Sarant-*. Se, como explicaremos máis adiante (*cfr.* epígrafe 4.5), *Serantellos* é un diminutivo de *Serantes*, daquela a presenza exclusiva da forma *Sarantellos*, con *a*, na documentación medieval indícanos que este último topónimo tivo que ser xerado sobre unha forma *Sarantes*, tamén con *a*, e, polo tanto, confirma a nosa sospita de que a base *Serant-* é máis tardía. Aínda hoxe as solucións orixinais *Sarantellos* e *Sarantes* sobreviven fossilizadas como apelidos, malia que no caso de *Sarantes* dunha maneira residual fronte ao maioritario *Serantes* (CAG).

Dos representantes de *Sarand-* dispomos dunha menor cantidade de atestacións medievais, aínda que os datos con que contamos garanten a supervivencia dessa mesma base no tempo desde a segunda metade do século XIII (CODOLGA; TMILG):

ANO	TOPÓNIMO
1191	Michaelis de Sarandon
1191	Sancti Petri de Sarandon
1228	scs. Petrus de Sarandon
1229 (ca.)	Sancte Marie de Serandones
1245	Sancti Michaelis de Sarandon
1270	Sco. Michaelae de Sarandon
1375	duram dominguez de Sarandom
1375	S. Miguell de Sarandom
1382	San Pedro de Sarande
1398	San miguell de Sarandon
1432	Ponte Sarandon
1488	pont Sarandoos

Táboa 7. Topónimos de base *Sarand-* nos textos da Idade Media.

Un único rexistro se afasta da solución moderna e presenta <e> gráfico: *Sancte Marie de Serandones*, ca. 1229 (CODOLGA). Supoñendo que non se trate dun erro de lectura, esa forma vén demostrar que a acción disimilatoria que conduciu a un resultado *Serantes* desde o primitivo *Sarantes* tamén estivo activa para a base *Sarand-*, aínda que, nesta familia de topónimos, non acabou triunfando.

En todo caso, as probas documentais da Idade Media permíennen aventurar unha raíz *sar-* para o conxunto de nomes de lugar de base *Serant-* (< *Sarant-*) e *Sarand-*, un radical que, como veremos a continuación, se atopa ben representado na hidronimia galega.

4.2. A raíz **ser-*, **sor-* e a hidro(topo)nimia paleoeuropea en Galicia

Nun traballo presentado no simposio *Lingua e territorio*, organizado polo Instituto da Lingua Galega en 2004, Juan J. Moralejo (2008: 299-338) expuxo, con meridiana clareza, os problemas que presenta o establecemento dos sistemas lingüísticos de carácter substratístico do galego, cuxo coñecemento e estudo se presenta como tarefa crucial á hora de coñecermos a etimoloxía de boa parte dos nosos topónimos. Tradicionalmente, víñase considerando que a indoeuropeización de Galicia fora activada pola chegada de pobos celtas no I milenio a.C. Con anterioridade a estas datas, os habitantes do territorio que hoxe configura Galicia debían falar unha ou varias linguas preindoeuropeas de filiación ignota, se cadra emparentadas co vasco ou o ibero. Dun tempo a esta parte, os lingüistas que se ocuparon da cuestión veñen rompendo co esquema que identifica *indoeuropeización* con *celtización*, argumentado a favor da antigüidade do substrato indoeuropeo na Gallaecia. Tal é o caso do propio Moralejo (2008: 299-338), cuxa proposta asenta na escaseza e pouca consistencia de elementos preindoeuropeos en galego e mais na existencia dun sistema lingüístico claramente indoeuropeo que se reflicte na hidronimia e que non se pode atribuír ao celta. Certamente, nesa lingua que se conserva nos nomes dos ríos obsérvase unha serie de fenómenos estruturais que descartan que se trate de celta, principalmente a confusión entre /ã/ e /ð/, e que son atribuibles a un estadio lingüístico do indoeuropeo anterior ás linguas que foron callando dentro da comunidade primitiva indoeuropea (Moralejo Álvarez 2008: 319). O “descubridor” e principal estudioso dese sistema lingüístico, Krahe (1964), que o bautizou co nome de *Alteeuropäische* (en galego *antigo europeo* ou *paleoeuropeo*), rexistrou a súa existencia en ríos dunha extensa faixa do continente, desde os Urais ao Mar do Norte e as Illas Británicas, desde o Mar Báltico ata os Alpes, incluídas as penínsulas Ibérica e Itálica.

A pegada paleoeuropea na onomástica galega vén complicar o mapa xenealóxico dos nosos hidrónimos e, canda eles, dos topónimos derivados de raíces hidronímicas, que agora poden remitir a catro sistemas lingüísticos distintos, cronoloxicamente sucesivos e todos eles indoeuropeos. A modo de exemplo, *Avia* e *Avión* son nomes de ríos paleoeuropeos, máis remotos, polo tanto, ca *Dubra* ou *Ambía*, que xa son celtas. Mais *Dubra* e *Ambía* son anteriores aos latinos *Anllo* ou *Riaño*, pola súa parte máis antigos ca os xa plenamente romances *Río Grande* ou *Río das Pedras*. Ningún destes estratos poden ser ignorado á hora de abordarmos a toponimia galega, pois,

contra o previsible, a hidro(topo)nimia paleoeuropea sobrevive fosilizada nun número elevadísimo de cursos de auga do país (Bascuas 2002, 2006).

Pois ben, neste traballo acreditamos en que os topónimos da familia de *Serantes* e *Sarandós* reflecten, precisamente, un antigo radical indo-europeo, xa identificado por Krahe (1964) e estudiado en Galicia por Bascuas (2008: 529-530) e Moralejo Laso (1980: 161-162): **ser-*, **sor-* ‘fluír, discorrer’, reconhecible no sánscrito *sara* ‘río’, *saráh* ‘líquido’, *sarít* ‘regato’ e no latín *serum* ‘soro’. Da primeira forma da raíz, con vogal palatal, achega Krahe os ríos franceses *Serre* (<*Sera*), *Séran* e *Cére* (< **Serana*). Da segunda, con vogal velar, o francés *Sarre*, alemán *Saar*, inglés *Soar* e os galeses *Sor* e *Cwm Sorgwm* (Moralejo Laso 1980: 161-162). A esta segunda listaxe podemos engadir os hidrónimos franceses *Sarnon*, *Sarsonne*, *Sarsoville*, *Sarthe*, *Sarton* e *Sarampion*, identificados por Dauzat (1978: 82). Cómpre reparar en que a confusión entre *ó* e *a* en paleoeuropeo, xa comentada, é a que explica neste último grupo a presenza dunha variante **sar-* a partir de **sor-* (Moralejo Laso 1980: 160).

Volvendo a Galicia, o mesmo Krahe reconeceu no nome do noso Sar, célebre río que pasa por Santiago, e canda el do seu afluente o Sarela, un herdeiro desa mesma raíz, con idéntica confusión **sor-* > **sar-*. A eles hai que sumar as 13 entidades de poboación e 4 terras de labradío chamadas *Sar* que recollen o NG e o PTG. Moralejo Laso (1980: 162) engade ao inventario o hidrónimo *Sor*, curso de auga que desemboca na ría do Barqueiro. Pola súa parte, Bascuas (2008: 530) fai o propio con *Ser*, afluente do Navia, *Sarria*⁷, afluente do Neira e nome dun concello, dúas parroquias e tres lugares agromados en torno a ese curso de auga, *Sardiñeira*, afluente do Miño e nome dunha zona dos Mallos na cidade da Coruña, Zarzo (med. *Sartio*), afluente do Mandeo, *Sorga*, afluente do Arnoia, a illa ribeirense de *Sarga*, o lugar e parroquia de *Mon-serio* (Láncara, comarca de Sarria, Lugo) e de *Monteseiro*, medieval *Monte Serio* (A Fonsagrada, comarca da Fonsagrada, Lugo), *Fonte-seira* (Vilalba, A Terra Chá, Lugo), a freguesía de Santa María de *Ambo-sor-es* (Muras, A Terra Chá, Lugo), o orónimo *Survia* (Bretoña, A Pastoriza, A Terra Chá, Lugo), de etiología hidronímica, e dúas puntas da costa de Valdoviño e Muros, de nome *Sardas* e *Sargo*, respectivamente⁸. Ademais, Bascuas (2008: 530) incorpora formas do léxico común, coma *sarabia/saraiba/saragana* ‘graín-

7 A vacilación entre a vibrante /t/ e a golpeada /t̪/ supón un fenómeno constante na toponimia e léxico de carácter prelatino: *Garona/Garrona*, *Caranza/Carranza* etc. Para un estudio centrado nesta cuestión cf. Villar (1993).

8 *Sargo* tamén pode explicarse a partir do nome do peixe homónimo, frecuente en augas pouco profundas próximas á costa, de xeito semellante a como outros talasónimos reflecten a abundancia de determinadas especies mariñas (*A Robaliceira*, *A Percebeira*, *A Pedra dos Caramuxos*, etc.) (PTG). O mesmo se pode dicir de *Sardiñeira*, ainda que, de analizarmos o topónimo por esa vía, habería que esclarecer por que un peixe mariño serve de base para designar un curso de auga doce.

zo, pedrazo', *sarro/sarrio* 'sedimentos do viño' e *surro* > *xurro* 'líquido que solta o esterco' (DRAG; DdD). Esta mesma raíz pode explicar, polo mesmo fenómeno de ultracorrección que cotexamos en *Zas* (*cfr.* Martínez Lema 2010: 393-397) e que Bascuas lle supón a *Zarzo*, o coruñés *Ria-zor*, aínda que non podemos descartar a hipótese lanzada por Cabeza Quiles (2000: 357-358), segundo a cal o nome deste areal urbano reflicte unha forma **Río (do) Azor*, en referencia á ave de rapina.

Esquematicamente, tendo en conta as puntualizacións arriba comentadas, o indoeuropeo **ser-*, **sor-* conta en Galicia cos seguintes representantes:

<i>*SER-, *SOR-</i> ‘fluír, discorrer’			
	<i>*ser-</i>	<i>*sor-</i>	
		<i>*sor-</i>	<i>*sar- (< *sor-)</i>
Hidronimia	Ser	Sor	Sar
		Sorga	Sarela
			Sarria
			Sardiñeira?
			Zarzo (< Sartio)
		Sorga	
Toponimia	Monserio	Ambosores	Sar
	Monteseiro		Sarela
	Fonteseira		Sarria
Talasonimia		Riazor? (areal)	Sarga (illa)
			Sardas (punta)
			Sargo? (punta)
Oronimia		Survia	
Léxico común		surro/xurro	sarabia/sarabia/saragana
			sarro/sarrio

Táboa 8. Representantes da raíz **ser-*, **sor-* en Galicia.

Moralejo Álvarez (2008: 109) pon en dúbida que o grupo formado pola raíz *sar-* e o formado por *sor-* procedan dun mesmo étimo, pois iso suporía entender que ambas series de nomes pertenecen a estadios lingüísticos diferentes: os de *Sor-*, más antigos, anteriores á confusión entre *ɔ* e *a*; os de *Sar-*, más recentes. O autor cre corroborada esta súa sospeita cando se atopa con que a forma medieval do hidrómino *Sor* era *Saure* e variantes (Moralejo Álvarez 2008: 111-112). Con todo, Moralejo Laso (1980: 162) xa advertira de que esas solucións con raíz *Saur-* constituían falsas latinizacións gráficas.

Sexa como for, e mesmo que algunhas destas formas poidan explicarse por outras vías (o inventario arriba sinalado non está, en todo caso, pechado), parece sensato acreditar en que **ser-*, **sor-* callou con forza na nosa terra. Do carácter prelatino desa raíz dá testemuño o nome do río Sar, que xa Pomponio Melo citaba como *Sars* no século I d.C. (Moralejo Laso 1980: 161). Ademais, contamos con probas epigráficas da enxebreira e antigüidade dunha forma próxima ás que aquí estudamos, *Serante*, que Leite de Vasconcellos (1931: 167) sitúa nunha lápida atopada en Trás-os-Montes, parte constitutiva da antiga Gallaecia. Tendo en conta estas consideracións, coido xustificado remitir os topónimos de base *Serant-*, medieval *Sarant-*, a esa mesma raíz indoeuropea, formando grupo con hidrotopónimos coma *Sar*, *Sarela* ou *Sarria*.

Non son, con todo, o primeiro que suxire tal relación; xa Cabeza Quiles (1992: 34) aventurara a devandita etimoloxía para *Serantes*. Non obstante, a miña proposta encamíñase a considerar que tamén os topónimos de base *Sarand-*, e mesmo os de base *Serand-*, proceden desa mesma raíz. A morfoloxía das formas, como veremos a continuación, reforza esta idea.

4.3. Os sufijo -nt- e -nd-

Na nosa análise, reconécemos en *Serantes* e *Serantellos* un sufijo *-nt-* que representa unha das desinencias más características dos nomes de ríos paleoeuropeos (Bascuas 2002: 28). Ese sufijo conta cunha tradición de estudo abondo delongada. Xa Husbchmid (ELH: 485) se ocupou del, recoñecéndolle valor colectivo cando se trata de apelativos e topónimos e valor amplificativo se é cuestión de hidrónimos. Moralejo Laso (1977: 31), pola súa parte, estuda a cuestión á luz dos representantes galegos da terminación *-ntes*, como *Arantes*, *Barbantes*, *Barrantes*, *Cervantes*, *Cesantes*, *Curantes*, *Ourantes* ou o noso *Serantes*. O profesor leonés afirma, baseándose na lápida de Trás-os-Montes arriba mencionada e na opinión de Vasconcellos (1931: 167), que ese morfema posúe valor étnico ou tribal. Cabeza Quiles (1992: 34) adhírese a esta tese e, reconécedo en *Serantes* a mesma raíz hidronímica que neste traballo lle supoñemos, apunta a que o seu sentido etimolóxico é ‘habitantes do río, da ribeira ou da lagoa’.

Con todo, as investigacións más recentes tenden a ver en *-nt-* un sufijo de ascendencia indoeuropea que ten valor participial, quere dicir, que posúe a función de xerar substantivos e adjectivos a partir de verbos. Así o pensa Moralejo Álvarez (2008: 341) e tamén Bascuas (2002: 28). Esta idea, formulada en base ao método comparativo, non parece imprudente, máxime se temos en conta a coincidencia formal coa desinencia do participio de presente en linguas indoeuropeas antigas ben

documentadas, coma o latín (*-nt-*) e o grego (*-vt-*). Así pois, con base en Moralejo Álvarez e Bascuas, podemos considerar, coas precaucións debidas, que en *Serantes* sobrevive unha antiga forma participial da raíz verbal **ser-*, **sor-*.

Tocante aos topónimos de base *Sarand-*, está xustificado realizar unha análise morfolóxica análoga. Sobre a raíz *sar-*, seguida da mesma vogal presufixal *-a-* de *Serantes*⁹, atopámonos cun sufijo *-nd-*, que podería corresponderse coa desinencia participial *-nt-* que acabamos de ver. O tema hai que abordalo á luz dun debate máis amplio sobre a sonorización das oclusivas tras nasal ou líquida en material prerromano hispánico, tema ainda suxeito a discusión e que semella lonxe de se esclarecer completamente. Menéndez Pidal atribuía o fenómeno a un substrato osco-umbro no nordés da Península, aínda que el mesmo o detecta fóra dos límites de influencia dese hipotético substrato, nomeadamente en textos leoneses: “a parte *septendrionem*” (a. 962), “terras... que avemus de *parde* de... marido nostro” (a. 1027), etc. (Menéndez Pidal 1986: 298). Villar (1995:243-244) considera que a devandita sonorización soborda as estremas espaciais sinaladas por Menéndez Pidal e achega os exemplos dos topónimos *Torga*, *Torgo* e *Torgados* en Galicia e Asturias, na súa opinión provenientes dunha raíz hidronímica *Tur-* con sufijo *-kā-* (-ko-), aínda que esas formas tamén poden xustificarse a partir dos apelativos *torga* ‘uz’ e *torgo* ‘raíz da uz’, talvez dunha forma prerromana **TORICO* (Rivas 1994: 76; Navaza 541-542).

Na estela de Villar, Blanca Prósper (2002: 274) estuda a sonorización do sufijo *-nt-* a partir do teónimo galaico-lusitano *Ba-nd-ue*, que fai derivar dunha forma **Ba-nt-ue*). A autora vai más alá da hipótese de Villar e sinala que a evolución *-nt->-nd-* é, de feito, un fenómeno norteño anterior á adopción do alfabeto, que se tería estendido a outras zonas da península en etapa xa plenamente histórica. Con todo, en Galicia dispomos dun feixe nada desprezable de topónimos que apunta ao mantemento da oclusiva xorda, entre eles o noso *Serantes*, pero tamén outros, coma *Barbantes*, *Armentón*, *Barrantes* ou *Arentía*. Moralejo Álvarez (2008: 144) salva ese escollo argumentando que o material prelatino que presenta oclusiva xorda tras nasal non voceou no paso do latín ao galego, pero que esa evolución si foi posible en época prerromana, e aduce como exemplo o epíteto teonímico galaico-lusitano *Toudopala-nd-aigae*, fronte a *Pala-nt-ico*. Pola súa parte, Bascuas (2002: 108; 2006: 78-79, 298-299) pensa que o cambio se orixinou dunha maneira non sistemática, aínda que tampouco infrecuente, e achega un bo número de exemplo que confirman a existencia de *-nd-* (<*-nt-*) no territorio da antiga Ga-

⁹ A vogal temática a (*Ser-a-nt-es*, *Ser-a-nt-ellos*) é a más habitual en concorrenza con sufijo *-nt-* (*Torr-a-nt-e*, *Ar-a-nt-e*, *Gar-g-a-nt-áns*), aínda que tamén pode aparecer e (*Torr-e-nt-as*, *Ar-e-nt-ia*) (Villar 1995: 217-218).

llaecia: o hidrónimo *Horna-nd-a* (Porto do Son, comarca de Noia, A Coruña), de **Orn-a-nt-a*, que reflicte un radical paleoeuropeo **er-* ‘moverse’, os apelativos galegos *tarandeira/trandeira*, *tarandela*, *tarandear/trondear*, *tronda*, *trondieira*, *trondeiro*, os topónimos galegos *Tra-nd-eira* e *Tra-nd-eiras*, este tamén presente en Portugal, o portugués *Tra-nd-es*, o asturiano *Tara-nd-ielles* e o hidrónimo *Tala-nd-a* (provincia de Zamora), todos eles provenientes dunha raíz paleoeuropea **ter-*, **tar-* ‘fregar, atravesar’.

Ténase en conta que *-nt-* e *-nd-* son característicos de formacións hidronímicas in-doeuropeas, do mesmo xeito que o é a desinencia secundaria *-ón* que manifesta *Sar-a-nd-ón*, como veremos (*cfr.* epígrafe 4.5). Se a isto sumamos a forteza da raíz *ser-*, *sor-* en Galicia e a existencia de casos análogos de *-nd- < -nt-* (*Hornanda*, *Trandeira*, *tarandela*, etc.), podemos afirmar que a base *Sarand-* supón un exemplo de sonorización esporádica en territorio galego da desinencia *-nt-*, sufijo que en *Serantes* e *Serantellos* se conserva na súa forma regular, isto é, con oclusiva xorda, de xeito paralelo ao que acontece en Asturies con *Les Tara-nd-ielles* (Priesca, Villaviciosa) fronte a *Tara-nt-ielles* (Miñu, Tinéu).

4.4. A base *Serand-* (*Serandías*, *Serandi*)

Ademais de *Serant-* e *Sarand-*, sabemos que existe unha base *Serand-*, con vogal pretónica anterior e oclusiva sonora tras nasal, que se manifesta no asturiano *Serandi* e no eonaviego *Serandías*. Segundo a estela de Krahe e Bascuas, entendemos que o semema ‘fluír, discorrer’ se manifesta en antigo europeo nunha raíz con dous significantes distintos, un con vogal velar (**sor-* e, cando el, **sar-*) e outra con vogal palatal (**ser-*). Así pois, mentres que *Serant-* (medieval *Sarant-*) e *Sarand-* proceden do primeiro, *Serandi* e *Serandías* farían do segundo.

*SER-, *SOR- ‘fluír, discorrer’		
* <i>ser-</i>	* <i>sor-</i>	
	* <i>sor-</i>	* <i>sar-</i> (< * <i>sor-</i>)
<i>Serandi</i>		Sarandeses
<i>Serandías</i>		Sarandín
ant. <i>Serante</i>		Sarandón
		Sarandós
		Serantes (< Sarantes)
		Serantellos (< Sarantellos)

Táboa 9. Toponimia de base *Serant-*, *Sarand-* e *Serand-* á luz da variante fonética do radical paleoeuropeo de que proceden.

Da existencia desa segunda variante con vogal anterior no territorio da antiga Galiaecia dan fe hidrónimos como *Ser* e topónimos como *Monserio* (cfr. epígrafe 4.2). Na táboa incorporamos aquel *Serante* que Vasconcellos sitúa nunha lápida transmontana no apartado dos representantes do resultado palatal. Contra a opinión do erudito portugués (Vasconcellos 1931: 167), nós entendemos que esa antiga forma non se corresponde exactamente co moderno *Serantes*, pois, como vimos, este procede por disimilación dunha antiga base *Sarant-* que os textos da Idade Media reflicten. En consecuencia, os actuais *Serantes* e *Serantellos* comparten cos de base *Sarand-* a ascendencia da variante velar do radical, mentres que ese antigo *Serante* remite, coma *Serandi* e *Serandías*, á solución palatal. Repárese, ademais, en que os dous resultados da raíz, anterior e posterior, dispoñen de representantes con sufixación primaria *-nt-* e tamén con *-nd-*.

A presenza da desinencia secundaria *-ias* en *Serandías*, impropia en todo dun antropotopónimo, irmanda ese nome de lugar con outros coma *Sarandin* ou *Sarandón*, o que suxire unha procedencia delexical. Con todo, esa orixe non é tan clara en *Serandi*, cuxa terminación si parece evocar un antigo *nomen possessoris*. Como vimos, García Arias (2005: 480, 482, 508) postula un étimo *(VILLA) SERANDI, dun antropónimo latino SERANDIUS recollido por Solin/Salomies. A proposta, en principio, parece verosímil, aínda que conta con algúns problemas, como xa comentamos (cfr. epígrafe 3.2). A favor da etimoloxía delexical paleoeuropea, pola contra, fala a documentación antiga da vila, pois nun documento datado no ano 891 conviven as variantes gráficas <*Serandi*> ou <*Serandi*> con <*Seranti*> (CODOLGA). É dicir, recóllese con oclusiva sonora, pero tamén xorda, o que nos fai pensar no mesmo sufíxo *-nt- > -nd-* que se atopa en *Serantes* ou *Sarandón*. Ademais, parece sensato pensar que o nome da vila procede do río homónimo que transcorre por ela, e non ao revés, dado o carácter máis antigo da hidronimia, o que semella apuntalar o sentido hidronímico da forma. Todos estes factores animan a ver, tamén en *Serandi*, un representante da raíz **ser-*, **sor-* e, consecuentemente, a agrupalo canda *Serandías* e os demais topónimos de base *Serant-* e *Sarand-*.

4.5. As desinencias secundarias

A continuación presentamos unha análise etimolóxica e semántica das desinencias secundarias que reflicten estes topónimos. Cando sexa posible, tentaremos achegar tamén algunas notas sobre a etioloxía das formas á luz das súas desinencias.

-ellos (Ser-a-nt-ellos).

Serantellos reflicte o sufíxo diminutivo latino *-ICULOS*, que se corresponde co portugués *-elhos*, asturiano e leonés *-eyos* e español *-ejos*. Entra cedo

na lingua e axiña deixa de ser produtivo¹⁰, quedando lexicalizado (*cortello* ‘corte’ < *corte*), o que garante a antigüidade do topónimo, que rexistramos desde o ano 934 (Alonso Núñez 2000: 11; CODOLGA). Os dous lugares chamados *Serantellos* que rexistramos en Galicia poden explicarse a partir doutras tantas entidades de nome *Serantes*. Así, o *Serantellos* de Ferrol xorde como diminutivo do nome da parroquia que o abrangue, isto é, *San Salvador de Serantes*, como acontece cos casos de *Rianxiño*, parroquia de Santa Comba de Rianxo, ou *Bergondiño*, freguesía de San Salvador de Bergondo. Pola súa parte, o *Serantellos* de Santa Cruz de Castrelo (Cambados, O Salnés, Pontevedra) debe proceder do veciño lugar de *Serantes* (San Xoán de Baión, Vilanova de Arousa, O Salnés, Pontevedra).

-es (Ser-a-nt-es). De acordo coa análise que vimos de efectuar, *-es* non pode entenderse como parte dunha desinencia máis ampla *-ntes* (*Barbantes*, *Arantes*, *Ourantes*, *Barrantes*), como cría Moralejo Laso (1977: 31), senón que ten entidade morfolóxica propia. De acordo con Villar (1995: 194, 206, 213), interpretámolo como morfema de nominativo singular dun tema en *-i-* (*FINIS*, *-IS*), modalidade flexiva que presentan moitos hidrónimos da Hispania prerromana, incluídos os galegos estudiados por Moralejo Laso e que nesta análise morfolóxica quedarían xebrados como *Bar(-)b-a-nt-es*, *Ar-a-nt-es*, *Our-a-nt-es*, *Barr-a-nt-es*. Deste punto de vista, *Serantes* (< *SERANTIS, *-IS*), solución plenamente prerromana adaptada ao sistema flexivo do latín, non constituía no seu tempo unha forma plural, mais iso non impidiu que fose interpretada como tal á hora de xestar, xa en época romance, o derivado *Serant-ellos*, e non **Serant-ello*, o cal indica que a conciencia da lingua orixinal que deu como resultado o topónimo primario se perdera.

-eses (Sar-a-nd-eses). Trátase do sufijo popular *-eses*, irmán do culto *-enses*, do latín *-ENSES*, que tiña a mesma función de derivar adjetivos xentilicios e de pertenza a base de topónimos (*hispāni-ensis* ‘hispano’ < *Hispānia*, *-ae* ‘Hispania’) (Pharies 2002: 233). *Sarandeses* (Santaia de Rairiz, Santiso, Terra de Melide, A Coruña) é, polo tanto, un nome de lugar que reflicte un movemento de poboación desde algún punto de nome *Sarand-* (talvez algún dos *Sarandón* de Vedra?) a ese lugar de Santaia de Rairiz. A creación de nomes de lugar a partir de xentilicios é un fenómeno frecuente na toponimia, como ilustran os exemplos *Sarreaus* (A Limia, Ourense) ‘naturais de Sarria’, (San Martiño de) *Cumbrasos* (Monterroso, Ulloa, Lugo) ‘oriúndos de Coimbra’ ou *Fondoreses* (Santiago de Requeixo, Chantada, comarca de Chantada, Lugo) ‘naturais de Fondedor’¹¹.

10 Alonso Núñez (2000: 11) recolle unha información que lle achega Antón Santamarina segundo a cal o sufijo se mantén vivo na Fonsagrada con valor despectivo: *nenello*.

11 Outros exemplos de topónimos derivados de xentilicios en Navaza (2002: 142) e Sánchez Rei (2011: 491-492).

-ías (Ser-a-nd-ías). A hipótese antroponímica de García Arias a propósito de *Serandías*, difícilmente xustificable en termos de evolución lingüística (*cfr.* epígrafe 3.2), pode salvarse se vemos nese *-ías* o resultado característico do galego eonaviego para o sufixo diminutivo procedente do latín *-INUS*, *-A*, *-UM*, que deu no galego común o resultado *-iño/s*, *-iña/s*. No galego de Asturies, a forma feminina plural desa desinencia é, precisamente, *-ías* (Fernández Rei 1991: 64). Tamén cabe remitilo ao latín **-IA*, forma vulgar do clásico *-IA*, que sobrevive en solucións do léxico común tales como *monxía* ou *freiría* e en topónimos como *Muxía* (Martínez Lema 2010: 250). Aínda, determinadas formas de apariencia prerromana presentan un final *-ia*, con toda probabilidade tamén prelatino, que talvez se corresponda co de *Serandías*: *Buría*, *Buía*, *Oría*... Esta última hipótese é especialmente rechamante, pois trataríase da mesma terminación que aparece en *Ser-ia* (San Cristovo de Dormeá, Boimorto, comarca da Arzúa, A Coruña), topónimo que debe reflectir unha construcción análoga desde a raíz **ser-* sen sufixación primaria *-nt-*.

-ín (Sar-a-nd-ín). *Sarandín* é o topónimo desta familia máis difícil de abordar dun punto de visto morfolóxico, dado que a terminación *-ín* lle dá apariencia de *nomen possessoris*, na liña de *Amorín*, do antropónimo latino *AMORINUS*, ou *Mundín*, do nome xermánico *MONDINUS*. Con todo, a hipótese lanzada nesa dirección por Piel/Kremer parece altamente especulativa e conta na súa contra coa presenza documental (*cfr.* epígrafe 3.2). Sen posibilidade de remitir o topónimo a ningún antropónimo prerromano, latino ou xermánico coñecido, o máis sensato semella consideralo delexical e irmandalo cos demais nomes de base *Sarand-*. De feito, ese *-ín* ben puidera ser o mesmo diminutivo *-in*, feminino *-ia*, que suixerimos para *Serandías* en primeiro termo. O problema que se nos presenta é que o lugar de *Sarandín* (San Fiz do Barón, O Carballiño, comarca do Carballiño, Ourense) e os dous terreos homónimos de Santiago de Anllo (San Amaro, comarca do Carballiño, Ourense) localízanse no dominio xeolectal de *-iño* (ALGA II: 106-107; Fernández Rei 1991: 64). Con todo, en zonas de *-iño*, atopamos esporadicamente a solución *-ín* fosilizada na toponimia: *Curutín* (Santa María Madalena de Sobrada de Aguiar, Outeiro de Rei, comarca de Lugo, Lugo), *Valín* (Santalla de Bóveda de Mera, Lugo, comarca de Lugo, Lugo) ou *Penaporrín* (Santa María de Loimil, A Estrada, Taboira-Terra de Montes, Pontevedra) (Bascuas 2005: 82). Tamén Navaza (2006: 526) recolle o topónimo *Soutín* fóra da zona oriental. Non sería insólito, pois, que *Sarandín* reflectise un resultado anómalo de *-INUS* e pasase a engrosar esa lista de excepcións. Sería interesante abordar un estudo sistemático dos resultados do latín *-INUS* na toponimia e cruzalos cos datos que nos achega a dialectoloxía. As conclusións que dese traballo se tirasen poderían servir para explicaren a suposta anomalía que presenta *Sarandín*.

soporte, o seu alcance global e a intensidade con que se usa provoca mudanzas no modo en que nos comunicamos e no xeito de empregarmos a lingua.

Do punto de vista lingüístico, é probábel que os efectos sexan tan importantes como aqueles que se produciron no caso de anteriores innovacións tecnolóxicas e que outorgaron á lingua impresa e á radiodifusión novas dimensíóns que, por súa vez, xeraron variedades lingüísticas e usos distintos (Crystal 2006: 5). A este respecto, o medio electrónico constitúe de partida un soporte que ao mesmo tempo facilita e restrinxе a nosa capacidade de comunicar e que favorece o desenvolvemento de novos modos para nos interrelacionarmos, fundamentalmente distintos daqueles que podemos achar noutro tipo de situacíons. Isto é, moitas das expectativas e das actividades con que asociamos a lingua escrita e a oralidade operan de forma diferente no contorno electrónico. Por esta razón, cómpre investigarmos as propiedades lingüísticas deste novo soporte para determinarmos se o modo en que empregamos a lingua nestes contextos modifícou as nosas prácticas discursivas. Nesta liña, vira preciso termos en conta que á medida que adoptamos unha perspectiva social para entendermos a Internet, o papel que desenvolve a linguaxe tamén se tornará nun obxectivo central, xa que o contorno electrónico se configura como un medio fundamentalmente textual. Por tanto, sen negarmos o valor que posúen os avanzaos tecnolóxicos e a orixinalidade e a variedade na presentación dos seus contidos, o que resulta evidente é a súa natureza lingüística. Neste punto, resultan acaídas as palabras de Crystal (2006: 10) cando sinala que se considerarmos a Internet como unha revolución, probabelmente será unha revolución lingüística.

O contexto electrónico non conforma, como é obvio, un medio onde se emprega a lingua de xeito homoxéneo, dado que existen diversas situacíons comunicativas e estas manifestarán tamén trazos lingüísticos específicos. Con todo, coidamos que é posíbel facermos referencia a unha nova modalidade discursiva propia deste novo soporte, o texto electrónico¹, dentro do cal se enmarcarían os diferentes sistemas de interacción presentes na comunicación virtual. Na nosa opinión, os trazos idiosincráticos presentes no discurso electrónico impiden a súa identificación tanto co texto

1 Cómpre aclararmos que utilizaremos *texto* e *discurso* indistintamente para nos referirmos ás producións lingüísticas presentes na Rede, na liña do exposto en Freixeiro Mato (2006, IV: 29): “O texto foi xeralmente entendido como unha producción escrita dotada de unidade, ou sexa, unha unidade lingüística fixada por escrito que normalmente comprende máis de unha cláusula. Mais tal exixencia da escrituralidade como característica esencial do texto é cuestiñable, como mesmo apunta a orixe etimolóxica do termo (lat. *texere* = bordar, tecer), e así resulta común falarmos de texto oral vs. texto escrito [...], onde o texto pode ser tamén substituído por discurso”. Así mesmo, seguiremos un criterio similar para os pares emisor/locutor e destinatario/receptor, que serán utilizados ao longo do texto como sinónimos.

escrito, embora a súa natureza sexa predominantemente gráfica, como co texto oral, se ben que en moitos casos desenvolveu mecanismos e estratexias para se aproximar de características propias da conversa tradicional, como a linguaxe xestual ou a prosodia. A respecto do termo, Crystal (2004: 64) afirma que áinda non existe un acordo xeral sobre a súa denominación, dado que constitúe un fenómeno de recente aparición. En consecuencia, contamos con diversos vocábulos para designar este novo medio de comunicación: así, temos “Netlish”, “ciberfala” (*Netspeak*), “linguaxe da Internet”, “discurso electrónico”, “linguaxe electrónica”, “discurso escrito interactivo” ou “CMC”, entre os más coñecidos. Cada un deles presenta distintas implicacións, isto é, “Netlish” procede claramente do inglés e, xa que logo, vai caendo en desuso á medida en que a Internet se torna nun medio cada vez máis multilingüe; “discurso electrónico” concede maior importancia aos elementos do diálogo e a propiedades como a interactividade, en canto CMC, por exemplo, focaliza a súa atención no propio medio.

2. Propiedades da CMC

A Internet configúrase como un soporte electrónico, global e interactivo e cada un destes trazos ten consecuencias no tipo de linguaxe que podemos achar nela. Seguíndomos Fioronte (2003: 114), a influencia máis importante provén da propia natureza da canle: un conxunto de caracteres nun teclado determina a capacidade lingüística produtiva (tipo de información que pode enviarse), e o tamaño e a configuración da pantalla determinan a capacidade lingüística receptiva (o tipo de información que pode verse). Noutras palabras, “both sender and receiver are additionally constrained linguistically by the properties of the Internet software and hardware linking them” (Crystal 2006: 26). Así as cousas, existen determinadas actividades lingüísticas e comunicativas tradicionais que este medio facilita e, de igual modo, xera outras que non están ao alcance de ningún outro soporte. O interese para os lingüistas radica en investigar como responden as persoas usuarias perante estes novos condicionantes e que estratexias desenvolven para os compensar do punto de vista comunicativo. Por tanto, concordamos con Álvarez Martínez (2008: 110)en que é o poder modalizador dos dispositivos a través dos cales se leva a cabo a interacción o que determina as propiedades textuais das diversas situacóns comunicativas (correo electrónico, Chat, mensaxaría instantánea, SMS, redes sociais etc.), as cales formarían unha macroclase denominada *discurso electrónico* que, por súa vez, se dividiría en subclases, correspondentes aos distintos xéneros electrónicos (cfr. López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado 2010: 518-520).

Por esta razón, achamos necesario distinguirmos o discurso electrónico e desbotarmos outras hipóteses que consideran o medio derivado do desenvolvemento das TIC tan só como un soporte textual novedoso, dado que continuarmos nesta liña levaría consigo ignorarmos o fenómeno revolucionario que supuxo a creación destas novas aplicacións para as prácticas comunicativas dos seus usuarios. Por tanto, será importante coñecermos cales son as diversas limitacións e facilidades que ofrece. Desde unha perspectiva pragmática, Fiormonte (2003: 109-110) establece catro características principais para a comunicación electrónica, que permiten diferenciala dos sistemas de interacción tradicionais:

1. Velocidade e estabilidade: as mensaxes son enviadas nun espazo de tempo moi reducido (segundos) e poden ser lidas polo destinatario en calquera momento, que pode responder de modo inmediato (o que instauraría unha especie de diálogo telemático) ou salvar a mensaxe, gardala, copiala etc., mantendo todos os trazos do texto electrónico.
2. Tempo e custo: o correo postal e as chamadas telefónicas presuponen tempo e un custo de xestión que impón límites ás interaccións, tanto cualitativas como cuantitativas, en canto a comunicación virtual evita os custos, reduce o tempo e amplía a posibilidade de comunicación en termos xeográficos e numéricos².
3. Accesibilidade e liberdade: na comunicación mediada por computador non existen dispositivos para filtrar a información e isto fai posibel o envío indiscriminado de mensaxes de todo tipo. Igualmente, este medio permite dar voz a todas as persoas e, consecuentemente, representa un avanza indiscutíbel no camiño cara á liberdade de expresión.
4. Autenticidade e seguridade: a maior parte das mensaxes chega ao seu destinatario, porque o único modo de interceptar ou de manipular unha mensaxe é a través do sistema administrador, o que garante a privacidade da comunicación electrónica face ás medios tradicionais.

En liñas xerais, toda a comunicación se ve determinada polas condicións da canle que a fai posibel e, xa que logo, a mediación constitúe un trazo inherente á comunicación, embora existan modalidades comunicativas onde a influencia do soporte teña maior relevancia. Para Vela Delfa (2005: 66) este é o caso da CMC e do dis-

2 A este respecto, o propio Fiormonte (2003: 111) afirma que “dal punto di vista del sistema c’è poca differenza fra uno e dieci, fra lo spedire un messaggio in Cina o all’amico sotto casa” ao tempo que engade que “questa flessibilità tuttavia può essere un rischio poiché genera un’enorme mole di informazione non necessaria”. Sobre esta cuestión, tamén Baron (2000: 227) salienta, en relación co correo electrónico, que a comunicación mediatizada por computador é menos custosa e más conveniente que a dos medios tradicionais: non hai cargas adicionais en función da distancia, nin limitacións de lonxitude nas mensaxes, estas poden ser enviadas a calquera hora etc.

curso electrónico que manifestan unha clase de mediación alta, marcada tanto pola figura do terminal electrónico (computador, telemóbel etc.) como instrumento de comunicación como pola da Internet como espazo para a interacción. Este feito ten provocado que algúns estudiosos considerasen que o dito soporte restrinxía a riqueza expresiva dos intercambios e que, en consecuencia, clasificasen o texto electrónico como un discurso pouco estruturado e cunha coherencia fragmentaria (Álvarez Martínez 2008: 111). Con todo, na liña do exposto en Vela Delfa (2005: 67), consideramos que o discurso electrónico pode ser entendido como o resultado da adaptación á natureza discursiva do medio dixital, para salvar as súas limitacións e para explotar as súas vantaxes, ao tempo que tamén é o resultado da emerxencia de padróns comunicativos xenuinos e específicos deste novo formato de interacción.

O contorno computacional en que se enmarca o discurso electrónico afecta especialmente os parámetros de espazo e de tempo, que contan cun tipo de restrición particular. Isto é, nas interaccións electrónicas as mensaxes son tecleadas nun computador ou nun teléfono e lidas en formato texto na pantalla doutro dispositivo. En consecuencia, estes terminais dixitais conforman do punto de vista da enunciación o contexto da actividade comunicativa, polo que determinan os procesos de producción e os de recepción (cfr. Vela Delfa 2005: 67 e Cassany 2000: 3). Tamén sobre estas cuestións, Crystal (2011: 32-34) apunta entre as limitacións do medio o tamaño das mensaxes, o desfase temporal entre a producción e a recepción e a falta de retroalimentación simultánea. A seguir, analizamos aquelas que achamos más relevantes, na medida en que condicionaron o desenvolvemento dunha das propiedades más significativas do discurso electrónico, isto é, a súa natureza textual e os seus vínculos coa linguaxe falada e coa escrita. En relación con isto, Yus (2001: 98) sinala que o trazo más esencial da comunicación virtual é a cualidade oral dos textos escritos que as persoas usuarias das novas tecnoloxías intercambian entre si (cfr. 2.2).

2.1. A dimensión espacial

A respecto da cuestión espacial, as interaccións electrónicas configúranse como unha comunicación *in absentia*, onde as persoas participantes no intercambio non partillan un lugar de enunciación común, máis áchanse distanciadas no espazo. Porén, o grao de afastamento pode variar, dado que as modalidades comunicativas presentes no medio electrónico non só serven para poren en relación persoas separadas por importantes distancias, mais tamén para aqueloutras que poden mesmo partillar situacións comunicativas presenciais e que no momento do intercambio non disfrutan dun lugar común. Por tanto, podemos considerar os medios de comunicación mediada como sistemas que permiten salvar as limitacións naturais que impón a comunicación presencial, principalmente a distancia entre os interlocutores. Outrosí,

a natureza do medio electrónico permite desenvolver unha sensación de copresenza no espazo virtual, sobre todo naqueles casos en que os participantes na interacción partillan o tempo da enunciación. Os sistemas de comunicación sincrónica favorecen a creación dun espazo único de interacción representado pola pantalla en que se materializa o intercambio. Esta dualidade ausencia física / presenza virtual terá repercuísons do punto de vista lingüístico, como teremos oportunidade de comprobar.

Estreitamente relacionado co concepto de copresenza virtual e tamén desde unha perspectiva espacial, convén termos en consideración un outro fenómeno importante na análise do discurso electrónico, isto é, a presencialidade dos participantes nos intercambios comunicativos, variábel que, segundo Álvarez Martínez (2008: 113), remite para o grao de accesibilidade e de disponibilidade das persoas participantes perante o sistema que media na interacción. Trátase dunha noción relevante porque, por un lado, condiciona a elección do tipo de comunicación máis apropiada (sincrónica / asincrónica) e, por outro lado, inflúe na implicación dos interlocutores e determina os factores emotivos que presentan os intercambios. De acordo con Vela Delfa (2005: 69), a implicación afectiva costuma ser maior nas interaccións que marcan de modo notábel a presenza virtual dos participantes, como a mensaxaría instantánea (MI) ou os chats, en canto que os medios de comunicación que carecen de sistemas para a marcar manifestan unha maior frialdade. Segundo Bays (2004), a presenza na pantalla, concretada pola ocupación do espazo, constitúe un correlato da presenza do locutor no proceso comunicativo.

2.2. A dimensión temporal

No relativo ao desenvolvemento cronolóxico dos sistemas de comunicación electrónica, cómpre sinalarmos que existen dúas modalidades principais: os medios sincrónicos e os asincrónicos. Os primeiros, entre os cales sobresaen o chat e a MI, caracterízanse pola presenza simultánea na Rede dos interlocutores que, na opinión de Yus (2001: 57), constrúen unha especie de diálogo interactivo textual que desaparece no momento en que os participantes desligan o dispositivo ou se desconectan. Por contra, os sistemas de comunicación asincrónica, dos cales podemos destacar o correo electrónico e as SMS, conteñen trazos que facilitan o desenvolvemento dunha interacción que se mantén no tempo. Neste sentido, os ditos medios costuman rexistrar nun historial as diversas interaccións, de modo que contribúen para edificar un contorno comunicativo a cada paso máis complexo. Tanto Yus (2001: 57) como Vela Delfa (2005: 70) e Álvarez Martínez (2008: 114) concordan en que en calquera destas dúas variedades comunicativas a clave interactiva e o vehículo principal de identidade se basea no texto que as persoas usuarias escriben desde os seus dispo-

sitivos electrónicos³. Concretamente, Álvarez Martínez (2008: 114) sostén que a diferencia entre ambas as modalidades reside nunha propiedade tecnolóxica baseada na permanencia textual, quere dicir, no grao de manutención do texto en pantalla e nas súas posibilidades de armazenamento.

Por tanto, teríamos aplicacións que gardan as mensaxes de forma máis ou menos indefinida e aquelas que non as armacenan e esta dicotomía será a que nos permita distinguir os intercambios comunicativos en que a presenza simultánea de emisor e receptor é obrigada –interaccións sincrónicas– daquelas en que os procesos de producción e de interpretación non teñen porque coincidir –interaccións asincrónicas–. No entanto, convén repararmos en que mesmo nos intercambios sincrónicos da CMC a interacción nunca é completamente simultánea, xa que se torna imposible salvarmos o lapso temporal que media entre o momento de envío e o de recepción. Este pode variar en función de determinados factores como a sobrecarga da Rede ou o das características técnicas dos dispositivos empregados na comunicación. Así as cousas, parece necesario establecermos certos graos de sincronicidade, dado que mesmo nos sistemas asincrónicos o lapso temporal entre unha e outra intervención pode ser moi reducido, de forma que se crea certa sensación de simultaneidade, como se se tratase de medios sincrónicos ou case-sincrónicos. Adaptamos para os nosos obxectivos a seguinte táboa proposta por Álvarez Martínez (2008: 114), porque permite sintetizarmos as diferenzas dos medios de comunicación do punto de vista do seu desenvolvemento temporal:

Comunicación sincrónica	Comunicación asincrónica
Mensaxes accesíbeis durante un breve período de tempo antes de seren substituídas polas novas mensaxes	Mensaxes accesíbeis durante un tempo indefinido
Separación temporal reducida entre as mensaxes para non interromper a comunicación	Separación temporal flexibel entre as mensaxes e sen consecuencias graves no desenvolvemento da comunicación
Recepción das mensaxes de forma instantánea ⁴	Recepción das mensaxes variábel: desde lapsos temporais longos até outros más reducidos.

Táboa 1. Diferenzas entre a comunicación sincrónica e a asincrónica

3 Yus (2001: 58) argumenta que o texto serve tamén de portador dos atributos de identidade de quen os escribe e os transmite pola Internet. Trátase de medios interactivos que despoisúron a persoa do corpo e a este da súa localización espacio-temporal, de modo que o único que permanece é a identidade textual.

4 Aínda que xa matizamos as características da sincronicidade na CMC, seguiremos a utilizar este termo para manter a mencionada dicotomía.

Os trazos particulares presentados terán influencias no tipo de estruturas discursivas que se utilizaren en cada sistema de comunicación. Así, o feito de que nos sistemas sincrónicos a mensaxe sexa recibida e contestada en cuestión de segundos implica que o modo de interacción se caracterice por producións discursivas más breves e directas que nos sistemas asincrónicos. Os desfases temporais na comunicación sincrónica poden provocar certo malestar, pois poden entenderse como unha posíbel falta de interese por parte dun dos participantes e mesmo ocasionar o abandono ou o fracaso comunicativo do intercambio. Sobre este particular, Herring (1999) tamén observa certa incoherencia na comunicación electrónica, xa que o lapso temporal pode descompensar a recepción das mensaxes entre os diversos usuarios e provocar situacións en que se quebra a orde linear das intervencións ou onde se separan os pares de adxacencia. As consecuencias do desfase de tempo nos medios de comunicación asincrónicos son menos relevantes, dado que as aplicacións ofrecen a posibilidade de que a persoa usuaria decida ler ou non unha determinada mensaxe e en que orde facelo, pois non é necesario que coincida coa secuencia cronolóxica en que se recibiron. En síntese, as limitacións espazo-temporais serán as causantes do desenvolvemento destas dúas modalidades de CMC. Por un lado, os sistemas sincrónicos serven para eliminar restricións espaciais, pois permiten establecer actividades comunicativas entre persoas afastadas xeograficamente, en canto que a persistencia textual dos medios asincrónicos favorece salvarmos as barreiras temporais e que os participantes poidan regular o ritmo do intercambio segundo a súa disponibilidade.

2.3. Limitacións na transmisión de información extralingüística

Desde unha perspectiva comunicativa, unha das propiedades do soporte electrónico que maiores repercusións ten nos intercambios é a ausencia de información non verbal derivada da distancia física que media entre os participantes na interacción. Á diferenza das conversas presenciais, onde a actitude das nosas producións discursivas pode comunicarse de forma extralingüística –unha determinada entoación, un riso ostensivo, xestos e posturas determinadas etc.–, no discurso electrónico a maior parte destas pistas contextuais non verbais de carácter vocal (paralinguaxe, entoación etc.) e visual (xestos, posturas) están ausentes debido á componente textual dos intercambios, o que provoca unha redución das posibilidades interpretativas dos enunciados do punto de vista tradicional. Porén, os usuarios destes sistemas de comunicación electrónica desenvolveron numerosas estratexias que lles permiten compensar estas limitacións no relativo á información contextual. En palabras de Mayans (2002), as persoas que participan nas interaccións virtuais amoldanse a estas restricións e comunicánsen a pesar delas. De partida, os únicos recursos expresivos con que contan os internautas para se comunicaren son as palabras, que se materializan na pantalla por medio de signos codificados (cfr. 2.2.3).

As limitacións derivadas da natureza física do medio condicionan tamén o tipo de información que se pode transmitir: nas modalidades de comunicación electrónica a canle restrinxe a información susceptíbel de ser enviada a combinacións de conxuntos de caracteres do código ASCII⁵. Trátase, por tanto, dunha comunicación estritamente textual, onde a tecnoloxía condiciona as posibilidades expresivas dos usuarios: a cadea de caracteres do teclado determina a capacidade de producción e as propiedades e a configuración da pantalla as posibilidades de recepción (Vela Delfa 2005: 73). No relativo á recepción debemos ter en conta que a persistencia textual nas interaccións sincrónicas é limitada, polo que o texto recibido é substituído polas seguintes intervencións. A recepción en pantalla presenta un constante dinamismo e, por tanto, implica unha capacidade cognitiva diferente á lectura en papel. A respecto da producción, o dominio no uso das ferramentas axilizará a comunicación no relativo ao ritmo das interaccións, o que vira de suma importancia nos sistemas sincrónicos, xa que aquelas persoas que careceren da suficiente destreza poderán causar demoras excesivas na aparición das súas intervencións e tornaren ineficaz a súa participación, sobre todo se estivermos perante conversas múltiplas.

Do mesmo modo, a capacidade de retroalimentación nestes contextos fica diminuída como resultado da ausencia da canle visual e da auditiva, inclusive cando a demora temporal entre as interaccións é imperceptíbel. Entendemos por capacidade de retroalimentación, na liña do sinalado por Álvarez Martínez (2008: 118), aquela que permite comunicarmos que estamos atendendo ao turno de fala do emisor e contribuíndo para o seu desenvolvemento. Normalmente, o tipo de estratexias utilizadas para demostrar o mantemento do *feedback* costuma posuir unha natureza non verbal, de aí que a comunicación electrónica goce de escasas posibilidades de retroalimentación se é comparada coas situacións comunicativas presenciais. Algunha aplicación, entre as cales destaca *Talk*, torna posíbel que os interlocutores presencien a redacción das intervencións dos outros participantes –a pantalla dividese en dúas partes e en cada unha delas vai aparecendo a mensaxe de cada interlocutor, carácter por carácter, conforme se vai tecleando (Vela Delfa 2005: 76)–, mais na actualidade estes sistemas foron reformulados e en grande parte dos medios de comunicación sincrónica as persoas que participan na interacción tan só poden saber se os seus interlocutores están ou non a redixir unha resposta. Con todo, mesmo nestas aplicacións a posibilidade de retroalimentación encóntrase moi limitada en relación á comunicación cara a cara, na medida en que a ausencia de información auditiva e visual diminúe a capacidade de influencia do receptor nas reformulacións que poida estar a realizar o emisor e inclusive no establecemento dos turnos de intervención.

5 Sistema de codificación de caracteres baseado no alfabeto latino, tal e como é usado no inglés moderno. A maior parte das aplicacións informáticas utilizan ASCII ou unha extensión deste código para representar textos e para o control de dispositivos que manexan texto, cal o teclado.

3. O discurso electrónico e a súa natureza textual

Segundo Crystal (2011: 17), desde o comezo da reflexión lingüística, os estudiosos costumaban pensar na linguaxe en termos de escrita e de oralidade, até que tempo despois foi engadida a linguaxe xestual. Estas tres modalidades manifestábanse a través de soportes ou canles independentes, quere dicir, para a oralidade tiñamos o medio fónico (o ar), para a escrita o medio gráfico e para a linguaxe paraverbal o medio visual (xestos, postura corporal etc.). Non obstante, hoxe en día contamos cunha outra dimensión para a interacción lingüística –o medio dixital– onde as características propias deste soporte (cfr. 1.1) converxen con algúns dos trazos más esenciais das modalidades antecitadas para daren lugar a un novo sistema de comunicación –a comunicación virtual⁶–. Por esta razón, cómpre revisarmos os conceptos de escrita e de oralidade para logo describirnos o modo en que estes se conxugan no texto electrónico dando lugar a un xénero híbrido e, por súa vez, independente, dado que ao tempo que manifesta propiedades propias do discurso escrito ou da fala, tamén presenta outras que o distinguen e que permiten a súa clasificación como unha nova modalidade de comunicación lingüística.

3.1. Oralidade e escrita

Existen diversas posibilidades para clasificarmos os textos en base a unha tipoloxía discursiva ou outra e entre elas destacan fundamentalmente dúas: a primeira, que os agrupa en función da temática e da intención comunicativa –e así distinguimos o texto literario, o xornalístico, o científico, o publicitario etc.; e a segunda, que os distribúe tendo en consideración a canle a través da cal son transmitidos, ou sexa, o medio gráfico ou o fónico (López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado 2010: 493-520). Se ben que non aprofundaremos nas distintas tipoloxías textuais en función da temática ou da intención comunicativa, dado que excede os obxectivos do noso traballo, faise necesario analizarmos, *grossso modo*, as características que presentan os textos orais e os textos escritos, pois, como xa sinalamos, isto contribuirá para unha mellor comprensión dos trazos do discurso electrónico. Freixeiro Mato (2006, IV: 35) subliña, a este respecto, que embora texto escrito e texto falado participen dun mesmo sistema lingüístico, cada un deles posúe características propias, debido a que fala e escrita son tamén dúas modalidades diferentes de emprego da lingua, sen por iso constituíren “formas dicotómicas de

6 En López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado (2010: 27-29) xa figura este novo tipo de intercambio, en paralelo á comunicación animal e á humana, e é definida como “un proceso interactivo desenvolvido en contornas computacionais que veu incrementar decididamente a capacidade comunicativa do individuo”.

dous pólos opostos, senón un contínuum tipolóxico das prácticas sociais". A complementariedade de ambas as modalidades verase reflectida no carácter híbrido que presenta o discurso electrónico. No entanto, achamos conveniente mantermos esa dupla visión para nos aproximarmos dos trazos que caracterizan unha e outra tipoloxía textual.

Canto ás diferenzas entre o discurso oral e o discurso escrito (véxase táboa 2), cómpre mencionarmos, antes de máis, que existen múltiplas aproximacións e, por tanto, unha abundante bibliografía⁷. En relación cos textos orais, López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado (2010: 494) sinalan os seguintes trazos más característicos: transmisión e recepción a través da canle oral-auditiva, mensaxe inmediata e efémera, agás no caso de seren gravacións, adecuación ao contexto inmediato, ausencia de referencias ao tempo e ao espazo en que se emite, presenza de deícticos, digresións temáticas, espontaneidade e, consecuentemente, maior liberdade no cumprimento das regras gramaticais (anacolutos, erros de concordancia etc.). Trátase de textos implícitos e redundantes, cuxa falta de planificación vai provocar que sexan fragmentados, incompletos e pouco elaborados (Freixeiro Mato 2006, IV: 35). Para alén do emprego do código lingüístico, os textos orais recorren a numerosos recursos paralingüísticos, cal a entoación, os xestos, as pausas etc., e permitirán, na maioría dos casos, obtermos unha caracterización social, xeográfica e xeracional, na medida en que estes trazos serán más visíbeis do que no discurso escrito. No tocante á súa caracterización gramatical, o antedito autor sinala un maior predominio de cláusulas curtas, simples ou coordenadas, un escaso ou nulo uso da voz pasiva e unha menor densidade e precisión léxica (ausencia de frases de relativo, emprego de paralelismos sintácticos, fonéticos e léxicos, profusión de sintagmas nominais, mudanzas de rexistro e abundancia de enunciados de corrección⁸, tendencia á elipse etc.). Finalmente, o discurso oral vai presentar unha utilización reiterada de marcadores discursivos interactivos, para confirmar se a progresión temática se está a realizar ou non con éxito.

Pola súa banda, o texto escrito é transmitido e recibido a través da canle visual e constitúe, por regla xeral, unha mensaxe duradeira e asincrónica, isto é, o destinatario do texto pode escoller os tempos de lectura e pode, igualmente, voltar a el cantas veces desexar, pois, á diferenza do texto oral, o escrito non precisa de

7 Se ben que seguiremos fundamentalmente Freixeiro Mato (2006, IV) e López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado (2010) por se trataren de achegas recentes e cuxo centro de atención é a lingua galega, cómpre, no entanto, citarmos tamén outras obras igualmente relevantes: Crystal (2006), Ochs (1979), Akinnaso (1982), Bedmar (1989), Yabuuchi (1998), Bustos Tovar (1997) e Halliday (1994).

8 Con enunciados de corrección facemos referencia á habitual presenza de reformulacións e de mudanzas no discurso, en moitas ocasións produto dunha actividade cooperativa entre os interlocutores (Yus 2001: 105).

ser enunciado más do que unha vez para que perdure no tempo. Neste sentido, o texto escrito posúe unha maior autonomía en relación ao contexto en que se encontra o autor/lector no momento de realizaron a súa actividade (escrita e lectura respectivamente)⁹. Por esta razón, tamén se van documentar numerosas alusións ao tempo e ao lugar en que se escribe para favorecer unha mellor comprensión e evitar ambigüidades (datas, localización, identificación do emisor etc.). Os textos escritos son discursos elaborados e, por tanto, presentan un maior respecto na aplicación das regras gramaticais e aproxímanse da lingua estándar. Outrosí, o emprego de recursos lingüísticos, fundamentalmente a puntuación, para representar o código non lingüístico, contribuirá para dotar o texto de progresión temática (López Viñas / Lourenço Módia / Moreira Leirado 2010:494). Freixeiro Mato (2006, IV: 35) apunta tamén para o carácter explícito, condensado e planificado dos textos escritos que, en consecuencia, serán non fragmentados, elaborados e cun predominio de cláusulas complexas, sobre todo subordinadas, e unha frecuente utilización da voz pasiva. Igualmente, presentan unha maior densidade e precisión léxica e un abundante emprego de marcadores discursivos textuais que permiten estruturarmos mellor os textos.

A pesar da distancia aparente que parece mediar entre estas dúas variedades do discurso, algúns investigadores encontraron puntos en comúns entre a oralidade e a escrita. Así, Freixeiro Mato (2006, IV: 35-36) sinala que nin todas as características apuntadas son exclusivas dos textos orais ou dos escritos, do mesmo modo que este non é o único criterio de distinción posibel. Nestes medios, afirma que existen textos falados, como os relatorios ou as comunicacións en congresos, as entrevistas formais etc., “que se aproximan máis do que comunmente se consideran características dos textos escritos” e, no lado oposto, achamos cartas a familiares ou amizades ou mesmo diálogos humorísticos que, embora sexan representados por escrito, partillan un maior número de trazos co discurso oral. Algo semellante acontece co texto electrónico, onde tamén non é posibel aplicarmos esta visión dicotómica, pois, na liña do exposto por López Viñas / Lourenço Módia / Moreira Leirado (2010: 494), “a súa singularidade impide a adscrición tanto ao texto escrito a pesar do seu carácter gráfico, como ao texto oral, aínda que intente representar trazos propios deste como a entoación, os xestos etc.”. A seguinte táboa resume as principais diferenzas entre a oralidade e a escrita e formula un interrogante: en que lugar podemos situar o texto electrónico en relación a estas características?

9 Sobre este particular, Yus (2001: 100) afirma que o discurso escrito actúa como elemento distanciador dos dous polos da comunicación, quere dicir, o da creación e o da recepción.

Oralidade	Escrita
1. A fala está limitada polo tempo, é dinámica, momentánea. Forma parte dunha interacción onde os interlocutores están presentes e o falante ten en mente un destinatario concreto (ou varios).	1. A escrita está limitada polo espazo, é estática e permanente. É o resultado dunha situación en que o escritor está distante da persoa lectora e, na maioría dos casos, esta será descoñecida.
2. Non hai lapso de tempo entre a producción e a recepción da mensaxe, a non ser que se introduza de modo deliberado. A fala é espontánea e rápida e polo tanto os intercambios orais costuman carecer dunha planificación elaborada. A presión para pensar dá lugar a repeticións, reformulacións, modalizacións etc. Os límites da cláusula non admiten estar claros, se ben que a entoación e a pausa ofrecen algunas pistas para a súa identificación.	2. Sempre se produce un desfase entre a producción e a recepción da mensaxe. Os escritores deben anticipar estes efectos e tamén os problemas de lectura e de interpretación que se poidan derivar. A escrita permite a relectura e unha análise pormenorizada. Por tanto, favorece unha cuidada organización do discurso e unha expresión ordenada. As unidades discursivas están delimitadas a través dos sinais de puntuación.
3. A interacción presencial permite apoiar o discurso en pautas extralingüísticas, como a expresión facial e a xestual para transmitir significados. O léxico costuma ser impreciso e utilizáñase numerosas expresións deicticas para facer referencia á situación.	3. A ausencia de contacto visual provoca que os participantes non poidan confiar no contexto para clarexaren o significado. Tamén non existe unha retroalimentación inmediata. O emprego de expresións deicticas na escrita pode favorecer a ambigüeza.
4. Presenza de palabras e construcións pertencentes a un rexistro informal: contracciones, cláusulas simples e/ou coordenadas, vocabulario coloquial etc.	4. Presenza de enunciados complexos, vocabulario abstracto e sintaxe elaborada, propios dun rexistro de lingua formal.
5. Predominio da función social ou fática da lingua: empégase para expresar relacións sociais, opinións ou mesmo para pasar o tempo. A prosodia e os trazos non verbais permiten expresar un amplio abano de matices.	5. A escrita é apropiada para o rexistro de feitos, para a comunicación de ideas, para tarefas de memoria e para a aprendizaxe. Os textos son más doados de examinar e de almacenar.
6. Ofrece a oportunidade para reformularmos un enunciado en canto a outra persoa escucha, embora os errores unha vez ditos non poidan eliminarse. Igualmente, as interrupcións e os solapamentos son moi habituais.	6. Os errores e outro tipo de inexactitudes poden eliminarse en posteriores revisións ou versións do texto, sen que o lector saiba que nalgún momento estiveron aí e as interrupcións tamén fican inadvertidas no produto final.
7. As propiedades únicas da fala inclúen a maior parte da prosodia. Os matices da entoación, os contrastes no volume, o tempo, o ritmo, as pausas e outros tons de voz non poden definirse con exactitude.	7. As características únicas da escrita abordan páginas, liñas, maiúsculas, organización espacial, puntuación. Tan só unhas poucas convencións gráficas están en relación coa prosodia (interrogacións, exclamacións ou cursivas). Os cadros, os gráficos, as fórmulas complexas non poden lerse ben en voz alta, senón que deben asimilarse de modo visual.

Táboa 2. Diferenzas entre a escrita e a oralidade. Baseado en Crystal (1995)

3.2. O texto electrónico. Un xénero híbrido?

O que converte o discurso electrónico nun medio de comunicación tan interesante para os lingüistas é o xeito en que se nutre de propiedades que pertenecen por igual a ambos os ámbitos do par escrita e oralidade. Este trazo tivo consecuencias mesmo para atribuír un nome a este novo fenómeno. Como vimos anteriormente, *ciberfala* e *texto electrónico* costuman ser os más frecuentes; ora ben, nos últimos tempos apareceron outros vocábulos que pretenden resaltar as súas propiedades discursivas, entre os que destacan *conversa por escrito* (Young 1994), *texto escrito oralizado* e *conversa virtual* (Yus 2001), *conversa escrita* (Blanco Rodríguez 2002), *conversa textual* (Chardenet 2004), *texto oralizado* (Oesterreicher 1996), *texto escrito interactivo* (Werry 1996) e *conversa gráfica* (López Viñas / Lourenço Módia / Moreda Leirado 2010). En todas elas se torna visíbel a importancia da converxencia de códigos para definir esta modalidade textual, se ben que a depender do enfoque teórico adoptado, unhas priman a componente oral e outras o seu carácter gráfico. Neste sentido, Yus (2001: 79) acha que estamos perante unha conversa oral nun soporte escrito e que constitúe unha nova forma de comunicación que presenta os seus propios códigos de funcionamento.

Para este autor, a oralidade responde de modo fundamental á tentativa para aproximar estes intercambios da interacción presencial, máis rica en matices e así poder expresar a actitude proposicional do emisor, presente no texto que se tecleou na pantalla. De igual modo que Yus (2001: 139), as concepcións do discurso electrónico presentes en Oesterreicher (1996) e Werry (1996) levan á consideración de que esta modalidade constitúe un híbrido entre a estabilidade e a formalidade da letra impresa e a calidade efémera e informal da fala. No entanto, nin todos os estudiosos concordan con esta orientación: Blanco Rodríguez (2002), López Alonso (2002) e Vela Delfa (2005), entre outros, sosteñen a hipótese contraria, quere dicir, que embora posúa trazos que a aproximen destes códigos lingüísticos, presenta características propias que permiten diferenciala de calquera outro xénero escrito ou oral preexistente. Por tanto, esta dualidade intrínseca das interaccións que se producen en contornos virtuais configúrase como o factor fundamental que sitúa os textos electrónicos –SMS, chats, correos electrónicos, foros, blogs etc.– na encrucillada entre o oral e o escrito: por un lado, a comunicación no medio dixital pode ser considerada gráfica de acordo coa canle a través da que se transmite a mensaxe, mentres que se temos en conta o contexto en que esta é producida, as características da situación que rodea o intercambio e as necesidades comunicativas dos falantes a interacción virtual aproxímase máis do discurso oral.

3.2.1. Diferenzas e similitudes co discurso oral

De acordo coa proposta levada a cabo por Payrató (1996: 59), as interaccións electrónicas manifestan os mesmos trazos que a conversa coloquial, a excepción de que nas primeiras a natureza dos intercambios é escrita e non oral. Neste sentido, é posíbel establecermos paralelismos entre as interaccións face a face e aquellas producidas no medio virtual: en liñas xerais, podemos aplicar ás comunicacións mediadas once dos trece criterios con que Sacks / Schegloff / Jefferson (1974) caracterizan a conversa espontánea: i) ambas as interaccións son dialogadas, ii) fala unha persoa de cada vez, iii) a orde dos turnos non é fixa, iv) tampouco o é a duración, v) esta non se especifica previamente, vi) o que din os interlocutores non foi determinado con anterioridade, vii) a distribución dos turnos é libre, viii) pode variar o número de participantes, ix) o discurso pode ser continuo ou descontinuo, x) utilizanse diferentes unidades formais para a construcción dos turnos: palabras, frases, cláusulas etc., e xi) existen mecanismos para repararen as transgresións na toma de turnos. Os outros dous criterios para os cales non é posíbel determinarmos similitudes na conversa virtual son os encabalgamentos entre os participantes e as transicións entre os turnos, dado que nestes casos dependen de como xestione as intervencións a ferramenta informática en cuestión.

Aínda considerando que o intercambio de mensaxes a través de dispositivos electrónicos equidista da conversa e da comunicación escrita, Torres i Vilatarsana (2000) tamén encontra certas similitudes entre o discurso electrónico e o das interaccións presenciais: i) a simultaneidade na emisión e na recepción das mensaxes, o que dá mostra de certo tenor interactivo ii) o emprego de actos ilocutivos e de actos interactivos, que tamén poden ser paralingüísticos, na interacción comunicativa¹⁰; iii) a numerosa presenza de parellas adxacentes do tipo pregunta-resposta, saúdo-despedida; iv) ambas as modalidades discursivas, virtual e presencial, mostran un estilo informal e espontáneo e, en consecuencia, presentan repeticións, elisións, exclamacións, errores gramaticais, incoherencias a nivel textual etc.; v) na mesma liña destaca a existencia dunhas estruturas sintácticas e dun léxico coloquial común que conforma unha variedade lingüística cum argote específico. A este respecto, cómpre destacarmos que a escrita oralizada dos sistemas de interacción electrónica intenta reproducir a fonética coloquial da fala, o que ten como resultado a transgresión das normas ortográficas en favor dun maior achegamento á oralidade. Isto, por súa vez, contribúe para tornar as interaccións más rápidas: Vela Delfa (2005: 171) afirma que a aceleración do ritmo interaccional constitúe un fenómeno moi característico das conversas virtuais. Quere dicir, os usuarios tentan manterse na temporalidade característica do diálogo

¹⁰ A propia autora é consciente de que “el repertori d'actes interactius no lingüistics en el cas dels xats és més límitat que en la conversa presencial. No é posible assenyalar una ampolla d'aigua perqué algú ens l'apropi, como s'esdevindria en una conversa en el context d'un dinar [...]. Ara bé, també hi ha actes interactius no verbals comuns a xats i converses com és el cas d'alguns gestos faciais”.

e isto xustifica o predominio de enunciados breves, da escrita fonética, da elipse etc. O importante neste tipo de intercambios é manter o ritmo para mostrar que se está a participar de forma activa, ou sexa, para facer ver que se está copresente.

Mais mesmo naquelhas situacións próximas da fala, a conversa electrónica presenta grandes diferenzas a respecto das interaccións presenciais, derivadas sobre todo da influencia da tecnoloxía. Como sinalamos en 1.1.3, as propiedades que máis afastan o texto electrónico das conversas orais son a ausencia de información paralingüística e a diminución da capacidade de retroalimentación, motivadas pola distancia física dos interlocutores que participan no intercambio (Mayans 2002). Na mesma liña, Crystal (2006: 32-33) indica que a primeira das distincións é a falta de resposta simultánea: as mensaxes que se enviaren mediatizadas estarán completas e serán unidireccionalis¹¹. Do mesmo modo, non temos forma de sabermos o impacto que a nosa mensaxe causa en canto se está a escribir, se esta foi entendida ou se precisa ser reformulada ou clarexada. Outrosí, os dispositivos mediadores non permiten enviarmos un equivalente electrónico do xesto de asentimento simultáneo (“aha”) ou calquera outra reacción xestual, pois as mensaxes non poden superporse. Estas mesmas circunstancias son aplicábeis nos sistemas de duplo sentido, como o *talk*, a pesar de que a súa disposición poida facernos pensar que permiten unha resposta inmediata. Outra grande diferenza entre a interacción electrónica e a conversa face a face, tamén resultado da natureza tecnolóxica do medio, é que o ritmo do intercambio mediatizado é máis lento que aquel que se realiza de modo presencial e, ao tempo, tampouco admite a maior parte das cualidades más significativas da conversa.

Sobre esta cuestión, convén termos en conta que en aplicacións como o correo electrónico, as listaxes de distribución, os foros ou as SMS, as mensaxes poden tardar en chegar desde segundos até días. A frecuencia do intercambio variará en función dalgúns factores como as propiedades técnicas dos dispositivos inmersos na comunicación, a personalidade do usuario, os seus hábitos (se contesta ao instante ou só en horas concretas) e as circunstancias en que este se encontrar inmerso (se tiver acceso ao terminal en todo momento, conexión á Internet etc.). A este respecto, Crystal (2006: 34) subliña que

The time-delay (usually referred to as *lag*) is a central factor in many situations: there is an inherent uncertainty in knowing the length of the gap between the moment of posting a message and the moment of receiving a reaction. Because of lag, the rhythm of an interaction –even in the fastest Netspeak

11 “When we send a message to someone, we type it a keystroke at a time- in the manner of the old teleprinters. The message does not leave our computer until we ‘send’ it, and that means the whole of a message transmitted at once, and arrives on the recipient’s screen at once. There is no way that a recipient can react to our message while it is being typed, for the obvious reason that recipients do not know they are getting any messages at all until the text arrives on their screens” (Crystal 2006: 33).

encounters, in instant messaging, synchronous chatgroups, and virtual worlds—lacks the pace and predictability of that found in telephonic or face-to-face conversation. Even if a participant types a reply immediately, there may be a delay before that message reaches the other members' screens, due to several factors, such as bandwidth processing problems, traffic density on the host computer, or some problem in the sender's or receiver's equipment. Even 'instant' is relative.

Por tanto, unha demora pronunciada xerará en moitos casos grande frustración desde ambos os extremos da canle comunicativa. A respecto do remitente, pode que se lle pasase o momento adecuado para falar porque o tema que quería tratar xa foi substituído por outro novo e se afasta da memoria partillada polo resto dos interlocutores. No tocante ao destinatario, a demora recíbese con ambigüidade, pois é difícil inferirmos a causa que a provoca; os silencios tamén poden producirse nas conversas presenciais e nas telefónicas, mais nestes casos a existencia de turnos de palabra preestabelecidos contribúen para unha clarificación inmediata. Para alén disto, canto máis numeroso for o grupo de participantes que integra a conversa, maior dificultade: as demoras entre dúas persoas poden ser molestas, pero son más doadas de manexar, porque cada participante só ten de se preocupar dun único interlocutor. Por exemplo, de se producir un retraso considerábel nunha situación de correo electrónico ou de SMS, a interacción pode realizarse por novas vías, como o teléfono. Mais en contextos de interacción múltiple como nos chats o retraso na comunicación ten consecuencias moi distintas, xa que interfire con outro trazo da interacción presencial, o turno de palabra. Nos sistemas de interacción electrónica os turnos de fala, do mesmo modo que outras estratexias conversacionais, están suxeitas á secuenciación que impón o software que xestioná a interacción. Os solapamentos e as interrupcións da conversa presencial non costuman producirse na virtual, mais si poden existir interferencias provocadas pola falta de sincronización nos turnos de fala por razóns de índole tecnolóxica. A orde en que se reciban as mensaxes no sistema será aquela que se reflecta na pantalla dos participantes, mais o modo en que se envía a información por medio da Rede —isto é, a través de paquetes— pode provocar que se invirtan os turnos de palabra e que se produzcan solapamentos impensábeis nunha conversa presencial.

Para alén das cuestións relativas á resposta e á alternancia dos turnos, tamén as propiedades formais do medio separan, como xa tivemos oportunidade de comprobar (cfr. 1.1), as interaccións electrónicas das presenciais. Nesta liña, na comunicación tradicional é imposible mantermos unha conversa con máis de unha ou de dúas persoas a un tempo. Como sinala Crystall (2011: 25), “entering a room in which several conversations are taking place simultaneously, we cannot pay attention to all of them or interact with all of them”. Porén, nas conversas virtuais o mantemento de interaccións múltiplas é unha actividade habitual. O exemplo máis claro témolos nas salas de chat,

onde podemos observar unha continua xustaposición de conversas sobre diferentes tópicos discorrendo na mesma pantalla¹². Os seus usuarios poden atender todas elas, responder en función do seu interese, da súa motivación e, en última instancia, da súa habilidade para teclearen. Este feito levou a postular o concepto de *multidiálogo*, que xorde para designar dous fenómenos relativos ao alto grao de interactividade destes contextos: por un lado, fai referencia á participación de máis de dous interlocutores nunha mesma interacción e, por outro lado, tamén se aplica ao desenvolvemento –por parte das persoas participantes– de conversas paralelas, embora non relacionadas, nun mesmo espazo (Vela Delfa 2005: 77). Nos dous casos, a participación múltipla pode formular problemas interpretativos e alteracións nas expectativas de relevancia dos usuarios, derivadas, en última instancia, da ausencia física dos interlocutores no momento de interaxiren.

En relación coa noción de *multidiálogo* encontramos o de *hiperpersonalidade*, proposto por Walther (1996) para se referir á posibilidade que os sistemas de interacción electrónica ofrecen aos usuarios para manter máis de unha interacción ao mesmo tempo e en espazos e pantallas diferentes, circunstancia que, como xa mencionamos, só pode ter lugar en contextos virtuais dado que nos intercambios presenciais a ausencia de persistencia textual convertería a xestión simultánea nunha tarefa insustentábel do punto de vista cognitivo (Vela Delfa 2005: 78). Na comunicación mediada por computador existen diferentes niveis de persistencia textual: se ben que nos foros de debate as mensaxes costuman ser almacenadas, nos chats os intercambios están presentes na pantalla até que os participantes realizan novas contribucións que deslocan as anteriores. Con todo, até o sistema más efémero da CMC manifesta unha maior persistencia que a comunicación oral. O propio Walther (1996) afirma que o carácter de impersonalidade con que se describiu en numerosas ocasións a comunicación electrónica favorece a acumulación de intercambio. Este autor emprega o concepto de *multipersonalidade* para facer referencia ao desenvolvemento de personalidades diversas ao mesmo tempo. Esta característica permite maximizar a estimulación e, en consecuencia, minimizar o aborrecimento. Isto é, multiplica a intensidade do proceso interactivo, dado que concentra un maior grado de interactividade nun único marco temporal. Herring (1999) alude a esta propiedade para xustificar o éxito deste tipo de interacción e para explicar o interese dos internautas nestes sistemas, a pesar do esforzo que implica a superación das limitacións comunicativas que, de partida, impón o medio dixital¹³.

12 No ámbito das conversas privadas a única diferenza é que os usuarios contan con tantas interfaces como conversas mantiveren, o que facilita en maior medida seguir o fio discursivo de cada unha delas sen tantas complicacións como nas interaccións públicas.

13 Na mesma liña de Herring, Walther (1996) sostén que a comunicación electrónica favorece a socialización en maior medida que as interaccións presenciais e, en consecuencia, considera a multipersonalidade unha das características fundamentais para entendermos a súa popularidade, a pesar das restricións do soporte electrónico.

Para resolver os problemas que pode ocasionar a ausencia de elementos paralingüísticos na comunicación mediada e para a aproximar da conversa presencial, as persoas usuarias destes sistemas electrónicos deseñaron un conxunto de mecanismos encamiñados a codificaren en formato texto parte do contido intencional das súas producións (cfr. 2.2.3). A pesar de que a comunicación electrónica se basea nun conxunto de caracteres estandarizados, o seu aspecto físico non perdeu interese, senón todo o contrario, pois un dos trazos máis significativos do discurso electrónico é o desenvolvemento de estratexias e de convencións en torno á natureza gráfica do signo para expresar a información paralingüística (Vela Delfa 2005: 74), como se verá en seccións posteriores. Estas características presentes no texto electrónico poden verse como un modo de evitar as ambigüidades e as interpretacións erradas que aparecen cando se exixe á linguaxe escrita que achegue a carga de significado que corresponde á fala.

Trátase de estratexias, compensatorias nuns casos, innovadoras noutros, mais en liñas xerais podemos afirmar que as interaccións en contornos dixitais posúen unha capacidade moi limitada para transmitiren significado a través de trazos cinésicos, proxémicos e paralingüísticos. Igualmente, se a isto lle acrecentarmos a incapacidade para comunicar por medio de aspectos prosódicos, poderemos concluír que a ciberfala se sitúa a unha distancia máis do que considerábel da linguaxe falada. Estas limitacións xorden, segundo Crystal (2006: 43-44), da actual dependencia do medio no que se refire á rapidez e á capacidade para interactuarmos co teclado, pois mesmo aquela persoa hábil na escrita electrónica non se aproxima o suficiente da espontaneidade e da rapidez da fala. Do mesmo modo, até as mensaxes más espontáneas conteñen elementos de planificación previa e permiten realizar pausas durante o proceso de producción, de igual forma que repasar mentalmente o texto antes de que sexa enviado, e isto non é posibel na maior parte das comunicacións presenciais. Por tanto, embora esta nova modalidade de comunicación trate de se aproximar da fala, en determinados contextos de interacción está aínda lonxe de a alcanzar¹⁴.

3.2.2. Diferenzas e similitudes co texto escrito

Logo de comprobarmos que a conversa virtual non pode identificarse coas propiedades que caracterizan a oralidade, poderíamos esperar que mostrase maiores similitudes coa escrita, dado que, en definitivo, o medio que alberga este tipo de producións é eminentemente textual. Porén, tampouco neste casos a situación é cla-

14 Millard (1996: 147) denomina este feito *minimalismo metacomunicativo* e sinala que “textual cyberspace filters away all qualities of a personal self save the highly mediated, acutely self-conscious elements than appear in written language” e acrecenta ademais que “phatic or metacommunicative cues, the linguistic and paralinguistic signs that maintain cognizance of the social relation between the sender and receiver of a message, are drastically reduced in this medium”.

ra, porque tamén aquí existen notábeis diferenzas. Crystal (2004: 76) afirma que a primeira radica na limitación espacial a que está sometida a escrita tradicional, isto é, o feito de que un esquerto de texto sexa estático e permanente na páxina. Nas súas palabras, “if something is written down, repeated reference to it will be an encounter with an unchanged text. We would be amazed if, upon returning to a particular page, it had altered its graphic character in some way”. As interaccións electrónicas, polo contrario, non se axustan a este parámetro: unha web instalada na Rede pode variar dunha visita para outra por diversos motivos: actualizouse o contido, mudouse o deseño gráfico, acrecentáronse novos elementos etc. Igualmente, a escrita que se pode observar nestes contornos nin sempre é estática, debido ás posibilidades técnicas que permiten que o texto poida moverse pola pantalla, mudar de cores, aparecer e desaparecer, entre as más comúns. Se temos en conta a perspectiva da persoa usuaria, na escrita electrónica existen oportunidades para transformaren o texto de moitas formas, impensábeis na escrita tradicional: unha vez que temos o texto este pode ser cortado, colado, eliminado, revisado, anotado, reestruturado etc.

Sen saírmos das características impostas pola limitación espacial, cómpre termos en conta que tamén os sistemas de interacción electrónica mostran diferenzas coa escrita tradicional. A modo de exemplo, as SMS e os correos electrónicos costuman definirse como textos estáticos e permanentes, mais a eliminación automática do texto costuma ser un procedemento moi habitual e se ben que nos medios asincrónicos as mensaxes presentan un maior prazo de duración, nos sincrónicos este tempo pode ser moi reducido. A persistencia textual constitúe unha das características que máis aproximan o texto electrónico da modalidade escrita e incorpora certas propiedades á conversa que non podemos achar nas interaccións cara a cara: unha persoa que se introducir no discurso tempo despois de que este se iniciase poderá ver todo o que se dixo, reflexionar sobre isto ou reaccionar, aínda que a persistencia é relativamente breve se se compara coa duración normal da escrita noutros soportes. Outrosí, nos sistemas en que as mensaxes son almacenadas na orde en que foron recibidas pola aplicación podemos recuperar unha conversa anterior ou buscar un tema determinado dun modo que non é posíbel na conversa espontánea, a non ser que esta sexa gravada (Erickson 1999). Con todo, na práctica ningún dos sistemas mencionados permite realizar este tipo de actividades con facilidade, sen demora e cumprindo as características da interacción presencial¹⁵.

A respecto da planificación previa das mensaxes electrónicas, é preciso sinalarmos que podemos achar casos moi diversos, isto é, desde persoas que envían mensaxes

15 A característica fundamental da web é o hipertexto e este tamén garda un relativo paralelismo con algúns dos métodos tradicionais para remitir a certas partes do texto: notas a rodapé, citas e índices, por exemplo (Crystal 2004: 78). Porén, coidamos que non se trata dun trazo relevante para caracterizar os sistemas de CMC do punto de vista textual.

sen ningún tipo de revisión, sen demasiada preocupación polos errores tipográficos, polas incorreccións ortográficas ou outras anomalías que poidan aparecer¹⁶, até persoas que dedican a mesma atención a revisaren a súa escrita nestes medios, de igual forma que noutro tipo de contextos non relacionados coa tecnoloxía. Ás veces, unha mesma persoa poderá realizar ambas as prácticas a depender de variábeis comúns ao resto de producións lingüísticas cal o contexto, os destinatarios ou a idade das persoas a quen se dirixir. A respecto do primeiro factor señalado, o contextual, convén repararmos en que determinados sistemas, dadas as súas circunstancias comunicativas, favorecen o emprego dunha escrita rápida e pouco elaborada e a primacía do contido sobre a forma. Isto é, nun contexto onde a presión por comunicar rapidamente é moi alta o importante é transmitir a maior cantidade de información posibel no menor espazo de tempo. Desde unha perspectiva gráfica, esta situación traducirse nunha menor planificación do texto escrito, nunha falta de revisión e na relaxación das normas ortográficas. No entanto, o feito de que se desenvolvesen determinados recursos como os emoticones e outro tipo de convencións gráficas demostra, cando menos, certo grao de inxenio e de creatividade por parte dos internautas o que, en última instancia, remite para unha actuación deliberada sobre a lingua.

A escrita electrónica está visualmente descontextualizada, isto é, carece de resposta a través de imaxes ou de ícones e, neste sentido, é igual que a escrita tradicional. Porén, os medios electrónicos costuman ofrecer certas axudas visuais para apoiar o texto. A modo de exemplo, na web poden incorporarse fotografías, animacións, mapas etc., e, do mesmo modo, noutros sistemas de comunicación mediada poden incluirse determinados elementos visuais, como os emoticones e as imaxes de perfil dos interlocutores, entre outras¹⁷. Igualmente, a eficacia comunicativa dos sistemas de interacción electrónica é moi variábel. A este respecto, Crystal (2006: 49) subliña que para o caso da web, dos foros e do correo electrónico a resposta debe ser un si rotundo, mais o resto dos casos non permiten asentir coa mesma firmeza, isto é, “within the reality parameters established by a virtual world, factual information is certainly routinely transmitted, but there is a strong social element always present which greatly affects the kind of language used”. Así as cousas, canto máis acadé-

16 “This is actually a rather minor effect, which rarely interferes with intelligibility. It is patently a special style arising out of the pressures operating on users of the medium, plus a natural desire (especially among younger –or younger-minded- users) to be idiosyncratic and daring. If I receive an e-mail from M in which he mis-spells a Word, I do not conclude from this that ‘M can’t spell’. I simply conclude that M is not a good typist or was in a hurry. There is nothing truly revolutionary here” (Crystal 2004: 79).

17 Neste punto debemos ter en conta tamén a importancia da introdución das cámaras web, que están a alterar a dinámica comunicativa das interaccións electrónicas e que permiten salvar grande parte dos obstáculos visuais da comunicación mediada.

mico for o contexto en que se producieren as interaccións, máis concreta será a súa finalidade, en canto que se se tratar de espazos más lúdicos e sociais, existirá unha maior probabilidade de que o contido dos seus enunciados non ofreza ningún tipo de información.

Igualmente, outra das características que permiten compararmos os trazos da modalidade escrita tradicional coa producida en contextos electrónicos é a riqueza gráfica destas manifestacións lingüísticas. Máis unha vez, debemos falar de gradación, pois, se nos últimos tempos o progreso tecnolóxico puxo á disposición dos usuarios unha serie de variacións tipográficas e cromáticas que superan con moito o bolígrafo, a máquina de escribir e o primitivo procesador de textos e aumentou as posibilidades de edición convencional (texto animado, son, vídeo etc.), isto non garante que se utilicen de forma apropiada. Na liña do exposto en Crystal (2006: 50) debemos sinalar que

despite the provision of a wide range of guides to Internet design and desk-top publishing, examples of illegibility, visual confusion, over-ornamentation, and other inadequacies abound, there are compounded by the limitations of the medium, which cause no problem if respected, but which are often ignored, as when we encounter screenfuls of unbroken text, paragraphs which scroll downwards interminably, or text which scroll awkwardly off the right-hand side of the screen. The difficulties are specially noticeable in blogging, where many pages fail to use the medium to best effect. The problems of *graphic translatability* are only beginning to be appreciated –that it is not possible to take a paper-based text and put it on a screen without rethinking the graphic presentation and even, sometimes, the content of the message. Add to all this the limitations of the technology. The time it takes to download pages which contain ‘fancy graphics’ and multimedia elements is a routine cause of frustration, and in interactive situations can exacerbate communicative lag.

Baron (2000: 250) describe a influencia dos medios escrito e oral en relación a catro dimensións¹⁸: i) a dinámica social, que fai referencia aos vínculos entre os participantes do intercambio e que se aproxima da escrita, dado que os interlocutores están fisicamente separados, ii) o formato, isto é, as características que presenta o texto como resultado da tecnoloxía a través da cal se formula, se transmite e se recibe; neste punto, prodúcese unha converxencia entre a escrita e a oralidade: como na primeira, as producións lingüísticas poden permanecer no tempo e a respecto da segunda, o texto electrónico costuma estar pouco planificado ou estruturado; iii) a

18 A lingüista norteamericana aplica esta descripción ao caso concreto do correo electrónico, de modo que poderá variar nalgún aspecto se for aplicada a outros sistemas de interacción mediada como os chats ou as SMS, entre outras.

gramática, no referente aos aspectos léxicos e sintácticos das mensaxes: en relación ao léxico a ciberfala aproxímase da oralidade, pois emprega con moita frecuencia as primeiras e as segundas formas dos pronomes persoais e un vocabulario informal e coloquial; canto á sintaxe, máis unha vez achamos a converxencia entre as dúas modalidades: por un lado, unha grande parte dos textos dixitais costuma presentar cláusulas subordinadas e un número alto de disxuncións como na escrita e, por outro lado, o uso de tempos presentes e de contraccións aproxímana da fala; iv) o estilo: as eleccións que as persoas usuarias dos sistemas de CMC realizan para determinaren como expresar as súas intencións do punto de vista semántico presentan unha maior similitude coas empregadas na oralidade, xa que manifestan un baixo nivel de formalidade e a expresión das emocións nin sempre se controla.

Se confrontarmos os datos que manexamos nas páxinas que nos preceden, comprobaremos que a ciberfala presenta máis propiedades que o vinculan coa escrita do que coa fala, resultado da natureza do soporte que a alberga, de base fundamentalmente gráfica. Con todo, de entre as diferentes situacións comunicativas que ofrece o contorno dixital haberá algunas que polas súas propiedades se aproximen máis da escrita ou da oralidade. Sobre este particular, Crystal (2006: 31) sinala que nun dos extremos podemos achar a páxina web que, no relativo ás súas funcións, non se diferencia dos contextos tradicionais onde se emprega a escrita; en canto no lado oposto existen outros medios de comunicación que se achegan máis á interacción propia da fala, cal os chats ou a mensaxaría instantánea¹⁹. Por seu turno, os correos electrónicos e as mensaxes de texto situárianse en posicións intermediarias a cabalo entre a oralidade e a linguaxe escrita. Baron (2000: 250) explica a este respecto que o perfil lingüístico do diálogo electrónico reflecte o contexto en que a mensaxe foi enviada, o que inclúe as particularidades lingüísticas do medio empregado. Neste sentido, a lingüista norteamericana subliña que en situacións de tipo informativo, o texto electrónico se aproximaría máis da escrita tradicional, en canto que “if you focus on contexts where message-senders appear personally involved in what they’re communicating instead of being strictly informative, electronic messages more resemble speech”.

Sobre este particular, Crystal (2006: 51) afirma que “Netspeak is better seen as written language which has been pulled some way in the direction of speech than as spoken language which has been written down”, se ben que tamén matiza que expresarmos este fenómeno únicamente en relación coa antedita dicotomía pode resultar enganoso en si mesmo. Isto é, o texto electrónico non é equivalente nin á escrita nin á fala, mais manifesta propiedades de ambas as modalidades, que foi

¹⁹ Será nestes casos onde os efectos sobre a linguaxe se tornen más significativos, pois as mensaxes dependen do tempo (esperan unha resposta), son efémeras (poden ser eliminadas ou pasadas por alto unha vez que desaparecen da pantalla) e os enunciados manifestan a forza propia da conversa presencial.

incorporando ben por selección, ben por adaptación, ao tempo que presenta trazos particulares que permiten clasificármola como un sistema independente. En relación con isto, Davis / Brewer (1997: 19) consideran que se trata dunha fonte ecléctica: ao escribir no contorno electrónico as persoas adoptan convencións do discurso oral e do escrito para satisfacer as súas propias necesidades individuais comunicativas²⁰. Por tanto, o discurso electrónico é máis do que un conglomerado de trazos falados e escritos, dado que ofrece posibilidades que, por separado, os anteriores medios non posuían. De acordo con isto, deberémolo considerar como un novo medio de comunicación en que converxen todas as características apuntadas até o de agora (escrita + fala + propiedades do medio electrónico).

3.2.3. Estratexias para compensaren a ausencia das canles auditiva e visual no texto electrónico

Unha vez analizados aqueles aspectos más significativos do discurso electrónico no relativo ao continuum oralidade / escrita, vira necesario facermos fincapé nas estratexias creadas polas persoas usuarias dos sistemas de CMC para compensar as restricións impostas pola comunicación *in absentia*, que dotan esta variedade de interacción electrónica dunha forte carga de oralidade. Con todo, para algúns autores, cal Crystal (2006: 37), as propiedades do medio limitan en certa medida estes mecanismos, pois “are so basic that it becomes extremely difficult for people to live up to the recommendation that they should “write as they talk”. Un dos ámbitos en que se desenvolveron estes mecanismos foi no campo da prosodia e da paralinguaxe e presentan o obxectivo fundamental de captar non só o que se di, mais como se di, do mesmo modo que a acentuación, o ritmo e o ton da voz nolo permiten identificar nas conversas cara a cara. Trátase, como é obvio, dunha compensación tipográfica que crea mensaxes híbridas entre a obrigatoriedade da súa escrita e a necesidade case biolóxica do usuario para as comunicar de forma oral (Yus 2001: 112-113). Esta tendencia oralizante deriva do alto grao de interactividade que existe nos intercambios a través de sistemas electrónicos, sobre todo no caso dos medios sincrónicos. Para o antedito autor, “esta ‘voz escrita’ desemboca, en muchas ocasiones, en una deformación textual que aspira a transcribir sobre la pantalla el mensaje que el usuario está sintiendo como un enunciado hablado”.

Por tanto, destaca como un dos recursos más sobresalientes a innovación tipográfica do discurso electrónico. Os caracteres do teclado ofrecen ás persoas usuarias

20 Nesta liña, non está de máis lembrarmos que moitos dos recursos que os internautas empregan para reproduciren a oralidade no discurso electrónico están tomados daqueles que se utilizan na análise da conversación para transcribir un determinado texto oral: as maiúsculas para indicaren a énfase ou un elevado ton de voz, por exemplo.

unha ampla gama de posibilidades para connotaren os seus textos cunha sensación de oralidade; este xogo cos caracteres outorga tamén a estes sistemas de interacción un propósito lúdico e creativo. Crystal (2006: 37-38) afirma que, de forma semellante ao que aconteceu coa escrita tradicional, tamén na virtual se fixeron esforzos denodados para compensaren a falta de cualidades vocais no texto escrito e sinala entre os mecanismos máis recorrentes o emprego exagerado dos signos prosódicos e da puntuación, o uso de maiúsculas, os espazos en branco e a utilización de símbolos especiais para enfatizar. Os exemplos abarcan desde a repetición fonémática de letras (*aaaaahhhh, Apufffff, vaaaaaaaaale* etc.) e signos de puntuación (*que????? xenial!!!!*) para a compensación vocal do ton até o desenvolvemento dunha serie de convencións para dar énfase, como redixir todo en maiúsculas para indicar que se está a berrar, espazar as letras para sinalar “alto e claro” ou mesmo empregar os asteriscos e as aspas para resaltaren certos matices nunha palabra ou enunciado. Yus (2001: 114) tamén sinala as variacións intencionadas na ortografía, algunas substitucións léxicas que funcionan como pistas metalingüísticas de connotación paraverbal (escribir *hmmmm*, por exemplo) e as composicións icónicas –emotícones²¹.

Como indicamos, o discurso escrito carece de expresións faciais, de xestos e de convencións sobre as posturas corporais e a distancia (elementos cinésicos e proxémicos), trazos que viran transcendentais na oralidade para exprimiren opinións, actitudes persoais ou mesmo moderaren as relacións sociais. Estas limitacións son compensadas no espazo virtual a través da introdución dos emotícones, fundamentalmente. O interesante para os lingüistas é determinar porque estas novedades se desenvolveron só para o soporte dixital, dado que non se trata de restricións exclusivas das tipoloxías textuais electrónicas, mais tamén se manifestan nos textos escritos en papel, como a carta tradicional ou o fax. Noutras palabras, a linguaxe escrita sempre tendeu á ambigüidade debido á omisión da expresión facial é á incapacidade para expresar os trazos da entoación e da prosodia característicos da modalidade oral, mais até este momento non se desenvolveran mecanismos compensatorios como os xa sinalados. A razón debe ter que ver coa inmediatez das interaccións que se producen na Rede e co seu afastamento da fala (Crystal 2006: 41-42). Na escrita tradicional contamos con máis tempo para pensarmos e contruírmos enunciados que aclaren o seu contido proposicional, como as fórmulas de respecto, entre outras moi comúns. Porén, no ciberespazo as mensaxes escribense con rapidez para non perderen o fio discursivo da conversa e, por tanto, adoitan carecer das cortesías habituais,

21 Nunha clasificación similar, Vela Delfa (2005: 75) destaca cinco mecanismos fundamentais: i) o emprego de maiúsculas para indicaren a elevación do ton da voz; ii) o uso de puntos suspensivos para marcaren a emoción; iii) a repetición de algún carácter para denotar énfase; iv) a utilización de aspas para xustificaren usos marxinais dun termo e v) o emprego de emotícones para exprimiren os estados de ánimo dos interlocutores e a actitude proposicional dos enunciados.

de forma que nun primeiro momento o contido pode parecer abrupto. Neste sentido, a introdución dun emotícone, por exemplo, non provoca unha demora excesiva e contribúe para dotar o texto de significado paralingüístico²².

Así as cousas, os enunciados textuais dos participantes na conversa electrónica tenden a exercer o mesmo papel que as producións orais nas conversas presenciais: chamaren a atención do destinatario, dirixírena cara ás intencións do emisor etc., e para isto utilizan diferentes estratexias textuais e tipográficas. Crystal (2006: 38) afirma que estes mecanismos serven para revelaren certa expresividade, mais aclara que o ámbito dos significados que designan é pequeno e que se limita a nocións amplas como póérnfase, denotar sorpresa ou asombro, mais non é posíbel utilizarlos para outorgar outros matices máis sutís. Igualmente, sinala que o uso de signos de puntuación non é sistemático e cabe pensar que a respecto dos signos de interrogación ou de afirmación o número só reflicte o tempo durante o que se tivo pulsada a tecla. Do mesmo modo, salienta que embora haxa recursos que se utilizan para exprimiren matices de significado, é preciso que existan determinados acordos sobre cales son estas convencións, pois, de non ser así, será difícil saber como teñen de ser interpretados. Sobre esta cuestión, Vela Delfa (2005: 75) conclúa que

todos estos mecanismos, desarrollados en función de la estructura formal o imagen exterior del texto y de la letra, se basan en un principio de paracaligrafía. Del mismo modo que el desarrollo de la lectura silenciosa provocó la generalización de la puntuación como guía para facilitar la lectura, reflejando fenómenos como la curva de entonación, estos nuevos mecanismos –muchos de ellos copiados o adaptados de los empleados para la transcripción de textos orales o la escritura de textos cuyo destino es la oralización– responden a la adaptación de la modalidad escrita a un nuevo contexto de interacción.

4. Conclusións

Ao longo das páxinas precedentes tivemos oportunidade de comprobarmos como o rápido desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, sobre todo a través da Internet, dos computadores e dos dispositivos móbeis, provocou inmensas mudanzas en múltiples campos da sociedade, nomeadamente en todo o que

22 Sobre este particular, Yus (2001: 116) subliña a importancia que para a interpretación final dun enunciado posúen as connotacións non verbais que o acompañan e resalta a eficacia destes novos mecanismos. Así, os emotícones poden exercer funcións similares ás dunha mirada, isto é, denotar ironía, complicidáde etc. Con todo, o propio Yus (2001: 124) advírtel tamén que a interpretación destes símbolos, á diferenza da comunicación presencial, non é simultánea, a pesar da súa sucesividade na pantalla.

se refire ao modo en que as persoas interaxen entre si. Estas tecnoloxías forman, a día de hoxe, parte fundamental da noso coñecemento sociocultural e ofrecen posibilidades imimaxinábeis até hai uns anos. A este respecto, as TIC contribuíron para eliminarnos as barreiras de espazo e de tempo a que estaban sometidos os soportes tradicionais, o que, por súa vez, favoreceu o acceso á información, mellorou as relacións persoais e permitiu o desenvolvemento de novos enfoques empresariais e educativos. E do mesmo modo que as características do medio fixeron posibel o aparecemento de novas vías para a creación literaria, tamén a Lingüística se viu inmersa neste proceso de transformación e se beneficiou de todas as vantaxes que o soporte electrónico lle ofrecía. Neste punto, tórnase complexo negarmos o grande suceso dos sistemas de interacción mediada, dado que se están a converter nos medios de comunicación más empregados por toda a población debido, especialmente, ao seu baixo custo e a rapidez con que é posibel realizarmos os intercambios, o que parece condonar á obsolescencia outros sistemas como o fax ou o correo postal tradicional.

A aparición dun medio de base predominantemente gráfica, determinou un novo contexto para as persoas experimentaren coa linguaxe, pois como xa foi sinalado por Crystal, se a Internet constitúe unha revolución, con toda a seguranza será unha revolución lingüística. Esta é a razón fundamental por que os lingüistas están a se interesar polo estudo das consecuencias que as características do soporte electrónico implican nas linguas e do modo en que estas se reinventan para se adecuaren ao novo soporte. Precisamente, a natureza textual da comunicación virtual e propiedades como a velocidade ou a sincronicidade orixinaron o desenvolvemento dunha nova modalidade discursiva onde converxen características da oralidade con outras propias do discurso escrito. Con todo, os datos achegados permiten constatarmos que o discurso electrónico non conforma só un sistema de comunicación híbrido, a medio camiño entre a oralidade e a escrita, mais que presenta os suficientes trazos idiosincráticos como para afirmarmos que estamos perante unha nova modalidade comunicativa que supera as limitacións impostas polo medio (ausencia de retroalimentación e de información extralingüística) e que, de igual modo, se aproveita das posibilidades que este lle ofrece (intercambios *in absentia*, ruptura das barreiras espazo-temporais etc.).

A converxencia da vertente gráfica e oral da lingua favoreceu tamén o desenvolvemento de determinados códigos que desafian os cánones normativos clásicos. No entanto, cómpre non considerarmos estas novas formas de escrita como deturpacións do idioma, mais como mostras evidentes da vitalidade das linguas e dos seus usos. Neste sentido, a finalidade destes sistemas de interacción mediada por dispositivos electrónicos é comunicaren e, en consecuencia, os participantes no intercambio concederán prioridade a aqueles mecanismos e estratexias que potenciaran a expresividade e a creatividade para se aproximaren da comunicación presencial.

Somos conscientes de que a análise do discurso electrónico permite tamén outras aproximacións, mais coidamos que as informacións vertidas neste contributo serven para reflexionarmos sobre a necesidade de incorporarmos o estudo da linguaxe en contextos electrónicos como máis unha esfera de reflexión lingüística, pois conforma un novo espazo para a investigación. O vertiginoso desenvolvemento das TIC e a súa crecente xeneralización constitúen a razón fundamental da vixencia e da importancia deste tipo de achegas. Outrosí, o estudo pormenorizado das prácticas lingüísticas que se producen no medio dixital favorece, en última instancia, un coñecemento máis profundo sobre a linguaxe humana. Por tanto, instamos desde estas páxinas a profundar nesta nova área de investigación, xa que, en definitivo, o obxectivo principal da Lingüística é describir as manifestacións da linguaxe, independentemente do espazo que as albergar.

Referencias bibliográficas

- Akinnaso, F. N. (1982): "On the differences between spoken and written language", *Language and Speech* 25 (2), 97-125.
- Álvarez Martínez, A. (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Dispoñíbel en http://www.galinet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf. Consultado en 31/01/2012.
- Baron, N. S. (2000): *Alphabet to email* (Londres e Nova York: Routledge).
- Bays, H. (2004): "Temporalité en Internet Relay Chat: le rythme du discours électronique", *Colloque internacional sur "La comunicación electrónica: Approches linguistiques et anthropologiques"* (École des Hautes Études en Sciences sociales: Paris).
- Bedmar, M. J. (1989): "La norma del texto oral y la norma del texto escrito", *Revista Española de Lingüística* 19 (1), 111-120.
- Blanco Rodríguez, M. J. (2002): "El chat: la conversación escrita", *Revista de lingüística aplicada* 16, 43-88.
- Bustos Tovar, J. J. (1997): "Organización textual y oralidad", *Quaderns de Filología* IV, 7-24.
- Cassany, D. (2000): "De lo analógico a lo digital. El futuro de la enseñanza de la composición", *Revista Latinoamericana de Lectura* 21. Dispoñíbel en <http://www.unne.edu.ar/institucional/documentos/lecturayescritura08/cassany.pdf>. Consultado en 19/09/2011.

- Castells, M. (2001): *La Galaxia Internet: Reflexiones sobre Internet, empresa y sociedad* (Madrid: Areté).
- Chardenet, P. (2004): “Échanges plurilingües en ligne: à la recherche de l’objet du discours”, *Les cahiers du Cediscor* 8, 57-73.
- Comپaine, B. M. (2001): *The Digital Divide. Facing a crises or creating a myth?* (Cambridge, Massachusetts: The MIT Press).
- Crystal, D. (1995): *The Cambridge encyclopedia of English language* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Crystal, D. (2004): *Language revolution* (Cambridge: Polity).
- Crystal, D. (2006): *Language and the Internet* (Cambridge, UK; New York: Cambridge University Press).
- Crystal, D. (2011): *Internet Linguistics: a student guide* (Abingdon, Oxon, New York: Routledge).
- Davis, B. / Brewer, J.P. (1997): *Electronic discourse: linguistic individuals in virtual space* (Albany: State University of New York Press).
- Erickson, T. (1999): “Persistent conversation: an introduction”, *Journal of Computer Mediated Communication* 4 (4). Dispoñíbel en <http://www.ascusc.org/jcmc/vol4/issue4/ericksonintro.html>. Consultado en 11/02/2012.
- Fiormonte, D. (2003): *Scrittura e filologia nell'era digitale* (Milano: Bollati Borinighieri Editore).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: *Gramática da lingua galega. IV Gramática do texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Halliday, M. A. K. (1985): *Spoken and Written Language* (Londres: Arnold).
- Herring, S. C. (1999): “Interactional Coherence in CMC”, *Journal of Computer-Mediated Communication* 4, 4. Dispoñíbel en <http://www.ascusc.org/jcmc/vol4/issue4/herring.html>. Consultado en 16/01/2012.
- López Alonso, C. (2002): “El texto electrónico en el aprendizaje de las lenguas” Congreso Internacional de *Análisis del discurso: lengua, cultura, valores*, (Universidad de Navarra).
- López Viñas, X. / Lourenço Módia, C. / Moreira Leirado, M. (2010): *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión* (A Coruña: Baía).
- Mayans, J. (2002): “De la incorrección normativa en los chats”, *Revista de investigación lingüística* 2 (V), 101-116. Dispoñíbel no ARQUIVO do observatorio

- para a Cibersociedade en: <http://www.cibersociedad.rediris.es/archivo/articulo.php?art=28>. Consultado en 15/04/2011.
- Millard, W. (1996): "I flamed Freud: a case study in teletextual incendiaryism", en Porter, D. (ed.): *Internet Culture*, 149-159 (Nova York, Londres: Routledge).
- Ochs, E. (1979): "Planned and unplanned discourse", en Givon, T. (ed.): *Syntax and Semantics. Vol. 12: Discourse and Syntax*, 51-80 (Londres: Academic Press).
- Oesterreicher, W. (1996): "Lo hablado en lo escrito. Reflexiones metodológicas y aproximación a una tipología", en Kotschi, T. / Oesterreicher, W. / Zimmermann (eds.): *El español hablado y la cultura oral en España e Hispanoamérica*. (Frankfurt am Main, Vervuert Verlag: Biblioteca Ibero-americana).
- Payrató, Ll. (1996): *Català col·loquial. Aspectes de l'ús corrent de la llengua catalana* (València: Universitat de València).
- Romero, D. / Vaquero, I. (2001): *Da periferia á rede* (Vigo: Xerais).
- Sacks, H. / Schegloff, E. A. / Jefferson, G. (1974): "A simplest systematics for the organization of turn-taking for conversation", *Language*, 696-735.
- Torres i Vilatarsana, M. (2000): "Anàli del Discurs Mediatitzat per Ordenador", *I Jornada sobre Comunicació Mediatitzada per Ordinador en Català (CMO-Cat)* (Barcelona: Universitat de Barcelona).
- Vela Delfa, C. (2005): *El Correo Electrónico: El nacimiento de un nuevo género* (Madrid: Universidad Complutense de Madrid). Disponible en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/tesis_cristina_vela_delfa.pdf. Consultado en 05/05/2011.
- Walther, B. (1996): "Computer-Mediated Communication: Impersonal, Interpersonal and Hyperpersonal Interaction", *Communication Research* 23 (1), 3-43.
- Werry, C. C. (1996): "Linguistic and International Features of Internet Relay Chat", en Herring, S. (ed.): *Computer-Mediated Communication: Linguistic, Social and Cross-Cultural Perspectives*, 47-63 (Amsterdam: John Benjamins).
- Yabuuchi, A. (1998): "Spoken and written discourse: What's the true difference?", *Semiotica* 120, 1/2, 1-37.
- Young, J.R. (1994): "Textuality in ciberspace: MUDs and written experience", en *Eserver* (Collections in the Arts and Humanities).
- Yus, F. (2001): *Ciberpragmática* (Barcelona: Ariel).

gAlego
TEXTO
artigos
PORTUGUÊS
CRÍTICA

As notas marxinais coetáneas da *Historia Troiana* (BMP ms. 558). Edición e estudo¹

Ricardo Pichel Gotérrez

(Universidade Complutense de Madrid/Universidade de Santiago de Compostela)

Resumo:

Neste traballo achegamos a edición das notas marxinais coetáneas conservadas nos folios galegos da *Historia Troiana* (séc. XIV), a maior parte delas áinda inéditas, así como a descripción dos seus caracteres externos, das súas funcións e do xeito en que se adaptaron na escritura principal ou decorativa do manuscrito.

Palabras clave:

Lingua e literatura galega medieval, *Historia Troiana*, notas marxinais.

Abstract:

In this paper we offer the edition of coeval marginal notes that have been preserved on Galician pages of the Historia Troiana (14th century), most of them still unpublished, and a description of its external features, their functions and the way that were adapted into the main or the decorative writing of the manuscript.

Key words:

Medieval Galician language and literature, Historia Troiana, marginal notes.

1. Introdución

A que hoxe coñecemos como *Historia Troiana* “bilingüe” é un manuscrito trescentista custodiado na Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander (ms. 558) que remite en última instancia a un extenso exemplar encargado por Pedro I de Castela na segunda metade do séc. XIV (ca. 1365-69), destinado a conformarse como un gran compendio de materia clásica e cabaleiresca de gran calado e proporcións, tanto a nivel textual (358 fols.) como a nivel artístico (máis de 167 miniaturas proxectadas). É importante sinalar que o orixinal castelán fora concibido como un texto guía ou borrador preliminar que, porén, nunca se chegaría a rematar e que sería

1 Este traballo enmárcase no proxecto de investigación *Corpus de Textos Antigos de Galiza* (COTAGAL) do Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela).

obxecto dunha agresiva deterioración e mutilación do soporte. No entanto, o exemplar defectuoso sería restaurado poucos anos despois no último terzo do mesmo século (ca. 1369-1373), grazas á profunda intervención dun equipo de artífices galegos que traballaban probabelmente baixo a supervisión do nobre Nuno Freire de Andrade, irmán do célebre Fernán Pérez de Andrade *o Boo* e mestre da influente Orde de Cristo². A dita intervención consistiu na substitución dunha boa parte do soporte deficiente por case un centenar de novos pergameos redactados en galego, utilizando como modelo, presumibelmente, os propios folios casteláns malogrados, mais ainda lexíbeis na súa práctica totalidade. Dos máis de 300 folios que integraban o exemplar híbrido galego-castelán nun principio, case un terzo deles (88 fols. aproximadamente) desapareceu ao longo dos sete séculos e medio que nos separan da súa confección. Malia que hoxe en día a *Historia Troiana* conserva 140 folios casteláns e 80 galegos, estes últimos supoñen unha maior extensión textual debido á súa maior densidade gráfica e ás dimensións más amplas da caixa de pautado.

Desde hai case trinta anos, ademais dos fragmentos editados por Martínez Salazar (1900: 169-289), contamos coa edición da *Historia Troiana* debida a Kelvin M. Parker (1975). Como é ben sabido, trátase esta última dunha edición moi pouco fiábel, que, no entanto, foi obxecto de revisión exhaustiva por Lorenzo (1982), quen corrixe numerosos errores de transcripción e edita certos fragmentos que non foran tomados en consideración até o momento³. A preparación dunha nova edición desta obra (Pichel Gotérrez 2013c), a partir dun asentamento paleográfico preliminar, permitiuños a detección de novos errores de lectura do texto base e a transcripción e colación das case 270 notas marxiniais, a maior parte delas inéditas, conservadas nos folios galegos⁴. Así pois, ademais da edición (transcripción paleográfica e presentación crítica) da escritura notular coetánea da *Historia Troiana*, ofrecemos a súa descripción codicolólica e estudamos a variación paleográfica, lingüística e textual orixinada no proceso de adaptación á escritura decorativa (rúbricas e *tituli*) do manuscrito.

2. Caracterización externa das notas marxiniais

Na xénese material dun manuscrito os diferentes recursos arbitrados facilitan a inserción de certos elementos de articulación e de decoración, a través dunha axeitada

2 Para unha contextualización da obra orixinaria e da súa transformación véxase Pichel Gotérrez (2012a) e Rodríguez Porto (2012a).

3 O TMILG ofrece a versión de Parker (1975) coa incorporación das correccións de Lorenzo (1982).

4 Nos folios casteláns non consta ningún apuntamento marxinal, agás dúas notas de obradoiro para os iluminadores, como indicaremos máis adiante.

planificación dos reservados ou espazos en branco, do establecemento previo das súas dimensións e do seu contido (textual ou iconográfico), así como da indicación precisa e inequívoca das notas auxiliares asociadas a eles⁵. Porén, malia a súa importancia, estes textos secundarios, de cronoloxía e autoría compartidas co texto base, tiñan carácter temporal e eran concibidos para evitar errores do copista nos reservados á vez que debían pasar desapercibidos aos ollos dos lectores posteriores, polo que en moitos casos desaparecían co recorte ou desvirado dos folios. Existen diversas notas auxiliares vinculadas á elaboración do exemplar, como as *probationes pennae*, as letras de espera ou de aviso (para o debuxo das capitais), as indicacións referenciais para a realización de epígrafes (escritura destacada ou decorativa: rúbricas, *explanationes* ou *tituli*, *initia*, etc.), as chamadas de atención ou apuntamentos explicativos de carácter preventivo ou correctivo (de índole lingüística, textual ou material), etc. Os seguintes apartados, xa que logo, refírense a estes dous últimos elementos auxiliares.

2.1. Descripción paleográfica e codicolólica

A escritura vinculada aos usos auxiliares da *Historia Troiana*, nomeadamente a escritura notular dos apuntamentos marxinais, reflecte unha modalidade gótica cursiva más próxima aos usos documentais ou diplomáticos da época (segunda metade do séc. XIV), ao contrario do que acontece coa escritura do texto base, máis coidada e afín ao padrón librario coetáneo. Deste xeito, a escritura notular caracterízase por un módulo máis pequeno –máis ou menos regular ao longo do manuscrito–, un trazado máis fino –aínda que con certas variacións–, talvez polo emprego doutro instrumento escriptorio ou pola variación da posición do mesmo, un conxunto gráfico apertado e un ductus máis cursivo, rápido e lixeiro, cun maior número de nexos e ligaduras (Figs. 1-3). A tinta (negra ateixada) non difire da do texto base, aínda que a tonalidade adoita ser máis clara e o trazado más tenue. Canto aos usos (alo)gráficos documentais empregados na escritura notular da *Historia Troiana*, son salientábeis, por unha banda, o desenvolvemento de hastas e caídos a modo de bucle levoxiro (exs. , <d>, <h> ou <m>) ou dextroxiro (ex. <v>), o uso –ocasional– do <j> minúsculo como núcleo vocálico (ex. *fazja*, *achjles*), ou a feitura (semi)sigmática do <z> (<σ>, similar a un 6) á par da tradicional figura do <z> copetudo (con forma de 5). No ámbito braquigráfico, ademais da profusión de secuencias acurtadas con varios mecanismos abreviativos no seu seo (exs. *g^ggos* ‘gregos’, *t^ço* ‘terceiro’, *g^a contra* ‘contra’), rexístranse determinados compendios característicos da modalidade diplomática da época (*rrs*, *rr^es* e *rr^os* ‘respondeu’, *sen^aça* ‘sentença’, *p²* ‘por’, *c^a* ‘carta’).

5 Véxase ao respecto, entre outros, Muzerelle (1985), Ostos / Pardo / Rodríguez (1997), Maniaci (1997), Suárez González (1999: 114-117, 2001 *passim*) e Ruiz García (2002: 245-252).

Malia as dificultades da filiación da(s) man(s) da escritura notular (de menor módulo e más cursiva) coas dos artífices do texto base⁶ (máis coidada e de maior módulo), cremos que, no caso da *Historia Troiana*, non é desacertada a identificación, pois, con independencia dos usos diplomáticos rexistrados, hai un grao bastante alto de similitude no que atinxo aos usos (paleo)gráficos e ao sistema abreviativo. Por outra banda, non podemos aseverar con total seguridade que as diferenzas rexistradas no conxunto da escritura notular –fundamentalmente as variacións ocasionais do trazado (máis fino ou máis grosso) e da intensidade e tonalidade (máis clara, tenue ou escura) da tinta– sexan debidas á execución de artífices distintos e non ao emprego alternado de diferentes penas e cun ángulo de inclinación diferente (exs. Figs. 1-3).




Fig. 1 Fol. 14ra




Fig. 2 Fol. 208va




Fig. 3 Fol. 98vb

A diferenza doutros usos auxiliares (como, por exemplo, os reclamos), na *Historia Troiana* non se detecta afán estético ningún na elaboración das notas marxinias, polo que tampouco se incorporan motivos de tipo ornamental. Todos os apuntamentos rexistrados aparecen en posición horizontal e é frecuente que ocupen máis dunha liña. Canto á súa localización, na maior parte dos casos aparecen nas marxes verticais da páxina, como se observa nas imaxes de arriba, á altura correspondente do reservado da escritura decorativa (a liña corrida ou nas columnas interior e exterior). No entanto, algunas notas aparecen puntualmente nas marxes horizontais inferior (fols. 54r, 64v, 65v, 170v, 178r) ou superior (fols. 15r, 47r), e mesmo no interior dun reservado no caso das indicacións para o iluminador (fol. 13r). No primeiro caso a nota esribese na marxe de pé, moi próxima á directriz inferior, porque o reservado da rúbrica correspondente se sitúa ao final dunha columna ou a cabalo das dúas (Fig. 4); pola súa banda, nos dous casos en que a nota aparece na marxe de cabeza o reservado correspondente abrangue, a liña corrida, a primeira rectriz da caixa de pautado (Fig. 5). Por último, cómpre salientar un caso excepcional (fol. 39r) no que a extensa nota marxinal –neste caso de *titulus*– invade tanto a caixa de escritura das dúas columnas como a marxe

⁶ Véxanse ao respecto as opinións de Suárez González (2004 [1998]: 224-266, 2001: 30, n. 65) e Muzerelle (Stones 1990: 334).

de dobra e de canal⁷ e, posteriormente, é parcialmente sobreescrita polo texto da *explanationem* (Fig. 6).




Fig. 4 Fol. 64v




Fig. 5 Fol. 47r




Fig. 6 Fol. 39rab

2.2. Tipos e funcións

A continuación presentamos dous tipos de apuntamentos auxiliares con diferentes funcións: por un lado, as notas de natureza referencial, que achegan a información ou instrucións necesarias para completar o reservado –textual (escritura principal ou decorativa) ou iconográfico (iluminacións)– ao que van asociados. Por outra banda, as notas de natureza correctiva, que procuran emendar os errores detectados no plano material (desordes, descolocacións, mutilacións do soporte), textual (grallas gráficas ou lingüísticas) ou discursivo (fontes incompletas ou lacunosas) do manuscrito.

2.2.1. Notas de natureza referencial

A maior parte das notas marxinias da *Historia Troiana* remiten á escritura destaca-dada: fundamentalmente as rúbricas de capítulo e, en menor medida, os *tituli* de miniatura (Figs. 1-6). Porén, en certos casos onde coincide un reservado co inicio dun novo capítulo e falta unha das epígrafes, dubidamos de se a nota marxinal se refire á rúbrica ou ao *titulus* (exs. fols. 4r, 33v, 37r, 56v, 174v, 220r). Excepcionalmente, no

⁷ O apuntamento iníciase na marxe de dobra e, ao chegar á terceira liña, esta invade por completo a quinta liña da primeira columna; deseguido o calígrafo prosegue coa nota invadindo o espazo baleiro da cuarta liña da segunda columna (a continuación do final da escritura base dessa liña: “mos nosa tardanza”) e a marxe de canal. O paso da primeira á segunda columna queda reflectido cunha liña oblicua no intercolumnio que alerta o rubricador da continuación do texto da nota. Unha vez que o calígrafo enche a marxe de canal, volve outra vez á marxe de dobra e remata ali o seu apuntamento, ao tempo que traza unha liña separadora entre as tres primeiras liñas escritas con anterioridade nesa marxe e o remate da nota.

fol. 40rb a nota marxinal reproduce, con certas variacións, o inicio dun capítulo, no canto de adiantar a rúbrica correspondente⁸.

Para alén destes apuntamentos, consérvanse unhas poucas notas de obradoiro dirixidas aos encargados da virtual iluminación⁹ dos folios galegos. Até en nove ocasións atopamos a palabra *pintar* (en tinta parda ou vermella) sinalando os correspondentes reservados dos fols. 13r, 32v, 34v, 35v, 36r, 48r e 177v (Figs. 7-10); neste último caso, ademais, a nota resulta moito máis explícita¹⁰ (*pintar a figura do mundo*, Fig. 10).




Fig. 7 Fol. 32v




Fig. 8 Fol. 34v




Fig. 9 Fol. 36r




Fig. 10 Fol. 177v




Fig. 11 Fol. 5r

Só nun caso (fol. 5r, Fig. 11) o elemento referencial é un reservado destinado a unha secuencia do texto base; nos restantes, como vimos de indicar, alúdese á escritura decorativa ou a un motivo iconográfico. O apuntamento do fol. 5r indica que se debe integrar a forma “uvyados” (participio do verbo (*h*)*uviar* ‘chegar, conseguir, acadar’) no inicio dunha das liñas da primeira columna, onde se deixou un reservado (posibelmente por incomprensión do verbo); porén, a traslación desta nota ao texto base foi deficiente, xa que o copista confunde o segundo carácter por <n> e escribe “vnyados”.

8 Talvez, algo similar aconteceu no fol. 1va, onde ainda se intúe un apuntamento marxinal ao lado dunha secuencia textual latina (un fragmento da segunda heroída ovidiana) destacada en vermello. Distinto é o caso do apuntamento do fol. 57ra, parcialmente raspado, dunha man posterior (probablemente do séc. XV), que reproduce a última liña do texto da primeira columna da páxina.

9 Como xa adiantamos, as dúas únicas notas marxinais deitadas nos folios casteláns teñen esta mesma función: “la ujlla | el rrey prelo | de los giegos” (86v) e “breçayda” (95ra). Ademais delas, no fol. 89r lese unha secuencia coetánea na marxe de pé que reproduce parcialmente a última liña da columna (“agora tomafemos vengáça”). Véxase, por exemplo, Stirnemann (1989 e 1990), para as indicacións auxiliares no traballo dos iluminadores nos manuscritos medievais.

10 Esta interesantísima indicación refírese á coñecida imaxe do mapamundi isidoriano, motivo iconográfico tamén presente –e, sen dúbida, relacionado directamente– co manuscrito escurialense da Crónica Troyana castelá (véxase Rodríguez Porto 2012b).

2.2.2. Notas de natureza correctiva

A comprobación por parte dos revisores da continuidade material e discursiva dos cadernos, así como da corrección textual dunha determinada pasaxe, motivan a aparición doutro tipo de notas marxinais¹¹ como as que comentamos a continuación. En primeiro lugar, o apuntamento do fol. 28v (*conta VIII follas adeante*, Fig. 12), deitado polo supervisor do cosido fascicular, pretende alertar dun erro estrutural consistente na descolocación involuntaria do sexto caderno do manuscrito. Con certeza, de contarmos oito follas a partir deste punto chegamos ao fol. 37, onde se acha o empalme discursivo coa páxina 28v. Esta nota refórzase con outro indicador na esquina superior interna do fol. 29r (un “aqui” seguido dun sinal cruciforme, Fig. 13)¹².




Fig. 12 Fol. 28v




Fig. 13 Fol. 29r




Fig. 14 Fol. 13r




Fig. 15 Fol. 174v

En segundo lugar, no fol. 174v (*Parésceme que aquí mingou moita razón que aquí non acharon*; Fig. 15) atopamos outra indicación correctiva, mais neste caso de natureza discursiva. Malia que este folio sería descolocado máis adiante¹³, o apuntamento fai referencia aquí a unha lagoa textual (entre os actuais fols. 214 e 174) que os copistas non puideron rectificar cos materiais discursivos ao seu dispón¹⁴.

11 Sobre este tipo de notas explicativas véxase, por exemplo o traballo de Macken (1974).

12 Trátase dunha descolocación coetánea á confección da *Historia Troiana* híbrida que, no entanto, nunca chegaria a corrixirse, tal como podemos comprobar na actualidade. Debido a que aquí non podemos entrar en más detalles ao respecto, remitimos ao estudo codicolóxico realizado en Pichel Gotérrez (2013c).

13 Probabelmente na intervención da segunda metade do séc. XIX acometida polo libreiro madrileño Gabriel Sánchez, quen coseu erroneamente este folio ao caderno 22, cando a súa posición correcta era no interior do caderno 27. Imaxinamos que na actualidade, tras a restauración do códice emprendida polo Instituto do Patrimonio Cultural de España (IPCE) en 2010-2012, o folio volvے ao seu lugar orixinario (véxase Pichel Gotérrez 2013c).

14 Debia de ser a única lagoa textual efectiva que non souberon emendar os artífices galegos, posibelmente porque, neste caso, o seu antígrafo chegara lacunoso por deterioración ou mutilación neste punto (Pichel Gotérrez 2013c).

Canto á corrección textual nunha determinada pasaxe, só atopamos un exemplo de nota marxinal¹⁵ no fol. 13r: a segunda sílaba da forma *elychem*¹⁶ do texto base (primeira columna, l. 5) foi raspada e reescrita seguindo o apuntamento correctivo da marxe de dobra (*chē*, Fig. 14).

3. Colación das notas marxiniais referenciais

O contido que transmiten as notas marxiniais adoita coincidir co dos elementos referenciais definitivos aos que van asociados, fundamentalmente, como xa vimos, rúbricas e *tituli*. Porén, como describiremos a continuación, non é infrecuente que haxa algúñ tipo de adaptación (paleográfica, lingüística ou textual) dependendo, non só da competencia gramatical e do grao de (re)creación do copista, mais tamén, en gran medida, do espazo –deficitario ou sobrante– do que se dispuxa no reservado previsto na caixa de escritura¹⁷. Nas epígrafes seguintes compendiamos as diferentes variantes paleográficas –(alo)gráficas e abreviativas–, lingüísticas –fonéticas e fonolóxicas, morfosintácticas e discursivas– e textuais rexistradas na colación entre a escritura notular e a decorativa¹⁸ da *Historia Troiana*.

3.1. Mudanzas (braqui)gráficas

Do punto de vista puramente (alo)gráfico a *variatio* das notas marxiniais con respecto á súa translación na escritura decorativa do manuscrito é mínima. Tan só se rexistran variaciós na representación das consoantes laterais palatal (*batala* > *batalla* 64ra, II, 71va; *le* > *lle* 11ra) e alveolar (*castelo* > *castello* 55ra, *castello* > *castelo* 220rb),

15 Non corresponde aquí describir os outros mecanismos de corrección textual empregados no texto, como o riscado, a subpuntuación ou a adición de secuencias entrelíñadas.

16 Forma deturpada do mitónimo Hécate, deidade grega das terras salvaxes e dos partos.

17 Mesmo ás veces o rubricador repite –na nosa opinión, en ocasións, de xeito deliberado– un determinado sintagma para manter a xustificación completa da columna: exs. “Das feituras de Elena Elena” (49vb. II), “De como as outras cem naves tomaron porto *tomaron porto*” (62va), “Como Colcas respondeu respon (sic) a súa filla” (99rb.I), “Agora leixa contar desto por contar *por contar* como chegou a reiña Pantasalona” (178va).

18 Véxase como exemplo, entre outros, o traballo de Arbor Aldea (2009) ou o recente estudo de Rodríguez Guerra (2013) sobre as notas marxiniais do *Cancioneiro da Ajuda*. Para a clasificación das variantes empregamos, fundamentalmente, os traballos de Sánchez-Prieto Borja (1998), Fernández-Ordóñez (2002 e 2012) e Montejo García (2005). Nos exemplos incluídos deseguido aparece en primeiro lugar a forma rexistrada na nota marxinal e a continuación, seguido do ángulo (>), a forma que aparece na correspondente rúbrica ou *titulus*. Nos casos en que só aparece unha das opcións (a da nota ou a da escritura decorativa) indicamos coa sigla (N) entre parénteses os exemplos correspondentes ao apuntamento auxiliar; en caso contrario (rúbrica o *titulus*) non se indica nada. A numeración refirese á localización da nota marxinal na páxina.

da consoante nasal implosiva final (*forom* > *foron* 170ra.II) e da vogal palatal /i/ en contexto de núcleo silábico (*fugir* > *fugyr* 5vab, *sobio* > *sobyo* 13vcdf)¹⁹.

No plano abreviativo, segundo o esperábel, atopamos unha maior proporción de formas abreviadas nas notas marxinais do que na escritura decorativa (*fcā* > *feyta* R 107ra.I, *fcās* > *feytas* 50ra.V, *fcās* > *feyturas* 50ra.II, 50ra.III, 53ra.I, 53ra.II, *pat'cul9* > *Patrículus* 50ra.III; cfr. *pirros* > *pirr9* 173rb).

3.2. Mudanzas lingüísticas

3.2.1. Variación fonética e fonolóxica

A nivel escriptolingüístico as diferenzas son más significativas. No que atinxo ao vocalismo, rexístranse varios casos de variación en contexto átono (<i> ~ <e> *divisar* > *devisar* 176vb, *figura* e *segura*²⁰ > *segura* 177vb; <e> ~ <u> *engüentos* > *ungiéntos* 10rb, <a> ~ <e> *fortaleza* > *forteleza* 218vd, *Braçayda* > *Breçayda* 107vb; <o> ~ <u> *priamos* > *priamus* 66rb.I, <eu> ~ <e> *Eucuba* > *Ecuba* 211va.I), na representación da (des)nasalización vocalica e do hiato homorgánico (*meezinás* > *mēezinás* 11ra; *ymagē* > *ymagee* 105vb.I, *ymageē* > *ymagē* 106rb, 106vb) e na representación do ditongo decrecente na terminación da P3 do pretérito de indicativo dos verbos regulares (*aprendeo* > *aprendeū* 214va.II, *junzeo* > *junzeu* 10vab). Canto ao consonantismo, observamos variación no caso das labiais sonoras (*enbiou* > *enviou* 173ra.I, *vuscar* > *buscar* 173va), do en posición de coda silábica (*cibdade* > *cídada* (sic) 98rb.I), do grupo /kt/ (*eitor* > *ector* 178vb.I, *eitor* > *ector* 105va.III), da secuencia <g(u)a-> tónica (*g^ardas* > *gardas* 6vb), da fricativa apicoalveolar (*messageiros* > *mesageiros* 172vab, *pasara* > *passara* 212va.I), da africada ou fricativa dentoalveolar (*Brezaida* > *Breçaida* 98rb.II, 98vb, 99ra.I), da fricativa prepalatal (*leyxa* > *leyza* 209va) e, tamén, no caso da redución ou relatinización da secuencia consonántica /mn/ (*calunas* > *calúpnas* 105va.III). Por último, a nivel fonosintáctico observamos variación na representación da asimilación /sl > ll > l/ (*todos los* > *tódolos* 53vb).

19 Nas voces onomásticas os errores deitados na nota marxinal non sempre se transmiten ao texto base: *Idomedes* > *Idomenes* (214rb.II), *Agameno* > *Agamenón* (211va.I); cfr. *Hermejona* ‘Hermiōne’ > *Hermejona* (217va.I), *Horestus* ‘Orestes’ > *Horestus* (217vb.III), *Achilles* ‘Aquilides’ > *Achilles* (218ra), *Pelopenso* ‘Peloponeso’ > *Pelopenso* (7ra). Noutros casos, a forma correcta da nota marxinal detúrpase no texto base (*Idomenes* > *Idomes* 213rb, 213va) ou aparecen dúas versións distintas e erradas en ambos os dous lugares (*t^auer9* > *tergus* 211vb ‘Téucer ou Teucro’).

20 *Fegura* aparece tanto na nota marxinal como no *titulus* correspondente; porén, aparece *figura* no apuntamento destinado ao ilustrador (*pintar a figura do mundo*) localizado na mesma marxe.

3.2.2. Variación morfosintáctica

No plano (pro)nominal hai, en primeiro lugar, algúns casos de alternancia no tocante á presenza ou ausencia do artigo determinado seguido do substantivo (exs. 1) e do posesivo²¹ (ex. 2):

- (1) Como comeron con el re[i Tántalo] todos dioses e deesas > Como comeron con el rei Tántalo todos os dioses e deesas (31rb)
 Como gregos ouveron r[esposta]... > Como os gregos ouveron resposta... (173rb)
 [Co]mo troianos non quisieron seír aa batalla > Como os troianos non quisieron seír aa batalla (176va)
 Como el rei Naupus fezo quebrantar a frota > Como rei Naupus fezo quebrantar a frota (210vb)
- (2) De como a deesa Venus diso a súa razón > De como a deesa Venus diso súa razón (34ra.II)

Canto á posición do clítico pronominal, do que atopamos un caso de variación (ex. 3), consideramos que se trata dun fenómeno propriamente morfosintáctico e non discursivo (cfr. *infra*), xa que, malia supoñer unha alteración da estrutura sintáctica, non comporta ningún tipo de mudanza interpretativa²²:

- (3) como a reíña Isif[re] enviou por el... e o tomó p[o]r m[arido] > como a reíña Isifre enviou por el e *tomoo* por marido (8rab)

No plano verbal atopamos algunas diferenzas relativas á desinencia da P3 do pretérito de indicativo dos verbos regulares (*tomó* > *tomou* 15rcd, *enbió* > *enviou* 170vb) e irregulares (*feze* > *fezo* 16ra). No primeiro caso pudo haber interferencia lingüística por indución do antígrafo, presumiblemente castelán, como xa indicamos.

No ámbito da substitución léxica, nun pequeno conxunto de casos rexístranse variantes sinonímicas cuxo grao de semellanza está motivado, a diferenza do que acontece coa variación discursiva (cfr. *infra*), pola presenza ou alternancia de prefixos (*aventura* - *ventura*; ex. 4) ou sufixos (*adormecer* - *adormentar*; ex. 5):

21 Consideramos aquí, con Sánchez-Prieto Borja (1998: 63-64), que a actualización ou non do substantivo ou do emprego do artigo ante posesivo, entre outros fenómenos, poden considerarse casos de variación morfosintáctica; en troques, Fernández-Ordóñez (2002: 125, n. 25) prefire interpretalos como variantes discursivas pois non as considera estritamente sinónimas.

22 Así en Fernández-Ordóñez (2002: 126-127).

- (4) [Como Menalao cont]ava as *venturas* que passara > Como Menalao contava as *aventuras* que passara (212va.I)
- (5) ...d[izía súas] palavras de encantamento para *ador/mecer* o dragón > ...dizia súas palavras de encantamento para o *adormentar* (11rb)

Por último, cómpre mencionar a frecuente omisión ou alternancia da preposición (*a*, *de* ou *en*) na secuencia introductoria *leixar (a/de/ø) falar... por contar (en) como* (exs. 6). Do mesmo xeito, é habitual a variación na presenza ou omisión da preposición *de* cando acompaña a conxunción *como* (exs. 7):

- (6) Agora leixa o conto falar... > Agora leixa o conto *de* falar... (173ra.II)
 Agora leixa o conto *de* falar... > Agora leixa o conto *a* falar... (178vb.III)
 Agora leixa o conto *de* falar... > Aquí leixa o conto falar... (209ra.I)
 [Agora leixa o con]to *a* falar... > Agora leixa o conto falar... (212va.II, 212vb.II)
 [Co]mo Jaasón fezo saber... *como* era y > Como Jaasón fezo saber... *em como* era alí (10rab)
 Agora leixa o conto *de* falar desto por contar *como* as trégoas foron postas > Agora leixa o conto *a* falar desto por contar *en como* as trégoas foron postas (170ra.II)
- (7) ...e *como* Diomedes tangeu o corno > ...et *de como* Diomedes tangeu y o corno (47rab)
Como os gregos sacrificaron a Diana e tomaron porto > *De como* os gregos sacrificaron a Diana et de *como* tomaron porto (54vb.II)
De como Nástor [ouvo gran pesar] porla morte de Antílogus > *Como* Nástor ouvo gran pesar da morte de Antílogus (172rb.II).

A alternancia preposicional tamén se rexistra en asociación co verbo *aver* (ex. 8) e, entre preposición e conxunción, co verbo *juntar* (ex. 9). Finalmente, a aparición ou non da preposición *a* seguida do obxecto directo tamén é salientábel (exs. 10):

- (8) Como Nástor [ouvo gran pesar] *por* la morte de Antílogus... > Como Nástor ouvo gran pesar *da* morte de Antílogus (172rb.II)
- (9) Agora contaremos como se juntaron os gregos *e* os troianos > Agora contaremos como se juntaron os gregos *con* os troianos (67ra)
- (10) Como el rei Príamo e a reíña Ecuba fala[ron] *con* o pastor que criou Pa[ris] > Como el rei Príamo e a reíña Ecuba falaron con o pastor que criou *a* Paris (36vb)
 Como Telógomus ch[egou veer] *a* Ulixas > Como Telógomus chegou veer Ulixas (219rb)

...o[uvera de] matar a Diomedes > ...ouvera de matar Diomedes (211vb)
 [Como Ta]ltabius... levou a Orestes > Como Taltabius... levou Orestes
 (211va.II)

3.2.3. Variación discursiva

Segundo a Fernández-Ordóñez (2002: 119-128), forman parte da variación discursiva todos aqueles fenómenos que implican *proxección* –expresión ou omisión– de constituyentes potenciais da oración, sen que esta posibilidade poida afectar as relacións sintácticas básicas que asocian os distintos integrantes léxicos da mesma. Así pois, a diferenza da variación textual, como veremos despois, a variación discursiva non implica a transformación da estrutura argumental. Porén, dentro das mudanzas lingüísticas, a variación discursiva talvez comporte unha intervención máis consecuente e activa por parte do copista²³.

3.2.3.1. Proxección de constituyentes²⁴

Cómpre sinalar primeiramente a proxección de elementos requeridos pola cuantificación propia de sintagmas nominais (exs. 1), adjetivos (ex. 2) ou verbos (ex. 3):

- (1) Como Jaasón fezo saber a el rei Oetes et a *toda* súa corte... (10rab)
 ...et o entraron por *grande* força (55vab)
 ...et do *grande* doo que por el fazíam (175va)
- (2) que alí ían moi altos reis e de *moi* grande poderío (36rb)
- (3) ...e o tornou mancebo *de todo* (N 15rcd)

Noutros casos rexistramos a proxección dos determinantes posesivo (ex. 4) e identificativo (ex. 5):

- (4) Como Agamenón fezo *súa* fala con tódos[los] príncipes (N 53vb)
- (5) ...os nomes [dos] reis e duques e condes /e outros/s príncepes (N 60va)

Por outra parte, detéctase a proxección pronominal de certos constituyentes exixidos pola estrutura argumental do verbo, como os sintagmas requeridos pola rección ver-

23 Montejo García (2005: 215).

24 Como xa indicamos, nos exemplos de abaxio indicamos cun N entre parénteses as secuencias pertencentes ás notas marxinais; en troques, non facemos ningunha indicación cando se trata da escritura decorativa.

bal, compostos, no caso que nos ocupa, por un adverbio pronominal (exs. 6) ou un pronomé tónico nunha construción partitiva (ex. 7):

- (6) ...caío enno mar et morreu *y* (6rab)
...como Palomades chegou *y* con XXX^a naves (N 61vb.I)
- (7) ...[como p]arou súas gentes [e fez]o príncipes *deles* (N 61va)

Por último, é fecunda a proxección de elementos léxicos previamente introducidos no enunciado e, por tanto, perfectamente recuperábeis ou suprimíbeis, por redundantes ou innecesarios, como no caso da secuencia (*de*) *como* en enunciados coordinativos:

- (8) Como Achilles poso amor con Colcas e *como* Colcas foi con el (54va.I)
De como os gregos sacrificaron a Diana e *de como* tomaron porto (54vb.II)
Como Paris matou Ajas Talamón et *como* Ajas matou a el... (175rab)
Como todos acordaron enno consello de Ércoles e *como* apostaron... (N 38ra)

A proxección de elementos léxicos pode vir motivada tamén polo contexto semántico no que se atopa unha determinada secuencia, como nos exemplos de abaixo (9), nos que se engade unha secuencia nominal parafrástica que actualiza ou precisa innecesariamente unha voz onomástica:

- (9) Da resposta que dou *el rei* Príamus... (57va)
Dos sete mares que som en *terra de Asia* (178ra.I)
Dos doze ríos principaes que son enna *parte de Asia* (178rb.I)

Ou tamén pode estar inducida polo contexto discursivo do capítulo en cuestión ou do precedente, o cal, precisamente, acontece con frecuencia no ámbito onomástico:

- (10) ...que era morto e a cidade *de Troia* destroida (N 40vb.I)
[Como Éc]tor foi príncipe [e señor] de todos os que [vieron] a defender *Troia* (N 61va)
De como os mesageiros *de Agamenón* están con Príamos (172vab)
Como Achilles repondeu ao mandadeiro da reiña *Ecuba* (171ra.I)
...como fe[zera] aver a donzela] a seu compañeiro [*don Alfinor*] (N 213rb)
[Como Ulix]as aprendeo novas dos [que] ían casar con a *Pen[élope]*, súa moller (N 214va)
...filla de Menalao e *de Elena* (N 212vb.I)

3.2.3.2. Substitución de constituíntes da mesma categoría

Para alén da expresión ou omisión de constituyentes, a substitución destes por outros da mesma categoría supón unha reinterpretación lixeiramente distinta por parte do copista, mais gramaticalmente posibel, limitada a un repertorio de elementos finito e xeralmente compatíbel co contexto no que se integra. No caso que nos ocupa rexístrase a substitución, en primeiro lugar, entre adverbios (exs. 11) e, no plano verbal, entre diferentes paradigmas temporais²⁵ (ex. 12):

- (11) ...fezo saber... como era *y* > ...fezo saber... como era *alí* (10rab)
Agora leixa o conto de falar... > *Aquí* leixa o conto falar... (209ra.I)
- (12) [Como M]edía *fezo* dous altares > Como Medía *fazía* dous altares (14vab)

A substitución pode afectar tamén a elementos léxicos, trocados por outros con distinto grao de sinonimia e que, a diferenza da variación morfosintáctica, non comparten o mesmo étimo. É o que acontece no plano nominal coas formas *azes - naus, serpe - dragón* (exs. 13), e no plano verbal coas formas *contar - dizer, ir - saír, viñ - chegar* (exs. 14):

- (13) ...como apostaron súas *azes* > ...como apostaron súas *naus* (38ra)
...como se adormeceu *a serpe* > ...como se adormeceu *o dragón* (11ra)
- (14) [Agora leixa o con]to falar desto por *contar* como... > Agora leixa o conto falar desto por *dizer* como... (212va.II)
De como os troianos... *foron* fóra da vila > De como os troianos... *se saíron* fóra da vila (64va-b)
Como Achilles *vñeo* aa batalla > De como Achilles *chegou* aa batalla (64ra.II)

Do punto de vista da interferencia lingüística, hai un exemplo claro de castelanismo na escritura decorativa que, porén, aparece nas notas marxinais coa correspondente solución galega (*perigoo* > *peligro* 209rb). Canto á forma *palacio* (rúbrica 25vab; cfr. nota *paaço*) é discutíbel considerármolo como un castelanismo e non como un cultismo.

Canto aos numerais, non é infrecuente a transformación do número romano da nota marginal á forma plena na escritura do texto base: *vij* > *séuitima* (99vd), *xij* > *doze* (178rb.I), *xij* > *treze* (178rb.II), *xx^e* > *viinte* (171rb.I), *xxj* > *viinte e húa* (178vb.III).

²⁵ Non incluímos aquí o caso da nota 170ra.III (Como os gregos eran enfadados e se *repentían* do que começaran > Como os gregos eran enfadados e se *repentidos* do que começaran), pois debe de ser un erro de copia por parte do escribán da rúbrica correspondente (*repentían - repentidos*) ou talvez un caso de omisión involuntaria do auxiliar (*repentían - (ian) repellidos?*).

3.2.3.3. Cambios de orde

En moitos casos a variación discursiva está tamén na orixe dos cambios de orde secuencial. Cómpre distinguir dentro deles as inversións entre constituíntes situados nun mesmo nivel na estrutura gramatical (ex. 15) e os cambios de orde entre constituíntes xerarquizados nesa estrutura (exs. 16). Neste último caso a alteración da orde supón mudar a sucesión de constituíntes do texto e, xa que logo, os cambios estruturais producidos poden implicar leves cambios de sentido (cando menos de carácter enfático), polo que convén enmarcarlos dentro da variación discursiva:

- (15) Como as trégoas *foron postas* > Como as trégoas *postas forom* (105ra)
- (16) Como *arribaron Jaasón e os gregos en terra* > Como *Jaasón e os gregos arribaron en terra* (8rb)
 [Como viña Pa]ris e tragía *consigo* [Oenone]... > Como viña Paris e tragía Oenone *consigo...* (36va.I)
 Como *Brezaida se* [vai para a oeste] > Como *se vai Breçaída* para a oeste (98rb.II)
 Como o mandadeiro *se* tornou á cidade > Como *se* o mandadeiro tornou á cidade (171ra.II)
 Como Eneas mezclou Diomedes con *Egeal*, súa moller > Como Eneas mezclou Diomedes con súa moller *Egeal* (211ra)

3.3. Mudanzas textuais

A variación textual, como xa adiantamos, implica a transformación da estrutura argumental dunha oración, xa que se relaciona frecuentemente coas mudanzas nos constituíntes léxicos fundamentais –predicados e argumentos–, ben sexa por substituíños, omitílos ou engadilos, e cos cambios nas relacións que eses elementos establecen entre si. Así pois, atopamos casos en que muda o papel sintáctico dun constituínte (ex. 1), se substitúe un elemento por outro que non pertence á súa mesma categoría gramatical (exs. 2) ou se transforma en gran medida a configuración sintáctica (ex. 3):

- (1) ...os nomes [dos] reis e duques e príncepes e condes [e outro]s príncepes de gran [poder] que *lle vieron fazer [ajuda]* > ...quaes foron os reis e duques e príncepes *que o vieron ajudar* (60va)
- (2) [Agora] leixa o conto a falar... por dizer *os nomes* [dos] reis e duques e príncepes e condes... > Agora leixa o conto falar... por contar... *quaes foron* os reis e duques e príncepes... (60va)
 Como a reiña enbió por Achilles *que lle viese falar* > Como a reiña enviou por Achilles *que viese a ela* (170vb)

- (3) *[Como Ele]na fazía doo por [Paris] > Do doo que fazía Elena por Paris*
 (175va.II)

Porén, o máis habitual é a adición ou supresión de constituyentes léxicos na oración, en maior ou menor medida non recuperábeis polo contexto semántico ou discursivo. Na colación entre as notas marxiniais e a escritura decorativa, observamos a cancelación ou acrecentamento desde sintagmas de natureza nominal, adjetival, adverbial ou verbal (exs. 4), algúns deles aposicións explicativas (exs. 5), até secuencias argumentais con función de suxeito, obxecto directo, indirecto ou circunstancial (exs. 6):

- (4) ...como rogarom as *[infant]as* fillas del rei Pelias (N 20va)
 ...fala do que fazían gregos e *troianos* (N 107ra.II)
 ...moitos *nobles* príncipes (2ra)
 ...a *moi noble* cibdade de Troia (3rcd)
 ...da grandeza que avía enno moi exilent e *moi noble* rei Príamos (50vb.
 II)
 Como Breçaída dou a Diomedes *húa moi nobre* manga²⁶ do seu brial
 (107vb)
 ...os nomes [dos]... condes [e outros]s príncepes *de gran [poder]*
 (N 60vb)
 ...nomes [dos] reis e duques e *condes* (N 60va)
 ...que estava *dentro* enna isla do reino de Colcas (N 10rb)
 ...que alí ían moi altos reis e de moi grande poderío e de moi nobles
 coraçones e *moi orgullosos e ardidos* (36rb)
 ...e foi ende deitado e *desterrado* por Eneas (N 208ra)
- (5) [Como Ta]ltabius, *vasalo de Aga[me]nón*, levou a Orestes (N 211va.II)
 Como Orestes casou con Hermíona, *súa prima*, filla de Menalao
 (N 212vb.I)
- (6) Como foron ajuntadas as naves e como *cada hun* avía nome de aqueles
 que as tragíam (53rb.II)
 ...[como a reiñ]a Pantasalona chegou *[en ajuda] dos troianos* (N 178va)
 Como os troianos que escaparon *do esterramento de Troia* se foron para
 Antenor (N 208vb)
 [Agora l]eiza o conto a falar... por contar *da mez[cla que] fezeron aos*
gregos (N 209va²⁷)
 Como el rei Naupus fezo quebrantar a frota dos gregos *nos penedos* (N
 210vb)

26 A secuencia *húa moi nobre* aparece na nota marxinal como o artigo determinado *a*.

27 Neste caso, por razóns que descoñecemos, a rúbrica correspondente remata abruptamente despois de copiar a secuencia *por contar*.

...como os gregos s[e chegavan por] veer *Elena* (N 212rb.II)
 Como Agamenón envi[ou pedir o corpo] de Achilles *a el rei* (N 172rb.I)
 Da fortaleza que mandou fazer Ulixas *para en ela defender* (N 218vd)
 Como Jaasón tomou os touros... e os junzeu *enno jugo* (10va)
 ...rogarom... que tornase a seu padre mancebo como tornara a Esón, seu sogro, *a rogo de seu marido Jaasom* (20va)
 Como el rei Príamus fazía seu doo *por seu padre Leomedom* (40vb.II)
 ...et de como se acollem todos aa vila *fugindo quanto más podem* (39vb)
 De como Ajas Talamón vêeo aa batalla *et como diso aos seus que fossem con el* (72ra)

Por último, a medio camiño entre a variación textual e a discursiva, a adaptación da nota marxinal ao elemento referencial correspondente ás veces supón a simplificación ou paráfrase dun determinado agrupamento verbal composto (exs. 7: *o saíron receber > recebérонно, vieron fazer ajuda > vieron ajudar*) ou a substitución dunha cláusula enteira por un segmento (pro)nominal ou viceversa (exs. 8):

- (7) [Como viña Pa]ris e tragía consigo [Oenone e *o saíron receber os infantes* > Como viña Paris e tragía Oenone consigo e *recebérонно [o]s infant[e]s* (36va.I)]
- (8) [Agora leixa] *o conto a falar de Troia...* > Agora leixa *contar desto...* (66va)
 Agora leixa o conto *falar do consello de colcas* por contar... > Agora leixa o conto *esto* por contar... (54vb.I)
 Como Agameno enviou [pedir a] Príamus *que dese lugar para [suterrar]* a Achilles > Como Agamenón enviou pedir a Príamo *sepultura* para Achilles (172rb.III)
 Como Braçaida dou a Diomedes a manga do seu brial *para pendón* > Como Breçaida dou a Diomedes húa moi nobre manga do seu brial *para que fezese dela pendom* (107vb)

4. Edición das notas marxinais

Felizmente, grazas ao emprego da luz negra e á observación directa do volume desencadernado, foi posíbel a lectura de case todas as notas conservadas no manuscrito. Porén, nalgúns casos a transcripción íntegra non sempre foi satisfactoria, ben por deterioración natural (fols. 12v, 40v, 60r, 217r) ou artificial (escritura raspada ou apagada: fols. 3r, 5r, 16ra, 47r, 54r, 220r), ben por mutilación (debido aos sucesivos desvirados das marxes: fols. 25r, 50r, 50v), ben por permaneceren as notas ocultas baixo unha cartivana moderna (fols. 2r, 53r).

Incluímos neste traballo unha dupla lectura das notas. A transcripción paleográfica (TP), de carácter ultra-conservador e cun nulo ou moi baixo grao interventivo, é apta para estudos escriptolóxicos xa que recolle a variación alográfica (exs. <i / ī / j̄>, <r / ʐ>, <s / ſ>, <z / ɔ>, etc.) do manuscrito, así como a puntuación, a segmentación gráfica, os usos maiúsculos orixinais, a acentuación (plicas) e outros sinais asociados a determinados grafemas (ex. <y / ý / ÿ / ÿ̄>). Así mesmo, no ámbito abreviativo, recollemos os diferentes sistemas braquigráficos sen expandir (lineta superior, sobreposición literal, sinais especializados²⁹), para os que, ademais, discriminamos a súa morfoloxía pictográfica básica, a súa localización na cadea escrita e, de proceder, a súa extensión ou alcance.

Nunha segunda lectura, apta para estudos lingüísticos e literarios, ofrecemos a presentación crítica (PC) do texto, que, por unha banda, supón a regularización, nivelación e redistribución das unidades gráficas irrelevantes do punto de vista escriptolingüístico³⁰ e a introdución de certos parámetros de adecuación suprasegmental (segmentación gráfica, acentuación, puntuación, nivelación do trazado maiúsculo e minúsculo). Canto ao sistema braquigráfico, indicamos sempre en itálico o desenvolvemento dos símbolos abreviativos³¹. Por outra banda, a PC procura restituír as secuencias ilexíbeis por deterioración ou mutilación, a través da colación coas rúbricas e *tituli* do manuscrito e, en ausencia destes, a partir da escritura decorativa da *Crónica Troiana* galega (BNM ms. 10233) e da *Crónica Troyana* castelá (Escorial ms. h.I.16). Porén, sempre que é posibel, procúrase respectar o *usus scribendi* da modalidade notular.

Por último, no tocante á disposición do texto, empregamos as seguintes convencións tipográficas: cada unha das notas marxinais vai identificada polo folio e localización

28 O <j̄> indica *i* baixo ou caudato con apéndice curvo, <ī> representa *i* caudato recto, <J̄> representa a variante de trazado alto.

29 O bucle supralinear levoxiro <^>, o trazo infralinear <p̄>, o trazo mediolinear <ſ̄>, o lazo infralinear <_p̄>, o trazo supralinear quebrado <>>, o bucle supralinear duplo <>>, o símbolo <ø> e a nota tironiana.

30 Por exemplo, a nivelación en <u, ī> ou <v, j̄> segundo o valor vocálico ou consonántico, respectivamente, das grafías <v>, <u>, <ī>, <j̄>, <J̄> ou <y> (exs. *agoýreýro* → *agoireiro*, *Infáta* → *infanta*, *h'mjona* → *Hermiona*), regularización en <l̄> ou <ll̄> segundo o valor alveolar ou palatal (exs. *batala* → *batalla*, *castello* → *castelo*), redistribución das grafías <c> e <q> segundo o seu uso ante vogal palatal ou central/velar (<c> + <e,ī>, <q> + <a,o,u>; exs. *cercafem* → *cecasem*, *sacfiçios* → *sacrificios*), das grafías <g> e <j̄> segundo o seu uso ante vogal palatal ou central/velar (<g> + <e,ī>, <j̄> + <a,o,u>; ex. *meffaJē* → *messagen*), das grafías <r̄> e <rr̄> segundo o seu uso vibrante simple /r/ ou múltiple /r/, respectivamente, e conforme a norma ortográfica actual (ex. *orrgo* → *rogo*), etc. Pódense consultar os criterios de edición empregados na *Historia Troiana* en Pichel Gotérrez (2013a).

31 No caso da sobreposición literal, deixamos en tipografía redonda os caracteres exponentiais. Para o sistema abreviativo empregado no texto base da *Historia Troiana* e a súa presentación crítica véxase Pichel Gotérrez (2012b, 2012c e 2013b).

na páxina e columna (a numeración romana indica a orde de colocación de cada nota cando hai varias deitadas na mesma marxe), o cambio de liña indícase só na TP mediante unha pleca (|), os segmentos entreliñados aparecen en posición exponencial na TP e entre plecas oblicuas (\ /) na PC, as lecturas dubidasas márcanse entre ángulos (< >), as secuencias ilexíbeis por deterioración ou mutilación do soporte preséntanse, respectivamente, entre [...] e [---]; as restitucións editoriais na PC re-preséntanse con colchetes ([]).

4.1. Transcripción paleográfica (TP)

- **1ra** [...]uada τ qn era pⁱmeyro q̄a _puou
- **1va.I** [---]eýna filijs de rropede | [---] a demofon oJnfante
- **1va.II** [---] ella
- **2ra** [---]o forō aJūtadof | [---]ytos pⁱncipes
- **2va** [---]oŷ a_puaçō | [---]oýa
- **3ra.I** de como el rreý tāta[---] | seu padre rrej Jupjt[^] [---] | p[^]ndeu oJnfant ga[---] | fillo del rreý de t^oy[---] | ua aacaça.
- **3ra.II** como el rrey leomedō fezo | cercar a çi[.]dade de troya.
- **3va** [-]mō el rreý leomedom τ febo | [-] hū q̄ cercasem os muros de | trōa.
- **4ra** de como h̄cołs | peleJou cō as bestias | do m^or τ liurou a Jnfāta | anfiona do podez dllas | τ como ella estaua alý parada
- **5ra** como t^oya começou | de andaz en pelig^os | τ frey q̄brātada | duas vezes
- **5rb** [...] como ercole[s] [...] q^untos y [...]
- **5va** [---]e paſarō omaz poz fugíz
- **6rb** de comō frixo τ lepne [---] | carn^o. τ como lepne c[---] | τ morreo.
- **6va** [---]ou omaz τ aportou ēna | [---] defý τ de seu ūrmaō τ do carn^o
- **6vb** como fríxō en- | cātou alfaā τ | apoſo ēno tþlo | τ como poſo poz | g^ardas os touros | τ aſezpente
- **7ra** como el rreý pelias | rreýnou ēno rreyno | de pelopēſo
- **8rb.I** como Jaafon aporto[-] | eno rreyno de elep[-] | τ como arreyna yſíff[-] | enviou poz el τ sē [--] | del τ otomo p2 m[--]
- **8rb.II** como arríbarō Jaafon[-] | τ os gregos en fīra
- **8vb** dos fillos τ fillas | q̄ el rreý oeta avia
- **9va** [---]edea estaua ēno tēplo τ lle | [---]aafon τ comoa tomou pla | [---]
- **10ra** [..]mo Jason fezo ſabz aelrey | oetes τ a sua corte como era y.
- **10rb** de como media d[--] | os enguētos τ [---] | pa conq̄riz a lā[---] | do carneyro enc[---] | q̄ estaua ēna y[---] | colcas

- **10va** [---] tomou os touros τ | [--]gaua τ os Junzeo | [---]cā po cō ell̄s
- **11ra** como Jason fe vntou | cō as meeñinas q̄l | medea dera τ dizēdo | suas palaūs fe | adormeceu asfe.
- **11rb** como Jaafon avía [---] | o dragō. τ como d[---] | palaūs de encāt[---] | meçez o dragō τ d[---] | a lāa dourada.
- **12ra** como media fe [---] | golou seu yrmā[---] | acabeça τ leuo[---]
- **12va.I** [...]
- **12va.II** [---] amedia q̄ t̄o naſe | [---]çebo.
- **13ra** pinta2
- **13rb** como media fazia fe[---] | pa tornaz mācebo aefo[--]
- **13va.I** [---]bj̄o ēno carro τ fe | [---] a coll̄z as eruas.
- **13va.II** [---]bio ēnos dragões | [---] foŷ posta eno carro
- **14ra** como media t̄uxo | as eruas q̄ avía | meſt^ pa efom
- **14va.I** [---]edia fezo dous altars | [---]es. τ degolou os dous | [---]^tos τ fezo fac̄ficiōs.
- **14va.II** [---]ía fezo hū eſtrado | [---]ruas τ deytou en el | [---] se9 encantamētq
- **15ra** como media tomou fachas τ as ençēdeu ēnos altar̄s τ fe[---]
- **15rb** Como media degolou [---] | facou ofângre vello. τ [---] | tou as eruas τ as me[---] | la boca τ poz la chaga [---] | τ otorno mācebo
- **16ra.I** como Elyfre rreýña | do rreyno de elenos | feze sua c̄a pa Jaafō
- **16ra.II** [...] Jaafom
- **20rb.I** como as J[---] | pelias rre[---] | rrogarō q̄ [---] | mācebo
- **20rb.II** como rreceber[---] | Jnfantas am[...] | moll̄z de Jaafō[--]
- **20va** [---]mō rrogarō as | [---]as fillas del | [---]lías amedea | [---]afe afeu padre | [---] como tornara | [---] seu fogro.
- **25rb** da [---] | τ [---]
- **25va** [---]edia τ | [---] ēno paaço | [---]tou ael
- **28vb** cōta viijº follas | adeāte
- **31rb** como comerō cō el rre[---] | todos dioses τ deesa[---] | çaa
- **32va.I** p̄ntaz
- **32va.II** [---]cordia deytou amaqāā | [---]uno. τ palas. τ ven9.
- **32vb** como vierō as ^{tr̄s} deefas | aJuŷzo an̄t Jupit^ τ el | como as ēbíou aparís
- **33va** [---]o adeesa Juno
- **34ra.I** da rrazō de palas poz la | maçaa
- **34ra.II** de como adeesa ven9 diſo | a sua rrazō.
- **34va.I** [---]ça poz la maçāā.
- **34va.II** pintaz

- **34va.III** [---]eefas oýz asen^aça de parís | [---]azō da maçāa
- **34va.IV** do fono q̄ fonou parís | τ como el rreý p'amo τ | arreýna ecuba enviarō | poz el.
- **35va** pintaz
- **36ra** pjntaz
- **36rb** de como [---] | <cō> ouau[---] | de se[---]
- **36va.I** [---]ris τ tragía 9figo | [---]ō rreçebō os Jnfantes
- **36va.II** [---] el rreý τ a rreýna [---]
- **36vb** como el rreý p'amo τ | arreýna ecuba fala[...] | cō opaftoz q̄ c'ou pa[...]
- **37rb** como h̄rcolſ τ o[---] | aJuda2 entra[---] | apo2tarō ēno po[---] | todos seu cōsel[---] | nobles q̄ a[---] | τ de g^ande po[---] | coraçōes
- **37va** [---]colſ τ como ptío as | [---]
- **38ra** como todos acordarō | ēno 9fello d̄ ercolſ | τ como apostarō suas | azes
- **38va** [---]omedō saýo de t^oya | [---] a lidaz
- **39rab** como os g^gos tirarō | ael rreý naftoz de | podez dos t^oyanos. τ desq̄ el rreý leomedō soubo q̄ avila era pdida [...] q̄ [...] podia faz[^] tā al[...] q̄os | λq̄yxaua [...] ap[^]lla era tā g^ande dos g^go q̄ výnā folgados [---] | pte q̄lls nō valýa nada.
- **39vb** de como erolſ τ os | gregos ferē ēnos t^oya | nos τ como matou | ercolſ leomedon rreý | de troýa τ como se acollē | todos aavyla
- **40rb** despoys q̄se ptirō [---] | a çidade de t^oya [---]
- **40va** [...]
- **40vb.I** como p'amos ouvo | nouas del rrey leomedō q̄ era | morto τ aqidade | de t^oya destroyda
- **40vb.II** como el rreý p'am9 | fazía seu doo.
- **46ra.I** como obpō p^oteo diſo, aa | deesa tetis como avia | de morr[^] achillſ ēna | ç[^]ca de troya. τ de como | oela foý encātaz lo- | go ao maz
- **46ra.II** como achillſ foý posto | en hū m^o como mōJa | τ fezo pirrō ēna filla del rreý
- **46va** [---]s acharō | [---]
- **47ra** de como vlíxas τ diomedes acharō achillſ ēno tēplo τ como diomedes tāgeu ocorno
- **47ra.II** [...] aq̄ [...]
- **48ra** p'ntaz
- **48rb** de com[---] | nō yz [---] | τ l[...] [---]
- **48va** [---]irarō feq̄ | [---] τ como | [---] tomarō | [---] troýa
- **48vb** como os t^oyanos | τ os g^gos mouerō | sua frota. τ arriba | rō em hūa ýfla
- **49ra** como λagamenō τ | menalaō enviarō | feq̄ mādad[^]os aos | rrey^s de g^eçia τ | como chegarō ap[^]rta | τ forō ajūtados en | atenas

- **49va.I** [---] g[^]gos | [---]oz τ | [---]ena mo-| [---]
- **49va.II** [---] desto | [---]as dos | [---]
- **49vb.I** das feyt^{as} del rrey | caftoz. τ rreý pol9 | feuo ýrmão
- **49vb.II** das feyt^{as} de elena
- **49vb.III** das feyt^{as} de agamen^o
- **50ra.I** das feyt^{as} de menalao
- **50ra.II** das fc^{as} de achil^s
- **50ra.III** das fc^{as} de pat'cul^o
- **50ra.IV** [---?] de aJas talamō³²
- **50ra.V** fc^{as} de aJas talamō
- **50rb.I** [---]
- **50rb.II** [---]
- **50rb.III** d[---]
- **50rb.IV** da[---]
- **50rb.V** d[---]
- **50va.I** [---]
- **50va.II** [---]
- **50va.III** [---]
- **50va.IV** [---]
- **50va.V** [---]
- **50vb.I** ágora leýxa oqto | de fa la2 dos g[^]g9 | p² 9ta2 doſ troyano⁹
- **50vb.II** das fc^{as} τ da | nobleza τ da | g^adeza ȳ avía | ēno moȳ exçi | len̄t rreý pⁱam^o
- **53ra.I** das fc^{as} de cafādra
- **53ra.II** [---]as de poliçen^a
- **53rb.I** ágora leýx[---] | das fc^{as} d[---] | anos. τ to[---] | os de g[^]cia [---]
- **53rb.II** como forō aJ[---] | τ como avía n[---] | aq̄ls ȳ as t[---]
- **53vb** como ágamenō fezo | fua fala cō todos los | pⁱnçipes.
- **54ra** [...]
- **54rb.I** como dō colcas o[---] | pa os troýano[---]
- **54rb.II** da rresposta [---]
- **54va.I** [---]oz cō colcas τ colcas | [---]
- **54va.II** [---]tou aos g[^]g9
- **54vb.I** agora leýxa oqto | falaz do 9fello | de colcas p² cōta2 | como os g^egos moue | rō 9t^a troya

32 Esta última palabra foi raspada.

- 54vb.II como os g[^]gos fa | cⁱficarō, adiana τ | tomarō porto
- 55ra como os g[^]gos destro | ūrō ocastelo de | tenedom
- 55va.I [---]stelo de tenedon | [---]trarō po^z força
- 55va.II [---] prtirō seu rroubo | [---]ou agamenō
- 56va [---] de ἀgamenō | [---]
- 57ra τ prinçipes tantos q̄ seriā
- 57ra.II como vlixas τ diome | des cōtarō sua messa | Jē ael rreŷ pām9
- 57va [---] dou p^{am}9
- 57vb da rraσō q̄ diso dio | medes
- 58ra das palau^s q̄ díomedes | ouvo cō eneas.
- 58va [---]ilo eneas | [---]am9
- 60ra da batalla q̄ elrrey | m[^]lla τ catieutanes | ouvo cō achill^s τ cō | [...] ēno seu rreyo [...]llsmo
- 60va.I [---]chill^s se tornou | [---]alefus ficou | [---] de m[^]2fa.
- 60va.II [---] leŷxa o9to afalaz | [---]gos po^z 9ta2 das | [---]s q̄ vierō ael rrey | [---]9. po^z diz[^] os nom^s | [---] rreys τ duq^s τ 9des | [---]s pⁱnçepes de gⁱn | [---] q̄lle vierō faz[^] | [---]da
- 61va [---]o^z foŷ pⁱnçipe | [---] de todos os q̄ | [---] a defendez t^oya | [---]arou suas g^{ns} | [---] o pⁱnçipes d^lles
- 61vb.I ἀgora leŷxa o9to | a falaz dos de t^oya | τ torna ἀcōta2 dos | āgos q̄ estauā ajnda | em tenedon. Et como | palomades chegou | y cō xxx naues
- 61vb.II do acordo q̄os g[^]gos | ouverō τ como toma | rō porto ē t^oya. | τ do 9sello q̄ dou pa- | lomades.
- 62rb.I de como ou[---] | o9sello de pa[---] | como fezerō a[---] | q̄ tragīā
- 62rb.II de como ἀptefalao f[---] | as naues en trra [---] | nos defenderō os p[---]
- 62va [---]s out^s çē naves | [---] porto
- 64ra.I de como eito^z [...]³³ | aa batalla
- 64ra.II como achill^s | vēeo aa batala
- 64rb como os g[^]gos ἀr[---] | tendas τ do q̄lls [---] | aq̄la noyte
- 64va [---]os t^oyanos def | [---] veeo.
- 64va de como os troŷanos poserō suas azes τ forō fora da villa
- 65vb de como ectoz falou cō seu padre p^{amos} rre
- 66ra de como eýto^z layo | aa batalla
- 66rb.I de q^antos fill[---] | rrey p^{amos} [---]
- 66rb.II Dos rrrex q̄ este [---] | forō aabata[---]

33 Secuencia raspada.

- **66va** [---] o 9to afalaz de t^oya | [---]o agameno poſo | [---]
- **67ra** agora 9tarem⁹ | como fe Jūtarō | os g^egos τ os t^oyan⁹
- **70va** [---] caual[^]ias q̄ fezerō | [---] baſtardos.
- **70vb** como os de peonyá | viero aa batalla
- **71rb** como el rre[---] | chegou aa ba[---]
- **71va** [---]eyá naſtoz | [---] batala
- **72ra** como ajas talamō veeō | aa batalla
- **98rb.I** como fe breçay[---] | da çibdade.
- **98rb.II** como brezayda fe [---]
- **98vb** como brezayda | rrf adiomedes
- **99ra.I** como diomedes rrf | a brezayda.
- **99ra.II** como diomedes | q̄l'era diσ[^] ma³⁴ | τ nō ouvo lug^oz | enq̄
- **99ra.III** como diomedes leuou | alu ua de breçada
- **99rb** como colcas rr^ef afua f[---]
- **99va.I** [---] o, agoyreýro treçebu | [---]ua filla, τ comoo ella | [---] do q̄ fez[^]a
- **99va.II** [---] colcas rr^ef abreçayda
- **99vb** agora leýxa oqto | afalaz de breçayd^a | poz 9t^o2 a vij^a bata | lla
- **100rb** como ſāyam [---] | aa batalla ect[---] | τ parís τ deýfeb[---] | menō τ out^os [---]
- **104ra** [...] fe leuātou | [...]s τ caualgou en | [...]ualo τ foý feríz | [...] τ t^oyłq ael.
- **105ra** como as t^ogoas forō poftas
- **105va.I** [---]xa oqto afalaz | [---]oz 9ta2 como e<c>toz | [---]rido
- **105va.II** [---] da cam[^]a de ecto2
- **105va.III** [---]alunas q̄ estauā | [---]ara de eitto2
- **105vb** da ymagē do .ij^o. pi[---]
- **106rb** da ymagē do t^oç^o pillaz
- **106vb** da ymagē do q^orto | pillaz
- **107ra.I** da pedra deq̄ era fca | acamara.
- **107ra.II** agora leýxa oqto falaz da cam[^]a de eto2 τ | fala do q̄ faziā g[^]gos | τ t^oyanos
- **107ra.III** como os g^og⁹ erā enfa- | dados τ fe repētiā | do q̄ começarā
- **107rb** como diomedēs era moy | coytado de amo2
- **107va** [-]omo breçayda dou ocaua | [-]o de troýlq adiomedes.
- **107vb** como braçayda dou | adiomedes & māga | do seu brial pa pēdō
- **170ra.I** Do dōo q̄ parís τ polí- | damas faziā p^o t^oylq.

³⁴ Semella que esta lección foi riscada.

- 170ra.II agora leýxa oгto | de falaz desto | poz 9ta2 como as | tregoads forom | postas
- 170rb.I agora leýxa oгto [-] | desto. poz 9ta2 [--] | na eucuba falou [-] | achill5
- 170rb.II da rafposta q̄ parís d[---]
- 170rb.III como arreýna eucuba falou a[---] | cō parís seu fillo
- 170va como paris out^ogou orrogo asua madre
- 170vb como arreýna ēbio | poz achills q̄ lle víe | se falaz
- 171ra.I como³⁵ achill5 rr^of ao | mādad^o da rrna³⁶
- 171ra.II como omādad^o se | tornou a çidade
- 171ra.III como arreýna diso | aparís omāda do q̄ | rreçebra
- 171rb.I como paris se ascond[---] | xx^e caual^os.
- 171rb.II como achill5 atē d[---] | templo
- 171va.I [---] poz cōpan^o antilog9
- 171va.II [---]chill5
- 172ra do doo q̄ os g^ogos fezerō poz | achill5
- 172rb.I como agameno envi [---] | de achill5 ael rreý.
- 172rb.II de como nafto2 [---] | poz la mort de [---]
- 172rb.III como agameno enviou [--] | p'amq̄ q̄ dese lu ga2 pa [-] | aachill5
- 172va.I [---]s mellag^os estā | [---] q̄ aJa achill5 sepl | [---]
- 172va.II [---] achill5
- 173ra.I [---?] nafto2 ēbíou o c'po | de seu fillo asua fíra
- 173ra.II Agora leýxa oгto | falaz da mort de | achill5 τ de antilog9 | poz 9ta2 como os | gregos ouverō q̄sello
- 173rb como g^ogos ouverō rr[---] | posta dos dioses q̄ | enviasē p^rírros
- 173va [---] gregos ēbiarō | [---]ao buscaz³⁷ apirr9 | [---]e achill5
- 174ra [-]omo vlixas chegou | sua cafa τ matou os | caual^os.
- 174va [---] seu fillo telomac9 | [---]lçion
- 174vb pareſcem̄ q̄ aq̄i m̄jgou moýta rrazō q̄ aq̄i nō ačharon.
- 175rb como paris matou aJas [---] | τ aJas matou ael τ o, de[---]
- 175ra [-] t^ryanq̄ forō | [---]nçidos
- 175va.I [---]s foy futerrado τ do dóo q̄ | [---] faziam
- 175va.II [---]a façja doo poz | [---]

35 Entre estas dúas leccións hai un carácter sobreposto (un <^o>?)

36 Enriba desta forma semella haber un carácter sobreposto, mais non se pode ler porque está sobreescrita a voluta superior da letra capital.

37 O presenta feitura intermedia (hasta inclinada).

- 176rb da seplta de paris
- 176va [---]mño t^oyanos nō qⁱferō seyz | [---] aa batalla
- 176vb Agora leýxa o^gto [?] | falaz desto poz díuj | fa^z mūdo³⁸
- 177rb de q^antos som os pouoos [---]
- 177va.I [---] afeg^a do mūdo, qⁱ efta | [---] em tr^s p^ts ^lafra τ comō | [---] omaz τ aq[^]qa en rredoz
- 177va.II pⁱntaz afig^a do mōdo
- 178ra.I dos sete mar^s qⁱ son | em asia
- 178ra.II das ix Jnfoas qⁱ son | em asia
- 178ra.III das sete ferras qⁱ som | en orient.
- 178rb.I dos xij rríos pⁱnçipaes qⁱ son en asia
- 178rb.II das xjjj puçcias qⁱ l[---] | ori[---]
- 178rb.III da puýn^cia de [---]
- 178va [---]xa o^gta^z desto poz gta^z | [---]a pātafalona chegou | [---] dos troýanos.
- 178vb.I do doo qⁱja rreýna fazia | poz etto^z
- 178vb.II como arreýna 9fortou | ael rrey pⁱamo
- 178vb.III agora leyxa o^gto de | falaz daqsto poz gta^z | a .xxja. batalla
- 179va [---]mjnjs τ os out^s t^oyanos | [---]alla.
- 208ra como anteno^z chegou | atroýa τ foý ende deý- | tado τ desterrado poz | eneas
- 208rb.I como anteno^z c[---]
- 208rb.II como anteno^z se pt[---] | de t^oya. τ os pelígrros [---]
- 208va [---]teno^z poblou³⁹ | [---]emenála
- 208vb como os t^oyanos qⁱ escaparō do elterra | m^{to} de t^oya se forō pa | anteno^z.
- 209ra.I agora leýxa o^gto de | falaz de anteno^z poz | conta^z como aveó aos | gregos
- 209ra.II como os g[^]g^o forō peli | grad^o eno maz
- 209rb do grā pigoo enqⁱ fo[---] | τ suas 9panas
- 209va [---]eyxa o^gto afala^z | [---]r^o poz 9 ta^z da mez | [---] fezerō aos g[^]gos
- 210vb como el rreý naup^o fe | zo q^brātaz affrota | dos g[^]gos nos pened^o
- 211ra como eneas mezclou | diomed^s cō egeal sua | mol^l₂
- 211rb.I como eneas mezclou [---] | [..]mestra sua mol^l₂
- 211rb.II como egeal mol^l₂ de [---] | ordenou qⁱo nō re[---]
- 211va.I [---]ey agameno foy m^oto.

38 Riscado en tinta vermella.

39 Semella que se raspou algo a continuación.

- 211va.II [--]tabi⁹ vasalo de aga- | [--]nō leuou aorest⁹ fillo | [...] ael rreý ydamens
- 211vb como t⁹uer⁹ ýrm[---] | aJas talamō o[---] | mata⁹ adiom[---]
- 212rb.I como oreſt⁹ mat[---] | asua madre.
- 212rb.II agora leýxa o⁹to fa[---] | conta⁹ como menalao [---] | porto τ como os g⁹g⁹ fl[---] | veez elena.
- 212va.I [---]aua as vent⁹as q̄ paſſa
- 212va.II [---]to afalaz desto p⁹ 9ta⁹ | [---]y ent⁹go en seu rreýno.
- 212vb.I como oreſt⁹ casou cō | h̄mjona sua p⁹ma filla de | menalao τ de elena
- 212vb.II agora leýxa o⁹to afal[...] | de oreſt⁹ p⁹ 9t⁹ como | vlíxas ap⁹tou en cleta
- 213rb como vlíxas [---] | nes como fe[---] | aſeu 9pan⁹o [---?]
- 213va [---] ael rreý ydomen⁹ oq̄ | [---]yñas ēcātad⁹as
- 214ra como vlíxas cōtou ael | rreý ydomen⁹ como e⁹pa ra⁴⁰ dos pelig⁹os | do maz
- 214rb.I como vlíxas [---] | q̄ ouvo no [---]
- 214rb.II como vlíxas 9tou [---] | med⁹ como caera e[---] | roubador⁹ do maz [---?]
- 214va.I [---]enes dou naues τ g⁹n | [---]nvíou.
- 214va.II [---]as ap⁹ndeou nouas dos | [---] yā caſaz cō apeno | [---]a molI
- 217ra [...]t⁹ | [...] pirr⁹
- 217rb agora leýxa o⁹to [---] | de pirr⁹ poz 9ta⁹ [---] | el rreý men⁹ ffoý [---] | τ como sua yr ma[---] dida
- 217va.I [---]xa o⁹to afala⁹ de men⁹ | [---] como pirr⁹ leuou h̄meJona
- 217va.II como h̄mjona rrogou | amenalao q̄ mataf⁹⁴¹ | andromaca τ feu | fillo
- 217vb.I como andromaca | fugio cō seu fillo | τ como os da çib | dade a defendeo⁴² [...?]
- 217vb.II como oreſt⁹ che | gou aTefela τ envíou esculc[...] | p⁹ neuculan⁹
- 217vb.III como oreſt⁹ matou | a pýrr⁹ τ leuou sua | molI
- 218ra como el rre pole⁹ | leuou andromaca | pa sua fíra τ | como achjll⁹ foy | naçido
- 218rb do soño q̄ vlíxas so[---]
- 218va.I [---]lixas diſo oſoño | [---] aos agoyr⁹os | [---] soltarō q̄o avía | [---] hū seu fillo
- 218va.II [---]abedor⁹ soltarō oſoño | [---] τ como mādou.
- 218vb da fortaleza q̄ mā | dou faz⁹ vlíxas pa | en ella defendez [...?]

40 O <p> semella corrección dun <c> previo que, finalmente, foi engadido no interlineado.

41 O <ſ> presenta trazado duplo.

42 Lección riscada con tinta vermella.

43 Lección riscada con tinta negra.

- 219ra como teologom⁹ | fillo de c̄irtes foy | buscaz vlixas.
- 219rb como telogom⁹ ch[---] | avlixas τ da peleJa [-] | os port^os.
- 219va [---] vlixas foȳ morto
- 220rb de como telogom⁹ [---] | [...]yna cirtes foȳ b[---] | seu padre τ de como [--] | [...] ao castello du [...] [---] | [.....] [---] | [...] entrada [..] [--] | [.....] | seu padre τ omatou. [---] | se messāua τ carp[---]
- 220va [---]pede oa<c>toz da | [---]

4.2. Presentación crítica

- 1ra [Como foi pro]vada e quen era primeiro que a provou.
- 1va.I [De como a r]eíña Filiis de Ro[dep]e⁴⁴ [enviara súa carta] a Demofón o infante.
- 1va.II [---] ella⁴⁵.
- 2ra [De com]o foron ajuntados [mo]itos príncipes.
- 2va [Como f]oi a provaçón [de Tr]oia.
- 3ra.I De como el rei Tánta[lo ía ver] seu padre rei Júpiter [e como] prendeu o infante Ga[nímides], fillo del rei de Troi[a, que anda]va a caça.
- 3ra.II Como el rei Leomedón fezo cercar a ci[b]dade de Troia.
- 3va Como el rei Leomedom e Febo | [en]⁴⁶ hun que cercasem os muros de Troia.
- 4ra De como Hércoles pelejou con as bestias do mar e livrou a infanta Ansíona do poder d[e]las.
- 5ra Como Troia começoou de andar en peligros e f[o]i⁴⁷ quebrantada dúas vezes.
- 5rb [De] como Ércole [cercou a cidade de Troia e matou] quantos y [moravan...]
- 5va [Como Frixo e El]e⁴⁸ pasaron o mar por fugir [da súa madrastra].

44 Emendamos a metátese consonántica recíproca da lección orixinal (*rropede*). Trátase dos montes Ródope, un macizo montañoso da antiga Tracia e das actuais Bulgaria e Grecia.

45 Descoñecemos cal é o referente desta lección, pois a rúbrica á que vai asociada é un fragmento epistolar latino no que non se rexistra ningunha secuencia similar (“Ostes tua, Demofon, Filis de Rod[o]pe, et tempus promissionis querelans tui et est finito quo qui studio mihi redempte et priste; estes Rod[o]ipes Filis, Demofon, o tua, et de te omnibus conquerior pro jam temporis transiuit promesisti cum sumus et ad me redisti” 1vab.1-2). Sospeitamos que a forma *ella* (probabelmente pronome tónico) pertencia a unha secuencia referida á autora da epístola (Filis de Ródope).

46 Non se debeu de copiar na nota marxinal o verbo *outorgaron*, que si aparece na correspondente rúbrica.

47 Ms. frey.

48 Na rúbrica aparecen as formas deturpadas *fixo* e *lepne*, mais aquí ofrecemos a lectura correcta dos mitónimos. No primeiro caso, en HTg rexistráranse as variantes *frixo* (cfr. *infra* 6rb) e *fixo* (con lineta supralinear); trátase de Frixo, irmán de Hele, fillos de Atamante e Néfele. No caso de *Hele*, a variación rexistrada en HTg (*elhe*, *elle*, *lepne* e *Eleo*) débese probabelmente en parte á confusión coas formas (*e*)

- **6rb** De como Frixo e [El]e⁴⁹ [pasaron o mar enno] carneiro e como [El]e⁵⁰ c[aío enno mar] e morreo.
- **6va** [Como Frixo pas]ou o mar e aportou enna [ínsoa e pensou] de si e de seu irmão⁵¹ e do carneiro.
- **6vb** Como Frixo⁵² encantou a lña e a poso enno templo, e como poso por guardas os touros e a serpente.
- **7ra** Como el rei Pelias reinou enno reino de Pelop[on]esos⁵³.
- **8rb.I** Como Jaasón aporto[u] eno reino de Lep[nos]⁵⁴ e como a reíña Isif[re] enviou por el e se [--] del e o tomó p[o]r m[arido].
- **8rb.II** Como arribaron Jaasó[n] e os gregos en terra.
- **8vb** Dos fillos e fillas que el rei Oeta avía.
- **9va** [De como M]edea estava enno templo e lle [aparesceu J]aasón, e como a tomou por_la [mão].
- **10ra** [Co]mo Jasón fezo saber a el rei Oetes e a súa corte cómo era y.
- **10rb** De como Media d[ou a Jaasón] os engüentos e [o engrudo] para conquerir a lña[a dourada] do carneiro enc[antado] que estava enna í[nsoa de] Colcas.
- **10va** [Como Jaasón] tomou os touros e [os afaa]gava e os junzeo [e arou] o campo con eles.
- **11ra** Como Jasón se untou con as meeziñas que l[I]e Medea dera e, dizendo súas palabras, se adormeceu a serpe.
- **11rb** Como Jaasón avía [de adormecer⁵⁵] o dragón e como d[izía súas] palavras de encantamento para adormecer o dragón e d[espois tomar] a lña dourada.
- **12ra** Como Media se [apartou e de]golou seu irmão Absирto⁵⁶, e leixou] a cabeza e levo[u o corpo].

lepnos (a illa exea Lemnos, de onde era raíña Hipsípila; véxase *infra*) ou *nepne* (Néfele, nai de Frixo e Hele), presentes en HTg.

49 Ms. lepne; véxase *supra* o dito no apuntamento 5va.

50 Ms. lepne; véxase *supra* o dito no apuntamento 5va.

51 Realmente debía poñer *súa irmã*, pois o texto di que Frixo lembrou a súa irmá Hele. Na rúbrica correspondente aparece “fue yrmao” (onde *fue* é má lectura de *seu*).

52 Con lineta superior.

53 Ms. pelopenso (cfr. *pelopenso* na rúbrica).

54 Ms. elep[-]. Como xa adiantamos, trátase da illa exea Lemnos, da que era raíña Hipsípila, amante de Xasón.

55 Restituímos *adormecer* tendo en conta a ocorrencia desta forma na nota; na rúbrica aparece dúas veces *adormentar*.

56 Na rúbrica aparece a forma deturpada *asq'to*; trátase de Absирto ou Apsирto, o irmán pequeno de Medea.

- **12va.I** [...]
- **12va.II** [Como Jaasón rogava] a Média que tornase [seu padre man]cebo.
- **13ra** Pintar
- **13rb** Como Média fazía se[us esconjuramentos] para tornar mancebo a Esó[n].
- **13va.I** [De como Média so]bío enno carro e se | [se vai por lo aire] a coller as ervas.
- **13va.II** [De como Média so]bío ennos dragões [enno aire despois que] foi posta eno carro.
- **14ra** Como Média trouxo as ervas que avía mester para Esom.
- **14va.I** [Como M]edía fezo dous altares [de césped]es e degolou os dous [carneiros p]retos e fezo sacrificios.
- **14va.II** [Como Med]ía fezo hun estrado [das bōas e]rvas e deitou en el [a Esón e fezo] seus encantamentos.
- **15ra** Como Média tomou fachas e as encendeu ennos altares e fe[zo] seus afumeiros a el rei Esón].
- **15rb** Como Média degolou [a Esón e lle] sacou o sangre vello e [como lle dei]tou as ervas e as me[ezinhas por]la boca e por la chaga, [e de como o sāão] e o tornó mancebo.
- **16ra.I** Como Esifre, reína do reino de Lenos⁵⁷, feze súa carta para Jaasón.
- **16ra.II** [...] Jaasom.
- **20rb.I** Como as i[nfantas fillas del rei] Pelias re[ceberon a Média e lle] rogaron que [tornase a seu padre] mancebo.
- **20rb.II** Como receber[on as] infantas a M[édia], moller de Jaasó[n].
- **20va** [De co]mo rogaron as [infant]as fillas del [rei Pe]lias a Medea [que torn]ase a seu padre [mancebo] como tornara [a Esón], seu sogro.
- **25rb** Da [jura] e [promissón que fezo Jaasón a Média].
- **25va** [Como vēeo Jaasón a M]edía e [de como entrou] enno paaço [onde sia e como se ela levan]tou a el.
- **28vb** Conta VIIIº follas adeante.
- **31rb** Como comeron con el re[i Tántalo] todos dioses e deesa[s --]çaa.
- **32va.I** Pintar.
- **32va.II** [De como a deesa Dis]cordia deitou a maçāa [entre as deesas J]uno e Palas e Venus.
- **32vb** Como vieron as \tres/ deesas a juízo ante Júpiter e el como as enbiou a Paris.
- **33va** [Como dis]jo a deesa Juno.
- **34ra.I** Da razón de Palas por la maçāa.

⁵⁷ Ms. elenos (véxase o dito dito no apuntamento 5va).

- **34ra.II** De como a deesa *Venus* diso a súa razón.
- **34va.I** [Como Paris dou a senten]ça por la maçãa.
- **34va.II** Pintar.
- **34va.III** [Como vieron as tres d]eesas oír a sentenza de Paris [que el dou en r]azón da maçãa.
- **34va.IV** Do soño que soñou Paris e como el rei Príamo e a reíña Ecuba enviaron por el.
- **35va** Pintar.
- **36ra** Pintar.
- **36rb** De como [...] de se[---]⁵⁸.
- **36va.I** [Como viña Pa]ris e tragía consigo [Oenone, e fórno] receber os infantes.
- **36va.II** [De como falaron] el rei e a reíña [con Paris].
- **36vb** Como el rei Príamo e a reíña Ecuba fala[ron] con o pastor que criou Pa[ris].
- **37rb** Como Hércole[s] outros reis que o avían de] ajudar entra[ron enno mar e como] apor\taron/ enno po[rto de Sigio e fezeron] todos seu consel[lo como bôos e] nobles, que a[í] ían moi altos reis e de grande po[derío e de moi nobles] corações.
- **37va** [Do consello que dou Hér]cole[s] e como partío as [azes].
- **38ra** Como todos acordaron enno consello de Ércole[s] e como apostaron súas azes.
- **38va** [Como el rei Le]omedón saío de Troia [con todos los seus] a lidar.
- **39rab** Como os gregos tiraron a el rei Nástor de poder dos troianos, e desque el rei Leomedón soubo que a vila era perdida [e] que [non] podía fazer tan [...] que os aqueixava [moito; mais enpero] a pressa era tan grande dos gregos que viñan folgados [que crescía de cada] parte que lles non valía nada.
- **39vb** De como Ér[c]ole[s] e os gregos feren ennos troianos e como matou Ércole[s] Leomedón, rei de Troia, e como se acollen todos aa vila.
- **40rb** Despois que se partiron [...] a cidade de Troia [...].
- **40va** [Agora leixa o conto a falar dos gregos... por contar como el rei Príamo soubo as novas da morte de seu padre e como el rei Talamón levou súa irmã Ansíona e dos feitos que por ende avieron]⁵⁹.
- **40vb.I** Como Príamos ouvo novas del rei Leomedón que era morto e a cidade de Troia destroída.
- **40vb.II** Como el rei Príamos fazía seu doo.

58 Falta o *titulus* correspondente e non hai termo de comparación na *Crónica Troyana* castelá. Supomos que a iluminación incluiría as personaxes de Paris e Enone, tendo en conta o contido das últimas liñas que preceden o branco (*E tragía consigo Paris por onde andava húa dona moi filla d'algo que avía nome Oenone, e levao...*).

59 Non hai pegada de nota marxinal nin de rúbrica, mais deixouse un reservado de cinco liñas na columna correspondente.

- **46ra.I** Como o bispo Proteo diso aa deesa Tetis como avía de morrer Achilles enna cerca de Troia, e de como o ela foi encantar logo ao mar.
- **46ra.II** Como Achilles foi posto en hun mosteiro como monja e fezo Pirrus enna filla del rei.
- **46va** [De como por lo saber de Ulixas] acharon [Achilles enno mosteiro].
- **47ra** De como Ulixas e Diomedes acharon Achilles enno templo e como Diomedes tangeu o corno.
- **47ra.II** [Como Ulixas e Diomedes falaron con a monja, que [era Achilles, enno moesteiro e como se fezo Ulixas louco por non ir enna hoste].
- **48ra** Pintar.
- **48rb** De com[o] [...] [...]⁶⁰.
- **48va** [Como Agamenón e Menalao envijaron seus [mandadeiros aos reis de Grecia] e como [chegaron a Parta, e como] tomaron [por señor Agamenón e se foron a destroír] Troia.
- **48vb** Como os troianos e os gregos moveron súa frota e arribaron em húa isla.
- **49ra** Como Agamenón e Menalao⁶¹ enviaron seus mandadeiros aos reis de Grecia e como chegaron a Parta e foron ajuntados en Atenas.
- **49va.I** [Agora leixa o conto falar dos] gregos [por contar como el rei Cástor e [el rei Poleus, irmão de El]ena, mo[r]reron enno mar].
- **49va.II** [Agora leixa o conto a falar] desto [por divisar as feituras dos [que criaron Troia].
- **49vb.I** Das feituras del rei Cástor e rei Polus, seu⁶² irmão.
- **49vb.II** Das feituras de Elena.
- **49vb.III** Das feituras de Agamenó[n]
- **50ra.I** Das feituras de Menalao.
- **50ra.II** Das feituras⁶³ de Achilles.
- **50ra.III** Das feituras⁶⁴ de Patrúculos.
- **50ra.IV** [Das feituras] de Ajas⁶⁵.
- **50ra.V** Feituras⁶⁶ de Ajas Talamón.

⁶⁰ Non temos elementos de comparación para restituír a nota e o *titulus*. Canto ao contido da iluminación, imaxinamos que, cando menos, se trata da partida de Aquiles.

⁶¹ Ms. menafão.

⁶² Ms. seu.

⁶³ Ms. fc^oas.

⁶⁴ Ms. fc^oas.

⁶⁵ A continuación raspouse a palabra *talamon*.

⁶⁶ Ms. fc^oas.

- **50rb.I** [Das feituras de Ulixas].
- **50rb.II** [Das feituras de Diomedes].
- **50rb.III** D[as feituras de Nástor].
- **50rb.IV** Da[s feituras de Protesalao].
- **50rb.V** D[as feituras de Neutúlamo⁶⁷].
- **50va.I** [Das feituras de Palomades].
- **50va.II** [Das feituras de Polidario].
- **50va.III** [Das feituras de Macaón⁶⁸].
- **50va.IV** [Das feituras del rei de Persia⁶⁹].
- **50va.V** [Das feituras de Breçaida].
- **50vb.I** Agora leixa o *conto* de falar dos *gregos* por *contar* dos troianos.
- **50vb.II** Das feituras⁷⁰ e da nobleza e da grandeza que avia enno moi excilente rei Priámios.
- **53ra.I** Das feituras⁷¹ de Casandra.
- **53ra.II** [Das feituras]⁷² de Policena.
- **53rb.I** Agora leix[a o conto a falar] das feituras⁷³ d[os gregos e dos troi]anos e to[rna] contar como os de Grecia [foron todos ajuntados].
- **53rb.II** Como foron aj[untadas as naves] e como avía[n] n[ome de] aqueles que ast[ragiam].
- **53vb** Como Agamenón fezo súa fala con tódos los príncipes.
- **54ra** [Como Achilles e Patrúculus foron ao templo e da resposta que ende ouveron].
- **54rb.I** Como \don/ Colcas o [agoireiro vñeo buscar resposta] para os troiano[s---].
- **54rb.II** Da resposta [de Apolo].
- **54va.I** [Como Achilles poso am]or con Colcas e Colcas [con el].
- **54va.II** [Da resposta que Achilles con]tou aos *gregos*.
- **54vb.I** Agora leixa o *conto* falar do consello de Colcas por contar como os *gregos* moveron *contra* Troia.
- **54vb.II** Como os *gregos* sacrificaron a Diana e tomaron porto.

67 No texto base aparece case sempre a forma deturpada *neuculano*.

68 Na rúbrica aparece a forma deturpada *matoam*.

69 Na rúbrica aparece a forma deturpada *da deserta*.

70 Ms. fc^oas.

71 Ms. fc^oas.

72 Ms. fc^oas.

73 Ms. fc^oas.

- **55ra** Como os gregos destroíron o castelo de Ténedom.
- **55va.I** [De como cercaron o ca]stelo de Ténedon [e o combaten e o en]traron por força.
- **55va.II** [De como os gregos] partiron seu roubo [e do consello que ende d]ou Agamenón.
- **56va** [De como todos outorgaron o consello] de Agamenón [---].
- **57ra** e príncipes tantos *que* serían.
- **57ra.II** Como Ulixas e Diomedes contaron súa messagen a el rey Príamos.
- **57va** [Da resposta que] dou Príamos.
- **57vb** Da razón *que* diso Diomedes.
- **58ra** Das palavras *que* Diomedes ouvo con Eneas.
- **58va** [Da razón que d]iso Eneas [a el rei Príamos].
- **60ra** Da batalla *que* el rei de Mersa e Catieutanes ouvo con Achilles e con [Talefus] enno seu reino [mee]smo.
- **60va.I** [De como A]chilles se tornou [para a oste e T]alefus ficou [enno reino] de Mersa.
- **60va.II** [Agora] leixa o *conto* a falar [dos gre]gos por *contar* das [ajuda]s *que* vieron a el rei [Príam]os, por dizer os nomes [dos] reis e duques e condes [e outro]s príncepes de gran [poder] *que* lle vieron fazer [aju]da.
- **61va** [Como Éit]or foi príncipe [--] de todos os *que* [vieron] a defender Troia, [e como p]arou súas gentes [e fez]o príncipes deles⁷⁴.
- **61vb.I** Agora leixa o *conto* a falar dos de Troia e torna a contar dos gregos *que* estavan ainda em Ténedon et como Palomades chegou y con XXX naves.
- **61vb.II** Do acordo *que* os gregos ouveron e como tomaron porto en Troia, e do consello *que* dou Palomades.
- **62rb.I** De como ou[torgaron] o consello de Pa[lomades] e] como fezeron a[zes das naves] *que* tragían.
- **62rb.II** De como Protesalao f[ezo quebrar] as naves en terra [e os troia]nos defenderon os p[ortos].
- **62va** [De como a]s outras cen naves [tomaron] porto.
- **64ra.I** De como Éitor [chegou] aa batalla.
- **64ra.II** Como Achilles vêeo aa batalla.
- **64rb** Como os gregos ar[maron súas] tendas e do *que* lles [acaesceu] aquela noite.
- **64va** [De como fezeron] os troianos des[pois que o dia] vêo.
- **64va** De como os troianos poseron súas azes e foron fóra da vila.

⁷⁴ Ms. d[omes] d[omes] d[omes].

- **65vb** De como Éctor falou con seu padre Príamos⁷⁵.
- **66ra** De como Éitor saío aa batalla.
- **66rb.I** De quantos fill[os bastardos avía] rei Príamos [e como lles dezán].
- **66rb.II** Dos reis⁷⁶ que este [día non] foron aa bata[lla].
- **66va** [Agora leixa] o conto a falar de Troia [por dizer com]o Agamenó[n] poso [súas azes].
- **67ra** Agora contaremos como se juntaron os gregos e os troianos.
- **70va** [Das] cavalarías que fezeron [os] bastardos.
- **70vb** Como os de Peonia vieron aa batalla.
- **71rb** Como el re[i Toas] chegou aa ba[talla].
- **71va** [De como el r]ei Nástor [vêeo aa] batalla.
- **72ra** Como Ajas Talamón vêeo aa batalla.
- **98rb.I** Como se Breçai[da espedio] da cibdade.
- **98rb.II** Como Brezaida se [vai para a oste].
- **98vb** Como Brezaida respondeu a Diomedes.
- **99ra.I** Como Diomedes respondeu a Brezaida.
- **99ra.II** Como Diomedes quisera dizer má[is] e non ouvo lugar en que.
- **99ra.III** Como Diomedes levou a luva de Breçada (*sic*).
- **99rb** Como Colcas respondeu a sua f[illa].
- **99va.I** [Como Colcas] o agoireiro recebeu [a Breçaida, s]úa filla, e como o ela [reprendevo moito] do que fezera.
- **99va.II** [Como] Colcas respondeu a Breçaida.
- **99vb** Agora leixa o conto a falar de Breçaida por contar a VII^a batalla.
- **100rb** Como saíam [os da cidade] aa batalha, Éct[or e Troilus] e Paris e Deífeb[us e el rei] Menón e outros [moi altos señores].
- **104ra** [De como] se levantou [Achille]s e cavalgou en [seu ca]valo e foi ferir [a Troilus] e Troilus a el.
- **105ra** Como as trégoas foron postas.
- **105va.I** [Agora lei]xa o conto a falar [desto p]or contar como Éctor [foi gua]rido⁷⁷.
- **105va.II** [Das feituras] da cámara de Éctor.
- **105va.III** [Das quatro c]alunas que estavan [enna cám]ara de Éitor.
- **105vb** Da imagen do IIº pi[lar].

⁷⁵ A continuación apuntouse o inicio da palabra *rei* (<rre>).

⁷⁶ Ms. *rrex* (tamén na rúbrica).

⁷⁷ Na rúbrica aparece *garido*, mais a forma case exclusiva no texto principal é *guardido*.

- **106rb** Da imagēe do *terceiro* pilar.
- **106vb** Da imagēe do *quarto* pilar.
- **107ra.I** Da pedra de *que* era *feita*⁷⁸ a cámara.
- **107ra.II** Agora leixa o *conto* falar da cámara de Étor e fala do *que fazían gregos e troianos*.
- **107ra.III** Como os *gregos eran* enfadados e se *repentían* do *que começaran*.
- **107rb** Como Diomedes era moi coitado de amor.
- **107va** [C]omo Breçaída dou o cava[!]o de Troilus a Diomedes.
- **107vb** Como Braçaida dou a Diomedes a manga do seu brial *para pendón*.
- **170ra.I** Do doo⁷⁹ *que* Paris e Polidamas fazían por Troilus.
- **170ra.II** Agora leixa o *conto* de falar desto por *contar* como as trégoas foram postas.
- **170rb.I** Agora leixa o *conto* [falar] desto por *contar* [como a reíña Eucuba falou [a morte de] Achilles.
- **170rb.II** Da resposta *que* Paris d[ou a súa madre].
- **170rb.III** Como a reíña \Eucuba/ falou a [morte de Achilles] con Paris, seu fillo.
- **170va** Como Paris outorgou o rogo a súa madre.
- **170vb** Como a reíña enbió por Achill[e]s *que* lle viese falar.
- **171ra.I** Como Achilles respondeu ao mandadeiro da r[eíña].
- **171ra.II** Como o mandadeiro se tornou á cidade.
- **171ra.III** Como a reíña diso a Paris o mandado *que* recebera.
- **171rb.I** Como Paris se ascond[eu enno templo con] XX^e cavaleiros.
- **171rb.II** Como Achilles atend[ía a hora para ir ao] templo.
- **171va.I** [Como Achilles tomou] por compañeiro Antílogus.
- **171va.II** [Da morte de A]chilles.
- **172ra** Do doo *que* os *gregos fezeron* por Achilles.
- **172rb.I** Como Agamenó[n] envi[ou pedir o corpo] de Achilles a el rei.
- **172rb.II** De como Nástor [ouvo gran pesar] por la morte de [Antílogus, seu fillo].
- **172rb.III** Como Agamenó[n] enviou [pedir a] Príamos *que* dese lugar para [soterrar] a Achilles.
- **172va.I** [De como o]s messageiros están [con Príamo] *que* aja Achilles sepul[tura].
- **172va.II** [Da sepultura de] Achilles.
- **173ra.I** [Como el rei] Nástor enbiou o corpo de seu fillo a súa terra.

78 Ms. fcā.

79 Ms. dōō.

- 173ra.II Agora leixa o *conto* falar da morte de Achilles *e* de Ant^logus por *contar* como os gregos ouveron *consello*.
- 173rb Como gregos ouveron r[es]posta dos dioses *que* enviaisen por Pirros.
- 173va [Como os] gregos enbiaron [a Menal]ao buscar a Pirros, [fillo d]e Achilles.
- 174ra [C]omo Ulixas chegou súa casa *e* matou os cavaleiros.
- 174va [Como Ulixas casou] seu fillo Tel[é]macus⁸⁰ [con a filla del rei A]lción.
- 174vb Parésceme *que* aquí mingou moita razón *que* aquí non acharon.
- 175rb Como Paris matou Ajas [Talamón] *e* Ajas matou a el *e* o de[rribou].
- 175ra [Como] troianos foron [ve]ncidos.
- 175va.I [Como Pari]s foi suterrado *e* do doo *que* [por el] faziam.
- 175va.II [De como Elen]a fazia doo por [Paris].
- 176rb Da sepultura de Paris.
- 176va [Co]mo troianos non quiseron seír [---] aa batalla.
- 176vb Agora leixa o *conto* [a?] falar desto por divisar mundo⁸¹.
- 177rb De quantos som os póvoos [de todo o mundo].
- 177va.I [Esta é] a fegura do mundo, *que* está [partida] em tres partes a terra, *e* como [a parte] o mar *e* a cerca⁸² en redor.
- 177va.II Pintar a figura do mundo.
- 178ra.I Dos sete mares *que* son em Asia.
- 178ra.II Das IX insoas *que* son em Asia.
- 178ra.III Das sete serras *que* som en Orient.
- 178rb.I Dos XII ríos principaes *que* son en Asia.
- 178rb.II Das XIII provincias *que* s[on en] Ori[ente].
- 178rb.III Da provincia de [Amazona].
- 178va [Agora lei]xa o *conto* de falar desto por *contar* [como a reiñ]a Pantasalona chegou [---] dos troianos.
- 178vb.I Do doo *que* a reiña fazia por Étor.
- 178vb.II Como a reiña confortou a el rei Príamo.
- 178vb.III Agora leixa o *conto* de falar d'aquesto por *contar* a XXI^a batalla.
- 179va [Como el rei Filo]minis *e* os outros troianos [saíron aa bat]alla.
- 208ra Como Antenor chegou a Troia *e* foi ende deitado *e* desterrado por Eneas.
- 208rb.I Como Antenor c[hegou a Troia].

80 Ms. telomac9.

81 Esta palabra está riscada en tinta vermella.

82 Ms. açerq^a.

- **208rb.II** Como Antenor se *part[ío]* de Troia e os peligros [que pasou].
- **208va** [Como An]tenor poblou [Colchera] Menalán⁸³.
- **208vb** Como os troianos *que escaparon* do esterramento de Troia se foron para Antenor.
- **209ra.I** Agora leixa o *conto* de falar de Antenor por contar como avén aos gregos.
- **209ra.II** Como os *gregos* foron peligrados eno mar.
- **209rb** Do gran perígo en *que fo[i] Pirros* e súas *compañas*.
- **209va** [Agora I]eixa o *conto* a falar de [Pir]ros por *contar* da mez[cla que] fezeron aos gregos.
- **210vb** Como el rei Naupus fezó quebrantar a frota dos *gregos* nos penedos.
- **211ra** Como Eneas mezclou Diomed[e]s con Egeal, súa moller.
- **211rb.I** Como Eneas mezclou [Agamenón con Cri]mestra, súa moller.
- **211rb.II** Como Egeal, moller de [Diomedes], ordenou *que o non re[cebesen no rei-no]*.
- **211va.I** [Como r]ei Agamenón[n] foi morto.
- **211va.II** [Como Ta]l[ti]bius⁸⁴, vasalo de Aga[me]nón, levou a Orestes, fillo [de Agamenón] a el rei Idamenes.
- **211vb** Como T[éucer]⁸⁵, irm[ão de] Ajas Talamón, o[uvera de] matar a Diom[edes].
- **212rb.I** Como Orestes mat[ou] a Egistus porla morte de seu p]adre⁸⁶.
- **212rb.II** Agora leixa o *conto* fa[lar desto por] contar como Menalao [chegou ao] porto e como os *gregos* s[e chegavan] veer Elena.
- **212va.I** [Como Menalao cont]ava as venturas *que passara*.
- **212va.II** [Agora leixa o con]to a falar desto por *contar* [como Orestes fo]ji entregó en seu reino.
- **212vb.I** Como Orestes casou con Hermíona, súa prima, filla de Menalao e de Elena.
- **212vb.II** Agora leixa o *conto* a fal[ar] de Orestes por *contar* como Ulixas aportou en Cleta.
- **213rb** Como Ulixas [contou a rei Idome]nes como fe[zera aver a donzela] a seu *compañeiro*.
- **213va** [Como Ulixas contou] a el rei Idomenes o *que* [lle acaescera con as re]ññas *encantadeiras*.
- **214ra** Como Ulixas contou a el rei Idomenes como esc[a]para dos peligros do mar.

83 Ms. [---]jemenála (na rúbrica aparece *cheramelā*). Trátase da illa e vila de *Curzola*, no mar Adriático.

84 Ms. [---]Itabiq (igual que na rúbrica). Trátase de *Taltibio*, heraldo de Agamenón na guerra contra Troia.

85 Ms. t^uerq (t^g, na rúbrica). Trátase de *Téucer ou Teucro*, medio irmán de Ájax Talamón.

86 Ms. ...mat[--] | afua madre. Tanto na nota marxinal como na rúbrica o contido non se corresponde co capítulo: nel relátase o asasinato de Existo, amante da nai de Orestes (Clitemnestra), que, á súa vez, matara o seu pai, Agamenón.

- **214rb.I** Como Ulixas [contou outro perigo] *que* ouvo no [mar].
- **214rb.II** Como Ulixas *contou* [a el rei Ido]me[n]es⁸⁷ como caera e[n poder dos] roubadores do mar.
- **214va.I** [Como rei Idom]enes dou naves *e gran*[de aver a Ulixas e o e]nviou.
- **214va.II** [Como Ulixas]as aprendeo novas dos [que] ían casar con a Pen[élope]⁸⁸, súa moller.
- **217ra** [Como el rei Cas]tus [dou o reino a] Pirros.
- **217rb** Agora leixa o *conto* [a falar] de Pirros por *contar* [como] el rei Menón foi [susterrado] *e* como súa irm[a] foi per[dida].
- **217va.I** [Agora lei]xa o *conto* a falar de Menón [por contar] como Pirros levou Hermíona⁸⁹.
- **217va.II** Como Hermíona rogou a Menalao *que* matase Andrómaca *e* seu fillo.
- **217vb.I** Como Andrómaca fugío *con* seu fillo *e* como os da cibdade a defenderon [con el?].
- **217vb.II** Como Orestes chegou a Tesela *e* enviou esculc[as] pos Neu[t]úla[m]us⁹⁰.
- **217vb.III** Como Orestes⁹¹ matou a Pirros *e* levou súa moller.
- **218ra** Como el re[i] Poleus levou Andrómaca *para* súa terra *e* como Achill[id]es⁹² foi nacido.
- **218rb** Do soño *que* Ulixas soñou[*nou*].
- **218va.I** [Como U]lixas diso o soño [--] aos agoireiros [*e* como lle] soltaron *que* o avía [de matar] hun seu fillo.
- **218va.II** [Como os s]abedores soltaron o soño [a Ulixas] *e* como mandou (*sic*).
- **218vb** Da fortaleza *que* mandou fazer Ulixas *para* en ela defender [...?].
- **219ra** Como Tel[é]go[n]us⁹³, fillo de Cir[c]es⁹⁴, foi buscar Ulixas.
- **219rb** Como Tel[é]go[n]us⁹⁵, ch[egou veer] a Ulixas *e* da peleja [que ouvo con] os porteiros.

87 Ms. [--]meds.

88 Ms. péñoi[--].

89 Ms. h̄rmeJona (*hermeJona* na rúbrica).

90 Ms. neuculanq.

91 Ms. orreftres (riscado) oreftq.

92 Ms. achillſ. Trátase dun dos fillos de Andrómaca e Pirro, ainda que en realidade *Achillides* remite ao patronímico (fillo/neto de Aquiles).

93 Ms. teologomq.

94 Ms. çirtes (o mesmo acontece na nota marxinal 220rb).

95 Ms. telogomq.

- 219va [De como rei] Ulixas foi morto.
- 220rb De como Tel[é]go[n]us⁹⁶, [fillo da re]íña Cir[c]es, foi b[uscar Ulixas], seu padre, e de como [chegou] ao castelo du [el estava] [.....] [onde estava] seu padre e o matou [e como] se messava e carp[ia por el].
- 220va [Aqui se es]pede o actor da | [estoria].

Referencias bibliográficas

- Arbor Aldea, M. (2009): “Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do *Cancioneiro da Ajuda*”, en Brea, M. (coord.), “Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor”. *Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*, 349-354 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- COTAGAL = Ricardo Pichel Gotérrez (IP): *Corpus de Textos Antigos de Galiza*. Santiago de Compostela: Universidade, Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/es/proxectos/corpus-de-textos-antiguos-de-galicia-cotagal>).
- Fernández-Ordóñez, I. (2002): “Tras la *collatio* o cómo establecer correctamente el error textual”, *La Coronica* 30/2, 105-180.
- Fernández-Ordóñez, I. (2012): *Transmisión y metamorfosis. Hacia una tipología de mecanismos evolutivos en los textos medievales* (Salamanca: Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas, Sociedad de Estudios Medievales y Renacentistas, Col. *Lecciones* 5).
- García Ruiz, E. (2002): *Introducción a la codicología* (Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez).
- Lorenzo Vázquez, R. (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 9, 253-290.
- Macken, R. (1974): “Quelque *marginalia* de manuscrits médiévaux”, *Scriptorium* 28, 286-294.
- Maniaci, M. (1997): *Terminologia del libro manoscritto* (Roma: Instituto per la patología del libro, Editrice Bibliografica, *Addenda: studi sulla conoscenza, la conservazione e il restauro del libro* 3).
- Martínez Salazar, A. (1900): *Crónica troyana: códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid* (A Coruña: Imprenta de la Casa de la Misericordia).

⁹⁶ Ms. telogom9.

- Montejo García, M. (2005): “Los márgenes de la variación lingüística en la transmisión textual (estudio de los manuscritos de la *Estoria de España* entre los siglos XIII y XV)”, en Campos Souto, M. (ed.), *Del Libro de Alexandre a la Gramática Castellana*, 199-234 (Lugo: Axac, Col. Yuso).
- Muzerelle, D. (2002) [1985]: *Vocabulaire codicologique: répertoire méthodique des termes français relatifs aux manuscrits* (Paris: Editions CEMI, Rubricae 1). Versión hipertextual en <http://vocabulaire.irht.cnrs.fr/pages/vocab1.htm> (versión 1, 2002).
- Ostos, Pilar / Pardo, M^a L. / Rodríguez, E. (1997): *Vocabulario de codicología. Versión española revisada y aumentada del Vocabulaire codicologique de Denis Muzerelle* (Madrid: Arco/Libros, Col. Instrumenta bibliologica).
- Parker, K. M. (1975): *Historia Troyana* (Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos).
- Pichel Gotérrez, R. (2012a): “A fortuna da *Historia Troiana* petrista (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 15, 119-130. Dispoñible en <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/39200/37797>.
- Pichel Gotérrez, R. (2012b): “A representación gráfica da nasalidade vocálica e do trazo palatal no galego antigo e o seu tratamiento editorial”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, 87-106. Dispoñible en <http://ilg.usc.es/elg/volume/4/>.
- Pichel Gotérrez, R. (2012c): “El anisomorfismo braquigráfico en el gallego medieval como fuente para la investigación filológica y lingüística: Compendios abreviativos híbridos”, en Torrens Álvarez, M^a J. / Sánchez-Prieto Borja, P. (eds.), *Nuevas perspectivas para la edición y el estudio de documentos hispánicos antiguos*, 197-218 (Bern: Peter Lang, Col. Fondo Hispánico de Lingüística y Literatura 12). Dispoñible en http://www.academia.edu/1196238/El_anisomorfismo_braquigrafico_en_el_gallego_medieval_como_fuente_para_la_investigacion_filologica_y_lingustica_Compendedios_abreviativos_hibridos.
- Pichel Gotérrez, R. (2013a): “En torno a la presentación crítica de un texto medieval gallego-castellano (s. XIV). Algunos aspectos grafemáticos”, en Fernández López, M^a C. / Suárez Fernández, M. / Veiga, A. (eds.), *Oh lux Iberiae. En torno a las letras en la España medieval*, 135-162 (Lugo: Axac, Col. Yuso). Dispoñible en http://www.academia.edu/3704312/En_torno_a_la_presentacion_critica_de_un_texto_medieval_gallego-castellano_s._XIV._Algunos_aspectos_grafematicos.
- Pichel Gotérrez, R. (2013b): “Notas sobre braquigrafía galega medieval. Sinais abreviativos especializados”, en Casanova Herrero, E. / Calvo Rigual, C. (eds.),

Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas (Valencia, 6/11-9-2013), vol. 7 (sec. 11), 335-346 (Berlín: Walter de Gruyter). Disponível en http://www.academia.edu/1196179/Notas_sobre_braquigrafia_galega_medieval_Sinais_abreviativos_especializados.

Pichel Gotérrez, R. (2013c): *A Historia Troiana (BMP ms. 558)*. Edición e estudio histórico-filológico (Santiago de Compostela: Universidade, Facultade de Filoloxía). Tese de doutoramento inédita (depósito 30-9-2013). Disponível en: http://www.academia.edu/4926824/A_Historia_Troiana_BMP_ms._558__Edicion_e_estudio_historico-filologico.

Rodríguez Guerra, A. (2013): “A edición da poesía medieval, a paleografía e a lingüística histórica: o *Cancioneiro da Ajuda*”, relatorio inédito pronunciando no I Coloquio de Lingüística Histórica (Santiago de Compostela, 1/4-7-2013).

Rodríguez Porto, Mª R. (2012a): “El *Libro de las Dueñas* y la *Historia Troyana* bilingüe (Santander, BNP, ms. 558). Palabras e imágenes para María Rosa Lida de Malkiel (1910-1962)”, *Troianalexandrina* 12, 9-62.

Rodríguez Porto, Mª R. (2012b): Thesaurum. *La Crónica Troyana de Alfonso XI (Escorial h.I.6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)* (Santiago de Compostela: Universidade, Facultade de Historia da Arte). Tese de doutoramento inédita.

Sánchez-Prieto Borja, P. (1998): *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*. Madrid: Arco/Libros.

Stirnemann, P. (1990): “Réflexions sur des intructions non iconographiques dans les manuscrits gothiques”, en Barral i Altet, X. (ed.), *Artistes, artisans et production artisane au Moyen Âge. Colloque international (CNRS, Un. de Rennes II, 2/6-5-1983)*, vol. 3, 351-356 (Paris: Picard).

Stirnemann, P. / Gousset, M.-Th. (1989): “Marques, mots, pratiques: leur signification et leurs liens dans le travail des enlumineurs”, en Weijers, O. (eda.), *Vocabulaire du livre et de l'écriture au Moyen Âge. Actes de la table ronde (Paris, 24/26-9-1987)*, 34-55 (Turnhout, Belgique: Brepols, *Etudes sur le vocabulaire Intellectuel du Moyen Âge* 2).

Suárez González, A. (2004) [1998]: “La tarea cotidiana de escribir a partir de los Códices VI, X.1, X.2 y XII de San Isidoro de León”, en Aguilera Castro, Mª C. (coord.), *Vida cotidiana en la España medieval. Actas del VI Curso de Cultura Medieval (Aguilar de Campoo, Palencia, 26/30-9-1994)*, 217-229 (Madrid: Fundación Santa María la Real, Centro de Estudios del Románico).

Suárez González, A. (1999): “Cómo se elabora un libro en el siglo XII. El proceso de confección bibliográfica a través de los manuscritos calagurritanos”, *Kalakorikos* 4, 105-121.

Suárez González, A. (2001): *Patrimonio cultural de San Isidoro de León. Vol. III: Los códices VI-X.2* (León: Universidad, Secretariado de Publicaciones, Cátedra de San Isidoro de la Real Colegiata).

TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade, Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>).

gAlego
TEXTO
artigos
PORTUGUÊS
CRÍTICA

Unha corrección marxinal do *Cancioneiro da Ajuda* nada marxinal*

Alexandre Rodríguez Guerra
Universidade de Vigo

Resumo:

O presente artigo pretende fixar a lectura dunha anotación marxinal do *Cancioneiro da Ajuda*. A transcendencia desta corrección marxinal é indiscutible porque podemos estar diante da única grafía <lh> (/ʎ/) entre as anotacións de *A* contemporáneas á copia. Para realizarmos este traballo achegámomonos ás distintas interpretacións dos estudiosos, revisamos algunas reproducións de *A* e comprobamos tamén o orixinal manuscrito. Concluímos o labor filolóxico coa fixación, coidámos que incuestionable, desta pasaxe.

Palabras clave:

Galego medieval,ecdótica, *Cancioneiro da Ajuda*, anotacións marxinaias, grafía medieval.

Abstract:

The present article intends to fix the reading of a marginal emendation of the Cancioneiro da Ajuda. The transcendence of this marginal emendation is indisputable because we can be before the only digraph <lh> (/ʎ/) between the emendations of A contemporary to the copy. To realize this work we approach different interpretations of the experts, we check some reproductions of A and we check also the original manuscript. We conclude the philological work with the fixation, we believe that unquestionable, of this passage.

Key words:

Medieval Galician, ecđotic, Cancioneiro da Ajuda, marginal emendations, medieval grammar.



* É de xusteza recoñecer a miña débeda con Xavier Varela Barreiro porque, se non fose por el, esta investigación non existiría; tamén me prestaron a súa axuda Mariña Arbor, Bieito Arias e Eduardo Moscoso; para todos eles vai, dende aquí, o meu agradecemento. Este traballo foi financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad, dentro do proxecto *Adquisición de escenarios de conocimiento a través de la lectura de textos: Desarrollo y aplicación de recursos para el procesamiento lingüístico del gallego* (SKATER-UVIGO) (TIN2012-38584-C06-04), e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, grazas á convocatoria de Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia, dentro da *Rede de Lexicografía* (Relex) (CN 2012/290) e da *Rede de Tecnoloxías e análise dos datos lingüísticos* (CN 2012/179).

1. Limiar

Como é ben sabido, nos folios de pergamiño que constitúen o *Cancioneiro da Ajuda* (*A*) consérvanse unha serie de anotacións, contemporáneas á copia, que contribúen a enriquecer, ainda máis, o valor incalculable desta alfaia das letras galego-portuguesas. No folio 36v, á altura da liña 16 da columna b, na marxe da dereita hai unha anotación constituída por catro palabras. Trátase dunha corrección que foi incorporada ó texto da cantiga sobre raspadura e, unha vez realizada, non se borrou a anotación marxinal.

A composición poética que se viu afectada pola devandita corrección foi unha cantiga de Roi Queimado, numerada polo mestre G. Tavani (1967: 75) como 148,17 e identificada como unha cantiga de amor “giocosa”: *Pois que eu ora morto for* (*A* 143, tamén *B* 264). Concretamente, foi o seu verso número sete o que, en *A*, recibiu a corrección. Este verso, o primeiro da terceira cobra, chegou a nós a través do *Cancioneiro da Ajuda* e mais do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (*B*):

Táboa 1

<i>A</i> (f. 36vb; p. 150b) ¹	<i>B</i> (f. 68va)
	

Na monumental edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis incluíuse esta cantiga de Roi Queimado co número 143 e o seu séptimo verso editouse como “Pois que eu morrer, filhará” (1904, vol. I: 287). Certamente, calquera coñecedor do sistema gráfico de *A* poderíase amosar sorprendido pola presenza no verso precedente do dígrafo <lh>. Mais, como é ben coñecido, na “Adverténcia preliminar” da súa edición, Carolina Michaëlis xustificou a substitución de <nn, ll> por <nh, lh> “por serem estranjeirismos anti-etimolóxicos, não sómente inúteis, mas enganadores” (1904, vol. I: xxvii). E prosegue: “Escolhi *nh*, *lh* porque vingaram ainda na época trovadoresca, e arraigaram tão profundamente que hoje constituem um dos traços mais característicos da escrita portuguesa” (1904, vol. I: xxvii). Engade, ademais, como argumento para a súa escolla o feito de que xa no s. XIII “foram ortografados os diplomas réjios” e de que esa é a representación elixida polos “Cancioneiros jeraes de que os apógrafos italianos

¹ Fotografías tiradas cunha cámara dixital FinePix S6500fd (o facsimile de *A* é o número 885).

foram tresladados” (1904, vol. I: xxvii). Moitos autores ó comentaren a escola gráfica de C. Michaëlis na súa edición do *Cancioneiro da Ajuda* refírense, precisamente, á representación das consoantes palatais, líquida e nasal, como caso sobranceiro de alteración do código escriptolóxico orixinal. Por exemplo, Henry H. Carter inclúe entre os casos de “arbitrary readings may be mentioned” na edición do *Cancioneiro da Ajuda* de C. Michaëlis a escola gráfica de <lh> no canto de <ll> (1941: xv). En calquera caso, cómpre non esquecer que o obxectivo de C. Michaëlis non foi o de fornecer unha edición de *A* tan respectuosa co orixinal que permitise calquera tipo de estudo de natureza lingüística.

Henry Hare Carter publicou en 1941 unha edición diplomática do *Cancioneiro da Ajuda*. A súa foi unha edición fidedigna, que tentou reproducir escrupulosa e sistematicamente as grafías existentes no códice. Despois da reimpressão da edición de C. Michaëlis (en 1990) e mais da publicación do facsímile de *A* en 1994, celebramos a reedición en 2007 da boa obra de Carter. Con ela, fornécesenos unha visión filoloxicamente rigorosa da situación escriptográfica que recollen os cadernos de *A*, non só dende a perspectiva concreta da paleografía, senón dende calquera perspectiva lingüística, nomeadamente, histórica. M^a Ana Ramos exemplifica a fonda fidelidade da edición de Carter ó manuscrito coa non separación de palabras, a non introdución de maiúsculas, acentos ou outros sinais gráficos, ou a non regularización no emprego de <u>/<v> (cfr. 2007: 25, n. 21). Durante moitas décadas, á falta dunha edición facsímile, a obra de Carter permitiu-lles ós estudosos coñecer cal era a realidade gráfica agochada no *Cancioneiro da Ajuda*. Ademais, áinda que a escrita de *A* non sexa, precisamente, de lectura difícil, é a propia M^a Ana Ramos quen salienta a calidade coa que Carter leu este manuscrito medieval. Unicamente apunta unhas poucas e esporádicas ‘lecturas inadecuadas’ (cfr. 2007: 34, n. 28): unha forma non lida nun verso (*en* 226, 1), unha imprecisión *ui* no canto de *uj* (80, 1), *mais* no canto de *mas* (192, 2), *senuer* por *senner* (204, 2) e pouco máis.

O verso número sete da cantiga *A* 143, de Roi Queimado, reproduciuno Henry Carter na súa edición como “[P]ois que eu morrer fillara” (1941: 87) e engadiu nunha nota a rodapé “eu . . . fillara faded” (1941: 87, n. 1). Grazas ós criterios empregados nesta edición, sabemos que no orixinal non hai puntuación (coma “,” despois de *morrer*), que a capital non está executada, que a grafía que neste verso representa o fonema lateral palatal é <ll> e que a secuencia “eu morrer fillara” está reescrita sobre raspadura. Certamente, atopámonos diante dunha edición moi respectuosa co orixinal mais, con todo, pasa por alto algunha cuestión paleográfica menor: por exemplo, non se distingue entre erre de trazo redondo <r> e erre de trazo recto <r> (“mo₂rer” no manuscrito). Ademais, semella que o fragmento realmente raspado no códice inclúe tamén a conxunción *que*: a intensidade da tinta é semellante á de

fillara (máis escura) e non á de *ois*, as irregularidades (perda de tinta) presentes no corpo das grafías de *que* son similares ás de *fillara* e non tanto á de *ois* (motivada polo estado en que quedou o coiro), alén de que, como se verá, a indicación da nota marxinal inclúe tamén a conxunción *que* (cfr. *infra*).

Polo que se refire á fixación deste verso en *B*, Enrico Molteni editouno diplomaticamente contra finais do s. XIX no seu *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. A composición co número 250 é esta cantiga de Roi Queimado e o seu séptimo verso editouse como “E poys eu morirer filhara” (E. Molteni 1880: 112). Nunha edición semidiplomática, Elza Paxeco Machado e José Pedro Machado tamén editaron a cantiga de Roi Queimado *B* 264 (248 no seu libro) e propuxeron como lectura do séptimo verso “E poys eu morirer filhara” (1950: 43, cantiga 248).

Entre os autores que incluíron nas súas edicións ou antoloxías esta cantiga de Roi Queimado, atópase, por exemplo, Alexandre Pinheiro Torres que na sua antoloxía editou este verso sete seguindo a proposta de C. Michaëlis “Pois que eu morrer, filhará” (1987²: 405), sen ningunha outra indicación filolóxica. Na obra, *magnum opus*, coordinada por Mercedes Brea, (LP 1996: 927) editouse a composición anterior coa referencia 148,17 e, aplicando o criterio sinalado na introdución (cfr. LP: 13), respectouse a edición de Carolina Michaëlis. Por conseguinte, non sorprende que o verso número sete sexa idéntico ó proposto pola filóloga luso-alemá. Non se realiza ningún comentario verbo dos aspectos gráficos e, en todo caso, dise que é unha cantiga de escarnio de amor, de refrán e de cobras singulares.

Na súa edición das cantigas de escarnio e maldicir, Graça Videira Lopes incorpora como composición número 393 esta cantiga ‘xocosa’, que brinca “com a revelaçao do nome da *senhor*” (2002: 452). O seu verso sete editase como “Pois qu’eu morrer, filhará” e, salvo un comentario verbo do xesto da doncela, non se engade máis nada. Ademais do mantemento da elección de <lh> para representar o fone-ma líquido lateral palatal, a novidade desta edición vén dada pola introdución dun apóstrofo entre a conxunción *que* e o pronome *eu*, para marcar a elisión do <e> átono final da conxunción (a pesar de que esta grafía si figura en *A*, cfr. *supra*). Poucos anos despois, nun estudo sobre os xestos na poesía galego-portuguesa, Graça Videira citará o verso que nos (pre)ocupa como “Pois que eu morrer filhará” (2006). Repárese nos dous cambios: eliminación do apóstrofo e supresión da coma.

Na completa edición en liña dirixida pola propia Graça Videira Lopes e mais Manuel Pedro Ferreira (CMGP 2011-) o séptimo verso desta cantiga de Roi Queimado editase como “Pois que eu morrer, filhará”. Dise da cantiga que é de refrán e de

xénero incerto² e, na nota que se corresponde co verso sete –glosario–, explícase “*filhar* - agarrar”, sen que se engada ningunha outra consideración.

Recentemente, Pilar Lorenzo Gradín e Simone Marcenaro publicaron a edición das cantigas de Roi Queimado e, nela, inclúese a cantiga *Pois que eu ora morto for* (XV) da que se indica que é unha “singular *cantiga de amor*”, de refrán e con tres cobras singulares (2010: 204). O seu verso número sete editáse como “Pois que eu morrer, fillará” (2010: 203). Apréciase de inmediato que a principal diferenza coas lecturas precedentes vén dada pola escolla da grafía <ll> para a forma verbal *fillará*. Lorenzo Gradín e Marcenaro explican que as grafías correspondentes ós fonemas palatais nasal e lateral serán <nn> e <ll> nos textos transmitidos por *A*, mentres que, nas composicións transmitidas só por *B* e *V*, as grafías que se empregarán serán <nh> e <lh> (2010: 91).

Nesta edición, xuntamente con outra información, agrégase un aparato crítico coas distintas variantes dividido en dous bloques. No primeiro deles (que incorpora os erros dos códices e as variantes rexeitadas) recóllese que, verbo do verso sete, *B* presenta “E poys eu” (fronte a “Pois [sic] que eu” en *A*); no segundo bloque (que incorpora só as variantes gráficas), recomplánse as variantes de *B* “poys”, “moirer” e “filhara” (Lorenzo / Marcenaro 2010: 203). Finalmente, no glosario que presentan estes autores, *s.v. filhar/fillar* únicamente se di ‘prendere’ e danse os exemplos en que se documenta; do caso concreto que nos ocupa a información que se fornece é: “[ind. fut. 3ª pers. sing.] Pois que eu morrer, *fillará* 348” (2010: 298).

Na base de datos en liña da lírica profana galego-portuguesa medieval (MedDB) actualizouse a edición desta cantiga de Roi Queimado (148,17) e, dende o ano 2012, séguese a edición de Lorenzo Gradín e Simone Marcenaro. Daquela, o seu sétimo verso é “Pois que eu morrer, fillará”. Obviamente, elíxese esta edición con todas as consecuencias e respéctase, xa que logo, a escolla gráfica de <ll> para o fonema líquido lateral palatal. Identifícase como unha cantiga de refrán, inclúese na categoría do escarnio de amor, as cobras son singulares e o tema é o da ‘morte de amor’.

Despois desta rápida introdución, pódese concluír que, para os especialistas, a fixación textual deste verso non resultou problemática. É probable que boa parte de culpa desta relativamente doada escolla (salvo os criterios específicos de cada editor) se deba á anotación marxinal que, en *A*, detectou e corrixiu un erro presente na primeira versión copiada no manuscrito. Como xa se indicou (cfr. coa fotografía de *A* recollida na táboa 1), esa versión inicial (que, polo menos a simple vista, non se pode reconstruír) foi raspada e, por riba, escribiuse a versión correcta seguindo as

2 Cfr. coa información histórica que proporciona a propia Videira Lopes (2012): s/p.

indicacións da corrección marxinal. A ela, que non foi borrada despois de introducida no corpo da cantiga, imoslle dedicar as páxinas seguintes.

2. Aproximación a unha corrección marxinal problemática

Carolina Michaëlis non só non desatendeu as anotacións marxiniais presentes en *A* senón que lles dedicou unha atención propia e non cativa (cfr. 1904, vol. II: 167-179). No inicio, C. Michaëlis adianta sobre estas “notas marginais em cursivo” que “rara é a folha do cancionero em que não se lê uma nota mais ou menos interessante em cursivo” (1904, vol. II: 167) e engade que “Os editores antigos repararam apenas em algumas das mais salientes” (1904, vol. II: 167, n. 1). Non sorprende, pois, que esta gran filóloga lles dedique trece páxinas de estudio. É moi coñecida e repetida a división das anotacións de C. Michaëlis en tres grandes tipos: ‘correccións de erros’, ‘avisos para o rubricador ou para o copista da notación musical’ e ‘reflexións de distintos lectores’ (cfr. 1904, vol. II: 167). Certamente, foi o primeiro deses grupos o que máis tirou a atención dos investigadores: estamos diante das “meras correccións de erros”, que son “evidentemente da idade do codice” e que “parecem todas da mesma mão. De uma letra muito fina, miudinha, facil de rasurar, foram traçadas por quem, tendo o dever e o empenho de não afear o codice, calculava que seriam apagadas por meio da raspadeira ou de corrosivos, mal tivessem cumprido o seu destino” (1904, vol. II: 167). Carolina Michaëlis dubidaba de se estas anotacións foran obra do propio escriba ou dun revisor distinto, ainda que ó final semella inclinarse pola segunda das hipóteses.

Desafortunadamente, nesta aproximación individualizada, Carolina Michaëlis só tratou ‘sumariamente’ este primeiro tipo de anotacións: xustificao porque as tomou “na devida consideración, no acto de redigir o texto, prestando contas nas notas que o acompañham, ao fundo das páginas” (1904, vol. II: 168). C. Michaëlis explica de moitas das “emendas lançadas á margem” que “foram attendidas. Raspançado o trecho errado, era introduzido o que se lia e lê á margem” e “Isso com mais ou menos exacción, empregando-se abreviaturas ou resolvendo-se as do revisor” (1904, vol. II: 169). E fornece en nota no pé algún exemplo do anterior: “Onde á margem encontro: *qro bē sofrer porē q'sestes*, vejo no texto *quero ben soffrer poreñ quisestes*. ” (1904, vol. II: 169, n. 2). Aínda que hai casos en que o revisor tamén se enganou, para Michaëlis o revisor procedeu no seu labor dun xeito escrupuloso (cfr. 1904, vol. II: 170) e engade unha listaxe con pequenos errores sinalados polo revisor pero que non foron “sanados” (1904, vol. II: 170): nela, obviamente, non se rexistra a anotación que nos ocupa. A propia autora confirmao ó explicar que “Omitto em geral as correccións, lançadas á margem, das quaes ja me occupei nas notas que acompañham o texto, referindo-me a ellas sómente onde tenho de retocar alguma indicação menos precisa” (1904, vol. II: 170, n. 1).

A propria Carolina Michaëlis (1904, vol. I: 287), cando edita a cantiga *A* 143 de Roi Queimado, non realiza ningún comentario a propósito da anotación na marxe dereita do manuscrito á altura do verso sete. No glosario (C. Michaëlis 1920: 39), *s.v. filhar*, non se incorpora ningunha indicación dende a perspectiva gráfica, cousa que si fai *s.v. filar*, cando se di de <ll> que en *A* é “grafía arcaica e castelhana do som palatalizado *lh*” (1920: 39).

Houbo que agardar case ata mediados do s. XX para ter unha referencia explícita á anotación marxinal que constitúe o obxecto das nosas pescudas. Na súa edición diplomática de *A*, Henry H. Carter (1941) non só fornece información sobre as raspaduras textuais presentes nas páxinas do códice (cfr. *supra*), senón que tamén reúne en notas no pé “All emendatory marginal notations” (1941: xvii). Xa que logo, na transcripción que fixo da cantiga 143 de Roi Queimado Carter recolleu nunha nota no pé de páxina a anotación marxinal que lle afecta ó séptimo verso desta cantiga: “in right margin: *q eu morrer filhara*” (1941: 87, n. 1). Carter informa sobre a situación desta corrección, na marxe da dereita, e, como non realiza ningún comentario ou aclaración, nin sobre a identificación gráfica de <lh>, nin sobre a posible ausencia dalgunha(s) grafía(s) na páxina do manuscrito, debemos entender que o transcrita é exactamente o que este autor leu no códice.

Elza Paxeco Machado e José Pedro Machado (1950) canda a edición de *B* inclúen un aparato crítico coas variantes presentes en *A*. Así, ó editar a cantiga *B* 264 de Roi Queimado explican que o seu verso número sete é en *A* “*Pois que eu morrer fillara*” e engaden “à margem: *que eu morrer filhara*” (1950: 43). Non se fornece ningunha outra explicación pero, coma no caso de Carter, o recoñecemento do que se le na marxe de *A* non admite dúbidas: nin no que se refire á súa integridade textual (ausencia de lagoas), nin á interpretación da secuencia gráfica que representa o fonema líquido lateral palatal como <lh>.

A comezos da década dos noventa do s. XX, M^a Ana Ramos aproximouse nunha breve contribución ás anotacións marxinais de *A* dun xeito xeral, porque pretendeu salientar a súa importancia dende a perspectiva da tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa (cfr. 1993a: 150). Alén das anotacións que engaden ou suprimen unha vogal, sílaba ou palabra, a autora estableceu unha clasificación en tres grupos en función de que as leccións do texto da cantiga de *A*, da versión de *B* ou da anotación marxinal (*A*¹) coincidisen [=], ou diverxesen [#]: *A = A*¹ # *B*, *A = A*¹ = *B* e, por último, *A*¹ # *A* # *B* (1993a: 145-149). Fornécense moi poucos exemplos de anotacións e, entre eles, non se localiza a que é obxecto das nosas pescudas.

A propria M^a Ana Ramos, nun traballo xa clásico que se anexou á edición facsimilar de *A*, dedicoulle un ítem ás particularidades do noso Cancioneiro que puidesen

axudar a localizar o escritorio en que se confeccionou. Ademais doutros argumentos, entre os de natureza lingüística manéxase, como un dos senlleiros, o das grafías empregadas en *A* para representar as consoantes palatais, nasal e lateral. Verbo destas últimas escribe M^a Ana Ramos que “os dígrafos <-lh-> e <-nh-> están ausentes do manuscrito, se exceptuarmos uma correción marginal, contemporánea da cópia, em que o revisor usa <-lhe-> [sic] em *filhara* (*A* 143)” (1994: 45). A afirmación anterior, aparentemente taxativa, publicada canda o propio facsímile debería ter servido (conxuntamente coa obra de Carter) para fixar, definitivamente, a lectura desta corrección marxinal. Mais a deriva dos feitos non foi precisamente esa senón outra ben distinta, como veremos máis adiante.

Neste mesmo traballo M^a Ana Ramos explicou a presenza da grafía <lh> nas anotacións marxinais de *A*, ben porque o revisor era “uma mão portuguesa” coñecedora deste emprego gráfico, ben por algunha posible “contaminación” coa fonte xa que Roi Queimado é autor portugués (1994: 45)³. Non esquezamos que estes argumentos aparecen recollidos na sección titulada “Particularidades do local de producción” porque, a pesar de que en textos deste tipo e da época do *Cancioneiro da Ajuda* “as características paleográficas, gráficas ou mesmo linguísticas não chegam, efectivamente, a ser determinantes na eleição de um local” (1994: 44), non é menos certo que, segundo a Borges Nunes, as características da escrita gótica de *A* “aproximam-se das galego-castelhanas e distanciam-se das praticadas mais frequentemente em Portugal” (1994: 44). E, por iso mesmo, cobra relevancia comprobar se nas correccións marxinais contemporáneas da copia se rexistra xa un novo emprego gráfico “adoptado en Portugal no tempo de D. Afonso III, entre 1265-1275”. Neste sentido, para M^a Ana Ramos as características lingüísticas más sobranceiras do *Cancioneiro da Ajuda* “são comuns ás que aparecem en textos galegos da Idade Média e ás que poden tamén surdir en documentos portugueses do séc. XIII” (1994: 46). E concluíu que as mans que probablemente interviron na confección do códice deberon de ser “mãos portuguesas do Norte ou mãos galegas” que, en todo caso, traballaron “com materiais de diferente natureza” (1994: 46).

Será no ano 2004 cando se presente o traballo que, de xeito definitivo, editará especificamente as anotacións marxinais de *A* contemporáneas da copia. Trátase dunha investigación moi exhaustiva de Susana Tavares Pedro desenvolvida dende unha perspectiva paleográfica e que, para levala a cabo, parte tanto da edición fotográfica de *A* coma da consulta directa do manuscrito (cfr. 2004: 1, n. 2)⁴. De inicio, Tavares Pedro establece unha tripla clasificación entre as ‘anotacións marxinais primitivas’, as ‘anotacións marxinais tardías’ e ‘outras anotacións’ (cfr. *supra* coa clasificación

3 M. Arbor retoma tamén estes mesmos argumentos (cfr. 2005: 95).

4 Os números das páxinas deste artigo correspóndense coa paxinación do ficheiro pdf.

de C. Michaëlis). Á primeira tipoloxía, isto é, aquelas anotacións gráficas que son contemporáneas da produción do *Cancioneiro da Ajuda*, dedícalle o capítulo 2. Á súa vez, divide este tipo de anotacións en tres bloques: ‘notas para os decoradores’, (cfr. §2.1.), ‘notas do revisor do texto’ (cfr. §2.2.) e ‘notas do corrector do texto’ (cfr. §2.3.). O noso interese sitúase nos dous últimos tipos de notas e, con eles, cómpre sublinhar que Tavares Pedro identifica entre as anotacións marxinais primitivas de *A* dúas mans e non só unha, que tradicionalmente se asociaba co ‘revisor de *A*’.

A primeira dasas mans, a do revisor, foi a que sinalou “erros e lacunas no corpo do texto, sopontando e riscando letras ou palabras inteiras, marcando sempre os locais adequados com sinais de chamada e, quando necessário, lançou nas margens as formas correctas, introduzidas pelos sinais correspondentes” (Tavares Pedro 2004: 11). Salvo as do folio 68, as anotacións do revisor adoitan ser moi curtas: dunha única letra, de parte dunha palabra, dunha palabra enteira e, máis raramente, de “três ou quatro palabras seguidas. Quase todas as anotações de dimensão superior são, ou exclusivamente do punho do corrector, ou acrescentadas por ele no seguimento da emenda” (Tavares Pedro 2004: 12).

A segunda man, a do corrector, interveu despois: unha vez identificado o erro, o corrector raspaba o texto errado e insería a “versão correcta, ou reformulava primeiro a emenda, de uma de duas maneiras: substituindo-a por uma nota mais extensa ou completando-a. Em qualquer dos casos, reproduzia na margem o texto que calculava ter de anular antes de proceder à correcção” (Tavares Pedro 2004: 16). A emenda do revisor non sempre foi borrada.

Agora ben, para Tavares Pedro non todas as emendas do revisor están acompañadas de anotacións do corrector. Estas “ocorrem nos casos em que a correcção implicou uma alteración substancial no texto já copiado, com rasura de uma quantidade relativamente extensa de palabras, por vezes de mais que uma linha de escrita” (2004: 14). O revisor deixou a súa pegada entre os folios 1v e 73r (páxinas 80 a 223); a actividade do corrector localízase entre os folios 2v e 72r (páxinas 82 a 221), aínda que é no folio 3v onde Tavares Pedro sitúa a primeira nota escrita polo corrector. En total, esta autora rexistra en *A* 257 correccións: 191 son do revisor e 66 do corrector. Os cadernos de *A* que presentan algunha destas emendas son once e os que non posúen ningunha son o VII^a, XI^a, XII, XIII, XIV e XIV^a⁵. A distribución das anotacións por cadernos é a seguinte:

5 Séndomos conscientes do difícil que é traballar cos cadernos de *A*, optamos por manexar a distribución empregada, entre outros, por M^a Ana Ramos (2008) porque nestes momentos parécenos a menos incompleta e problemática das existentes.

Táboa 2⁶

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	Total
Revisor	17	15	2	11	24	28	19	14	12	25	24	191
Corrector	5	5	2	5	16	11	–	4	3	11	4	66
Anotacións por páxina de texto	1,6	1,4	0,6	1,3	3,1	2,8	1,6	1,4	1,7	3	2,6	1,9

Dos datos anteriores obtense que a proporción entre anotacións do revisor e do corrector é de 3 a 1 a favor das primeiras. De todos os xeitos esa proporción non é a mesma en todos os cadernos: mentres no III o reparto é equilibrado (50%), no V o reparto é 60% / 40% (sempre a favor das anotacións do revisor), no IX as anotacións do revisor supoñen o 80%, o 86% no XI e o 100% no VII (nos outros cadernos as correccións do revisor oscilan entre o 69% e o 78%). Se temos en conta todas as anotacións en relación ó número de páxinas de cada caderno con texto obtemos as cifras que se recollen na última das ringleiras da táboa 2. A media é de case dúas correccións por cada páxina: bastante por debaixo desa media, con 0,6 correccións, atópase o caderno III; entre 1,3 e 1,7 correccións por páxina localízanse a maioría dos cadernos (IV, II, VIII, I, VII e IX); os cadernos con máis emendas por páxina oscilan entre 2,6 e 3,1 (XI, VI, X e V). Estes datos poden ser significativos tamén dende a perspectiva da calidade da copia: cantos menos errores ou descoidos introduza o copista, menos intervencións correctivas haberá do revisor ou corrector, e viceversa, o esperable é que segundo aumente a cantidade de lapsos ou errores do copista, a cantidade de correccións tamén vaia en aumento.

Polo que se refire ás emendas do revisor, corenta e oito (unha cuarta parte do total de correccións do revisor) non foron corrixidas no corpo do texto (polo corrector). A meirande parte delas concéñtranse en dous puntos: entre os folios 42v e 45v (páxinas 162 a 168, na fin do caderno VII), e nos folios 72v-73r (páxinas 222-223, na fin do caderno XI). Ademais, Tavares Pedro fornécenos os exemplos en que detectou que a emenda do revisor foi borrada polo corrector (cfr. 2004: 16): suman un total de dezaoito, dos cales é capaz de reconstruír e transcribir a metade (nove). Grazas a este traballo sabemos non só que das tres cuartas partes das emendas do revisor que si foron corrixidas no texto das cantigas, algo máis da metade delas non presenta anotación marxinal do corrector, senón que tamén podemos identificar cales son eses exemplos.

6 Táboa elaborada por nós a partir da información recollida por Tavares Pedro en apéndice (2004: 26-31).

Obviamente, entre todas estas anotacións marxinais, Tavares Pedro inclúe a que é obxecto da nosa análise. No “Quadro 1 – Emendas e correccões marginais no *Cancioneiro da Ajuda*” recollido no apéndice (2004: 26-31) localízase esta corrección no f. 36vb, liña 16, marxe dereita, e baixo a autoría do que ela denomina ‘correc-tor’ e coa emenda do revisor “apagada por raspagem”: ~~q̄ eu morrer filhara~~ (2004: 28). En primeiro lugar, é transcendental salientar que a lectura anterior se dá como segura, pois non se bota man de ningunha das convencións de transcripción paleográfica (e que distinguen o texto e/ou grafia(s) lexible(s) ou que hai que restituír conxecturalmente). En consecuencia, nesta anotación marxinal de *A* (i) non hai ningún corte ou perda textual no códice, e (ii) a grafía que nos (pre)ocupa é <ll> e non <lh> (contrariamente á lectura proposta, por exemplo, por Carter). Certamente, o feito de estarmos diante dun traballo tan actual, rigoroso no seu quefacer (son excepcionais os erros ou descoidos na interpretación das anotacións marxinais), completo e exhaustivo na análise da práctica totalidade das correccions marxinais, que se enfoca dende unha óptica paleográfica e no que contamos coa garantía da consulta do códice (e non só de reproducións), debería ter suposto un pulo case definitivo de cara á fixación desta pasaxe. Mais o certo é que, novamente, non ocorreu así.

Mariña Arbor Aldea tentou responder a pregunta de ‘onde se confeccionou o *Cancioneiro da Ajuda*?’ (cfr. 2005: 88-97) e, no percorrido que fai por obras senlleiras de C. Michaëlis, G. Tavani, A. Resende de Oliveira e M^a Ana Ramos, reitera un dos criterios de natureza lingüística máis empregados: o uso en *A* dos dígrafos <nn> e <ll> para representar as consoantes palatais, fronte a <nh> e <lh>, o que achegaría a confección de *A* ós moldes escriptográficos afonsís (2005: 90, 91 e, sobre todo, 95-96). Segundo a M^a Ana Ramos, M. Arbor constatou que <lh> e <nh> non aparecen no manuscrito de *A* “se exceptuamos unha corrección marxinal, contemporánea da copia (*filhara*, *A* 143)” (2005: 95) sen que se engada ningunha outra explicación verbo da mesma⁷. En todo caso, os comentarios e as reflexións precedentes insisten na necesidade de clarificar con total exactitude qué figura nesta anotación marxinal de *A* xa que as implicacións a propósito da filiación xeográfica na confección do códice son transcendentais (cfr. M. Arbor 2005: 95-96).

No mesmo ano 2005, M^a Ana Ramos publicou un traballo monográfico sobre a grafía <h> en *A* e, para a realización deste estudo, manexou a edición paleográfica de Carter e “o próprio ms., sempre que me pareceu necesario esclarecer alguma situación gráfica de interpretación duvidosa” (2005: 383, n. 4). Neste traballo (2005:

⁷ No capítulo dedicado especificamente ás ‘notas marxinais’, M. Arbor –segundo a C. Michaëlis e mais a M^a Ana Ramos– refírese á tipoloxía das anotacións e á súa relación coas fontes de *A* en particular e da tradición lírica medieval galego-portuguesa en xeral, pero non se retoma esta anotación marxinal do folio 36v (cfr. 2005: 65-68).

398) reflexiónase sobre o uso en *A* (“na solene minúscula gótica do texto”) das grafías <ll> e <nn>, pero non de <lh> e <nh>, aínda que si existe “a posibilidade já da integración do dígrafo <lh> na menos solene cursiva que é utilizada em uma nota marginal de base correctiva” (2005: 398). E M^a Ana Ramos comenta explicitamente o exemplo de *fi<ll>ara*, empregado no texto de *A*, fronte a *fi<lh>ara*, utilizado polo revisor do cancionero lisboeta. Isto parécelle “um indício para supormos um revisor que não só conhece a grafia <lh>, mas que, em outro nível de escrita, o transcreve” (2005: 398, n. 44). Para esta dicotomía gráfica propón dúas lecturas explicativas: (i) ou unha en termos exclusivamente paleográficos: “dois tipos de escrita, a nobre *textualis* e a *cursiva*” (2005: 398, n. 44), ou outra (ii) en que se retoma o argumento da posible contaminación por mor da fonte, xa que Roi Queimado é un autor de orixe portuguesa (cfr. 2005: 398-399, n. 44). En todo caso, convén destacar que despois de toda esta reflexión se cita a edición de Carter (concretamente as páxinas que recollen a cantiga *A* 143 de Roi Queimado e a nota en que Carter reproduce a anotación marxinal), e non se realiza ningunha referencia ó códice orixinal. Debemos entender, xa que logo, que M^a Ana Ramos parece seguir, neste aspecto de *A*, a lectura de Carter.

Nós mesmos, conxuntamente con X. Varela Barreiro, nun traballo que se centrou exclusivamente no estudo das grafías empregadas no texto das cantigas de *A*, realizamos algúns comentario sobre as correccións marxinais. Para as nosas reflexións, ademais da revisión de Carter 1941 e Ramos 1994, partimos dun borrador da edición que M. Arbor preparaba de *A* (cfr. Rodríguez e Varela 2007: 473) e, sobre todo, da consulta do facsímile de *A*. Nese traballo chegamos á conclusión de que este exemplo de anotación marxinal que considerabamos truncado non se advertía a presenza da grafia <lh> (cfr. Rodríguez e Varela 2007: 538). Consequentemente, interpretáronse graficamente os dous hastís verticais deste termo como un caso de <ll>.

No ano 2008 M^a Ana Ramos, na súa excelente tese de doutoramento sobre *A*, dedicoulle unha epígrafe completa ás anotacións marxinais e non poucas liñas á cerna do artigo que hoxe nos ocupa. En primeiro lugar, M^a Ana Ramos parte da constatación de que no texto das cantigas de *A* non se empregan os dígrafos <lh> e <nh> (cfr. 2008, vol. II: 474). En segundo lugar, polo que se refire a esta anotación marxinal na cantiga de Roi Queimado⁸ (*A* 143, v. 7), as reflexións de M^a Ana Ramos salientan a dificultade de decidirse por unha ou outra lectura e as dúbihdas que, segundo a súa opinión, rodean a identificación gráfica desta corrección marxinal. Os seus comenta-

⁸ Por lapso, asóciase esta cantiga a Vasco Gil na referencia da páxina 474 (2008, vol. II: 474); no resto de referencias a atribución é correcta (por exemplo, 2008, vol. II: 6, 421, 595...; vol. I: 33, 166-167... 171, 409, 424, 529, 560).

rios xorden despois da consulta de catro fontes fundamentais: a primeira é a edición paleográfica de Carter que, como xa vimos, identifica a cuarta palabra desta anotación como “filhara”; a segunda constitúe o traballo de Tavares Pedro, que identifica a grafía problemática como <ll>; a terceira está conformada polas reproducións do microfilme de *A* coas que traballou M^a Ramos e a partir das cales lle pareceu que “o digrafo, embora non claramente nítido, se aproximava neste cursivo minúsculo de un <lh> sem que a forma total <filhara> aparecesse completamente visíbel pelo corte do lado do festo para a encadernación” (2008, vol. II: 474); finalmente está a consulta do facsímile que “sem melhorar a leitura do códice” permitía grazas á dixitalización unha maior precisión á hora de enxergar o segundo dos elementos do digrafo <l> ou <h>, mais, “mesmo assim, como a sequencia se processa com <a> é problemático determinar se o segundo <l> abrange a morfología para <h>, ou se trata apenas do próprio <a> inserido apóos o digrafo regular neste *Cancioneiro* <ll>” (2008, vol. II: 474). Repárese en que as dificultades para interpretar a secuencia xorden (i) do suposto corte da palabra por mor da encadernación e (ii) dos problemas de decidir se o trazo curvo a carón do segundo hastil vertical se corresponde co deseño dun <a> ou dun <h>.

A mesma autora, ó enumerar os vocábulos que presentan <ll> en posición medial, engade nunha nota no pé a recapitulación das explicacións sobre *filhara/fillara*. Na exposición dos feitos semella que M^a Ana Ramos se amosa un pouco máis convencida pola lectura de Carter (<lh>) ca pola de Tavares Pedro (<ll>), pero a dúbida está sempre moi presente: “a corrección parece fazer-se com o digrafo <lh>”, e engade:

Não me é, particularmente, **nítido** este digrafo, mas se o compararmos com as outras emendas que utilizam <ll>, [...] **parece** que a cursiva do revisor que escreveu <filhara> adoptou um segundo <l> de tal modo ligado ao <a> que **pode sugerir** <lh> [...]. **Parece-me** o único caso de **eventual** presenza deste digrafo <lh>, que **poderia** explicar um menor profesionalismo gráfico na cursiva de quem revê o texto, em relación à górica que exigia sempre o digrafo <ll>. (M^a Ana Ramos 2008, vol. II: 570, n. 1559) [O destacado é noso.]

No comentario conclusivo da grafía <ll>, M^a Ana Ramos recapitula: “Não me sinto agora muito convencida, como referi, da eventual presenza da grafía <lh>, escrita em cursivo, à margem na correcção marginal” e por iso “a decifração de <lh> ou <ll> deixa-nos na falta de certeza” (2008, vol. II: 595). Mais, ainda no suposto de que fose efectivamente <lh> o digrafo presente na marxe do códice, e de que isto lle permitiría pensar a M^a Ana Ramos que a “minúscula cursiva aceitava inovações gráficas que a górica textual não acolhia”, a realidade sería que, mesmo así, “não poderíamos dar a esta variante um peso indiscutível para a localización de produción do manuscrito” (2008, vol. II: 595). En todo caso, habería que actuar con moita

prudencia e reflexionar verbo da “mão do revisor e acerca da natureza dos materiais de correcção” e, daquela, deberíase “pensar mais na eventualidade de uma indicação para a fonte de tradição scriptológica portuguesa” xa que, non o esquezamos, Roi Queimado é un trobador de filiación portuguesa.

En definitiva, M^a Ana Ramos sintetiza dicindo que moitas das excepcións presentes en *A* se deben quer a un ‘accidente material’, quer a unha ‘circunstancia exterior’ (fonte, ciclo, autor) e “não à (in)competência da própria mão” (2008, vol. II: 595). Por iso mesmo, para M^a Ana Ramos o emprego de <ll> no texto das cantigas de *A* “deve estar mais intrínseco ao exercicio de uma górica *textualis* (e talvez não a uma górica cursiva) e mais dependente de um conhecimento gráfico adquirido” (2008, vol. II: 595).

Na edición monográfica das cantigas de Roi Queimado, Pilar Lorenzo e Simone Marcenaro tamén lles dedicaron a súa atención ás rúbricas e notas marxinais no *Cancioneiro da Ajuda*: “In *A* il verso 7 fu modificato seguendo le indicazioni poste dal correttore nel margine destro, in cui s’osserva la perdita delle ultime lettere del *marginalium* a causa della rifilatura, *q* *eu morrer fill(ara?)*” (2010: 204). Obsérvese que da lectura da corrección marxinal como <fill(ara?)> se deduce: que desa palabra soamente se ven as catro primeiras grafías, que a cuarta delas é un <l> (e a segunda un <i>, cfr. Tavares Pedro 2004) e que as tres que, segundo estes autores, faltan, non se ven porque están cortadas por mor da ‘rifilatura’.

Mariña Arbor publicou en 2009 un exhaustivo traballo sobre as notas escritas nas marxes de *A*. De inicio, a autora explicita que tanto as anotacións coma o *incipit* das cantigas ou os versos que cite, “están tomados da transcripción que realizamos directamente sobre o orixinal depositado na Biblioteca da Ajuda” (2009: 50, n. 2). A transcripción podémola caracterizar como semipaleográfica pois, por unha banda, é respectuosa coas abreviaturas presentes no orixinal, pero, por outro lado, non reproduce algunas características paleográficas orixinais como por exemplo as que afectan a grafías como <ſ>, <ð>, <₂>, <ƿ> ou <₁>.

Nun principio, Arbor (cfr. 2009: 50) recoñece que as mans que interviñeron na confección das anotacións marxinais en *A* foron varias e fixérono con criterios e cronoloxías diversas. Divide as anotacións marxinais en dúas tipoloxías claras: (i) as que identifica como tardías e que son obra de diversos lectores con posterioridade á confección do códice; (ii) aquelas que “polas súas características paleográficas, deben ser contemporáneas da copia” (2009: 51). Estas últimas, das que recoñece M. Arbor que constitúen un amplio número, non posúen todas a mesma natureza: hai, por exemplo, indicacións para o decorador, pero M. Arbor neste estudio achégase a unhas que son especialmente importantes dende unha perspectiva ecdótica, e non

son outras que as “que se derivan do proceso de revisión e de corrección ó que se someteu o texto poético unha vez concluída a súa copia” (2009: 51). M. Arbor realiza un estudo sistemático das notas escritas nas marxes, excepcionalmente na entrelíña ou no intercolumnio, das columnas de *A*, e tamén das “emendas, introducidas no texto ou non, que se derivan desas notas” (2009: 51, n. 8).

Estamos diante dun traballo complementario do de S. Tavares Pedro (2004) porque mentres esta adoptou unha óptica paleográfica, M. Arbor centrouse na importancia que estas anotacións teñen dende a perspectiva da crítica textual. A propósito da autoría destas anotacións e logo do labor de revisión de *A*, M. Arbor sinala, en primeiro lugar, que se trata de alguén que non pode identificarse cos amanuenses e, en segundo termo, concorda e segue a Tavares Pedro na identificación de dúas mans diferentes: a do revisor e a do corrector da copia (cfr. *supra*).

Concordamos plenamente con M. Arbor cando recoñece explicitamente o bo traballo realizado por Tavares Pedro xa que, grazas a el, as anotacións marxinais de *A* alcanzaron “unha organicidade, unha consistencia e unha secuenciación no proceso de copia do códice da que ata agora carecían, e que é vital para a súa correcta interpretación” (2009: 53). Na listaxe publicada por M. Arbor, na que reproduce de xeito completo os “*marginalia* do revisor da copia” (2009: 53-67), incorpóranse non só as anotacións recompiladas por S. Tavares Pedro⁹, senón tamén “emendas de letras de espera ou engadidos de maiúsculas, quizais atribuibles ó revisor, que teñen implicacións métricas” (2009: 53). Agrupamos a continuación todas estas anotacións que supoñen un engadido ou unha modificación da proposta de Tavares Pedro¹⁰:

- En seis oportunidades engádese un espazo en branco de separación: por exemplo no fol. 5vb Tavares Pedro leu “menſeu” (2004: 26) e Arbor Aldea leu “men ſeu” (2009: 54).
- Incorpórase un <e> minúsculo ata en once ocasións. Poden aparecer no interior dunha maiúscula, na entrelíña, entre a dobre liña vertical de delimitación da columna de escritura, mesmo á beira da letra de espera pero, sobre todo, no intercolumnio. En catro destes exemplos coméntase explicitamente a posibilidade de que o seu autor fose o revisor.
- Fornécese tamén un exemplo de <a> (anotado na marxe do fol. 70ra).
- Engádese un <E> maiúsculo en tres ocasións. En dúas delas fálase da posibilidade de que sexan obra do revisor.

9 Unicamente se deixaron sen introducir as anotacións marxinais <meu> (fol. 10ra), <uoſ> (fol. 30ra) e <eu> (fol. 30ra).

10 Fernández Guiadanes (2010: 175) engade unha serie de correccións de grafías minúsculas e maiúsculas non incluídas por S. Tavares Pedro (nin por M. Arbor, menos unha) que tamén poderían ser obra do revisor de *A*. Trátase de seis secuencias (oito grafías) que se localizan entre os folios 36v e 45r.

- Súmanse tamén cinco exemplos de <τ>, que se localizan maioritariamente no intercolumnio.
- Engádense as formas <quē> (fol. 37va), que non se rexistra en Tavares Pedro e da que comenta M. Arbor que “moi apagada, a apostila da marxe talvez foi raspada” (2009: 60), a corrección <eu y> (fol. 59rb) que se identifica como nota do corrector e a palabra <eu> (fol. 69ra) que se localiza na entrelíña.
- Noutras oportunidades a lección ofrecida por Tavares Pedro sofre algúna variación significativa en Arbor Aldea: [TP] <meu fē> → [AA] <*eu sem> (fol. 26vb); <mio> → <mjo> (fol. 29rb); <coita> → <coy (cortado)> (fol. 32vb); <mayf> → <mais> (fol. 36va); <[...] q> → <en q> (fol. 53ra); <usfeu> → <uisseu> (fol. 56vb); <[...] coytas> → <(cortado) n coytas> (fol. 66va); <[...] f̄ o muý grā:> → <qro muy gran> (fol. 71va).
- Arbor Aldea inclúe tamén como obra do revisor o único caso de indicación atributiva <pº dapont̄> (fol. 9va) e a nota <vacat> (fol. 69rb).

Certamente, entre as anotacións marxinais recompiladas por M. Arbor atópase tamén a que é obxecto do noso estudo: “[f. 36vb] q eu morrer fillara (?). 143, v. 7: /P ois que eu morrer fillara. O texto foi modificado seguindo a lección escrita na marxe polo corrector. O verso é satisfactorio” (Arbor 2009: 60). A lectura de M. Arbor coincide basicamente coa interpretación de S. Tavares Pedro: non hai falta de texto no códice, a forma de futuro do verbo *fillar* nin se reconstrúe nin presenta falta de ningunha grafía e o dígrafo para a líquida lateral palatal é <ll>. Salvando as diverxencias provocadas polos criterios empregados na edición das anotacións, a gran diferenza atópase en que a lectura de M. Arbor non se dá como segura xa que se fai seguir de “(?)” (única vez que se utiliza). Segundo a investigadora galega esta será, pois, a interpretación máis probable entre as posibles, pero a incerteza subsiste.

Chegados a este punto, coidamos que é necesaria unha recompilación esquemática das principais hipóteses vistas ata este momento:

Táboa 3

	<lh> (?)	<ll> (?)
Carter 1941	filhara	
Machado / Machado 1950	filhara	
Ramos 1994	filhara	
Tavares Pedro 2004		f̄illara
Ramos 2005	<lh>	
Arbor 2005	<lh>	

	<lh> (?)	<ll> (?)
Rodríguez / Varela 2007		<ll>
Ramos 2008	<lh> (?)	
Arbor 2009		fillara(?)
Lorenzo / Marcenaro 2010		fill(ara?)

Convén notar que o que inicialmente apuntaba cara a unha interpretación inequívoca do dígrafo como <lh>, co avanzar dos anos, en vez de apuntalarse esta lectura, o que aumentaron foron as insecuridades tanto nunha dirección, <lh>, coma noutra, <ll>. Neste sentido, a pesar da calidade e cantidade dos traballos realizados na primeira década do s. XXI, sorprende a falta de acordo entre os distintos autores e, por veces, entre diferentes traballos dun mesmo especialista. Dúas son as dúbihadas básicas que cómpre, xa que logo, resolver: (i) a presunta falta no códice das grafías finais desta forma verbal; (ii) a interpretación do dígrafo que representa a líquida lateral palatal, tanto se houber lagoa gráfica, coma se non. A estes dous aspectos dedicáremosllas as páxinas seguintes.

3. O *Cancioneiro da Ajuda* ou de como os facsímiles poden non ser tal

En 1994, isto é vinte e un anos despois da publicación do facsímile do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* e doce anos despois da saída do facsímile do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, viu a luz o devecido facsímile do *Cancioneiro da Ajuda*. Realmente, esta publicación supuxo un antes e un despois na aproximación ó manuscrito lisboeta xa que, como lembra, entre outros moitos investigadores, Antonio Fernández Guiadanes, o facsímile de *A* vai permitir “contemplar e facerlle ver a moitos estudosos a verdadeira materialidade do códice custodiado no Pazo da Ajuda” (2010: 163).

Mais, tal e como sintetiza a táboa 3, é precisamente a partir de 1994 cando comezan as diverxencias, diverxencias aparentemente firmes no período 2004/2007, pero que se converten en discrepancias insecuras nos tres últimos anos recollidos nela (2008, 2009 e 2010). Como humilde homenaxe a C. Michaëlis e a todas as grandes filólogas que navegaron con temón mestre polo océano filolóxico de *A*, querémosllas dedicar a fixación, coidamos que definitiva, desta pasaxe marxinal tan senlleira como *incerta*?

3.1. Realmente, hai perda de grafías nesta corrección marxinal?

A hipótese da perda de grafías nesta pasaxe motivada por corte non sorprende a ningún estudoso de *A*, porque xa Carolina Michaëlis recoñeceu que a intervención

do encadernador “cerceou as margens de modo lamentavel, aniquilando marcas de registo, a velha paginação (se existiu), e partes importantes das notas marginaes, chegando ás vezes a damnificar o texto” (C. Michaëlis 1904, vol. II: 139). A mesma filóloga sinalou tamén que as follas deste manuscrito debían de ter “originariamente pelo menos mais quatro cm. ao alto e dois ao largo” (1904, vol. II: 141)¹¹. Tavares Pedro a propósito dunha anotación marxinal do corrector na páxina 98a (folio 10v, liñas 5 a 8), á que lle falta texto na súa marxe frontal por mor da encadernación, opina que “do número de palabras em falta podemos supor que os bifólios originais teriam, pelo menos, mais 10mm de largura” (2004: 15, n. 19).

Hai distintas descripcións do tamaño orixinal das follas do *Cancioneiro da Ajuda*:

—En primeiro lugar, están as referencias xenéricas cun único alto e ancho: 443 x 334 mm (C. Michaëlis 1904, vol. 2: 141; H. Carter 1941: xii; G. Tavani 1988: 56; BITAGAP manid 1082).

—En segundo termo, sitúanse os traballos que fornecen uns límites mínimo e máximo xerais entre os que oscilan o alto e o ancho: entre 438/443 mm a altura e entre 334/340 mm a anchura (M^a A. Ramos 1993b: 115 e 1994: 31; M. Arbor 2005: 52 e 2008: 23).

—Finalmente, a descripción más completa das que temos constancia é a de M^a Ana Ramos (2008, vol. I: 125-126), que fornece as medidas de 31 folios (dous por caderno menos nos tres que están compostos só por unha folla): a altura no lombo e na fronte e mais a anchura na cabeza e no pé. A altura no lombo más pequena é de 430 mm (f. 17) e a más grande é de 442 mm (f. 75); na fronte a altura más pequena é, além do caso do folio 88^a con 405 mm, de 432 mm (ff. 17 e 88) e a más grande posúe 443 mm (ff. 20, 40 e 49). Polo que se refire á anchura, a más pequena na cabeza mide 322 mm no folio 88 seguidos polos 332 mm do f. 40 (ademas dos 281 mm do f. 88^a), e a más grande tamén na cabeza mide 352 mm (folio 75); a anchura más pequena no pé baixa ata os 316 mm do folio 88 (seguidos dos 328 no 40) e a más grande alcanza os 347 mm (ff. 1, 28 e 49).

Ó revisarmos as medidas fornecidas por M^a Ana Ramos (2008, vol. I: 126) para vinte e nove folios de A¹², na busca do folio prototípico, obtense que a media de altura no lombo é de 436,76 mm e na fronte de 438,52 mm; a media da anchura na cabeza é de 344,28 mm e no pé de 343,31 mm. En consecuencia, a media na altura adoita

¹¹ Sen esquecermos tamén que “Na folha 119, cuja margem inferior ainda assim não é estreita, permaneceu, revirado, um bocado de pergaminho que tem 1 cm de altura” (C. Michaëlis 1904, vol. 2: 141, n. 3).

¹² Son os folios 1, 3, 8, 10, 15, 17, 20, 22, 26, 28, 33, 35, 40, 41, 43, 47, 49, 55, 57, 62, 65, 68, 70, 74, 75, 77, 79, 81 e 85. Deixamos fóra, polas súas irregularidades, 88 e 88^a.

ser de case dous milímetros maior na fronte ca no lombo e a anchura é praticamente un milímetro maior na cabeza ca no pé. De compararmos as dimensións na altura, observamos que dos vinte e nove folios soamente 5 (17%) presentan exactamente a mesma medida; en sete folios (24%) é lixeiramente maior a medida tomada no lombo (cunha media de 2,14 mm) e en dezasete follas (59%) é a medida da fronte a que é de maior tamaño (cunha media de 3,82 mm). Verbo da anchura, unicamente hai catro folios (14%) nos que coincide a medida tomada na cabeza e mais no pé, en nove folios (31%) a medida rexistrada na cabeza é menor cá do pé (cunha media de 1,89 mm) e, finalmente, en dezaseis folios (55%) é a cabeza a que posúe unha maior dimensión có pé (cunha media de 2,81 mm).

En calquera caso, nin localizamos a medición exacta do folio 36, nin foi algo que fixeramos nós cando consultamos o orixinal. Por este motivo e porque queremos pescudar ata que punto a edición facsímile de 1994 reproduce fidedignamente o tamaño dos folios de *A*, realizamos unha medición comparativa entre algunas das fotografías do facsímile e os datos reais fornecidos por M^a Ana Ramos. Ademais, quixemos comprobar se no facsímile o tamaño da fotografía do recto dun folio coincidia coas dimensións da fotografía do verso dese mesmo folio. O noso obxectivo é avaliar a posibilidade de que o folio 36 sufrixe algunha mutilación, algún corte que permitise xustificar a posible falta de grañas na anotación marxinal que, non o esquezamos, aparece na marxe interna, ou lombo, do pergameo.

Seleccionamos nove folios dos que M^a Ramos fornece o tamaño¹³ e comparámoslos coas medidas que esos folios presentan, no recto e no verso, na edición facsímile (1994)¹⁴. O primeiro que chama a atención é que a meirande parte das medicións amosan que o tamaño das fotografías do facsímile é menor có que posúen os folios orixinais. Dun total de setenta e dúas medicións: (a) en cinco (7%) coincide o tamaño¹⁵, (b) en nove (12%) o tamaño da fotografía é maior cá apuntada por M^a Ramos para o manuscrito orixinal e (c) en cincuenta e oito ocasións (81%) as dimensións das follas fotografadas son inferiores ás rexistradas para o orixinal.

- (a) Cómpre subliñar que en catro dos cinco casos de coincidencia as medidas se refiren á altura de catro folios diferentes (dúas no lombo e dúas na fronte): 1, 28, 35 e 40. Ademais, os cinco exemplos comparten unha característica común: a coincidencia dáse entre a medida do orixinal e a rexistrada no verso dos folios respectivos do facsímile (en ningún caso coas fotografías dos rectos).

13 Os folios son: 1, 17, 20, 28, 35, 40, 49, 75 e 88.

14 A regra que empregamos para a medición é unha Artes CB-500 de aluminio. O exemplar do facsímile de *A* sobre o que traballamos é o número 356.

15 Incluímos todos aqueles casos en que a diferenza, inapreciable, se sitúa entre 0 e 0,99 mm.


- (b) Se nos fixamos agora nas nove medidas en que resulta maior a fotografía có orixinal, descóbrese que a diferenza media entrabmos é de 6 mm (cunha diverxencia máxima de 9 mm e unha mínima de 3 mm). Son catro os folios que concentran estas nove medicións: delas, hai tres medidas que se refiren á altura e afectan sempre á fotografía do verso (17 –lombo e fronte– e 1 –lombo–); as outras seis medidas prodúcense sempre na anchura e concéntranse en dous folios: o 40 (as catro medicións –cabeza e pé do recto e mais do verso–) e o 88 (recto e verso do pé).
- (c) Son maioría os casos en que o tamaño dos folios do códice é maior có reflectido polas fotografías do facsímile. A media da altura (no lombo e na fronte) do orixinal é algo máis de 9 mm e medio maior cá das fotografías do facsímile e pouco máis de 11 mm maior na anchura (na cabeza e no pé). Para calcularmos as medias precedentes tivemos en conta as medidas tanto das fotografías do anverso coma do reverso dos folios. Neste sentido, chama poderosamente a atención a regularidade con que, nas medicións da altura, no lombo sempre é a fotografía do verso a que máis se aproxima ó tamaño do orixinal (queda a 5 mm de media) e a do recto a que máis se afasta del (uns 10 mm de media); na fronte as fotografías do recto afástanse, de media, algo máis de 13 mm e, no verso, uns 12 mm. Polo que se refire ás dimensións da anchura, os datos das fotografías do recto e do verso diverxen algo máis: as anchuras tomadas na cabeza non chegan ás do orixinal por algo máis de 8 mm no recto e 12 mm no verso. Na anchura no pé, pola contra, hai pouca diferenza entre o que se afastan do orixinal as fotografías do recto (12 mm de media) e as do verso (11 mm).

E que sucede co folio 36? Se correremos o risco que supón aplicar as medias anteriores ás dimensións que posúen as fotografías do facsímile, obteríamos que para a altura poderíamos estar diante dun folio superior á media (probablemente por riba dos 440 mm) e para a anchura teríamos un folio só lixeiramente por riba da media (aproximadamente ó redor de 345 mm). As anteriores poden semellar unhas medidas verosí-miles pero, ó non dispónermos das dimensións da folla orixinal, cómpre realizarmos unha comparación entre a proporcionalidade que reflicte a fotografía do recto, 36r, fronte á do verso, 36v, na busca de argumentos más sólidos.

Tal e como se sinalou antes, certamente, o esperable é que as dimensións da fotografía dunha folla polo recto coincidan, de xeito bastante aproximado, coas dimensións desa mesma folla polo verso. Mais nos parágrafos precedentes puidemos comprobar que isto non só non sucede senón que, por veces, chega a ser excepcional. Os nosos resultados amosan que, sumadas as diferenzas nos catro puntos considerados (altura no lombo e na fronte e anchura na cabeza e no pé) das fotografías do facsímile do folio 36, hai unha diverxencia total duns 19 mm entre o recto e o verso. Se comparamos este dato cos das outras nove follas analizadas, advírtese que é a que menos diferenza presenta, pois os demás van dende os, aproximadamente, 21 mm do folio 49 ós, tamén

aproximados, 51 mm do folio 75. A diferenza media total, en milímetros, destas dez follas é de pouco máis de 28 mm. Poderíase pensar, xa que logo, que as fotografías do anverso e do reverso do folio 36 son as más proporcionadas e paralelas.


Agora ben, en canto sometemos estas dez follas a unha revisión máis polo miúdo, o folio 36 revela a súa especificidade fronte ós outros nove que nos serven de referencia. A seguinte gráfica reflicte a distribución porcentual das diferenzas en milímetros entre o tamaño das fotografías do recto e as do verso:



A primeira das columnas hai que interpretala en termos de que praticamente todas as fotografías destes folios son más grandes na fotografía do verso ca na do recto: os milímetros con que se diferencian concéntranse case sempre na fotografía do verso (que por veces chega a presentar as catro medidas –no lombo, na fronte, na cabeza e no pé– do verso meirandes cás do recto: 49v, 75v e 88v) menos nun único caso, o folio 36 que, excepcionalmente, agrupa algo máis das tres quintas partes (61%) deses milímetros de más na fotografía do recto e non na do verso. Ademais, o dato reflectido na segunda columna da gráfica permitenos comprobar que, mentres nas demais follas é a medida da altura a que concentra as maiores diverxencias entre a fotografía dunha cara e a da complementaria, no folio 36 ocorre xustamente o contrario, xa que o 87% dessa diferenza de tamaño se localiza na anchura, e non na altura (obsérvese que o seguinte folio que concentra máis milímetros na anchura é o 35 co 44%, praticamente a metade). Por conseguinte, todo parece apuntar que algo acontece coas fotografías deste folio 36 pois acumula, de maneira excepcional, un maior tamaño na anchura do recto fronte á anchura do verso, sobre todo na cabeza da folla. Esta desproporción vólvese más acusada se temos en conta que a diferenza entre as alturas (no lombo ou na fronte) da fotografía de 36r fronte á de 36v é moi pequena (pouco máis de 2 mm en total). Partindo do feito de que esta folla no códice

orixinal de *A* mide o mesmo con independencia de que se mida por unha cara ou pola outra, cal pode ser a explicación para xustificar estas diverxencias nas fotografías do facsímile? Nos parágrafos que seguen tentaremos dar cumprida resposta ós interrogantes que xorden dos datos anteriores.

Comezamos ofrecendo a reproducción de catro imaxes da marxe interna, altura na zona do lombo, do folio 36v, p. 150. A primeira delas, (a), procede do facsímile (1994) do *Cancioneiro da Ajuda*; a segunda, (b), provén de CMGP; pola súa banda, (c) está tirada da MedDB; finalmente, a cuarta imaxe, (d), é unha reproducción escaneada de CA2 (2008):¹⁶



Como se aprecia a simple vista, todas catro presentan particularidades que remiten inequivocamente a, polo menos, tres fotografías de *A* diferentes. Empezamos pola última delas, (d). As fotografías incluídas en CA2 levan o copyright da Biblioteca Nacional da Ajuda (Lisboa) e amosan nalgúns casos unha relativamente importante perda de espazo nas marxes. O feito de estarmos diante dunha edición cunha dimensión de 34 cm (bastante menor có tamaño real dos folios orixinais) xustifica a eliminación de parte das marxes para tentar que o corpo das cantigas ofrece a mellor das visións posibles.


¹⁶ O fragmento das imaxes que nos interesa é, evidentemente, o esquierdo (que é o que reproduce a marxe interna do folio 36v), á dereita das tres primeiras vese en maior ou menor medida a páxina seguinte, a 151 (que se corresponde coa marxe interna do folio 37r). A fotografía de (a) provén do exemplar número 356 e foi realizada cunha cámara dixital FinePix S6500fd. Agradecemos a Mariña Arbor que nos facilite a imaxe reproducida en (d). Coas frechas pretendemos localizar un punto común nas catro imaxes (non podemos empregar o punto en que se sitúa a anotación marxinal, un pouco por baixo da mancha que marcamos, porque falta na última das imaxes e nas outras, véndose, case é imperceptible).

Como se observa na imaxe (d), na marxe interna deste fragmento do folio 36v non se ve nada da anotación marxinal que nos ocupa (tampouco se ve o número da páxina, 150, escrito modernamente a lapis na marxe superior dereita), o corte prodúcese xusto ó comezo desa mancha bastante grande que se localiza preto do lombo un pouco por riba do punto medio do folio (e que sinalamos cunha frecha externa á imaxe).


Cousa distinta é o que ocorre coas outras tres imaxes, posto que o corte da marxe interna si permite ver polo menos parte da anotación marxinal ó v. 7 da composición A 143 de Roi Queimado. Con independencia da calidade que posúen (moi boa en (a), suficiente en (b) e bastante limitada en (c)), entrevese que son reproducións distintas do folio orixinal. En (a) destacan inmediatamente dúas circunstancias: (i) que do bordo do folio do códice se pasa, sen ningunha transición, á marxe branca que se deixá na folla de papel desta edición na que se imprime a imaxe anterior (e que nós fotografamos); (ii) que o bordo dessa marxe situada no lombo non é completamente recto senón que posúe unhas lixeiras ondulacións. En (b) e (c) que non proceden de fontes impresas, non se detecta ningunha marxe como a sinalada en (i) para (a): a fotografía do códice conclúe e, directamente, o que se ve é un fondo escuro (sen marxes nin transicións interpostas). Polo que se refire ó comentado en (ii), (c) é a que amosa un bordo máis rectilíneo e (b) presenta catro grandes ondulacións pero, en calquera caso, nestas dúas imaxes trátase dun bordo máis branco, dunha cor distinta á do pergamo que está máis á esquerda. Ademais, en (b) chama poderosamente a atención unha especie de sombra negra á esquerda dese bordo branco e, pola contra, en (c) esa zona máis escura faise visible á dereita do bordo máis claro. Son moitas e importantes diferenzas na mesma zona dun folio (marxe interior de 36v) como para que se poidan explicar únicamente polo feito de seren reproducións tomadas en momentos distintos.

Grazas ás novas tecnoloxías, podemos ampliar as fotografías anteriores e, centrándonos nos ángulos superior e inferior da marxe interna do folio 36v, atopamos a resposta a todos estes interrogantes:

Táboa 4. Ángulo superior derecho da marxe interna do fol. 36v



17 Fotografías do exemplar de A número 356, tiradas coa cámara FinePix S6500fd.

Táboa 4_{bis}. Ángulo inferior derecho da marxe interna do fol. 36v

Tanto as imaxes recollidas na táboa 4 coma en 4_{bis} son o suficientemente explícitas: entre os folios 36v e 37r hai unha pestana ou rebarba que, se non se retira convenientemente, pode provocar que coa súa inclinación cara ó folio 36v haxa partes do bordo da marxe interior que queden ocultas. Na fotografía do facsímile (a'), entre o ángulo da pestana co folio, a posición da cámara, a curvatura no lombo do folio 36v e, ó mellor, a substitución da imaxe da propia pestana pola marxe en branco da publicación en papel, axudaron a que os milímetros que se perderon no ángulo superiordereito fosen bastantes. Abonda con comprobar que entre o último díxito do número escrito a lapis ‘150’ (que aparece cunha lixeira curvatura por mor da dobra dos folios no lombo) e o bordo da páxina hai escasamente 2 mm. Mentre, (b') reflicte perfectamente a situación do orixinal e, polo menos neste punto superior da marxe interna, permite ver praticamente a totalidade de espazo entre a numeración a lapis da páxina ‘150’ e o bordo do pergamo (que case equivale ó 90% da anchura do número da páxina). Esta é a explicación, tamén, da sombra que se proxecta, cara á esquerda, en (b') (motivada polo especial ángulo da pestana co pergamo e pola procedencia da luz). A fotografía de (c') sitúase nun punto intermedio porque, aparentemente, presenta a pestana máis pegada ó folio e, en consecuencia, deixa ver un espazo menor entre a fin do número da páxina ‘150’ e o bordo da propia pestana (mide un pouco máis do 70% da anchura do número da páxina).


Algo similar reflicten as imaxes recollidas na táboa 4_{bis}, que reproducen o ángulo inferior da marxe interna do folio 36v. Nas imaxes de (a'') e (c'') non se percibe nidiamente canto pergamo queda agochado pola pestana (non temos ningunha referencia que nolo indique); pola contra, na imaxe (b''), como a pestana se proxecta fóra dos lindeiros do códice (sobre fondo negro), podemos advertir a súa case perpendicularidade e, áinda que está lixeiramente inclinada cara á esquerda, coma no caso de (b'), vemos praticamente todo o bordo interno do folio 36v.

Xa Carolina Michaëlis lembraba que nalgúns follos de A “Subsistem rebarbas, pestanas ou carcelas naturaes, á espera das partes roubadas, nas folhas 58, 75, 93, 98, 100, 105, 108, 109, 112, 113” (1904, vol. II: 136, n. 4) e que as folhas “120, 51, 56, 117, 118, 61, 127, 119, 121-126, 102^a, 104, 114”, cortadas, para podelas incorporar de novo “tiveram de lhes soprepôr umas tiras, a modo de *carcellas* ou *pestanas*” (1904, vol. II: 137, n. 2). Este testemuño é esencial porque unha das folhas afectadas pola presenza destas pestanas modernas é a 119, na numeración de Carolina Michaëlis, isto é, o folio 36 (cfr. 1904, vol. II: 138). Tamén M^a Ana Ramos se refire ó folio 36, procedente da cidade de Évora, como “montado sobre rebarba nova, liga com a lacuna XI” (1994: 69). Ademais, outro dato transcendente é que o eborense folio 36 foi colocado na última restauración “com a rebarba do lado direito e não ao lado esquierdo como se notava na encadernación precedente” (M^a Ana Ramos 2008, vol. I: 166).

En conclusión: no facsímile de *A*, a anchura inusualmente pequena da fotografía do folio 36v fronte á de 36r non reflicte fidedignamente a situación do códice orixinal, senón que está motivada, alén de pola curvatura do folio no lombo, pola existencia dunha pestana que agochou a estremeira da marxe interna de 36v. Só a casualidade provocou que esta pestana ‘cortase’, tanto na fotografía do facsímile coma nas demás reproducións ás que tivemos acceso, unha anotación marxinal xusto pola metade dun dígrafo¹⁸. Porén, se despregamos adequadamente a pestana cara á dereita, podemos acceder á totalidade da marxe interna de 36v e, na altura do folio en que se atopa a anotación marxinal que estamos a comentar, o espazo que falta entre o segundo hastil do dígrafo obxecto de análise e o bordo interno deste folio hai uns 7 mm (cfr. *infra*). Xa que logo, podemos confirmar a integridade do texto escrito nesta anotación marxinal: non hai, polo menos neste punto, ningunha perda de grafías.

3.2. <fillara> ou <filhara>?

Concentrámonos agora na identificación do dígrafo desta anotación marxinal. En primeiro lugar, verificamos con algo máis de detalle qué é o que se ve no facsímile do *Cancioneiro da Ajuda* (1994) da anotación marxinal que nos preocupa:¹⁹





¹⁸ Ainda que é, probablemente, o máis importante, non é este o único caso de texto tapado motivado por unha pestana no facsímile. Susana Tavares Pedro fornece outro exemplo: hai unha letra de espera no folio 80r, un <l>, que “está tapada por uma pestana (correspondente à lacuna XXIII)” (2004: 4, n. 8).

¹⁹ Imaxe tirada do exemplar de *A* número 515 coa cámara Coolpix S8000.

Para minimizarmos os hipotéticos erros ou desvíos que puidesen xurdir no proceso de impresión dos distintos exemplares, quixemos comprobar que o corte se produce sempre no mesmo punto. Manexamos catro facsímiles e os resultados, realizando xa unha ampliación²⁰ da forma verbal ‘cortada’, son os que reflecten as imaxes da táboa 5:²¹

Táboa 5

Exemplar 119	Exemplar 356	Exemplar 515	Exemplar 885
			

Fóra de cuestiós como a intensidade, luminosidade ou ton das tintas, non se advirte ningunha diferenza que lle afecte á cantidade de texto que se deixá ver: queda comprobado que o límite pola dereita pasa sempre polo mesmo lugar. Tal e como se veu comentando, nestas imaxes vense nidicamente os dous hastís verticais do dígrafo, o segundo máis curto có primeiro porque non chega á liña de base, e apréciase un corte practicamente pola metade do que ten a aparenzia dun anel, que é o que se interpretou, quer coma un <a> incompleto seguindo a <ll>, quer coma un <h>, tamén truncado, despois de <l>.

Na fotografía procedente de MedDB (de menor calidade) semella que o corte pasa, no mellor dos casos, pola mesma zona do facsímile, aínda que realmente, ó ampliarmos moito a zona (cunha acusada perda de nitidez) parece que ese corte se produce só un pouco máis á esquerda ca no caso do facsímile (é máis difícil de precisar porque entre o bordo da pestana –máis clara có pergamo– e as grañas hai un pequeno treito que semella ser máis ben sombra pero que impide apreciar con exactitude esa zona):



20 Co proceso de ampliación non todo son vantaxes: as estremeiras esváense, os brancos magnificanse e non sempre é doado saber con exactitude onde chega a fronteira da tinta e onde non.

21 As fotografías foron realizadas coas seguintes cámaras dixitais: exemplar nº 119: 4320x3240 Coolpix S8000; exemplar nº 356: 3648x2736 PowerShot A2000 IS; exemplar nº 515: 4320x3240 Coolpix S8000; exemplar nº 885: 2848x2136 FinePix S6500fd. Agradecémoslle a Xavier Varela a súa axuda ó nos proporcionar algunas destas fotografías.

A terceira das imaxes de que dispoñemos, a que se recolle en CMGP, non permite interpretar esta pasaxe porque esta anotación marxinal aparece moi ‘mutilada’:  Como se pode observar, a anotación marxinal córtase xusto na marxe dereita do hastil vertical do <f>, o resto da anotación está agochada pola pestana que, a pesar de formar nalgúnsas zonas do folio 36v un ángulo só lixeiramente inferior ós 90° (tal e como se verifica nas súas estremeiras superior e inferior, cfr. *supra*), nesta zona central ese ángulo debeu de ser menor e provocou que, xunto coa posición da cámara coa que se tirou a fotografía, se ocultase praticamente a totalidade da última palabra (futuro do verbo *fillar*). Obsérvese tamén que a mesma pestana proxecta unha sombra cara á esquerda, no folio 36v, que escurece toda a anotación marxinal visible, e que probablemente estea motivada polo ángulo con que incidiu algún dos focos de luz.

E chegamos ó momento crucial da presente investigación. Na fin de §3.1. corroboramos que non hai ningún corte na marxe interna do folio 36v (como se podía inferir dalgúnsas reproducións, que non hai perda de grafías na cuarta palabra desta anotación marxinal e agora engadimos que é posible identificalas paleográficamente todas). É certo que non dispoñemos de proba (foto)gráfica documental²², pero non é menos certo que a calidade da conservación deste fragmento no códice orixinal permite identificar perfectamente as grafías presentes nel e vólvese difícil que poídan subsistir dúbidas. Nos catro parágrafos seguintes enumeramos unha serie de conclusiós parciais verbo da identificación deste paso:

- 1) Confirmamos, tal e como se sinalou, que a forma verbal do verbo *fillar* non está cortada senón que aparece completa e está constituída por sete grafías: tres vocálicas e catro consonánticas, incluído un dígrafo.
- 2) Dende o segundo hastil vertical do dígrafo que representa a líquida lateral palatal ata o bordo interior desta cara do pergamo contamos, cunha das regras flexibles que puxeron ó noso dispor na biblioteca do Palácio da Ajuda, 7 mm, aproximadamente. Xa que logo, nesta zona do manuscrito esta distancia é a que adoita faltar, como pouco, nas distintas reproducións (foto)gráficas que puímos consultar.
- 3) Hai unha pequena pestana de separación, bastante ríxida e de cor clara, que separa de arriba abaixo, polo lombo, os folios 36v e 37r: é ela a principal causante de que nas distintas imaxes se produzan cortes nesta anotación marxinal. A casualidade foi, en todo caso, a responsable de que nas reproducións microfilmadas ou facsimilares o corte se producise xusto pola zona graficamente máis relevante.

22 Queremoslles agradecer ás encargadas da biblioteca do Palácio da Ajuda a súa amabilidade e profesionalidade cando, en setembro de 2009, consultamos o *Cancioneiro da Ajuda*. Comprendemos perfectamente as restritivas normas de consulta do códice: a importancia deste monumento das nosas letras é tal, que todos os esforzos por conservalo no mellor estado posible están e estarán xustificados. Cómpre preservar durante milenios esta alfaia imperecedoira do noso patrimonio.

- 4) Así mesmo, cómpre confirmar que as grafías da forma verbal en cuestión son, inequivocamente, <filhaña>²³. Polo menos á vista do códice orixinal, ningunha das grafías anteriores, en especial o <lj>, ofrece dúbidas de natureza paleográfica. En todo caso, a única especificidade que rodea o deseño desta grafia non é tanto o seu carácter uncial como o ductus específico que presenta: o segundo dos trazados deste <lj> iníciase na parte inferior do hastil vertical, pola súa dereita, vaise desprazando en curva cara abaxo á esquerda e, o máis importante, a parte conclusiva deste hastil non se proxecta afastándose en diagonal, senón que se incurva para envolver a letra. É precisamente este especial carácter uncial, cunha realización circular tan marcada e cun diámetro relativamente cativo, o que posibilita que, cando a súa visión é incompleta, se poida chegar a confundir cun hipotético branco interno dun <a>; mais en ningún caso pode ser o <a> porque este se atopa xusto á súa dereita e porque, visto na súa integridade, a súa realización non é a dun <a>.

Afortunadamente, entre os fragmentos asignados á man do corrector, atópanse outros dous exemplos de anotacións marxinais que inclúen a grafía <lj>. Aínda que ambos os dous se atopan en posición inicial e van seguidos da vogal <u> (con til nasal), permítennos establecer unha comparación co ductus da grafía consonántica que estamos a comentar:

Táboa 6

<ljū[...]> 36rb, l. 3 (149b)		<ljūa> 67rb, l. 24 (211b)	
Exemplar 119	Exemplar 356	Exemplar 119	Exemplar 356
Exemplar 515	Exemplar 885	Exemplar 515	Exemplar 885

23 Cando realizamos a consulta do orixinal, connosco estaba o reputado medievalista Bieito Arias Freixedo e, de xeito independente, tamén chegou á nosa mesma conclusión.

Certamente, a transcendencia do primeiro exemplo (<ḥū [...]>) é enorme porque non só pertence ó ciclo de Roi Queimado senón que se atopa tan próximo do noso exemplo, que comparte con el o mesmo folio 36, pero polo recto (36rb l. 3). O segundo (<ḥúa>) é un exemplo localizado no ciclo de Pai Gomez Charinho bastantes folios máis adiante.

A análise comparativa entre o <ḥ> realizado na corrección en 36rb l. 3 e o presente en <filḥāra> revela un *ductus* similar: salvo no adorno oblicuo pola parte superior esquerda do hastil vertical, axudado talvez pola súa posición inicial de palabra, tanto a conformación do hastil vertical (lonxitude, lixeira inclinación, grosor) coma, sobre todo, a realización do segundo trazo que comeza á dereita do anterior e que, arredondado polo seu carácter uncial e sempre cun trazado ben marcado, acaba incurvado e volvendo sobre a propia letra, indican unha mesma matriz base, un mesmo ductus de ambos os <ḥ>. É certo que a manobra envolvente do segundo trazo é maior en <filḥāra> ca neste exemplo de <ḥū [...]> e, precisamente por iso, hai máis posibilidades de chegar a confundilo, cando a calidade da copia non é a adecuada, co branco interno dalgúnha outra grafia.

O exemplo de <ḥúa>, no folio 67rb (l. 24), aínda que non se afaste moito do modelo anterior, amosa algunas peculiaridades no trazado do <ḥ>²⁴: localízase en posición inicial de palabra e tamén posúe un adorno oblicuo pola esquerda do hastil principal pero, nesta ocasión, situado a media altura; o hastil vertical tampouco presenta a discreta inclinación dos precedentes; o segundo trazo que conforma este <ḥ>, acaroadó á dereita do hastil vertical, parte dende unha altura similar á dos outros, debuxa un trazado curvo, esvaído no treito final, e, polo menos do que se percibe no facsímile, non presenta unha incurvatura envolvente sobre si mesmo.

Tavares Pedro caracteriza a letra do revisor como unha minúscula gótica cursiva “frequente na documentación portuguesa do séc. XIII e principios do séc. XIV” e con “traços personalizados, propia de uma pessoa com práctica de escrita regular” (2004: 12). Malia o minúsculo tamaño das anotacións do revisor e do cambio no instrumento de escrita xa comentado, “a análise do *ductus* revela uma única mão em todas as ocasiões” (2004: 12). Asociados á man do corrector nas anotacións de *A*, localízanse cinco exemplos do dígrafo <ll>. Son os seguintes:

²⁴ Non se pode esquecer que o instrumento de escrita empregado nestas anotacións marxinais, como lembra Tavares Pedro ó falar do revisor, “sería submetido a um desgaste mais rápido” e por iso mesmo “as penas tinham de ser talhadas e substituídas com regularidade” (2004: 12). Estes cambios xustifican segundo Tavares Pedro as “ligeiras alterações na espessura dos traços” do revisor (2004: 12).

Táboa 7

10va, l. 5 (98a)	11rb, l. 21 (99b)	19rb, l. 10 (115b)	21rb, l. 6 (119b)	25rb, l. 1 (127b)
<tolle>	<uallaðef>	<lle>	<nulla>	<lle>
Martin Soarez	Nuno Fernandez Torneol		Pero Garcia Burgalês	

Este dígrafo represéntase, xa que logo, con dous hastís verticais paralelos, sen que se detecte ningunha tendencia a xuntalos pola base e sen que a vogal seguinte (<a> en dous exemplos e <e> en tres) se xunte ligándose ó <l> precedente. Obsérvese que os dous primeiros exemplos pertencen a un autor portugués, Martin Soarez, (non así Pero Garcia Burgalês –de orixe castelá– nin, probablemente, Nuno Fernandez Torneol –quizais de procedencia galega–) e en ambas as ocasións o dígrafo empregado é <ll>.

Rexístranse, ademais, os seguintes tres exemplos de <ll> (/ʎ/) entre as anotacións marxiniais escritas polo revisor (o primeiro e o terceiro pertencen a trobadores de orixe portuguesa):

–13rb, l. 9 (103b): <lle>, Martin Soarez.

–26va, l. 19 (130a): <toller>, Pero Garcia Burgalês.

–42rb, l. 12 (161b): <mellor>, Johan Soarez Coelho.

Entre os comentarios marxiniais tardíos presentes no *Cancioneiro da Ajuda*, Tavares Pedro identifica vinte e seis que, segundo ela, pertencen a unha mesma ‘man A’ que escribe cunha letra gótica cursiva común, “mais propriamente a letra joanina típica do século XV em Portugal” (2004: 18-19). Nestes fragmentos textuais asignados a esta ‘man A’, posteriores á copia de *A*, localízanse os seguintes cinco exemplos de dígrafo <lh>²⁵:

Táboa 8

<i>A</i> (84b, l. 15-16)	<i>A</i> (86a, l. 5-6)	<i>A</i> (89b, l. 3)	<i>A</i> (201b, l. 4)	<i>A</i> (202b, l. 7)
<fazialhe>	<fazelho>	<mylhor>	<rrespondeolhe>	<lhe>

25 Compárese a representación do dígrafo anterior coa de <ll>, como por exemplo en 87a, no pé, <matallo> ou en 86a, l. 21-22, <alla>.

Salvo a segunda das realizacións, que diverxe nidamente das demais, estamos diante dun trazado común que, áinda que non está moi afastado, é claramente distinto do empregado pola man do corrector polo menos no folio 36: grafías escritas de xeito independente (excepto a segunda), cos dous hastís verticais de <l> e <h> bastante separados pero que comparten características –altura, grosor, verticalidade...– e co segundo trazo do <h>, uncial, que se proxecta de xeito continuo e prolongado en diagonal cara abaixo, sen que en ningún momento se incurve sobre el mesmo.

3.3. Sobre códigos escriptolóxicos: anotacións marxinais vs. texto das cantigas

Non queremos concluir a presente contribución sen reflexionar sobre os parámetros escriptolóxicos que caracterizan as anotacións marxinais do corrector, coma os fragmentos incorporados como corrección ós versos de *A*. Iniciamos esta epígrafe servíndonos dunha publicación de A. Fernández Guiadanes na que, en 2010, estudiou sobre os trazos que caracterizan a grafía <y> en *A*.

Verbo do <y> escrito polo revisor en *A*, Fernández Guiadanes (2010: 176-177) fornece un total de dezaoito exemplos dos cales quince foron introducidos no texto polo corrector. A súa distribución é a que amosamos na táboa seguinte:

Táboa 9

Revisor	→	Texto de <i>A</i> (obra do corrector)
<y> (14)	→	<y> (10) <y> (1) <l> (3)
<j> ²⁶ (1)	→	<y>
<y> (2) ²⁷ <j> (1)	- - -	

[Elaboración propia.]

A regularidade con que o revisor emprega <y> está fóra de toda dúbida e, por outra banda, cómpre subliñar que das quince correccións incorporadas en *A*, nun 93% (isto é, en todas menos nunha) houbo algún tipo de cambio gráfico na execución por parte do amanuense que introduciu en *A* estas anotacións do revisor.

26 Trátase dun exemplo no f. 38rb, l. 12, que S. Tavares Pedro transcribe como (2004: 28) e Fernández Guiadanes, literalmente, como “(j?)” (2010: 176).

27 Dun destes dous exemplos (<ey>: f. 68v, col. b. l. 22) Fernández Guiadanes, non así Tavares Pedro, ten dúbidas de que fose obra do revisor (cfr. 2010: 177).

A. Fernández Guiadanes (2010: 178-179) realizou tamén unha recompilación dos <y> escritos polo corrector nas anotacións do cancionero. Presentamos os resultados tendo en conta cal foi a grafía coa que foron incorporados nos versos de *A*:

Táboa 10

Anotacións do corrector	→	Texto de <i>A</i> (obra do corrector)
<y> (6)	→	<y> (10) <y> (6)
<y> (6)	→	<y> (5) <i> (1)

[Elaboración propia.]

Obsérvese que a proporción con que segue a variar a escolha gráfica na introdución das anotacións en *A* é maioritaria (58%) fronte ó mantemento gráfico estrito do indicado na anotación. De todos os xeitos é certo que, fronte ó visto na táboa 9, que reflicte unha grande homoxeneidade na proposta gráfica do revisor, o que leva a unha acusada diverxencia co realmente introducido en *A*, da táboa 10 despréndese unha gran variabilidade na representación de <y> (a metade dos exemplos con punto diacrítico e a metade sen el) nas anotacións do corrector, fronte a unha acusada homoxeneidade na súa incorporación a *A* (que mantén o *usus scribendi* de priorizar a forma <y>).

No seu traballo, Fernández Guiadanes proporciona exemplos de diverxencias, non só entre revisor e corrector (o xa visto <y> do revisor ou <-m>, *affam*, que se introduce como <-n>), senón entre o que o corrector escribe nas “súas supostas notas marxinais” e o que finalmente introduce no texto de *A*: <q> (2), <gra>, <ssf>, <gran>, <qrria>, <rré>, incorpóranse, respectivamente, como <que> (2), <gn>, <sen>, <gra>, <querria>, <ren>²⁸ (cfr. 2010: 172, n. 11). É importante destacar que para este autor se poden manexar dous posibles argumentos que xustifiquen estas adaptacións: ou o “espazo que debe encher”, ou “a norma adoptada para a escritura libraria fronte á das marxes” (2010: 172, n. 11).

Outra das principais e transcendentes conclusións a que chegou Fernández Guiadanes foi a de que a semellanza na realización de <y>, do folio 79r cos ff. 74v-78v e cos que realizou o corrector (ff. 1-72r), é un “punto clave, entre outros moitos (uso de *R*, *ductus* do *z*, e así por diante), que nos leva a identifica-lo copista destes folios co corrector do cancionero” (2010: 173). O feito de que só doux deses <y> empregados polo corrector leven punto enriba parécelle “un acto involuntario do copista”

²⁸ Tamén se engade o exemplo de <>nulla> pero, como se pode comprobar no seu mesmo elenco, este caso non sofre ningunha adaptación e coinciden ambas as formas.

(2010: 173). Ademais, “a sistematicidade da cauda dos *y* dos ff. 1-39, por un lado, e dos dos ff. 40v-54r-74r, por outro, fanno pensar nun(s) posible(s) cambio(s) de man(s)” (2010: 173).

Entre os investigadores que estudaron distintos comportamentos escriptolóxicos no *Cancioneiro da Ajuda*, Mariño Paz e Varela Barreiro, despois de debullaren o grafo <v> nas anotacións para o rubricador, chegan á conclusión de que hai dous tipos de <v> en distribución case complementaria e, por iso, “talvez sexa máis acaído falar da existencia de dous correctores –ou de dous momentos na corrección, como tamén apunta Michaëlis na nota 3 da p. 167–, e de que algúns dos dous fose algún dos copistas” (2005: 348). Estes autores, despois de revisaren as correccións marxinias contemporáneas da copia analizando as grafías <u> e <v>, comprobaron que a única grafía que se emprega en todos os contextos (con valor consonántico, vocálico, de glide ou sen valor fonético) é <u> (cfr. 2005: 349) e concluíron “que os criterios de uso nas correccións son os mesmos que empregaron os copistas. Para eles <v> era de uso facultativo –máis ben escaso– e só despois de capital. Para o(s) corrector(es) simplemente era imposible, pois non operaban con capitais. Por iso non topamos nunca <v> nas correccións de *A*” (2005: 349-350). E concluíron que verbo do uso de <u>-<v> tanto as anotacións para os rubricadores coma as correccións ó texto “obedecen a unha lóxica gráfica común e compartida coa do texto dos copistas” (2005: 350).

En Rodríguez Guerra (no prelo), entre outros aspectos, comprobamos cal foi o grao de fidelidade gráfica entre a proposta escrita polo corrector nas marxes e a que finalmente se introduciu en *A*. Dada a relevancia que ten para nós a figura do corrector e, sen esquecermos ademais que semella que foi o corrector (ou copista-corrector segundo Fernández Guiadanes) quen introduciu as correccións nos versos de *A*, recapitularemos brevemente cal é a situación que o cambio gráfico <l̄> → <ll> ocupa no código escriptográfico empregado polo corrector nas correccións marxinias e os usados nos fragmentos corrixidos que se incorporaron no texto das cantigas.

Neste sentido, con independencia da escrita en górica textual (códice) ou górica cursiva (anotacións do corrector), fixámonos tanto na variación grafemática na representación dun fonema (incluído o recurso da xeminación), coma no emprego ou non de signo abreviativo, a utilización de puntos diacríticos ou o uso de variantes paleográficas (entre as que están a longura, a realización recta, baixa, redonda ou uncial dunha grafía). Neste punto, subliñámos a calidade da edición paleográfica das anotacións marxinias de *A* realizada por Tavares Pedro (2004), que distinguiu con rigor todos estes parámetros²⁹.

29 Para unha busca a grande escala das solucións gráficas presentes nos nosos textos medievais é de consulta obrigada o TMILG.

Na meirande parte das ocasións, catro quintas partes do total, existe unha coincidencia entre a proposta gráfica das anotacións do corrector e o que efectivamente foi introducido nos versos de *A*. A proporción anterior é relativamente elevada, pero cómpre precisala establecendo algúns parámetros máis para poder entendela mellor. Así, se nos fixamos nos procesos gráficos nos cales non hai intervención de ningún tipo de abreviación, nin no texto marxinal do corrector nin no texto das composicións de *A*, a proporción de coincidencias aumenta ata o 86% (por un 14% de discordancias); se facemos o propio só con aqueles exemplos en que intervén algún tipo de abreviación, obtense que o número de discordancias aumenta ata un importante 62% e, paralelamente, as concordancias diminúen ata o 38%.

Centrados nas grafías en que non intervén ningún sinal de abreviación, nas de natureza vocálica hai unha concordancia praticamente absoluta entre os grafemas empregados nas correccións marxinais e os que se introduciron en *A*: é no terreo das variantes alofónicas vocálicas no que hai máis discordancias (cfr., por exemplo, co visto para <y>-<ŷ>). Verbo das grafías consonánticas, hai un bo número delas que non sufren variación (, <l>, <p>, <q>, <t>...) entre as que tamén se atopa o dígrafo <ll>, outras que presentan casos de variación e de mantemento (<f> → <f>, <ff>; <ð> → <ð>, <d>...) e, finalmente, outras que varían sistematicamente a escolla gráfica (<ç> → <s>, <c> /ts/ → <c>...) e é precisamente neste grupo no que se insire o único caso de <lh> → <ll>. Xa que logo, áinda que o exemplo concreto que nos ocupa é excepcional en *A*, e a pesar de que o grupo en que se clasificou non é nin moi menos maioritario, o seu non é un comportamento anómalo pois hai outras grafías consonánticas nun escenario similar.

4. Coda

Ó longo das páxinas precedentes tentamos lanzar luz sobre unha pasaxe das anotacións marxinais de *A* contemporáneas da copia chea de incertezas. A importancia cualitativa da presenza ou non, nunha corrección marxinal contemporánea da copia, do dígrafo <lh> /ʎ/ fixo que centrásemos os nosos esforzos na procura dunha lectura definitiva. Do mesmo xeito que a crítica non atopou moitos problemas para fixar o séptimo verso desta composición de Roi Queimado (*A* 143, *B* 264), sorprendeunos a non pouca variabilidade interpretativa –entre a que nós mesmos figuramos con algún traballo anterior– que, con máis dúbidas ca certezas, rodeou a lectura desta corrección marxinal.

Comprobamos que boa parte desas dúbidas xurdiron tralo manexo ou consulta de diversas copias fotografadas ou microfilmadas de *A*. Deste xeito, confirmamos que

existe unha causa obxectiva que provocou o corte textual nesas imaxes polo bordo interior do folio 36v: a existencia dunha pestana de separación. Por conseguinte, o único xeito de verificar cal era a situación do códice pasaba pola consulta escrupulosa do orixinal. E así foi como constatamos que non só non existía perda de grafías senón que a calidade do soporte permitía identificar paleograficamente con total seguridade que o dígrafo que se recolle nesta corrección marxinal é <lh>. Setenta e dous anos despois da publicación da obra de Carter (1941), corroboramos que a súa lectura foi correcta.

Baixo ningún concepto pretendemos minimizar co noso traballo a importancia das reproducións fotografadas ou, sobre todo, do facsímile de *A* (1994): unha cousa é que detectemos un problema que, casualmente, afectou a unha pasaxe importante, e outra que isto poida afectar á totalidade do facsímile; en absoluto. Só grazas ó facsímile puidemos realizar, por exemplo, o noso traballo de 2007. O códice orixinal non está para moitas consultas, é unha grande alfaia que debemos preservar para as xeracións futuras e non nos enganamos se afirmamos que nun noventa e moitos por cento das ocasións o facsímile resolve sobradamente as necesidades do investigador.

A confirmación de que entre as correccións marxinais contemporáneas da copia existe un dígrafo <lh>, sendo transcendental, non nos fai posuidores automaticamente dunha chave que nos permita abrir de inmediato grandes cuartos escuros que sitúen, por exemplo, a confección de *A* nun determinado lugar (cfr. M^a Ana Ramos 2008, vol. II: 595), pero non é menos certo que, tal e como apuntaba Resende de Oliveira (1994: 267), do exame codicolóxico, paleográfico e lingüístico de *A* se poderán derivar “maiores certezas neste campo”, isto é, no campo da cronoloxía e da localización xeográfica en que se produciu *A*. Sentirémonos satisfeitos se co noso traballo fomos quen de aclarar un elo, cativo, do colar inmenso que constitúen os múltiples interrogantes que rodearon e rodean a elaboración do *Cancioneiro da Ajuda*.

Referencias bibliográficas

- Arbor Aldea, Mariña (2005): “Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión”, en Brea, M. (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, 45-120 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Arbor Aldea, Mariña (2008): “*Cancioneiro da Ajuda*, historia do manuscrito, descripción externa e contido”, en CA2, 9-51.

Arbor Aldea, Mariña (2009): “Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do Cancioneiro da Ajuda”, en Brea, M. (coord.), Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. *Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*, 49-72 (Santiago de Compostela: CRPIH / Xunta de Galicia).

BILEGA: García Gondar, Francisco (dir.) (1998-): *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Dispoñible en <http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>.

BITAGAP: Askins, Arthur L-F. / Sharrer, Harvey L. et alii (1988-): *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses* (University of California). Dispoñible en [http://Bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_po.html](http:// Bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_po.html) [consult. 03.12.2012].

CA2: *Cancioneiro da Ajuda* (2008). Textos de Mariña Arbor Aldea ([Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo).

Cancioneiro da Ajuda (1994). Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda (Lisboa: Edições Távola Redonda / Instituto Português do Patrimonio Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda).

Carter, Henry H. (ed.) (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition* (New York / London: Modern Language Association of America / Oxford University Press). Manexamos a reimpressão de 2007 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

CMGP: Lopes, Graça Videira / Ferreira, Manuel Pedro et alii (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas (base de dados online)* (Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA). Dispoñible en <http://cantigas.fcsh.uni.pt> [consult. 03.12.2012].

Fernández Guiadanes, Antonio (2010): “Particularidades gráficas e de impaxinación do folio 79r do *Cancioneiro da Ajuda*: o seu copista é ¿un copista-corrector?”, en Arbor Aldea, M. / Guiadanes, A. F. (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*. Anexo 67 de *Verba*, 163-194 (Santiago de Compostela: Universidade).

Lopes, Graça Videira (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses* (Lisboa: Editorial Estampa).

Lopes, Graça Videira (2006): “O peso da gravidade: corpos e gestos na poesia galego-portuguesa”, en Buescu, Ana Isabel / Sousa, João Silva de / Miranda, Maria Adelaide (coords.), *O corpo e o gesto na civilização medieval: Actas do Encontro (11-13 de novembro de 2003)* (Lisboa: Colibri). Dispoñible en <<http://hdl.handle.net/10362/3593>> [consult. 03.12.2012].

Lopes, Graça Videira (2012): “Algumas notas sobre a base de dados *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*”, *Medievalista* 12, s/p. Disponible en <http://www.2.fcsh.unl.pt/iem/medievalista/MEDIEVALISTA12\lopes1202.html> [consult. 03.12.2012].

Lorenzo Gradín, Pilar / Marcenaro, Simone (2010): *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado* (Alessandria: Edizioni dell’Orso).

LP: Brea López, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”).

Machado, Elza Paxeco / Machado, José Pedro (1950): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional: antigo Colocci-Brancuti*. Vol. II (Lisboa: Edição da Revista de Portugal).

Mariño Paz, Ramón / Varela Barreiro, Xavier (2005): “O uso dos signos gráficos <u>, <v> e <u> no *Cancioneiro da Ajuda*”, en Brea, M. (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, 309-374 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).

MedDB: Brea, Mercedes (dir.) (2012-): *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, versión 2.3.3 (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Disponible en <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2> [consult. 13.10.2012].

Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (1904): *Cancioneiro da Ajuda*. Edición critica e commentada. 2 vols. (Halle: Max Niemeyer). Manexamos a reimpresión de 1990 ([Lisboa:] Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

Michaëlis de Vasconcelos, Carolina (1920): “Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*”, *Revista Lusitana* XXIII, 1-4, 1-95. Manexamos a reimpresión de 1990 ([Lisboa:] Imprensa Nacional-Casa da Moeda). Tamén está disponible en Ernesto X. González Seoane (dir.) (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval* (Santiago de Compostela: Universidade).

Molteni, Enrico (1880): *Il canzoniere portoghese Colocci-Brancuti* (Halle: Max Niemeyer Editore).

Oliveira, António Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV* (Lisboa: Colibrí).

Pedro, Susana Tavares (2004): “Análise paleográfica das anotações marginais e finais no *Cancioneiro da Ajuda*”, en Ramos, M. A. / Amado, T. (orgs.), *Colóquio*

Cancioneiro da Ajuda (1904-2004). Faculdade de Letras de Lisboa – Biblioteca da Ajuda, 11, 12 e 13 de Novembro de 2004 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda). Disponible en http://www.fcsh.unl.pt/philologia/Pedro2004_AnalisePaleografica.pdf.

Ramos, Maria Ana (1993a): “L’importance des corrections marginales dans le *Chansonnier d’Ajuda*”, en Hilty, G. (ed.): *Actes du XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes. Université de Zurich (6-11 avril 1992)*, vol. 5, 141-152 (Tübingen//Basel: A. Francke Verlag).

Ramos, Maria Ana (1993b): “Cancioneiro da Ajuda”, en Lanciañi, G. / Tavani, G. (org. e coord.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, 115-117 (Lisboa: Editorial Caminho).

Ramos, Maria Ana (1994): “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, en *Cancioneiro da Ajuda. Apresentação, Estudos e Índices*, 27-47 (Lisboa: Edições Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda).

Ramos, Maria Ana (2004): “O cancioneiro ideal de D. Carolina”, en Brea, M. (coord.), *O Cancioneiro da Ajuda cen anos depois*, 13-40 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Ramos, Maria Ana (2005): “Letras perfeytas? Grafias entre manuscritos e impresos”, en Botta, P. et alii (ed.), *Filologia dei Testi a Stampa (area iberica)*, 381-405 (Modena: Mucchi Editore).

Ramos, Maria Ana (2007): “Introdução”, en Carter, H. H. (ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, 9-37 (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda). Reimpresión da obra de 1941 (New York: Modern Language Association of America / London: Oxford University Press).

Ramos, Maria Ana (2008): *O Cancioneiro da Ajuda. Confecção e escrita*. 2 vols. Tese de doutoramento (Lisboa: Universidade de Lisboa).

Ramos, Maria Ana (2011): “«Sombras» grafemáticas. Dimensão diacrónica na formação dos cancioneiros galego-portugueses”, en Leonardì, L. (ed.), *La tradizione della lirica nel medioevo romanzo. Problemi di filologia formale. Atti del Convegno Internazionale Firenze-Siena, 12-14 novembre 2009*, 333-361 (Firenze: Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini).

Rodríguez Guerra, Alexandre (no prelo): “A edición da poesía medieval, a paleografía e a lingüística histórica: o *Cancioneiro da Ajuda*”.

Rodríguez Guerra, Alexandre / Varela Barreiro, Xavier (2007): “As grafias no *Cancioneiro da Ajuda*”, en Boullón Agrelo, A. I. (ed.), *Na nosa lyngoage galega*.

A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media, 473-556 (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega).

Tavani, Giuseppe (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (Roma: Edizioni dell'Ateneo).

Tavani, Giuseppe (1988): *Ensaios portugueses. Filologia e lingüística* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

TMILG: Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega). Dispoñible en <http://ilg.usc.es/tmilg>.

Torres, Alexandre Pinheiro (1987²): *Antología da poesía trovadoresca galego-portuguesa (sécs. XII-XIV)* (Porto: Lello & Irmão – Editores).

gAlego
TEXTO
artigos
PORTUGUÊS
CRÍTICA

Metaphors, We Li(v)e By: Metáfora, verdade e mentira nas línguas naturais

José Teixeira

ILCH e CEHUM – Universidade do Minho

jsteixeira@ilch.uminho.pt

Resumo:

Desde o célebre *Metaphors We Live By*, as propostas de base cognitiva vêm mostrando que o processo metafórico não é apenas um processo linguístico, mas um aspecto fundamental do funcionamento da cognição humana que as línguas também espelham. Neste funcionamento, comprova-se ser grande a influência que as especificidades sócio-cognitivas têm na sistematização, construção e interpretação da globalidade do fenômeno metafórico.

A partir da análise de metáforas retiradas da imprensa económica, este texto procurará discutir até que ponto o processo metafórico, assentando em conhecimentos do mundo partilhados e usualmente inquestionados, é um processo orientado, fornecedor de interpretações manipuláveis.

Palabras clave:

Metáfora, cognição, linguagem económica.

Abstract:

After the foundational Metaphors We Live By, cognitive linguistic theories have shown that the metaphorical process is not just a matter of verbal language, but a fundamental aspect of the functioning of human cognition that languages also can mirror. This kind of functioning proves the great influence of the social-cognitive specificities in the systematization, construction and interpretation of the global metaphorical phenomenon.

Starting from the analysis of some metaphors of the language of economics, this paper will try to discuss if and until which level the metaphorical process, based on a shared and usually unquestioned knowledge of the world, is a ideologically oriented process, providing manipulated interpretations.

Key words:

Metaphor, cognition, language of economics.

1. O mito da “Função Referencial” e das metáforas “ininterpretáveis”

Nascida verdadeiramente nas primeiras décadas do século XX num clima científico que se pretendia objetivo e mecanicisticamente explicativo, a linguística vai

acarretar durante muito tempo o rastro da procura do objetivismo e da presunção de que a linguagem deve ser vista como uma estrutura transmissora de informações representativas da verdade do mundo. O estruturalismo pós-saussureano vê o signo como o elemento que intermedeia entre o mundo tal como ele é e os nossos usos linguísticos aos quais o significado desse mesmo signo aporta a referencialidade. O referente externo, extralingüístico, é dotado de determinadas particularidades que se consubstanciam no signo, sendo este, portanto, o transmissor da “realidade externa” para o âmbito interno da língua.

As célebres e tão populares “funções da linguagem” de Jakobson assentam precisamente nesta visão de que a função primordial da linguagem é a transmissão de *informação* sobre a realidade objetiva e extralingüística e por isso esta mesma função aparece traduzida nas expressões “função referencial”, “função informativa” ou “função denotativa”. *Referir, informar e denotar* a realidade do mundo é, nesta visão, a primeira finalidade das línguas naturais.

Portanto, parte-se do axioma de que há um mundo real objetivável e de que a linguagem é o instrumento humano para traduzir esse mundo objetivável. Quando tal não acontece, então é porque algo de não normal interferiu. Propõe-se, por exemplo, uma característica denominada *prevaricação*¹ que permite que a linguagem se possa usar para não dizer a verdade ou para transmitir informações falsas.

No entanto, há, nesta perspetiva estruturalista, uma dimensão da linguagem que possibilita a fuga à denotação da realidade: a linguagem metafórica. Se se disser *Os olhos dela eram esmeraldas brilhantes* não se está a dizer a verdade, porque os olhos não são pedras. Este tipo de uso é considerado, pelo estruturalismo, um “uso não referencial, denotativo”, mas metafórico. Estas formas de linguagem tendem a ser vistas como “desvios da norma” (atribuídas em grande escala aos usos da função poética) e consideradas pelas teorias generativas de Chomsky (GGT) como *frases ininterpretáveis*, embora gramaticais. A ininterpretabilidade resulta do facto de que, embora os falantes lhe deem interpretações, tais interpretações, segundo a GGT, extravasam a linguagem normal, a linguagem que retrata a “verdadeira realidade” e por isso este tipo de usos, nesta conceção de língua, traz dificuldades a qualquer teoria linguística que assente no pressuposto da linguagem como transmissora de informação real e verdadeira.

Não é, pois, de admirar, que a linguística estrutural, quer de raiz pós-saussureana, quer também a de raiz chomskiana, parta do axioma de que há uma referencialidade

1 Uma das características específicas da linguagem humana, segundo Charles Hockett, retomada por Lyons (1977).

real, denotativa, que constitui o cerne do fenómeno linguístico e outra conotativa, figurada, que tem que ser vista e tratada ao lado (ou mesmo posta de parte).

Porém, se questionarmos o axioma de que a linguagem é uma estrutura abstrata centrada na sintaxe, mas antes um sistema que se destina a transmitir conteúdos cognitivos e que se serve de todas as estruturas linguísticas, então talvez se tenham de colocar questões mais abrangentes, na medida em que as frases tidas como “ininterpretáveis” (as expressões metafóricas) são usualmente interpretadas, fazendo delas, os falantes, uso bastante generalizado.

A primeira será sobre os próprios conteúdos cognitivos utilizados. E para tentar encontrar pistas de respostas para esta questão, ter-se-á que analisar de que forma percebemos, organizamos e transmitimos os referidos conteúdos cognitivos.

2. Conteúdos cognitivos, categorização e verdade

Se a linguagem serve para fazermos referência ao mundo em que nos inserimos, as coisas e as ações que experienciamos, temos de organizar toda essa experiência em modelos informativos que mais economicamente possam ser processados, armazenados, utilizados em situações futuras de molde a aumentarem as hipóteses de sobrevivência, quer ao nível do indivíduo, quer da espécie. O funcionamento biológico orientado para a sobrevivência é comum a todas as espécies. O humano passou, indubitavelmente, pela organização e complexificação cerebral através da linguagem.

Deste modo, transformamos a mente num instrumento de aprendizagem que nos permitiu utilizar de uma forma competitivamente vantajosa todo o *stock* cognitivo armazenado sobre o mundo e as nossas interações com ele. Podemos, assim, construir modelos que vamos progressivamente adequando e que nos fornecem previsibilidades competitivamente vantajosas: o conceito de *fogo*, ao ser adquirido, implica que o indivíduo saiba que pode ser útil e perigoso, quando e em que circunstâncias. Alguém que não tenha este conceito suficientemente estabilizado está em desvantagem de apreensão do mundo e de sobrevivência perante outros.

Os conceitos, elaborados através das nossas categorizações, como os conceitos de *luz*, *fogo*, *cair*, *cão*, *morrer*, são, portanto, o resultado cognitivo das nossas vivências sentidas e imaginativamente reelaboradas que a linguagem vai estruturando, possibilitando comparações e inter-relações que favoreçam inferências úteis para a sobrevivência. A linguagem, mais do que servir para comunicar, serve para, antes disso, organizar conteúdos cognitivos. No dizer do neurocientista António Damásio

A linguagem, com as suas palavras e frases [...] é uma conversão de imagens não linguísticas que representam entidades, eventos, relações e inferências. [...] A linguagem funciona [...] simbolizando em palavras e frases aquilo que começa por existir sob uma forma não verbal (Damásio 2004: 134).

A questão deve começar, portanto, em querer saber a forma como convertemos estas imagens em conceitos e categorias.

Embora frequentemente *conceito* e *categoria* sejam usados como sinónimos denominando as mesmas realidades, parece-nos ser útil fazer alguma distinção. Na verdade, o processamento conce(i)tual pode não implicar um processamento linguístico, como acabou de dizer Damásio. A estruturação dos conceitos nos seres humanos deve ser independente e anterior à estruturação linguística. Assim, parece mais acertado aceitar que, no dizer de Damásio, as “imagens não linguísticas que representam entidades, eventos, relações e inferências” são a matéria para os conceitos que os mecanismos linguísticos ajudarão a organizar em categorias linguísticas (Figura 1).




Figura 1

Neste complexo processo de apreensão e codificação conceitual e categorial, não absorvemos “a verdade” das coisas, seja isso o que for. O que nos importa fazer é destacar, da realidade a conceitualizar, algumas das facetas que a constituem e que nos parecem mais importantes, evidenciando umas e ignorando ou desvalorizando outras. A psicologia e as neurociências vêm provando inequivocamente como os nossos mecanismos de percepção não são *objetivos*, não nos fornecem a realidade das coisas, mas antes uma percepção interessada que nós, a partir delas, fazemos. Os estudos sobre a forma guestráltica da percepção e respetivos processos cerebrais, o funcionamento da(s) memória(s), dos neurónios-espelho e tantos outros mecanismos relativos à apreensão da realidade evidenciam como os processos de cognição são sempre processos de filtragem e não de espelhamento. Na Figura 2 percecionamos os losangos A e B como tendo cor/tonalidade bem contrastante quando são exatamente

iguais (basta tapar o resto da figura para o comprovar); e na Figura 3 parece-nos que o segmento D é maior do que o C, quando também são iguais.




Figura 2




Figura 3

Estes e outros bem conhecidos exemplos de ilusão perceptiva comprovam como apreendemos a realidade por *gestalt*, construindo globalmente um modelo que a retrata e não pela soma *verdadeira e real* das respetivas partes componentes.

O que conta, também no final do processo de conceitualização e categorização, são as percepções que fazemos sobre a realidade, ou seja, aquilo que ela é para nós. Isto implica acentuar algumas dimensões e minimizar outras. Por exemplo, no conceito de *mesa* a vertente [ser de madeira/ ser de metal/ ser de plástico] é (quase) indiferente, mas já no conceito de *lança* ou *espeto* é fundamental. Um “espeto de pau”, como diz o provérbio sobre a casa dos ferreiros, quase que não é um espeto... Por outro lado, o aspeto da funcionalidade é muito mais unívoco e concretizável em *lança* do que em *espeto*, em *livro* do que em *pasta*, mostrando esta variabilidade de aspetos destacados a variabilidade de interesses que acarretam consequências na forma como construímos as relações conceito-significado.

Nota-se, portanto, que as propriedades que destacamos nos objetos/ realidades/ construções (ou melhor, nas interações vivenciais) que subbjazem às categorizações não são tanto propriedades dos objetos independentemente dos sujeitos, mas sobretudo propriedades da interação sujeito-realidade, propriedades essas que devem a sua seleção precisamente ao facto de decorrerem das relações com os sujeitos humanos. Concretualizar “água” como um líquido, essencial à vida, que existe nos rios e no mar, que quando cai do céu se designa *chuva*, etc., é destacar um conjunto

de características em detrimento de outras. A água, no universo, é mais sólida e gasosa do que líquida. Porém, para a nossa experiência vivencial, ser líquida é, contudo, muito mais importante. Não se deve, portanto, colocar a questão de saber se as nossas categorizações linguísticas revelam a “verdade” sobre a realidade, já que elas se formam na base dos interesses e percepções que nós fazemos na interação com essa mesma realidade.

3. Processo metafórico e verdade

A categorização é, pois, o processo cognitivo que permite a organização dos conceitos em categorias linguísticas. Estas são construídas em protótipos que representam um modelo mental dinâmico que contém em estrutura tendencialmente hierarquizada as facetas (“traços”, diria a semântica componencial) que consideramos típicas e fundamentais para inserir a percepção sobre uma parte da realidade dentro da categoria.

Organizando-se desta forma, a cognição e a linguagem evitam construir categorias diferentes para todas as porções diferentes da realidade: dois (muitos) pedaços de realidade diferente, ou seja, duas (muitas) experiências diferentes podem ser incluídas na mesma categoria. Dentro da categoria *árvore* há muitos objetos diferentes e dentro da categoria *correr* também há muitos processos de ação diversificados. As crianças de 5 anos correm muito, costumamos dizer, os atletas olímpicos dos 100 metros também e as gazelas também correm muito. Mas não é exatamente a mesma ação a designada por *correr*. No entanto, aplicamos a mesma categoria linguístico-cognitiva. É o fenômeno da extensão categorial, muito ligado à tradicional questão da polissemia, sem a qual as línguas naturais dificilmente funcionariam.

É neste sentido que as categorias são polirrepresentativas: uma realidade é representada pela categoria na qual a inserimos, não tendo nós de construir uma categoria própria para cada realidade experienciada.

Ora no respetivo processo de organização, as categorias não se acumulam sumativamente. A nossa mente e o nosso léxico não são uma listagem sumativa, como um dicionário. Usamos a técnica de compreender cada elemento novo em função do já armazenado, ou seja as categorias em stock funcionam como modelos para podermos apreender as categorias posteriores e mais complexas. E um dos processos de base deste funcionamento é o processo metafórico.

É sobretudo a partir da obra de George Lakoff e Mark Johnson *Metaphors We Live By* (1980) que a metáfora é tida como um processo normal de significação e referencialidade linguística. Apresentada como base fundamental nos nossos

processos cognitivos, é inserida numa dimensão linguístico-cognitiva e não mais centrada no âmbito da teoria literária.

A metáfora é, para a Linguística Cognitiva, muito mais do que o resultado da criatividade individual ou da não-normalidade de processos semânticos e é encarada como a forma recorrente como conceituamos o mundo: do já conhecido para o desconhecido, do mais saliente para o que se quer salientar.

Assim, o primeiro aspecto que indica que o processo metafórico não tem como primeira função a “apreensão da verdade” referencial é que entre os termos utilizados nesse processo não há igualdade informacional, mas desigualdade. O elemento metaforizante tem como função evidenciar particularidades do metaforizado. Isto leva a que o elemento metaforizante deva ser, em princípio, mais conhecido e já compreendido pelos receptores da metáfora. Não será habitual que alguém construa uma metáfora como “Quando eu nasci, era um cascavelho” numa comunidade em que esse mesmo alguém sabe que ninguém conhece o que é um *cascavelho*². No processo metafórico tem que se usar o conhecido para referir o desconhecido. Parte-se de uma base tida como plataforma de entendimento comum (B) e atribui-se esse conhecimento a uma realidade-alvo que se pretende compreender (A). O processo metafórico baseia-se, pois, no simples esquema “A é B”:

A=Alvo a categorizar		B=Fonte, base conhecida
<i>Aquele bebé</i>		<i>um cascavelho</i>
<i>Discutir</i>	<i>é</i>	<i>lutar</i>
<i>O deserto</i>		<i>um mar</i>

Com este procedimento conseguem-se graus de abstração progressivamente mais complexos nos processos de categorização. Basta ver como nos nossos conceitos abstratos facilmente reconhecemos a base física ou menos abstrata das conceitualizações anteriores: *ter<tenere=”agarrar”> ter=”possuir físico”> ter=”posse nocional”* (“ter razão”). As mudanças semânticas nas línguas ilustram abundantemente estes processos: *descobrir* (<”destapar”), *supor* (<”pôr por baixo”), *explicar* (<= “tirar as peles, aquilo que impede a visão”, ...).

2 Esta metáfora foi utilizada, concretamente, por uma entrevistada idosa num inquérito integrado numa investigação sobre a fala da região de Braga. Nenhuma das entrevistadoras e dos investigadores integrados no projeto (exceto o autor deste artigo por ser da região) percebeu a metáfora por não saberem o que é um “cascavelho”. Mas a entrevistada, de certeza, que pensava que, como ela, “toda a gente” sabia que *cascavelho* significa “coisa pequena, fraca, não desenvolvida”. A origem é o nome dado às pseudo-castanhas que não se desenvolvem e ficam apenas como uma casca fina e vazia por nos ouriços normalmente terem nascido entaladas entre duas castanhas grandes.

Porque se serve do já adquirido para processar cognitivamente outras realidades, o processo metafórico é um mecanismo absolutamente essencial para apreendermos determinados aspectos da realidade mais abstrata: a percepção do espaço (sensorial, muito primitiva) vai permitir uma outra muito mais difícil de percecionar diretamente, a do tempo. Imaginamos o tempo como uma espécie de espaço, entre um antes e um depois, um para a frente e para trás, com uma direcionalidade, um percurso, etc.. Ou seja, metaforicamente o tempo é uma realidade *comparável* ao espaço, os segmentos temporais podem ser representados/ metaforizados por segmentos espaciais. O processo metafórico é, pois, um mecanismo que permite utilizar as categorias mais salientemente conhecidas, mais fundamentais, para a elaboração de outras, mais abstratas e complexas. Por isso, tal processo não é apenas um adorno da linguagem, como a retórica clássica tendia a descrevê-lo. A complexidade do conhecimento implica complexidade metafórica³.

O capítulo sobre o galego merece un tratamento singular porque nos afecta máis directamente. O seu autor é un dos dous organizadores do libro e responsável pola “Apresentação” que o encabeza, o profesor Xoán Carlos Lagares. Leva por título “Minorias linguísticas, normas e mercados. Uma reflexão a partir do galego” (pp. 169-192) e no esencial constitúe unha oportuna e lúcida reflexión a respecto da problemática delimitación dun espazo lingüístico propio para o galego, atrapado –case que fatalmente– entre o portugués e o español. Segundo o autor, que xa ten reflectido sobre este tema noutros foros, se o español é unha lingua supercentral sobre a cal gravita o galego, por súa parte o portugués podería constituír unha forza centrífuga con capacidade para o tirar fóra da constelación española, feito que vén a explicar a constante presenza da lingua portuguesa nos debates e proxectos normativizadores desenvolvidos na Galiza nos últimos séculos. Considera Lagares que a reivindicación política do galego, lexítima e necesaria, debe ir acompañada dunha maior abertura cultural ao mundo de expresión en portugués, “numa estratéxia que fomente a comunicación para além das fronteiras políticas e que ofereça aos falantes a inserción num contexto plurilingüe mais amplio, a partir de sua própria variedade lingüística” (p. 189). Propón a exploración de alternativas creativas que rompan o bloqueo das linguas de Estado que aprisionan o galego, para o cal a relación directa co portugués pode ser moi útil, sen que supoña ningún perigo para el, antes ben unha oportunidade. Implicase o autor en primeira persoa e di que este “pode ser o nosso actual desafío”. Nisto concordamos moitas persoas, mais o problema é encontrarmos os camiños e as estratexias, pois el mesmo advertiu previamente de que os

ideólogos da expansión do español como lingua internacional –e con eles os poderes político-económicos que gobernan o Estado, acrecento eu– queren todo o mercado lingüístico para si, sen se mostraren dispostos a partilláreno con outras linguas nacionais que eles senten como unha ameaza para o seu proxecto político e económico. Neste sentido, difficilmente van permitir que o galego dea pasos significativos para unha más profunda relación co mundo de expresión portuguesa, a pesar da aprobación desa iniciativa lexislativa citada ao inicio destas letras. A non ser, claro está, que mude substancialmente a correlación de forzas políticas na Galiza, feito pouco probábel no curto e medio prazo cando menos.

Por último, o volume fecha cun traballo resumatorio, ou epílogo, de Marcos Bagno, coorganizador do volume e figura de prestixio consolidado no campo da (socio) lingüística brasileira, con importantes contributos bibliográficos que van tendo cada vez máis eco tamén entre nós. O título, como costuma ser habitual no autor, é ilustrativo e revelador: “O que é uma língua? Imaginário, ciéncia & hipóstase”. Nel vai repasando e sometendo a xuízo crítico os principais problemas levantados ao longo e largo dos diferentes capítulos do volume, baixo o prisma unificador do concepto de lingua padrón como hipóstase: “Essa língua construída, língua-sujeito, língua com alma, desejo e poder de decisión, seria aquilo que na filosofía se chama de *hipóstase*” (p. 358). Deixa ben en claro o autor que a concretización material dun modelo lingüístico normativo que ten apenas existencia mental se torna un instrumento de poder con importantes consecuencias político-sociais e culturais.

Eis un brillante final para unha obra plural e poliédrica sobre políticas normativas e conflitos lingüísticos que tanto interese presenta para a lingua galega e o seu sempre polémico proceso de estandarización. Por iso é merecente de divulgación e xeral coñecemento na Galiza.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Referencias bibliográficas

- Bagno, Marcos (2001): *Dramática da língua portuguesa. Tradição gramatical, mídia & exclusão social* (São Paulo: Edições Loyola).
- Bagno, Marcos (2005): *A norma oculta. Língua & poder na sociedade brasileira* (São Paulo: Parábola).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013): *Estilística da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Maleval, M^a Amparo Tavares & Tato Fontañá, Laura (eds.) (2010): *Estudos Galego-Brasileiros 4. Lingua, Literatura, Identidade* (A Coruña: Universidade da Coruña):

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laioveneto).

Valle, José del (ed.) (2007): *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideologías del español* (Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana).

[gALEGO TEXTO
RECENSIÓN PORTUGUÊS CRÍTICA]

Xosé Manuel Sánchez Rei: *Lingua galega e variación dialectal*. A Coruña, Laiowento, 2011, 662 páxinas.

As circunstancias sociais e políticas en que transcorreu a historia da lingua galega provocaron un desenvolvemento exiguo e tardío da súa tradición filolóxico-gramatical. E embora existan aproximacións lingüísticas de certo rigor desde a segunda metade do século XIX, como a de Saco Arce (1868), haberá que agardar ás últimas décadas do século XX –en que se establece o carácter cooficial do galego– para que comece a aflorar un grande número de traballos serios e científicos que estudan a lingua galega desde as diversas esferas da descripción filolóxica e que a sitúan ao mesmo nivel que outras linguas romances, normalizadas en épocas moito anteriores. Neste contexto, cómpre salientarmos o volume *Lingua galega e variación dialectal*, publicado por Laiowento en 2011 e da autoría de Xosé Manuel Sánchez Rei. A obra enmárcase na esfera do variacionismo dialectal, unha área de investigación de grande rendibilidade na lingüística galega, como así o demostra a publicación do *Atlas Lingüístico Galego* (ILG 1990-2005) en diversos volumes ou a *Dialectoloxía da lingua galega* (1990) de Fernández Rei. No entanto, concordamos con Freixeiro Mato (2011) en que a monografía que estamos a recensionar é innovadora e non repite, mais complementa, os antecitados traballos, ao se aproximar da descripción dialectal desde unha perspectiva teórica; por tanto, contribúe para encher un baleiro existente nos estudos dialectolóxicos galegos.

Esta obra, fundamentada na reflexión e na práctica docente do autor, constitúe un traballo teórico rigoroso que focaliza a súa atención na dialectoloxía sincrónica da lingua galega, se ben que ao longo das súas páxinas ofrece tamén múltiplas referencias sobre o resto das variedades que enforman o sistema lingüístico galego-portugués. O volume está estruturado nas seguintes seccións: apóis as listaxes de abreviaturas, símbolos e figuras (9-17) e o “limiar” (19-25), achamos o primeiro capítulo sob o título “A variación lingüística” (27-144) que, xunto co segundo, “Lingua e dialecto” (145-227), introduce aspectos xerais do variacionismo a funcionaren ambos como preludio á parte central do texto. Esta, por súa vez, está constituída por tres grandes epígrafes: o terceiro capítulo “A dialectoloxía” (229-387), en que se aborda esta disciplina desde unha focaxe teórica e metodolóxica; o cuarto, “Tipoloxía de dialectalismos e a súa transcendencia” (389-463), onde Sánchez Rei analiza os diversos parámetros desde os que nos achegarmos ao variacionismo e a súa incidencia; e o quinto, “Dialectoloxía, filoloxía e lingüística” (465-580), sección en que se poñen en relevo as ligazóns existentes entre a dialectoloxía e as outras áreas de investigación sobre a lingua galega. O sexto capítulo, “Conclusiones” (581-602), permite ao autor sintetizar elocuentemente as ideas máis destacadas que se foron vertendo ao

longo das case seiscentas páxinas que preceden esta sección. A monografía remata coa “Bibliografía” (603-657), que cunha excelente selección de referencias pon en evidencia, máis unha vez, a calidade científica do texto.

Antes de analizarmos máis ao pormenor cada unha destas epígrafes, vira necesario sinalarmos algúns aspectos de carácter xeral que, do noso punto de vista, merecen especial atención. Nestes medios, xulgamos un acerto por parte do autor o equilibrio que presenta a organización do texto, dado que todas as seccións presentan dimensións similares. Isto torna, por unha banda, máis atractiva a lectura e, por outra, non impide evidenciar as partes a que se concede maior relevancia, que son resaltadas ao longo do texto a través de procedementos non exclusivamente formais. E, do mesmo modo, é preciso destacarmos as numerosas citacións en que se apoia Sánchez Rei para fundamentar, refutar ou matizar moitas das opinións e informacóns que circulan polo texto. Igualmente, as citacións achegan tamén novos prismas que permiten ao público lector coñecer realidades ou experiencias similares ás tratadas nesta obra e que favorecen a formación dunha actitude crítica, neste caso, a respecto da variación dialectal. Así, para alén das 541 notas que figuraran a rodapé, convén repararmos nas abundantes referencias bibliográficas presentes tamén no corpo do texto, o que vén a reforzar o seu rigor científico. En todo o caso, o que vira significativo é o diálogo que a través delas se establece coas principais obras de referencia neste campo. E, en último lugar, é preciso sinalarmos como máis un mérito da obra a súa calidade desde un punto de vista estritamente lingüístico. O autor utiliza un estilo coidado, libre de interferencias e fiel ás súas raíces, o que converte a súa lectura nun manual práctico sobre como utilizarmos un galego de calidade¹.

Os capítulos 1 e 2 constitúen, como sinalamos anteriormente, unha introdución ao estudo da dialectoloxía. Así, o primeiro deles serve en grande medida para refutar moitos dos preconceptos que existen arredor das variedades dialectais, sobre todo no referente a linguas minorizadas como o galego, onde áinda constitúen verdadeiros obstáculos nos procesos de normalización². O autor dedica estas páxinas iniciais a determinar as distintas variábeis que inflúen na complexidade de usos lingüísticos e, fronte a traballos más clásicos –como o de Wenker para o alemán ou o de Jaberg para o italiano–, non só concede importancia ao factor xeográfico, mais tamén incorpora outros criterios, como o cronolóxico, o contextual, o cultural, o profesional e os relativos ao sexo, á idade ou á etnia, entre os máis relevantes. Nesta sección

1 Sobre este particular, convén salientarmos as obras de Freixero Mato (2009), Sanmartín Rei (2009) e Callón (2012), que inciden no uso dun modelo lingüístico libre de interferencias e afín ao sistema lingüístico de que o galego fai parte.

2 Con esta finalidade publicáronse nos últimos anos varios volumes como o de García Negro (2009), Núñez Singala (2009) e Costas González (2010), entre outros.

apunta tamén os condicionamentos internos e externos que teñen implicacións na variación lingüística. En relación con isto, cómpre resaltarmos a aproximación que Sánchez Rei realiza á teoría das ondas e á da difusión lexical, en tanto que hipóteses que permiten xustificarnos as mudanzas na lingua. A última epígrafe deste capítulo constitúe un exemplo claro da consideración social que ao longo do tempo e nas diversas sociedades existiu sobre o variacionismo, visto como un aspecto empobrecedor máis do que como proba que verifica a vitalidade e a riqueza das linguas.

Nunha liña similar debemos situar as reflexións que figuran no segundo capítulo, que afondan na sempre polémica distinción entre *lingua* e *dialecto*. Aquí o autor analiza as denominacións e as definicións utilizadas para describir ambos os termos, enumera algunas das clasificacións e dos principios de referencia para a súa diferenciación e posiciónnase sobre cales deses criterios cumpren na realidade o dito obxectivo. Outrosí, repara na repercusión que estes tiveron de cara á consideración social do galego. Mais, en última instancia, o que pon en relevo a súa análise é o feito de non existir unha visión universal que satisfaga todas estas interrogantes, pois a depender das variedades analizadas e da perspectiva desde a que nos aproximemos –gramatical, histórica, social etc.– comprobaremos que aquilo que nunha clasificación é válido, noutra carece de relevancia. E isto sen obviarmos outra serie de interferencias subxectivas, como os xuízos de valor que, en moitas ocasións, dificultan máis ainda un proceso de por si complexo. A este respecto, é preciso sublinharmos que o autor, tratando de non incorrer na mesma convención, evita aqueles conceptos e definicións que, desde a esfera semántica, ofrecen unha visión preconceptuosa ou pouco precisa deste fenómeno. Así, concede preferencia ao termo *variedade* sobre *dialecto* e utiliza aquel para facer referencia ao uso de elementos lingüísticos diferentes que expresan unha mesma realidade debido a condicionamentos de tipo xeográfico, sociocultural, contextual etc.

O terceiro capítulo sérvelle ao autor para acotar máis a súa tese, pois centra a atención xa na definición da dialectoloxía, disciplina en que se enmarcan os estudos sobre o variacionismo lingüístico, e descríbense as principais orientacións dos estudos dialectolóxicos desde os seus inicios até a actualidade. A panorámica histórica que se nos ofrece permite verificarmos a grande evolución desta área científica, tradicionalmente alicerzada no estudo das variedades xeográficas, e introducenos nas novas liñas de investigación que se están a desenvolver no presente: dialectoloxía sociolóxica, dialectoloxía filolóxica, etnolingüística, dialectoloxía rural ou urbana, dialectoloxía perceptiva etc. Neste sentido, Sánchez Rei reflicte tamén sobre as transformacións que se produciron no tocante ás cuestións metodolóxicas: desde os procedementos para a obtención de datos –os inquéritos, as gravacións, o modo en que se formulan as preguntas e as respuestas–, o perfil de quen realiza o traballo de campo –grafo de formación lingüística, actitudes e habilidades sociais etc.– ou

a propia selección dos informantes e as súas características –idade, procedencia, sexo, nivel de formación etc. –, até a selección de puntos ou a tipoloxía de mapas dialectais. Como é obvio, a escolha dunha ou doutra metodoloxía nas investigacións dialectolóxicas dependerá en grande medida da finalidade e dos medios de que se dispuxer. O capítulo conclúa cunha breve historia da dialectoloxía galega, en que se detecta, igual que para o resto das investigacións lingüísticas sobre a nosa lingua, un desenvolvemento serodio que non se consolida até o último cuartel do século XX.

Unha vez establecidos os parámetros en que se fundamenta a investigación dialectolóxica, o autor dedica as páxinas do cuarto capítulo a determinar as diferentes tipoloxías de dialectalismos que se detectan hodiernamente no galego. Nesta clasificación proxecta a súa atención exclusivamente sobre tres criterios: o cronolóxico, o xeográfico e o gramatical. Así, distingue entre fenómenos arcaicos e innovadores, variantes máis ou menos estendidas no territorio, dialectalismos fonéticos ou sintácticos etc. A catalogación de Sánchez Rei desatende outras variábeis, cal o sexo, o contexto ou o xénero, mais xulgamos que probablemente foron as limitacións de espazo as que o obrigaron neste punto a centrar a súa análise nos xa sinalados. Con todo, o propio autor é consciente desta limitación e xa no limiar apunta para a necesidade de traballos posteriores en que se recollan tamén estoutros principios. En calquera caso, a súa análise permite identificarmos non só aquelas clases de dialectalismos más coñecidas polo conxunto de galegofalantes, cal os lexicais ou de sotaque, mais tamén as que resultan menos perceptíbeis para un público lector sen formación lingüística especializada, como os fonéticos ou os morfosintácticos. E, do mesmo modo, tamén determina a diferente transcendencia que os diversos fenómenos dialectais posúen na configuración dunha lingua. O seseo e a gheada constitúen, neste sentido, unha mostra significativa, dado que nos aproximan e nos afastan, respectivamente, das outras variedades do sistema lingüístico galego-portugués.

A clasificación da variación dialectal dá paso ao derradeiro capítulo, o quinto, en que se poñen de manifesto as estreitas relacions existentes entre a dialectoloxía, a lingüística e a filoloxía, desmarcándose así daquelas posturas más clásicas que as consideran como áreas de coñecemento isoladas e que, como salienta o propio autor, “pouco favoreceron o mutuo avanco científico” (p. 23). En consecuencia, ao longo das seccións que enforman este capítulo podemos observar os vínculos que a dialectoloxía mantén con distintas disciplinas como a lingüística histórica e a onomástica, ou con diversas correntes lingüísticas cal o estruturalismo, o xenerativismo e os postulados valenciais³. O respecto pola diversidade lingüística e, por tanto, polas

³ Sobre este particular, convén sinalarmos igualmente que o autor de *Lingua galega e variación dialectal* é tamén un dos primeiros investigadores en introducir o modelo de análise dependencial no contexto da lingüística galega. Cfr. Sánchez Rei (2010).

variedades dialectais tamén pon en diálogo a dialectoloxía co ensino de linguas. A escola e, máis concretamente o profesorado de lingua, debe garantir a supervivencia das modalidades dialectais ao tempo que fomenta a aprendizaxe da variedade estandarizada. A obra ofrece, a este respecto, algunas pautas que contribuirán para conseguir os antecitados obxectivos. Tamén nos parecen interesantes as ligazóns que o autor establece entre a dialectoloxía e a literatura, onde o significativo non é o atestamento de variedades dialectais nos textos, mais o seu aproveitamento temático, o que tamén podería ser utilizado desde unha perspectiva didáctica. Nesta sección abórdanse, igualmente, as relacións coa tradución e as tecnoloxías e apúntanse outros ámbitos que, sen presentaren un vínculo directo coa dialectoloxía, fomentan a reflexión e achegan novas perspectivas desde as que abordarmos un fenómeno tan complexo como o da variabilidade lingüística.

En conclusión, *Lingua galega e variación dialectal* do profesor Xosé Manuel Sánchez Rei constitúe un contributo de grande valor no marco das investigacións sobre lingüística galega e eríxese como unha obra de referencia no estudo teórico sobre o variacionismo dialectal que, por súa vez, completa as aproximacións anteriores realizadas neste campo. A visión da diversidade dialectal que ofrece este volume é relevante por diversos motivos: primeiramente, permite coñecer en profundidade esta disciplina e axuda para comprender o funcionamento xeral das linguas. En segundo lugar, os datos manexados refutan preconceptos lingüísticos universais que ainda se manteñen na sociedade galega actual e, neste sentido, a obra tórnase nunha auténtica defensa do ecolingüismo. En particular, resalta a riqueza e a vitalidade do noso idioma, o que sen dúbida contribuirá para afianzar a autoestima lingüística dos galegos e das gallegas. E en terceiro lugar, convén salientarmos que este libro non esgota as liñas de investigación dialectoloxica; ao contrario, ao longo das súas páxinas abre novos vieiros para nos aproximarmos deste fenómeno. En definitivo, recomendamos unha lectura atenta da obra, pois xulgamos que favorecerá a reflexión lingüística sobre o galego e a súa actualización.

Estefanía Mosquera Castro

Bibliografía

- Callón, C. (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (Vigo: Xerais).
- Costas González, X. H. (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Ames: Laionvento).

- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de Calidade* (Vigo: Xerais).
- Freixeiro Mato, X. R. (2011): “A propósito da publicación de *Lingua galega e variación dialectal*”, *Terra e Tempo*. Dispoñible en <http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=2015&sección=5>. Consultado en 20/03/2012.
- García Negro, M. P. (ed.) (2009): *Sobre o racismo lingüístico* (Ames: Laioveneto).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1990/1995/1999/2003/2005): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I. *Morfoloxía verbal*. Vol. II. *Morfoloxía non verbal*. Vol. III. *Fonética*. Vol IV. *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Vol. V. *Léxico. O corpo humano* (I) (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non?* (Vigo: Galaxia).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Sánchez Rei, X. M. (2010): *O Complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).

[gALEGO TEXTO
RECENSIÓN PORTUGUÊS CRÍTICA]

Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Estilística da lingua galega*, 2013, Vigo, Xerais, 572 páxinas.

Constitúe xa un lugar común a afirmación de que os estudos filolóxicos e lingüísticos galegos coñeceron, nos últimos tempos, un desenvolvemento extraordinario, tanto pola cantidade de traballos dados a lume canto pola súa calidade. A situación mudou en apenas unhas poucas décadas e actualmente existen importantes contributos que, cada un desde o seu particular ámbito de análise, conseguiron colocar a lingua ao mesmo nivel que outras no tocante ás pesquisas científicas. Por citarmos apenas unhas mostras, contamos desde hai anos con descripcións rigorosas das súas singularidades gramaticais (Álvarez & Xove 2002, Freixeiro Mato 2006 etc.) ou da súa evolución co pasar do tempo como protagonista (Ferreiro 1997 e 1999, Mariño 1998 etc.). Son, como se pode observar, títulos aparecidos en finais do século pasado e nos primordios do presente, nuns momentos en que a filoloxía galega conseguiu, en parte grazas a eles, a maioría de idade canto ao número e ao academicismo serio de monográficos sobre a súa reflexión científica.

Porén, a falta de normalidade sociolingüística que padece a Galiza fai que tamén se converta noutro tópico a sentenza de que áinda fican determinadas lacunas por seren preenchidas. Isto corrobórase con total facilidade con só repararmos na escaseza de estudos sobre certas temáticas, tales como as relacións entre lingua e idade, lingua e xénero etc.: nestes medios, sabemos con total perfección, a día de hoxe, como son as regras que dispoñen os clíticos no interior da cláusula a respecto do verbo, mais ignoramos a práctica totalidade das marcas gramaticais que dan conta da continua mudanza lingüística desde os anos iniciais de adquisición do idioma até ás derradeiras etapas da vida dun individuo; ao tempo, temos fidedigna constancia de como está organizado o subsistema de fonemas vocálicos, moito a pesar, poñamos por caso, de non dispormos de referencias que nos digan cales son os trazos xerais da fala das persoas de idade; e, na mesma liña, por colocarmos máis un exemplo, coñecemos cunha precisión digna de nota cales son as características fonéticas e morfolóxicas do lugar máis afastado da freguesía máis remota a respecto de onde nos acharmos, mais áinda non somos capaces de sinalarmos que trazos sintáctico-semánticos definen con exactitude o comportamento dos verbos transitivos do punto de vista diatópico.

Entre esa listaxe de baleiros notorios, acontecía que figuraban obras que abordasen pormenorizadamente os trazos de estilo da nosa lingua. A situación no tocante a outras variedades do mesmo sistema lingüístico ou inclusive a respecto de diferentes idiomas

permitía verificarmos ese oco: pensemos, por un momento, nos clásicos contributos de Lapa (1945), Câmara Jr. (1952) ou Martins (1989) para as modalidades lusitana e brasileira do galego-portugués, ou no de Sumpf para o francés (1971) ou no de Crystal & Davy (1969) para o inglés. Felizmente, esa lacuna deixou de existir no galego grazas á publicación en 2013 da *Estilística da lingua galega* (en adiante ELG) de Xosé Ramón Freixeiro Mato, unha extensa obra que vén cubrir o tal baleiro dunha forma certamente brillante. Grazas, pois, a este monumental contributo, a lingua atinxe máis un espazo de normalidade dos moitos que ainda fican por ser alcanzados, e até poderíamos subliñar que se sitúa nun lugar de privilexio no panorama internacional dos estudos sobre a estilística: unha ollada aos principais traballos sobre esta disciplina publicados noutros países permite corroborarmos a completude da ELG se comparada con aqueles, tanto en temáticas desenvolvidas como en grao de descripción exhaustiva; disto dan boa conta as súas case seiscentas páxinas ao lado, poñamos por caso, das trescentas do texto de Lapa ou das duascentas cincuenta do libro de Martins.

Non vira doado acharmos unha definición capaz de concretizar con exactitude o que é a estilística. Inicialmente, pode entenderse como o marco disciplinar da filoloxía encarregado de estudar a utilización artística e estético-expresiva dun idioma, quer sexa a nivel individual, ponderando así os trazos idiolectais dunha persoa, quer sexa dun punto de vista da comunidade de falantes, salientando desta forma os elementos comúns a ese colectivo. Constitúe, por tanto, un dos ámbitos máis adecuados para constatar a emotividade que acompaña o uso lingüístico por parte do conxunto de falantes, ao paso que verifica con facilidade que unha lingua é, preferencialmente, unha ferramenta para a interacción social e un poderoso óculo para vermos e entendermos o mundo antes que un mecanismo para a simple transmisión de ideas ou pensamentos.

A estilística vira, en certa medida, herdeira da retórica e, a pesar desta antiga e nobre (in)directa ascendencia, corresponde a unha esfera de estudio relativamente recente, pois unha boa parte de traballos especializados considera que o seu formulamento moderno parte do lingüista suízo Charles Bally (1865-1947), un dos discípulos de Ferdinand de Saussure. A partir de aquí, estilo e estilística foron conceptos que levan sendo tratados desde moito diferentes puntos de vista, de forma que responden a dúas nocións que poden tornarse até conflituosas de se definiren con certa precisión ou, cando menos, de que esa definición sexa aceptada de modo xeral. Unha achega é a que nos ofrece o clásico traballo de Ducrot & Todorov (1973: 359), que se refire ao estilo como a “escolha que todo o texto deve fazer entre um certo número de posibilidades contidas na língua”. Mais, por outro lado, sabemos da importancia da variación rexional na capacidade de caracterizar eficaces trazos estilísticos; neste sentido, como deixou escrito Melo (1981: 134) na súa apoloxya da unidade lingüística entre Portugal e o Brasil, o estilo e a estilística son susceptíbeis de adquiriren unhas dimensións socioloxicamente maiores, pois para o autor brasileiro existe un estilo europeo da lingua

portuguesa e un estilo americano ou brasileiro dese mesmo código: “o português usa a *língua* portuguesa à feição do temperamento luso, com *estilo* português, e o brasileiro usa a *língua* portuguesa conforme o temperamento nosso, com *estilo* brasileiro”. Aínda, dentro dos estudos sobre variación e mudanza lingüística, Levinson (1988: 162) indica que *estilo* pode corresponder a catro nocións: (i) entendido como unha forma (non como contido); (ii) perspectivado como “a matter of tendencies” que caracterizan “a distinctive set of preferences in ‘form’, or a distinctive cross-level assemblage of prosodic, phonetic, lexical and syntactic features”; (iii) percibido como un elemento inherentemente de comparación; e (iv) determinado polo contexto, isto é, “in therm of the producer (or author), the audience (or interlocutor, or reader) or the social situation (or event)”. Á vista destes casos, vese con facilidade, pois, o grande número de prismas que posibilitan, na literatura especializada, diversas abordaxes para as características lingüísticas do estilo. De aquí conclúese con facilidade que a estilística permite unha notable polivalencia de análises, tal e como vai mostrando Freixeiro Mato ao longo das páxinas de que se compón ELG.

Na verdade, non é esta a primeira vez que Freixeiro Mato se encarrega de estudar estas cuestións aplicadas á lingua galega, pois unha das súas liñas de investigación académica centrouse, precisamente, na análise da estilística de diversas autoras e autores da literatura galega contemporánea. Así, figuras como Antonio Noriega Varela, Crescente Vega, Manuel García Barros, Manuel María, Rafael Dieste, Rosalía de Castro, Sebastián Martínez Risco, Uxío Novoneyra etc. inspiraron respectivos estudos, normalmente monográficos, en que se analizan con profundidade os seus trazos gramaticais e estilísticos. Mais, á marxe destes traballos dedicados a vultos das nosas letras, hai que salientar tamén o feito de a súa coñecida *Gramática da lingua galega* (2006, 2^a ed.) en catro volumes dedicar, en cada sección, unhas epígrafes específicas consagradas a aspectos estilísticos e expresivos, o que a converte na primeira obra de tal natureza que concede atención especializada a cuestións da expresividade no noso idioma; a maridaxe entre descripción gramatical, estilo e expresión foi o que levou o autor a botar man de fontes literarias para exemplificaren o sentido do seu discurso e das súas reflexións, o que, do mesmo xeito, constituí no seu momento unha brillante e anovadora metodoloxía no panorama da lingüística e da filoloxía galegas. E, igualmente, non se pode perder de vista outro importante contributo, *A lingua literaria galega no século XIX* (2005), traballo tamén de Freixeiro Mato realizado en colaboración con outros autores, en que se proporcionan moito interesantes datos relativos a cuestións de estilo e de expresividade referidas ao galego oitocentista, tendo como basilar referencia todas as obras literarias publicadas en formato de libro ou folleto durante aquela centuria.

Ninguén, por tanto, máis apropiado que Xosé Ramón Freixeiro Mato para agora, nun ensaio exclusivamente pensado na estilística xeral da nosa lingua, nos ofrecer

unha completa e profunda análise dos trazos que fan singular o galego a respecto doutros idiomas. Parabéns, pois, ao autor por presentear o público con esta achega, e parabéns, igualmente, á casa editora, Xerais, por acoller entre o seu catálogo de publicacións un excelente estudo chamado a se converter, en moito pouco tempo, nunha das obras más importantes do panorama filolóxico, lingüístico e até literario do país. Partindo deste estado de cousas, o respectábel non ignorará que vira complexo podermos sintetizar nunhas poucas palabras as moitas luces dun traballo así. Con todo, gostaríamos de salientar aquelas cuestións que, a noso ver, tornan esta ELG nun estudo tan necesario como amplio, tan rigoroso tanto útil.

A obra está estruturada en sete capítulos, encerrados polas referencias bibliográficas (pp. 511-537), o desenvolvemento das siglas que con que foron citadas as fuentes literarias empregadas como exemplarios (pp. 539-544) e uns índices onomásticos (pp. 545-565) e de materias (pp. 567-572). No primeiro capítulo, denominado “Introducción”(pp. 5-18), Xosé Ramón Freixeiro Mato explica os motivos que o levaron a elaborar a ELG, os obxectivos perseguidos, a metodoloxía utilizada e o estado da arte na literatura lingüística especializada. O segundo, intitulado “A estilística: definición, clases e relacións”(pp. 19-72), serve como útil preludio a todo o resto do traballo e encarrégase de definir as nocións de estilo e estilística, ben como de ofrecer unha exhaustiva panorámica das diferentes correntes dentro do marco da estilística e de proporcionar os vínculos desta disciplina coa sociolingüística, coa lingua literaria, co xénero e rexistro etc. O seguinte capítulo, “A grafoestilística” (pp. 73-80), dá conta de temas cal o recurso á insubordinación das prácticas ortográficas convencionais e os seus subsecuentes efectos expresivos ou de como a disposición espacial do texto pode estar motivada por factores estilísticos. No cuarto, epigrafado como “A fonoestilística ou estilística do son” (pp. 81-113), o autor estuda o aproveitamento estilístico da componente fónica da lingua, isto é, sons e fonemas, concedendo atención, igualmente, aos trazos suprasegmentais. O capítulo a seguir, “A estilística da palabra” (pp. 115-350), o máis extenso dos que contén a obra, aborda pormenorizadamente todo o potencial estilístico-expresivo das unidades lingüísticas denominadas palabras, tanto das gramaticais canto das lexicais, quer nos aspectos morfolóxicos quer nos semánticos. A sexta parte, intitulada “A estilística do enunciado” (pp. 351-407) céntrase na riqueza expresiva das construcións e ordes sintácticas, sen dúbida o ámbito, a noso ver, en que más se percibe a rendibilidade estilística da lingua. O derradeiro dos capítulos, chamado “A estilística do texto” (pp. 409-509), ofrece, finalmente, o estudo daqueles elementos do nivel textual que presentan repercusións na expresividade do idioma. As sete partes enforman, pois, cunha atención abordaxe, unha completa perspectiva da disciplina da estilística partindo das singularidades da lingua galega, ao paso que permite reparar nos notábeis vínculos entre o funcionamento gramatical e as súas potencialidades expresivas e comunicativas.

A súa estruturación facilita diferentes perspectivas de análise e reflexión entre especialistas ou até entre o público interesado nesas temáticas. Pessoas expertas na variación lingüística, por exemplo, terán na sección 5.3, intitulada “A emotividade das palabras” (pp. 202-227), unha lúcida descripción do potencial expresivo de formas hoxe catalogadas comunmente como arcaísmos, dialectalismos, extranxeirismos ou xirias gremiais. Por súa vez, quen tematizar o seu albo pesquisador na morfoloxía, tanto na derivativa canto na flexional, dispón en 5.7, so o nome “A estilística morfolóxica” (pp. 251-350), dun completísimo estudo de como os trazos morfemáticos das palabras son capaces de seren aproveitados con eficacia expresiva. E, do mesmo modo, aqueles individuos que se dedicaren á análise do texto como unidade lingüística máis alá das consideradas adoito como gradativas (isto é, morfema, palabra, frase e cláusula) seralles de lectura proveitosa sen dúbida o capítulo séptimo, “A estilística do texto” (pp. 409-509), unha das partes más novedosas deste traballo, pois até este momento todas as obras clásicas que se achegaron á estilística foron deixando de lado o potencial expresivo das unidades textuais. A obra cobre, por tanto, as expectativas investigadoras da práctica totalidade das disciplinas gramaticais, circunstancia que fai dela un sólido traballo destinado a se erixir nunha das referencias bibliográficas más importantes destes primeiros anos do século XXI.

Outro aspecto que quereríamos subliñar é a cantidad e a variedade de obras literarias empregadas na elaboración do traballo, xa que as case duascas referencias que constitúen o conxunto de textos manexados merecen que se sinalen diversas cuestiós: primeiramente, o autor ten en conta tanto mostras da literatura denominada comunemente culta canto exemplificacións provenientes da poesía tradicional, en que destacan as compilacións de Cabanillas (1983) e de Pérez Ballesteros (1979), este último coleccionado e publicado na segunda metade do século XIX. En segundo lugar, igualmente no ámbito literario, ten de se ponderar a perfecta simbiose que se dá entre obras da literatura galega contemporánea consideradas clásicas (Castelao, Cunqueiro, Lamas Carvajal, Otero Pedrayo, Rosalía etc.) e a recorrenza a autoras e autores da nosa época (na cal a análise das obras finda no ano 2011), sen descoidar textos medievais, como o *Cancioneiro da Vaticana*; iso permite a Xosé Ramón Freixeiro Mato contar cuns *corpora* de exemplos certamente amplos e variados, aproveitados con sumo acerto. Por último, debemos facer fincapé noutra cuestión, como é que, na elaboración deses exemplarios, ocorren todos os xéneros literarios clásicos, o que, más unha vez, lles proporciona unha ricaz variedade. En síntese, no tocante á procedencia das mostras, o autor non escatima recursos nas fontes literarias más adecuadas, sempre na procura de nos ofrecer os trazos de estilo verdadeiramente representativos da lingua galega.

Máis unha cuestión debe ser citada a respecto das cuantiosas mostras literarias. Non sendo a ELG unha obra literaria, a utilización de tales recursos da literatura

redunda positivamente en dous factores, a saber: por un lado, dunha maneira directa, serve para exemplificar as capacidades expresivas existentes no galego, ora desde textos más próximos da oralidade, ora desde aqueloutros propositadamente afastados dela; e, por outro lado, agora indirectamente, contribúe para dignificar unha brillante tradición literaria galega, desde as primeiras obras medievais até ás entregas recentes (2011), só interrompida nos denominados Séculos Escuros.

Falarmos da época do Galego Medio lévanos a comentarmos a situación anormal de conflito lingüístico en que se acha o idioma, xa que este factor determina que o potencial estilístico da lingua se vexa resentido. Nuns casos, isto pode corroborarse dando licenza á entrada de formas bárbaras, adoito provenientes do español, que poden ser sentidas como más expresivas por parte de algúns persoas. Noutras ocasións, esa anormal situación tamén se verifica na circunstancia de autoras e autores (e mesmo falantes), cando houber posibilidades de uso xenuinamente galegas que coincidiren co español, se decantaren de preferencia polas correspondentes diferenciadoras a respecto desta lingua. É por isto que tal contexto social de fricción lingüística entre os dous idiomas e os comportamentos que implica son tidos en consideración por Freixeiro Mato, que dedica a sección “Estilística, sociolingüística e conflito lingüístico na Galiza” (cap. 2, pp. 41-51) aos avatares históricos en que sobrevivió a lingua; deles derivan moitas actitudes no que di respecto ao idioma e inclusive conceptualizacións do que é ou debe ser a variedade literaria. Apropiámonos, pois, das palabras do autor cando sinala que

os textos producidos en lingua galega, tanto escritos como orais, están fortemente condicionados polo contexto diglósico en que aparecen. A producción e recepción dos textos escritos en galego desde o Rexurdimento até a actualidade víronse influídas en grande medida polas condicións sociolingüísticas e afectaron a necesaria interacción entre produtor e receptor, condicionando, por tanto, o seu funcionamento como tales textos na inmensa maioría dos casos, pois por norma xeral calquera texto escrito en galego marcaba unha especial relación entre eses dous axentes (p. 51).

Outro dos méritos que ten o traballo parte do seu constante diálogo coas obras de referencia existentes sobre a materia, xa sexan contributos clásicos, xa sexan estudos recentes. Ben no propio corpo do texto, ben nun nutrido sistema de notas no rodapé, Xosé Ramón Freixeiro Mato vai expondo acaidamente opinións de diferentes especialistas a respecto dos temas e subtemas que dan corpo a esta ampla e rigorosa ELG. En ocasións, ese diálogo ten como finalidade mostrar ao público lector o estado da arte sobre un determinado asunto desenvolvido na obra, cal é o intitulado “A gheada e o seseo desde a perspectiva estilística” (cap. 4, pp. 89-96), en que o autor nos ofrece unha completa visión da súa consideración por parte de lingüistas e da

súa recepción social xa desde as gramáticas e dicionarios do século XIX. Outras veces, perséguense con esas ocorrencias a matización dalgún pormenor ou cuestión estilístico-gramatical ou inclusive proporcionar aos lectores e ás lectoras información sobre determinados aspectos do texto para, se o así desexaren, aprofundaren nesas temáticas. De calquera forma, o manexo e explicitación desas referencias bibliográficas tórnase unha práctica que vira moito de agradecer nun traballo de tales características e que, nestes medios, corrobora que o profesor da Universidade da Coruña manexa adequadamente todas esas fontes e sitúaas ao servizo dos trazos de estilo da nosa lingua.

Por último, unha cuestión, non menos importante que as anteriores, é a protagonizada polo modelo de lingua en que se expreme o investigador. Trátase, en liñas xerais, dunha consciente e traballada concepción da lingua que ten como referente fundamental a calidade lingüística. Tres son os alicerces que definen con claridade o modelo que usa Xosé Ramón Freixeiro Mato: en primeiro lugar, óptase polo potenciamento dos trazos xenuíños do sistema lingüístico galego-portugués, tan erosionados, cando menos nos territorios da moderna Galiza, nas cuestións lexicais, morfosintácticas e semánticas; neste sentido, a modo de mostra, podemos citar as palabras do autor referidas ás condicións de próclise e énclide das formas verbais átonas a respecto de infinitivos e xerundios, en que a súa propia praxe harmoniza coas impresións contidas na ELG sobre este particular:

Certo é que o galego na maior parte das ocorrencias permite a dupla posibilidade, próclise e énclide, e así se atesta tanto na lingua oral como na escrita. Mais tamén é certo que a tendencia xeral cara á simplificación da opciónalidade arredor da énclide vén supor, máis unha vez, a confluencia coa solución castelá e o afastamento da tradición lingüística galego-portuguesa e dominante no portugués actual (p. 381).

En segundo lugar, potéñise o necesario reencontro da variedade galega coa lusitana ou brasileira, que se percibe, entre outros factores, na proveitosa recorrenza á compoñente lexical nese camiño de recuperación / anovación vocabular e de confluencia coas modalidades más internacionais da nosa lingua. Noutra ocasión, as características do estilo de Freixeiro Mato conflúen co discurso xeral da obra no tocante á consideración desoutras variedades:

o portugués non é algo estranxo á lingua galega e [...] non podemos considerar, tamén do punto de vista estilístico os lusismos –gráficos, morfolóxicos, léxicos ou de calquera tipo– como alleos á lingua galega e á nosa tradición literaria, a comezarmos pola medieval mais con proxección na actualidade (pp. 212-213).

E en terceiro lugar, son rexeitados todos os españolismos gratuítos, mesmo que teñan relativo suceso na lingua contemporánea ou mesmo que fiquen compilados en determinadas obras lexicográficas modernas, até podendo constituíren salientábeis elementos potenciadores da expresividáde. Novamente, as reflexións do autor sobre a súa existencia no galego actual son acordes cos seus propios trazos estilísticos e non hesita en proscribir as formas alleas no camiño dunha recuperación desexábel do galego:

Mais cando estes [os portuguesismos] afortalan e reforzan o sistema lingüístico propio, o español pono en perigo. É por iso que, na perspectiva da manutención do galego como lingua viva e como lingua literaria, as razóns de estilo se deben subordinar neste caso a tal obxectivo, embora se teñan de sacrificar trazos expresivos de indubitable eficacia. O contrario sería afondar na degradación da lingua, na extensión de preconceptos, na dialectalización e hibridación e, finalmente, na consumación da substitución lingüística (p. 217).

Desde este triplo punto de vista, pois, a ELG vai dando cumprida mostra dunha plástica prosa firmemente asentada na nosa tradición lingüística, definida aquela por se significar na procura dunha expresión xenuína. Por iso, á parte de analizar as particularidades estilísticas do idioma, a obra serve tamén como un ilustrativo manual dunha praxe lingüística de calidade para todas aquelas persoas interesadas en melloraren as súas habilidades co galego.

Imos ficar por aquí. Moito máis se podería sinalar relativamente ao novo traballo de Xosé Ramón Freixeiro Mato. Concluíndo, e a enlazarmos co subliñado máis arriba, a *Estilística da lingua galega* tornarase unha obra imprescindible no panorama das nosas letras. Elaborada co mesmo rigor epistemolóxico que caracteriza o resto da producción científica do autor, servirá de magnífica monografía non só para quen, do ámbito da filoloxía, quixer saber máis sobre a expresividáde do idioma, mais tamén para aquellas autoras ou aqueles autores que tencionaren reparar nos seus propios trazos estilísticos.

Xosé Manuel Sánchez Rei
sanrei@udc.es

Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Galaxia).
Cabanillas, R. (1983): *Cancioneiro popular galego* (Vigo: Galaxia).

- Câmara Jr., J. Mattoso (1952): *Contribuição à Estilística Portuguesa* (Rio de Janeiro: Ao Livro Técnico).
- Crystal, D. / Davy, D. (1969): *Investigating English Style* (London: Longman).
- Ducrot, O. / Todorov, T. (1973): *Dicionário das Ciências da Linguagem* (Lisboa: Dom Quixote).
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laioveneto).
- Ferreiro, M. (1999) [1995]: *Gramática histórica galega*. Vol. I. *Fonética e morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laioveneto).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998-2003]: *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*. Vol. II. Morfosintaxe. Vol. III. Semántica. Vol. IV. *Gramática do Texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Lapa, M. Rodrigues (1945): *Estilística da Língua Portuguesa* (Coimbra: Coimbra Editora).
- Levinson, S. C. (1988): “Conceptual Problems in the Study of Regional and Cultural Style”, en Dittmar, N. / Scholobinski, P. (1988): *The Sociolinguistics of Urban Vernaculars. Case Studies and their Evaluation*, 161-190 (Berlin / New York: Walter de Gruyter).
- Mariño Paz, R. (1998): *História da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Martins, N. Sant’Anna (1989): *Introdução à Estilística. A Expressividade da Língua Portuguesa* (São Paulo: T. A. Queiroz).
- Melo, G. Chaves de (1981) [1945]: *A Língua do Brasil* (Rio de Janeiro).
- Pérez Ballesteros, J. (1979) [1885-1886]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. (Madrid: Akal).
- Sumpf, J. (1971): *Introduction à la stylistique du français* (Paris: Larousse).
- Thibault, P. (1988): “Discourse Analysis in Sociolinguistics”, en Dittmar, N. & Scholobinski, P. (1988): *The Sociolinguistics of Urban Vernaculars. Case Studies and their Evaluation*, 154-160 (Berlin / New York: Walter de Gruyter).